ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Antía
Cores Torres

Tese de doutoramento

# Os materiais didácticos musicais en Educación Primaria. Un estudo sobre a percepción dos docentes especialistas en Educación Musical en Galicia

Santiago de Compostela, 2023

**Programa de Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación**

TESE DE DOUTORAMENTO

# OS MATERIAIS DIDÁCTICOS MUSICAIS EN EDUCACIÓN PRIMARIA. UN ESTUDO SOBRE A PERCEPCIÓN DOS DOCENTES ESPECIALISTAS EN EDUCACIÓN MUSICAL EN GALICIA

Antía Cores Torres

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN EQUIDADE E INNOVACIÓN EN EDUCACIÓN

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2023

Esta tese de doutoramento foi realizada no marco do Programa de Formación do Profesorado Universitario (FPU) do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (Resolución de 25 de setembro de 2017; FPU 2016/06045)

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

**DECLARACIÓN DO AUTOR/A DA TESE**

D./Dna. **Antía Cores Torres**

Título da tese: **Os materiais didácticos musicais en Educación Primaria. Un estudo sobre a percepción dos docentes especialistas en Educación Musical en Galicia**

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De ser o caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.
4) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide a versión impresa coa presentada en formato electrónico

E comprométome a presentar o Compromiso Documental de Supervisión no caso de que o orixinal non estea na Escola.

En **Santiago de Compostela**, **12 de Decembro de 2022**.

**Sinatura electrónica**

**AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE**

D./Dna. **Jesús Rodríguez Rodríguez**

En condición de: **Titor/a e director/a**

Título da tese: **Os materiais didácticos musicais en Educación Primaria. Un estudo sobre a percepción dos docentes especialistas en Educación Musical en Galicia**

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D/Dna Antía Cores Torres, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director/titor desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En **Santiago de Compostela**, **12 de Decembro de 2022**

**Sinatura electrónica**

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

*Aos meus pais e miña irmá.*
*Á miña avoa Isabel.*
*Ás miñas amizades.*

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

## AGRADECEMENTOS

Gustaríame comezar as primeiras liñas desta tese de doutoramento agradecendo a todas aquelas persoas que dun xeito ou doutro me acompañaron neste proceso. Sen as súas palabras de ánimo, o seu apoio, as conversas, os cafés e a escoita atenta moi probablemente non chegaría a este punto.

En primeiro lugar, a Jesús Rodríguez, Suso, o meu director e co que durante estes anos compartín horas e horas de traballo en proxectos marabillosos e apaixonantes. Grazas infinitas por transmitirme calma nos momentos de máis tensión e desasosego, por confiar en min moito máis do que o fago eu e por motivarme en situacións nas que a unha lle faltaban os folgos. Grazas tamén por entenderme sempre, por respectar as miñas decisións e por compartir o interese en tender pontes entre a escola e a investigación.

Ao Grupo de Investigación Stellae, dirixido por Adriana Gewerc, por todo o coñecemento compartido, o intercambio de opinións, as formacións, o asesoramento e por darme a oportunidade de coñecer a dúas grandes persoas que fixeron que este percorrido valese aínda máis a pena: Ana e Uxía. Grazas Ana por insistir en que o sorriso nunca debe perderse, polas noites de festa, pola axuda incondicional e pola túa preocupación por coidar sempre aos demais. Grazas Uxía por todo o tempo compartido na facultade, as sestas despois de comer, os consellos pedagóxicos, por aturar as risas e os choros en cuestións de segundos e pola compañía nos últimos meses de biblioteca. Grazas tamén a Fer, o meu mestre de Música durante a Educación Primaria e con quen me re-atopei durante as prácticas do Grao, sen as conversas contigo agora mesmo non estaría a piques de finalizar a tese. Grazas a Esther Vila e Esther Martínez polas revisións e suxestións metodolóxicas achegadas.

A Carol Gillanders con quen realicei a Bolsa de Colaboración, grazas polo teu asesoramento rigoroso e a túa dispoñibilidade para solucionar todas as miñas dúbidas de xeito inmediato a través dun *mail.*

Ao equipo da Maleta de Emerxencias Pedagóxicas por darme a oportunidade de participar nunha das experiencias máis bonitas destes anos que ademais me permitiu forxar grandes amizades: grazas Yesi



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

polas conversas nocturnas de desafogo, os teus consellos e toda a axuda brindada.

A Felipe Trillo, coordinador do programa de doutoramento de Equidade e Innovación en Educación polo seu acompañamento, apoio e colaboración.

Ás compañeiras da etapa de tese que se converteron en amigas, especialmente a Ana Parada, Carmen Denébola e Ángela de Valenzuela por facer este camiño máis agradable e levadeiro.

A Rebeca con quen realicei a estadía de investigación no INDIRE (Florencia). Grazas por orientarme (literal e metaforicamente) durante o mes de xullo de 2018 e darme o impulso contándome as túas experiencias nas aulas para tomar unha das decisións que máis me custou pero que á vez tanta felicidade me proporciona día a día. Que a amizade que comezou en Florencia dure para sempre! Grazas tamén a Alessandra Anichini e a xente do INDIRE por acollernos na súa institución e tender pontes entre Galicia e Italia.

A María Limeres, o gran descubrimento do máster en Procesos de Formación. Grazas por ensinarme que é máis importante vivir que sobrevivir e coidarme tanto. Grazas infinitas por escoitarme sempre, apoiar cada unha das miñas decisións e as túas sempre tan acertadas palabras de ánimo, calma e apoio.

A Sara, compañeira de vida. Grazas polas experiencias, viaxes, rutas e tempo compartido. Grazas polos teus valiosos consellos, sempre sinceros e pensando no mellor para min. Alguén ten que poñer a nota discordante! Grazas por facerme saír, de cando en vez, da miña zona de confort. Non cambies nunca.

A Laura, fonte inesgotable de enerxía, alegría, positivismo e ilusión. Por moitos máis festivais, noites de festa, excursións e viaxes sen fotos. Millóns de grazas, compa!

A Marcos, quen atura dende sempre as miñas lideiras. Grazas por sacarme sorrisos coas túas constantes bromas e axudarme a relativizar.

A Laura Bodelón e a Noa, que chegaron máis tarde a miña vida pero se converteron en imprescindibles, grazas!

Aos meus pais, os meus dous grandes referentes. Grazas por dar a vida por min (e por Alba) e por ser sempre as vosas prioridades. Grazas por ser os faros da miña vida e ensinarme tanto. Quérovos un mundo.



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Alba, quen me acompaña na vida para ver como os nosos soños se fan realidade. Grazas por estar sempre, sen condicións e por coidarme tanto. Sempre xuntas, quérote máis!

Ao resto da miña familia, especialmente aos meus padriños Luz e Amo e a miña curmá Sara. Grazas polas viaxes, os cafés e as rutas de sendeirismo. Aos meus avós (Manolo, Adolfina e José) que lles tería gustado moito ver culminado este proceso. Á miña avoa Isabel, pola súa preocupación constante e as súas ansias por protexerme: “neniña, tes o teu traballo, non vaias enfermar pola tese”. A Ander, por converterte nun máis da familia.

Á Banda de Música de Arca. Grazas por deixarme formar parte desta gran familia e por axudarme a desconectar e liberar a cabeza cada venres nos ensaios, nas actuacións do verán, nos campamentos e no tempo compartido. Grazas tamén por deixarme ser co-partícipe de todo o labor socioeducativo que persoas como Jose Mari, Fátima, Ana, Maribel, Rubén ou Vanesa levan moito tempo facendo desinteresadamente. Grazas a Alberto, o meu gran apoio dende os comezos na Banda e a todas as persoas que pouco a pouco se foron unindo e tomando o relevo.

A Petru, a quen coñecín en Cantigas e Agarimos e me transmitiu toda a súa vitalidade e disposición na miña primeira experiencia como mestra de piano.

Ao alumnado e profesorado dos centros nos que estiven ata o momento (CEIP do Foxo, CEIP da Maía e CRA de Oroso). Grazas por transmitirme enerxía, aire fresco, ilusión e defender unha escola pública e en galego. Mención especial merece Érica, a miña orientadora do CEIP do Foxo que en pouco tempo se converteu en amiga. Grazas por toda a túa axuda, polas viaxes no coche ata o colexio e pola túa visión, tan necesaria, da atención á diversidade e a inclusión educativa. Quédannos pendentes moitas viaxes polo mundo coñecendo escolas! No CRA de Oroso non me podo esquecer de Iria, grazas por traballar polas dúas nos momentos finais desta tese de doutoramento, polas madalenas de chocolate de cada martes e polas conversas de desconexión.

A todas as persoas que participaron dun xeito ou doutro durante as distintas fases deste estudo, compartindo coñecemento, experiencias,

consellos e achegando ideas e, en especial, aos validadores e validadoras do cuestionario e a entrevista: moitas grazas.

Aos mestres e mestras galegos que dedicaron parte do seu tempo a participar nesta investigación cubrindo o cuestionario e ofrecéndose a realizar a entrevista. Sen a vosa inestimable axuda esta tese non podería realizarse!

Agardo non esquecerme de ninguén e desexo con moitas ganas que unha vez pechada esta etapa da miña vida teña moito máis tempo para compartilo con todas e todos vós. GRAZAS MIL por non ter en conta as miñas ausencias e por axudarme a ser como son.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## RESUMO

Esta investigación ten como obxectivo analizar a percepción dos docentes galegos especialistas en Educación Musical sobre os materiais didácticos musicais, incidindo no coñecemento, uso, valoración e formación na etapa de Educación Primaria. Para acadar este propósito óptase por un deseño metodolóxico mixto empregando como técnicas de recollida de datos un cuestionario e unha entrevista semiestruturada, elaborados *ad hoc.* A mostra está conformada por douscentos docentes especialistas de Educación Musical, no caso do cuestionario, e por sete participantes nas entrevistas. Os resultados manifestan que nas clases de música se utilizan unha gran variedade de materiais didácticos de diferente tipoloxía: impresos, dixitais, sonoros e híbridos. Os materiais preferidos e máis empregados son os instrumentos musicais, os obxectos dixitais e as partituras. Pola contra, o libro de texto de Educación Musical, tanto en formato impreso como dixital, está diminuíndo a súa presenza nos procesos de ensino-aprendizaxe. Os docentes recoñecen que a súa formación inicial sobre os materiais didácticos musicais é insuficiente e demandan un maior tratamento desta cuestión nos plans de estudo. Así mesmo, tamén consideran necesario unha mellora da formación continua co aumento da oferta de accións formativas prácticas e espalladas polo territorio galego.

## PALABRAS CHAVE

Material didáctico, Educación Musical, Educación Primaria, percepción docente.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

**RESUMEN**

Esta investigación tiene como objetivo analizar la percepción de los docentes gallegos especialistas en Educación Musical sobre los materiales didácticos musicales, incidiendo en el conocimiento, uso, valoración y formación en la etapa de Educación Primaria. Para alcanzar este propósito se opta por un diseño metodológico mixto utilizando como técnicas de recogida de datos un cuestionario y una entrevista semiestructurada, elaborados *ad hoc.* La muestra está formada por doscientos especialistas de Educación Musical, en el caso del cuestionario, y por siete participantes en las entrevistas. Los resultados manifiestan que en las clases de música se utilizan una gran variedad de materiales didácticos de diferente tipología: impresos, digitales, sonoros e híbridos, siendo los preferidos y los más empleados en las aulas los instrumentos musicales, los objetos digitales y las partituras. Por el contrario, el libro de texto de Educación Musical, tanto en formato impreso como digital, está reduciendo su presencia en los procesos de enseñanza-aprendizaje. El profesorado reconoce que su formación inicial sobre los materiales didácticos musicales es insuficiente y demandan un mayor tratamiento de esta cuestión en los planes de estudio. Asimismo, también consideran necesario una mejora de la formación continua con el aumento de la oferta de acciones formativas prácticas y esparcidas por el territorio gallego.

**PALABRAS CLAVE**

Material didáctico, Educación Musical, Educación Primaria, percepción docente.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

## ABSTRACT

The aim of the current study was to analyze how music teaching materials are perceived by Galician teachers specializing in Music Education. The focus was on knowledge of the materials as well as their use, assessment and relevant training at the Primary Education level. A mixed-design methodology was employed involving data collection through an online questionnaire and a semi-structured interview, both specifically elaborated for this study. The sample consisted of two hundred Music Education specialists who completed the questionnaire, and seven teachers who were interviewed. The results showed that a variety of didactic material types are used in music classrooms: printed, digital, sound and hybrid. The preferred and most widely used materials were musical instruments, digital objects and sheet music. On the other hand, the presence in teaching-learning processes of both printed and digital Music Education textbooks was found to be decreasing. Teachers recognize that their initial training on music teaching materials is insufficient and call for greater attention to be paid to this issue in the curriculum. Likewise, they consider it necessary to improve continuous training by increasing the availability of practical and decentralized training activities throughout Galicia.



## KEYWORDS

Teaching materials, Music Education, Primary Education, teacher perception.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# ÍNDICE


**INTRODUCIÓN ........ 33**

**CAPÍTULO 1. OS MATERIAIS DIDÁCTICOS NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN MUSICAL ........ 39**

1.1 Introdución ........ 39

1.2 Os materiais didácticos musicais nas principais metodoloxías do século XX ........ 41

1.3 Os materiais didácticos musicais: conceptualización, funcións e clasificacións ........ 45

1.4 Peche ........ 52

**CAPÍTULO 2. ANTECEDENTES DE INVESTIGACIÓN ........ 53**

2.1 Introdución ........ 53

2.2 Principais liñas de investigación ........ 54

2.3 Peche ........ 72

**CAPÍTULO 3. OS MATERIAIS DIDÁCTICOS MUSICAIS NAS POLÍTICAS EDUCATIVAS ........ 75**

3.1 Introdución ........ 75

3.2 Os materiais didácticos musicais nas políticas das comunidades autónomas ........ 77

3.2.1 Andalucía ........ 78

3.2.2 Aragón ........ 80

3.2.3 Illas Baleares ........ 81

3.2.4 Illas Canarias ........ 83

3.2.5 Cantabria ........ 88

3.2.6 Castela-A Mancha ........ 89
3.2.7 Castela e León ........ 91
3.2.8 Cataluña ........ 95
3.2.9 Comunidade de Madrid ........ 97
3.2.10 Comunidade Foral de Navarra ........ 99
3.2.11 Comunidade Valenciana ........ 100
3.2.12 Estremadura ........ 102
3.2.13 País Vasco ........ 104
3.2.14 Principado de Asturias ........ 106
3.2.15 Rexión de Murcia ........ 109
3.2.16 A Rioxa ........ 112
3.2.17 Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla ........ 114
3.2.18 Galicia ........ 116

3.3 Peche ........ 126

**CAPÍTULO 4. A PERCEPCIÓN DOCENTE SOBRE OS MATERIAIS DIDÁCTICOS MUSICAIS ........ 131**

4.1 Introdución ........ 131

4.2 O paradigma do pensamento docente ........ 132

4.3 O profesorado especialista de Educación Musical ........ 137

4.4 Peche ........ 139

**CAPÍTULO 5. A ESTRATEXIA METODOLÓXICA ........ 141**

5.1 Introdución ........ 141

5.2 Planificación da investigación empírica ........ 141
5.2.1 Marco metodolóxico ........ 142
5.2.2 Fase cuantitativa ........ 145
5.2.2.1 Mostra da fase cuantitativa ........ 145
5.2.2.2 O cuestionario ........ 147
5.2.2.2.1 Deseño do cuestionario ........ 148
5.2.2.2.2 Validación ........ 165
5.2.2.2.3 Etapas no envío do cuestionario ........ 167
5.2.2.3 Procedemento de análise de datos ........ 169
5.2.3 Fase cualitativa ........ 170



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.2.3.1 Mostra da fase cualitativa ................................ 170
5.2.3.2 A entrevista ..................................................... 171
5.2.3.2.1 Deseño da entrevista .................................. 173
5.2.3.2.2 Validación ................................................ 177
5.2.3.2.3 Etapas na realización das entrevistas ......... 179
5.2.3.3 Procedemento de análise de datos .................. 181

5.3 Peche ................................................................................ 182

**CAPÍTULO 6. PRESENTACIÓN DOS RESULTADOS .......... 183**

6.1 Introdución ....................................................................... 183

6.2 Resultados cuantitativos ..................................................... 184
6.2.1 Información xeral e datos de identificación ................ 184
6.2.2 Formación inicial e continua ....................................... 193
6.2.3 Presenza e selección de materiais didácticos musicais.. ........................................................................ 204
6.2.4 Utilización e valoración dos materiais didácticos musicais ......................................................................... 224

6.3 Resultados cualitativos ....................................................... 249
6.3.1 Información xeral e datos de identificación ................ 249
6.3.2 Posto de traballo ......................................................... 250
6.3.3 Formación inicial e continua ....................................... 254
6.3.4 Valoración dos materiais didácticos musicais ............. 263
6.3.5 Utilización dos materiais didácticos musicais ............. 278
6.3.6 Elaboración de materiais didácticos musicais ............. 287

6.4 Integración dos resultados .................................................. 290

**CONCLUSIÓNS ..................................................................... 295**

**REFERENCIAS ...................................................................... 305**

**ÍNDICE DE ANEXOS ............................................................ 333**



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Clasificación dos materiais didácticos musicais segundo Gómez-Espinosa (2015) .................................................. 49

Táboa 2. Clasificación dos materiais didácticos musicais segundo Vicente Álvarez (2012) .................................................. 50

Táboa 3. Elementos curriculares de 1º de Educación Primaria do Decreto 105/2014 que fan referencia aos materiais didácticos musicais ...................................................... 117

Táboa 4. Elementos curriculares de 2º de Educación Primaria do Decreto 105/2014 que fan referencia aos materiais didácticos musicais ...................................................... 118

Táboa 5. Elementos curriculares de 3º de Educación Primaria do Decreto 105/2014 que fan referencia aos materiais didácticos musicais ...................................................... 119

Táboa 6. Elementos curriculares de 4º de Educación Primaria do Decreto 105/2014 que fan referencia aos materiais didácticos musicais ...................................................... 120

Táboa 7. Elementos curriculares de 5º de Educación Primaria do Decreto 105/2014 que fan referencia aos materiais didácticos musicais ...................................................... 121

Táboa 8. Elementos curriculares de 6º de Educación Primaria do Decreto 105/2014 que fan referencia aos materiais didácticos musicais ...................................................... 122

Táboa 9. Proposta de competencias profesionais para o profesorado de música de Carrillo (2015) ...................... 138

Táboa 10. Nº de centros que imparten Educación Primaria por provincia ........................................................................ 146

Táboa 11. Nº de centros que imparten Educación Primaria por provincia e tipoloxía de centro ....................................... 147

Táboa 12. Vantaxes e limitacións dos cuestionarios ....................... 148

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 13. Caracterización dos participantes nas entrevistas ............171
Táboa 14. Vantaxes e limitacións das entrevistas.............................172
Táboa 15. Datas, horas e duración das entrevistas realizadas...........181
Táboa 16. Percepción docente sobre a formación inicial en función das súas titulacións.............................................199
Táboa 17. A percepción da preparación para a utilización dos materiais didácticos musicais en función dos anos de experiencia ....................................................................204
Táboa 18. Preferencia docente polos materiais dixitais en función da percepción da súa preparación ....................................227
Táboa 19. Frecuencia de uso dos materiais didácticos musicais ......230
Táboa 20. Razóns dos docentes para a utilización do libro de texto en Educación Musical na investigación de Vicente Nicolás (2010).................................................................233
Táboa 21. Razóns dos docentes para a non utilización do libro de texto en Educación Musical na investigación de Vicente Nicolás (2010) ..................................................234
Táboa 22. Frecuencia de utilización do libro de texto de Educación Musical por finalidades didácticas ................239
Táboa 23. Grao de acordo coas seguintes afirmacións segundo a tipoloxía de materiais didácticos....................................242
Táboa 24. Grao de acordo coas seguintes afirmacións coas porcentaxes agrupadas e diferenzas entre materiais impresos e dixitais...........................................................243
Táboa 25. Distribución por xénero dos participantes nas entrevistas....................................................................249
Táboa 26. Distribución por idade dos participantes nas entrevistas .249
Táboa 27. Anos de experiencia impartindo Música dos participantes na entrevista...............................................250
Táboa 28. Provincia na que traballan os docentes entrevistados ......251



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 29. Antigüidade no centro actual dos participantes nas entrevistas ........ 253
Táboa 30. Desempeño de cargos de xestión ou coordinación polos participantes nas entrevistas ........ 254
Táboa 31. Resumo da información extraída das entrevistas sobre a formación inicial ........ 255
Táboa 32. Resumo da información extraída das entrevistas sobre a formación continua ........ 257
Táboa 33. Carencias docentes en relación cos materiais didácticos musicais ........ 261
Táboa 34. Frecuencias dos materiais didácticos musicais preferidos polos docentes entrevistados ........ 266
Táboa 35. Razóns polas que os docentes non empregan os libros de texto de Educación Musical ........ 269
Táboa 36. Vantaxes da utilización de materiais dixitais musicais ... 274
Táboa 37. Desvantaxes da utilización de materiais dixitais musicais ........ 275
Táboa 38. Formas de acceso e busca dos diferentes materiais didácticos musicais ........ 282
Táboa 39. Elaboración de materiais didácticos musicais por parte dos docentes entrevistados ........ 287
Táboa 40. Difusión dos materiais didácticos empregados polos docentes entrevistados ........ 289
Táboa 41. Elaboración de materiais didácticos musicais por parte do alumnado ........ 290

# ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. Aplicacións seleccionadas na investigación de León-Garrido e Duarte-Hueros (2020) ..... 60
Figura 2. Exemplos de libros de Educación Musical publicados no Brasil ..... 66
Figura 3. Libros para traballar a Historia da música en Educación Primaria ..... 67
Figura 4. Exemplos de materiais didácticos dixitais creados por Belmonte (2021) ..... 68
Figura 5. Selección de materiais didácticos musicais do portal eAprendizaje ..... 78
Figura 6. Materiais didácticos musicais do portal Facilit@mos ..... 80
Figura 7. Capsa sàvia de Música ..... 82
Figura 8. Organización do portal ecoescuela2.0 ..... 84
Figura 9. Organización do repositorio na área de Educación Artística do portal ecoescuela2.0 ..... 85
Figura 10. Mostra de materiais didácticos dixitais no bloque "A interpretación musical" en ecoescuela2.0 ..... 86
Figura 11. Clasificación de recursos educativos no portal de educación de Castela-A Mancha ..... 90
Figura 12. Vista xeral do centro de recursos en liña CROL ..... 92
Figura 13. Exemplos de materiais dixitais de Educación Musical para 4º de Educación Primaria no portal CROL ..... 93
Figura 14. Recursos máis valorados no portal CROL ..... 94
Figura 15. Recursos relacionados coa Audición Musical do portal XTEC ..... 96
Figura 16. Exemplo de materiais dixitais asociados ás cancións tradicionais valencianas ..... 101

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 17. Organización dos recunchos didácticos no portal da Xunta de Estremadura....................................................102
Figura 18. Exemplos de materiais didácticos musicais no portal Amarauna .........................................................................105
Figura 19. Exemplo de material didáctico musical no repositorio Educastur.........................................................................107
Figura 20. Estrutura dun capítulo de Educastur TV..........................108
Figura 21. Organización do repositorio de recursos de Educarm (Rexión de Murcia) .......................................................109
Figura 22. Exemplos de materiais didácticos musicais en Educarm e data de actualización ..................................................110
Figura 23. Apartado de "galería multimedia" de Educarm (Rexión de Murcia)......................................................................110
Figura 24. Exemplos de materiais didácticos musicais do portal Educere...........................................................................113
Figura 25. Materiais didácticos musicais do portal rTIC.................115
Figura 26. Exemplos de materiais didácticos musicais do espazoAbalar.....................................................................125
Figura 27. Modelo de Clark e Peterson extraído de Pérez e Gimeno (1988) ..............................................................133
Figura 28. Planificación temporal do envío do cuestionario ...........169
Figura 29. Temporalización dos contactos establecidos para a realización das entrevistas...............................................180
Figura 30. Distribución por xénero ..................................................185
Figura 31. Distribución por idade ....................................................186
Figura 32. Distribución por provincias ............................................187
Figura 33. Distribución por titularidade do centro educativo ..........187
Figura 34. Distribución por tipoloxía de centro ...............................188

Figura 35. Distribución dos centros respecto á participación en programas de Educación Dixital .................................... 189
Figura 36. Distribución por experiencia docente.............................. 189
Figura 37. Relación entre os anos de experiencia e o xénero........... 190
Figura 38. Antigüidade no centro actual ......................................... 190
Figura 39. Situación administrativa actual dos docentes.................. 191
Figura 40. Nivel educativo no que imparten docencia ..................... 192
Figura 41. Titulacións académicas dos docentes.............................. 193
Figura 42. Participación en actividades de perfeccionamento profesional ..................................................................... 194
Figura 43. Tipoloxía de actividades de perfeccionamento profesional ..................................................................... 194
Figura 44. Razóns que dificultan a participación en actividades de perfeccionamento.......................................................... 196
Figura 45. Percepción docente sobre a súa formación inicial en materiais didácticos musicais ......................................... 198
Figura 46. Percepción docente sobre a súa formación continua en materiais didácticos musicais ......................................... 200
Figura 47. Necesidade de formación inicial específica sobre materiais didácticos dixitais........................................... 201
Figura 48. Percepción docente da preparación para o emprego dos materiais didácticos ...................................................... 203
Figura 49. Existencia de aula de música nos centros educativos ..... 205
Figura 50. Localización dos materiais didácticos musicais nos centros educativos.......................................................... 207
Figura 51. Dotación de material impreso de Educación Musical..... 210
Figura 52. Dotación de material dixital de Educación Musical ....... 211
Figura 53. Comparación da dotación de materiais dixitais de Educación Musical entre os CPI e os CEIP..................... 213

Figura 54. Dotación de material sonoro ........................................214
Figura 55. Comparación da dotación de materiais sonoros entre centros públicos e privados/concertados ..........................216
Figura 56. Dotación de material híbrido ........................................216
Figura 57. Materiais que adquirirían os docentes ............................217
Figura 58. Criterio dos docentes para a selección de materiais didácticos musicais .......................................................219
Figura 59. Coñecemento docente de guías de análise dos materiais didácticos musicais .......................................................220
Figura 60. Toma de decisións en relación cos materiais didácticos .221
Figura 61. Frecuencia de intercambio de materiais didácticos musicais entre docentes.................................................222
Figura 62. Frecuencia de colaboración entre docentes na selección e elaboración de materiais didácticos musicais...............223
Figura 63. Pertenza a grupos de docentes sobre materiais didácticos musicais .......................................................223
Figura 64. Preferencia docente en relación aos materiais didácticos musicais .......................................................224
Figura 65. Preferencia do alumnado en relación aos materiais didácticos musicais .......................................................225
Figura 66. Preferencia na lingua dos materiais didácticos musicais.228
Figura 67. Frecuencia de uso de materiais didácticos musicais........231
Figura 68. Utilización dos libros de texto de Educación Musical para traballar co alumnado............................................235
Figura 69. Utilización do libro de texto de Educación Musical por cursos .........................................................................236
Figura 70. A utilización do libro de texto en función da percepción docente da súa preparación para o emprego deste material ..................................................................236

Figura 71. Finalidade didáctica da utilización dos materiais didácticos musicais ........ 238
Figura 72. Frecuencia de utilización do libro de texto de Educación Musical para as distintas finalidades didácticas ........ 239
Figura 73. Opinión docente sobre se os materiais dixitais inclúen innovacións substanciais con respecto aos impresos en certas finalidades pedagóxicas........ 241
Figura 74. Adaptación dos materiais didácticos musicais por parte dos docentes........ 244
Figura 75. A adaptación dos materiais didácticos musicais en función da titulación inicial dos docentes ........ 245
Figura 76. Elaboración de materiais didácticos musicais por parte dos docentes........ 245
Figura 77. Tipoloxía de materiais didácticos musicais elaborados polos docentes ........ 246
Figura 78. A elaboración de materiais didácticos musicais en función da percepción docente sobre a súa preparación.. 247
Figura 79. Elaboración de materiais didácticos musicais por parte do alumnado ........ 248
Figura 80. Tipoloxía de materiais didácticos musicais elaborados polo alumnado ........ 248



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# INTRODUCIÓN

Neste capítulo introdutorio que abre esta tese de doutoramento explicaranse os principais motivos que propiciaron o estudo dos materiais didácticos de música na etapa de Educación Primaria. Partindo do título apréciase como neste informe de investigación converxen dúas temáticas diferentes que están estreitamente relacionadas: por un lado, a Educación Musical e, por outro, os materiais didácticos. En canto á Educación Musical, dende moi pequena amosei interese neste campo e con seis anos comecei a tocar o piano nunha escola de música e posteriormente continuei cos estudos no conservatorio. Nestes primeiros anos botaba en falta a posibilidade de tocar en grupo e decidín, paralelamente, aprender a tocar o clarinete na Banda de Música de Arca. Ao rematar o Bacharelato accedín ao Grao de Mestra en Educación Primaria na Universidade de Santiago de Compostela xa que eu quería ser mestra de música e durante o período de prácticas, o meu titor do colexio púxome en contacto co mundo da investigación e co grupo Stellae, a partir do que coñecín ao meu actual director de tese. Neste momento entra na miña vida a outra pata desta tese: os materiais didácticos musicais. Jesús Rodríguez, o meu director, transmíteme todos os seus coñecementos e inquedanzas sobre esta temática e consegue enchouparme da paixón que el sente polos materiais didácticos e fai que me anime a realizar o meu traballo fin de mestrado sobre a normalización lingüística e os materiais didácticos de Educación Musical.

Posteriormente, en outubro de 2017 matricúlome no programa de doutoramento Equidade e innovación en Educación na USC e comezo a realización desta tese contando cun contrato de Formación do Profesorado Universitario (FPU, convocatoria 2016) do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Deste xeito, entre outubro de 2017 e agosto de 2020 pertenzo ao Departamento de Pedagoxía e Didáctica da USC e compaxino os labores de investigación no grupo Stellae coa docencia nas materias de Experiencias e Recursos en Educación Social,

Deseño e Avaliación de Materiais Didácticos no Grao en Pedagoxía e Deseño e Elaboración de Materiais Didácticos nos Graos de Mestres/as tanto de Educación Infantil como de Educación Primaria.

No marco destas materias xorde unha experiencia apaixonante de Aprendizaxe-Servizo que leva por título: *A maleta de emerxencias pedagóxicas* na que o alumnado das materias anteriormente citadas deseña materiais didácticos para as aulas hospitalarias de Ferrol e de Santiago de Compostela. Así mesmo, participo nos proxectos de investigación "La escuela de la sociedad digital: análisis y propuestas para la producción y uso de los contenidos digitales educativos. Escuel@ Digit@l" e "Los materiales didácticos digitales en la Educación Infantil. Análisis y propuestas para su uso en la escuela y el hogar. Infanci@ Digit@l", xunto con investigadores e investigadoras de Valencia e La Laguna e asisto a diferentes congresos, encontros e xornadas vencelladas coa miña temática de investigación: a Educación Musical e os materiais didácticos.

*Obxectivo principal da investigación*

Esta experiencia académica previa no campo de estudo e o labor profesional nas aulas de música de Educación Primaria motivaron que o estudo se realizase partindo da percepción docente. Ademais, a pesar da notable presencia e importancia dos materiais didácticos musicais e a necesidade do desenvolvemento de competencias pedagóxicas ou didácticas nos docentes especialistas en Educación Musical relacionadas coa súa selección (Carrillo e Villar, 2014) que se pon de relevancia nos traballos de Díaz Gómez (1998, 2004) e en congresos e publicacións específicas neste ámbito, as investigacións sobre as características e o uso dos materiais didácticos musicais na práctica docente do mestre ou mestra de música son escasas, destacando no contexto español as teses de doutoramento de Gillanders (2011), Vicente Álvarez (2012) e Román Álvarez (2014).

Igualmente, a gran cantidade de investigacións realizadas sobre os materiais en educación a nivel nacional e internacional (IARTEM, 2013; 2017) manifestan a importancia do estudo dos mesmos destacando como relevante a escasa triangulación entre as prácticas



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

docentes, os usos dos materiais didácticos e os procesos de cualificación e desenvolvemento profesional. Así mesmo, resulta clave no día de hoxe afondar nos procesos de transición dos materiais impresos aos dixitais no ámbito da Educación Musical (Rodríguez Rodríguez e Martínez Bonafé, 2016), tratando de ver se a introdución destes recursos dixitais fomenta situacións de ensinanza-aprendizaxe nas que o foco de atención é o alumnado e as súas características (diferente procedencia social e cultural, ritmos de aprendizaxe distintos, intereses diverxentes, etc.) e non unicamente a simple transmisión da información utilizando os materiais como elementos reprodutores do que se vén facendo tradicionalmente dende un modelo centrado na perspectiva do docente (Cabero, 2015).

Ao redor destas necesidades de investigación que se conxugan coas experiencias académicas e profesionais previas co mundo dos materiais didácticos musicais na etapa de Educación Primaria comezan a aparecer unha serie de preocupacións e interrogantes que constitúen o inicio desta tese de doutoramento:

- Que materiais didácticos musicais utilizan os docentes de música en Educación Primaria? Que funcións desempeñan?
- Con que criterios son seleccionados os materiais didácticos musicais?
- Estes materiais didácticos musicais acentúan as desigualdades entre o alumnado ou diminúenas conseguindo a equidade?
- Como inflúen as políticas nacionais e autonómicas de libros de texto e materiais na selección, elaboración e utilización dos mesmos?
- Cal é o papel que desempeñan os materiais didácticos musicais na práctica dos docentes e na atención á diversidade?
- A aparición dos materiais dixitais está provocando modificacións substanciais no desenvolvemento das propostas educativas nas aulas e fomentan a atención á diversidade?
- Que formación no campo dos materiais didácticos musicais posúen os especialistas de música de Educación Primaria?



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tomando como referencia estes interrogantes xorde o *obxectivo xeral* deste estudo que é coñecer a percepción que teñen os docentes de música de Educación Primaria da comunidade autónoma galega acerca dos materiais didácticos musicais. Deste obxectivo xeral emanan os seguintes *obxectivos específicos*:

- Analizar as políticas nacionais e autonómicas sobre os materiais didácticos musicais.
- Realizar unha análise sobre a utilización, coñecemento e valoración dos materiais didácticos musicais por parte do profesorado especialista de música de Educación Primaria, facendo fincapé na atención á diversidade.
- Analizar o grao de formación dos docentes especialistas de música do contexto galego sobre materiais didácticos musicais.

### *Estrutura xeral do informe de investigación*

Este informe está estruturado en sete capítulos, correspondéndose os tres primeiros co marco teórico e os tres seguintes co estudo empírico. Así mesmo, péchase o documento cun capítulo dedicado ás conclusións.

- **Capítulo 1. Os materiais didácticos no ámbito da Educación Musical**
  Neste capítulo realízase unha aproximación ao concepto de material didáctico musical e ás súas funcións partindo dos principais métodos de Educación Musical que xorden no século XX. Posteriormente afóndase nas clasificacións propostas por diversos autores e autoras que axudaron a elaborar a clasificación propia sobre a que se constrúe o cuestionario e a entrevista desta tese de doutoramento.
- **Capítulo 2. Antecedentes de investigación**
  No capítulo dous faise un percorrido por diferentes traballos de investigación nacionais e internacionais producidos nos últimos anos sobre os materiais didácticos musicais centrados na etapa de Educación Primaria.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- **Capítulo 3. Os materiais didácticos musicais nas políticas educativas**
  O capítulo tres pon o foco nas políticas educativas sobre os materiais didácticos musicais e nel realízase unha análise de portais institucionais e documentos lexislativos que recollen referencias sobre os materiais didácticos musicais como poden ser os sistemas de gratuidade de material escolar.
- **Capítulo 4. A percepción docente sobre os materiais didácticos musicais**
  Neste capítulo catro faise un achegamento aos diferentes paradigmas que analizan a percepción docente e ao perfil do especialista de Educación Musical.
- **Capítulo 5. A estratexia metodolóxica**
  O quinto capítulo deste informe argumenta a opción metodolóxica decidida así coma o deseño utilizado nesta tese de doutoramento. Tamén se explican todos os pasos seguidos e as decisións tomadas para planificar as técnicas de recollida de datos (o cuestionario e a entrevista) dende o primeiro borrador ata a versión final, así como a selección das mostras.
- **Capítulo 6. Presentación dos resultados**
  Neste capítulo preséntanse os resultados da análise tanto cuantitativa como cualitativa, tras o cumprimento do cuestionario por parte dos docentes e a realización das entrevistas aos mestres e mestras de Educación Musical. Os resultados organízanse seguindo as dimensións dos instrumentos e compáranse con outras investigacións previas a modo de discusión.
- **Capítulo 7. Conclusións**
  Finalmente, no capítulo sétimo recóllense as conclusións deste estudo, organizadas en función dos tres obxectivos específicos que se pretenden conseguir coa realización desta investigación.

Por último, inclúese a bibliografía empregada para a redacción deste informe de tese e os anexos que se presentan impresos ao final da tese e achegan documentación complementaria.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# CAPÍTULO 1. OS MATERIAIS DIDÁCTICOS NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN MUSICAL

## 1.1 INTRODUCIÓN

A Educación Musical en España remóntase á década dos 90 do século XX coa aprobación da Ley Orgánica 1/1990, de 3 de octubre, de Ordenación General del Sistema Educativo que recoñece a música como materia con carácter obrigatorio e intégrase na área de Educación Artística (Pascual, 2010). Dende este momento a Educación Musical convértese en imprescindible para lograr o desenvolvemento integral do alumnado potenciando a faceta física, afectiva, artística, social, cognitiva, etc. a través dos distintos elementos curriculares. Cada comunidade autónoma, partindo da lexislación básica e de obrigado cumprimento, concreta o currículo estatal para adaptalo a súa realidade propia tal e como recolle López-García (2018) quen realiza unha análise da área de Educación Artística nestes decretos autonómicos e conclúe que:

> Todos ellos reconocen la importancia de las manifestaciones artísticas en la historia de la humanidad, entienden y comparten que los procesos de enseñanza-aprendizaje en esta etapa educativa deben recoger el desarrollo de los lenguajes plástico y musical como medios de comunicación, de expresión de ideas, pensamientos y sentimientos y, por último, contemplan que entender, conocer e investigar dichos lenguajes desde edades tempranas permite el desarrollo de la atención, la percepción, la inteligencia, la memoria, la imaginación y la creatividad. Además, todos ellos ponen en valor el uso de metodologías prácticas y activas como aspecto fundamental para el correcto desarrollo de los procesos de enseñanza-aprendizaje de la música en educación primaria. (López-García, 2018, p. 61).

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nestes procesos de ensinanza-aprendizaxe da música na etapa de Educación Primaria os materiais didácticos musicais coma os instrumentos musicais, as partituras, os cancioneiros, os obxectos sonoros, as fichas de traballo, as guías didácticas, os libros de texto, os recursos audiovisuais, as aplicacións ou os bancos de materiais en liña, entre moitos outros (Gillanders, 2011; Pascual, 2010; Vicente Álvarez e Rodríguez-Rodríguez, 2017), adquiren gran importancia posto que axudan ao profesorado a desenvolver e avaliar a súa práctica educativa. Así mesmo, os materiais didácticos musicais estruturan a realidade, actúan de mediadores entre o alumnado e os docentes, condicionan o quefacer diario, inflúen na construción e reconstrución do coñecemento (Parcerisa, 1996; Vicente Álvarez, 2012) e, en definitiva, consolídanse como medios imprescindibles do proceso de ensino interaccionando cos obxectivos, contidos, estratexias e actividades da materia de Educación Musical.

Na actualidade existe unha gran cantidade de traballos que achegan diferentes definicións do termo "material didáctico" en sentido amplo (Molina et al., 2008; Vicente Álvarez e Rodríguez Rodríguez, 2014). Non obstante, nesta investigación pártese da definición de Area (2017) na que os materiais didácticos son concibidos como un "objeto cultural, físico o digital, elaborado para generar aprendizaje en una determinada situación educativa" (p. 17). Seguindo a este mesmo autor, os materiais didácticos están constituídos tanto por unha dimensión artefactual-tecnolóxica como por unha dimensión semántico-simbólica; desempeñan distintas funcións didácticas e curriculares (preparación, planificación, apoio, avaliación, etc.) e estimulan e propician experiencias de aprendizaxe para que o alumnado adquira un coñecemento (Area, 2017).

Neste primeiro capítulo da tese de doutoramento realízase un percorrido polos principais materiais didácticos musicais, facendo fincapé na súa presenza nas metodoloxías de Educación Musical máis relevantes do século XX. Así mesmo, incídese nas funcións que cumpren os materiais didácticos musicais nas aulas de música de Educación Primaria e recóllense diferentes taxonomías de materiais didácticos musicais propostas por varios investigadores e investigadoras. Para rematar preséntase a clasificación propia dos



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

materiais didácticos musicais elaborada nesta tese de doutoramento e sobre a que se basea o cuestionario *online* e a entrevista.

## 1.2 OS MATERIAIS DIDÁCTICOS MUSICAIS NAS PRINCIPAIS METODOLOXÍAS DO SÉCULO XX

No ámbito da Educación Musical, a importancia dos materiais didácticos remóntase ao século pasado co xurdimento de distintas metodoloxías e o traballo de pedagogos musicais que Hemsy de Gaínza (2004) sistematiza en catro períodos:

- **Primeiro período (1930-1940): métodos precursores**. Destaca o método "Tonic Sol-FA" en Inglaterra no que se empregan signos coas mans para representar as notas e sílabas rítmicas e o método Maurice Chevais en Francia que utiliza a fonomimia nas cancións. Así mesmo, os métodos activos de Pestalozzy, Decroly, Froebel, Dalton ou Montessori, que se están desenvolvendo nestes momentos vinculados ao momento da "Escola nova", tamén exercen a súa influencia na Educación Musical.
- **Segundo período (1940-1950): métodos activos.** Destacan Dalcroze, Edgar Willems e Martenot.
- **Terceiro período (1950-1960): métodos instrumentais** coma o método de Carl Orff con gran cantidade de pezas e materiais orientados a estimular a execución grupal (instrumental, vocal, corporal), do húngaro Zoltán Kódaly baseado na voz e o traballo coral partindo do folclore ou do xaponés Suzuki que se focaliza na ensinanza do violín.
- **Cuarto período (1970-1980): métodos creativos.** A creatividade convértese nun elemento fundamental e os alumnos e alumnas pasan a ser creadores. Destacan autores como Wuytack, Murray Schafer, Paynter e Self.
- **Quinto período (1980-1990): de transición.** O campo da Educación Musical recibe o influxo da tecnoloxía musical, a ecoloxía, os movementos alternativos na arte, a musicoterapia, as técnicas grupais, etc. Este período tamén

se caracteriza pola multiculturalidade e intégrase a música doutras culturas.

- **Sexto período (1990): novos paradigmas.** Prodúcese unha polarización entre a educación musical inicial e a formación musical especializada ou superior.

Cada un destes métodos conta cunhas características definitorias e, dende o punto de vista dos materiais didácticos, defenden a utilización e o emprego duns en detrimento doutros. Por este motivo, a continuación realízase un breve percorrido polos materiais didácticos musicais que destacan nestas pedagoxías especializadas que nacen a comezos do século XX e que romperon coas premisas anteriores dunha Educación Musical baseada na teoría e na práctica do solfexo e instrumental (Díaz Gómez, 1998).

No método Dalcroze destaca o material visual coma os cartóns, o material musical impreso para o ensino da teoría e das cuestións de solfexo, o repertorio musical básico que se compón de cancións e xogos infantís, o material sonoro como as gravacións ou fragmentos musicais, os instrumentos melódico-harmónicos (o piano), os instrumentos musicais escolares (frauta doce, instrumentos de percusión coma o xilófono, o triángulo, etc.) e o emprego do propio corpo e de materiais que facilitan a realización de movementos coma pelotas, aros ou cordas (Díaz Gómez, 1998; Pascual, 2010).

No método Willems cobran importancia os materiais visuais (tarxetas sonoras con ilustracións, láminas con secuencias de sons); o material musical impreso coma os cadernos para o alumnado, as pezas e danzas; o repertorio musical con cancións de diferente tipoloxía; os instrumentos escolares e os xoguetes; o propio corpo e outros instrumentos para traballar a audición como poden ser a frauta de émbolo, o tubo sonoro, os paus, as sereas, o carillón microtonal, os martelos sonoros, as campás, etc. (Brufal, 2013; Vicente Álvarez, 2012).

No método Martenot prevalecen aqueles materiais impresos que conteñen cancións infantís, material de psicomotricidade, medios audiovisuais para o desenvolvemento da imaxinación, xogos didácticos (as cartas melódicas, as palabras melódicas, a carreira de notas), o dominó con valores rítmicos e métricos, o diapasón e o metrónomo, o



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

teclado móbil e o instrumento deseñado polo propio autor, cuxo nome é Ondas Marnenot (Díaz Gómez, 1998; Pascual, 2010).

O método Orff destaca polos seus materiais xa que Karl Orff e Keetman deseñaron uns materiais propios e orixinais para a ensinanza da música que son coñecidos como "instrumentos Orff" que na actualidade se empregan en moitas escolas, chegando a crear incluso agrupacións utilizando unicamente este tipo de instrumentos e un repertorio adaptado aos mesmos. Deste modo, Orff clasifica estes instrumentos en dúas categorías: pequena percusión (non afinada) e instrumentos de láminas ou de placas (afinada). Os de pequena percusión poden ser de metal (pratiños, crótalos, cascabeis, triángulo, maracas, etc.), madeira (caixa china, castañolas, claves, etc.) ou con membrana (tambor, timbais, pandeiro e bongós). Nos instrumentos de láminas ou de placas establece unha diferenciación entre os metalófonos (de metal) e os xilófonos (de madeira) e clasifícaos segundo a súa tesitura (soprano, contralto ou baixo). Ademais de todos estes instrumentos musicais este método destaca a importancia do material musical impreso e o seu autor elabora cinco volumes titulados "Müsik fur Kinder" para a iniciación musical dos nenos e nenas (Díaz Gómez, 1998; Vicente Álvarez, 2012).

O método Suzuki, creado polo mestre de violín xaponés Shin'ichi Suzuki, parte das observacións sobre a aprendizaxe da lingua materna e realiza unha comparación coa educación musical do alumnado. Esta proposta caracterízase por prescindir ao comezo da lectoescritura e partir da escoita e da práctica instrumental. O procedemento proposto por Suzuki está secuenciado en graos e os materiais empregados son iguais para todo o alumnado e consisten nunha serie graduada de exercicios e pezas organizados en diversos libros (con acompañamento de material sonoro) (Jorquera, 2004).

No método Kodály defendese o emprego do material elaborado polo propio autor, a voz como primeiro instrumento e o diapasón, ademais doutros recursos coma o encerado e o pentagrama magnético, os instrumentos musicais de percusión e melódicos e os cartóns (Brufal, 2013). Porén, Kodály considera que o mellor material musical é o que provén da música tradicional, motivo polo que vai empregar unha gran



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cantidade de recursos que proceden do folclore e dos cancioneiros (danzas, cancións, xogos, refráns, etc.).

Jos Wuytack parte da premisa de que para traballar a música é necesario facer música e baséase no estudo do medio sonoro e das relacións coas persoas (Cuevas, 2015). A súa gran achega aos materiais didácticos musicais foi a creación do musicograma que:

> es un registro gráfico de los acontecimientos musicales, una representación visual del desarrollo dinámico de una obra musical. En el musicograma la notación musical convencional es sustituida por un simbolismo más sencillo y accesible para los oyentes no músicos, con el que se pretende ayudar a la percepción de la estructura total de la obra. (Wuytack e Boal-Palheiros, 2009, p. 47).

A proposta pedagóxica de Murray Schafer fundaméntase na escoita e na preocupación pola "paisaxe sonora" (*soundscape*) que fai referencia:

> al campo sonoro total, cualquier que sea el lugar donde nos encontremos. Es una palabra derivada de *landscape* (paisaje); sin embargo, y a diferencia de aquélla, no está estrictamente limitada a los lugares exteriores. El entorno que me rodea mientras escribo es un *soundscape,* un paisaje sonoro. A través de la ventana abierta de mi cuarto escucho el viento haciendo susurrar las hojas de los álamos. Como estamos en junio, los pichones acaban de salir de los cascarones en sus nidos y el aire se llena con sus trinos. Adentro de la casa, el refrigerador de pronto se pone en evidencia con su quejido chillón (...). Deténgase un momento para comparar su propio *soundscape* mientras lee estas notas. Los paisajes sonoros del mundo son increíblemente variables y difieren con la hora del día y la estación, el lugar, la cultura. (Schafer, 2006, p. 12)

Deste xeito, para Schafer é imprescindible recoñecer e valorar os sons do entorno e o alumnado ten que descubrir as súas potencialidades creativas para facer a súa propia música posto que considera que todos



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

son capaces de realizar unha peza musical. En canto aos materiais didácticos, destacan as súas cinco obras pedagóxicas con estratexias para que os docentes implementen as súas propostas pedagóxicas e todo tipo de material musical sonoro (Cuevas, 2015).

Finalmente, J. Paynter utiliza nas súas actividades musicais, ao igual que Schafer, os materiais musicais sonoros, sitúa nun primeiro plano a relación entre escoitar-explorar-crear e parte do son para estimular a imaxinación creativa do alumnado e a expresión musical (Cuevas, 2015). Tamén destacan as súas obras pedagóxicas nas que ofrece propostas para o desenvolvemento do currículo de educación musical dende unha perspectiva baseada na creación e na composición.

## 1.3 Os materiais didácticos musicais: conceptualización, funcións e clasificacións

Na actualidade, nas clases de Educación Musical os docentes combinan as propostas didácticas das diferentes metodoloxías recollidas no apartado anterior:

> A través de cada uno de los métodos que han establecido diferentes pedagogos que han revolucionado la enseñanza de la música, consideramos que en la actualidad, cada profesor contempla estas metodologías y adapta su modelo de enseñanza ateniéndose a las necesidades de su alumnado, para poder promover una educación musical integral, que tiende cada vez más a tener en cuenta la creación y la capacidad de crear música del alumno. (Cuevas, 2015, p. 46).

Deste modo, tamén son moi diversos os materiais didácticos musicais que están presentes no día a día nas aulas de música de Educación Primaria e que segundo Díaz Gómez (1998) se definen como:

> Todo aquello que ayude al profesorado a dar respuesta a los problemas y cuestiones que se planteen en su tarea de planificación, ejecución y evaluación curricular. (p. 86).



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estes materiais didácticos musicais desempeñan diferentes funcións nas aulas de música de Educación Primaria que, segundo Parcerisa (1996), poden sintetizarse en:

- *Innovadora:* ao introducir novos materiais nos procesos de ensino-aprendizaxe aínda que en ocasións unicamente impliquen cambios superficiais.
- *Motivadora:* captando a atención do alumnado.
- *Estruturadora da realidade*: xa que cada material representa a realidade dun xeito concreto.
- *Configuradora* do tipo de relación que mantén o alumnado cos contidos de aprendizaxe posto que cada material facilita un determinado tipo de actividade mental.
- *Controladora* dos contidos a ensinar.
- *Solicitadora* ao actuar como guía e organizar a acción formativa.
- *Formativa ou didáctica* xa que o material axuda á aprendizaxe de determinadas actitudes.
- *De depósito do método e da profesionalidade* posto que se adapta ás necesidades dos docentes.
- *De produto de consumo* que se compra e se vende.

Outros autores como Sevillano (2011) aglutinan estas funcións en catro grandes bloques: motivadora, innovadora, de apoiatura e estruturadora e operativa. Deste xeito, os materiais didácticos musicais cumpren a función motivadora (1) porque favorecen a atención do alumnado e, materiais sonoros coma os instrumentos musicais e os obxectos sonoros ou certos materiais dixitais coma os obxectos interactivos, facilitan que se propicie un ambiente de aprendizaxe máis favorable polo feito de implicar actividades prácticas, útiles e reais como pode ser a interpretación dunha melodía ou a resolución dun reto musical. En canto á función innovadora (2), coa introdución de novos materiais didácticos de Educación Musical é conveniente realizar cambios na metodoloxía didáctica para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe. Por outra banda, os materiais didácticos musicais cumpren unha función de apoiatura (3) porque guían a interiorización da



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

información ao actuar como difusores de conceptos, explicacións, etc. Deste xeito, non é o mesmo a forma de transmitir os contidos dun libro de texto de Educación Musical que dun videotitorial de *Youtube* elaborado polo docente de Música que o realizou pensando nas características do seu grupo-clase. Por último, destaca a función estruturadora e operativa (4) en tanto que os materiais didácticos musicais organizan os procesos educativos e actúan como guías á hora de deseñar as sesións de Educación Musical.

Tamén é importante ter en conta que a tipoloxía concreta do material didáctico musical exerce certa influencia na transmisión de coñecementos, habilidades, actitudes ou valores xa que non é o mesmo por exemplo, a utilización dun libro de texto impreso ou dun material didáctico elaborado polo docente ou un material dixital interactivo (Reyes-Sánchez e Villares, 2017). Por citar un exemplo concreto, estas diferenzas entre as tipoloxías de materiais didácticos fanse máis evidentes ao comparar os materiais didácticos impresos de Educación Musical (coma os libros de texto, as fichas, as partituras, os cadernos de actividades) cos materiais didácticos dixitais (libro de texto dixital, presentacións, xogos interactivos, vídeos, contornos virtuais de aprendizaxe) xa que os materiais dixitais deberían caracterizarse por ser accesibles dende calquera lugar ou momento, ser atractivos e sinxelos de utilizar, ser interactivos, multimedia e hipertextuais, facilitar a comunicación e interacción social, adecuarse ás características do alumnado e facilitar un proceso activo de construción do coñecemento (Area, 2020).

Por tanto, apréciase como existe un amplo abano de materiais didácticos musicais con características e funcións moi diferentes, destacando os materiais en papel que se combinan con materiais de aula en distintos formatos e cos instrumentos musicais de creación propia:

> En la enseñanza de la música intervienen diversidad de materiales, que van desde los presentados en soporte papel (libros, partituras, unidades didácticas, cuadernos de actividades, artículos de revistas especializas) y materiales de aula: instrumental, discográfico, audiovisual e informático, sin olvidar los que la pedagogoga J. Akoschky (1995) denomina cotidiáfonos, nombre elegido para

> designar instrumentos sonoros realizados con objetos y materiales de uso cotidiano, de sencilla construcción, que producen sonido mediante simples mecanismos de excitación. (Díaz Gómez, 1998, p. 86).

Debido a esta diversidade de materiais didácticos musicais resulta unha tarefa complexa realizar unha clasificación dos mesmos. O pedagogo musical Gómez Espinosa (2015) aglutínaos en instrumentos musicais, material directo, material sonoro, xoguetes e outros, videografía e material creado polo propio alumnado.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 1.** *Clasificación dos materiais didácticos musicais segundo Gómez-Espinosa (2015)*

| |
|---|
| INSTRUMENTOS MUSICAIS<br>– Do profesorado: o teclado, a guitarra, etc.<br>– Para o alumnado: instrumentos de pequena percusión, frauta, teclados, guitarra, etc. |
| MATERIAL IMPRESO<br>– De uso directo: pensado para a súa interacción co alumnado sen intermediarios. Exemplos: láminas e fichas de elementos musicais, libros de exercicios, etc.<br>– De uso indirecto: empregado polo docente quen acostuma a amosarllo á clase. Exemplos: láminas, debuxos, partituras, enciclopedias, etc. |
| MATERIAL SONORO: DISCOGRAFÍA<br>– Máxima variedade en canto a xéneros e tipos.<br>– Que ofreza un abano amplo de música: clásica, moderna, folclórica, infantil, de cámara, etc.<br>– Dentro da discografía inclúense efectos sonoros, gravacións de animais, de ambientes concretos, etc. |
| XOGUETES E OUTROS<br>– Recursos que representan o aspecto lúdico da educación.<br>– Calquera material que teña algún tipo de compoñente sonoro.<br>– Exemplos: réplicas de instrumentos musicais, teatros e escenarios en miniatura, culleres, caixas, vasos de plástico, papel, etc. |
| VIDEOGRAFÍA<br>– Gravacións en vídeo de prácticas instrumentais e vocais.<br>– Videografía de movemento e música para que o alumnado observe coreografías, danzas, vestiarios, montaxes...<br>– Películas na que o compoñente sonoro teña algún tipo de interese.<br>– Documentais, curtametraxes ou narracións e experimentacións visuais nas que a música é un elemento importante. |
| MATERIAL CREADO POLO PROPIO ALUMNADO<br>– Construción de obxectos sonoros.<br>– Construción doutros recursos e materiais propios como partituras, imaxes, debuxos, etc. |

*Nota.* Elaboración propia a partir de Gómez-Espinosa (2015)

Por outra banda, Vicente Álvarez (2012) na súa tese de doutoramento propón unha clasificación máis exhaustiva na que se recolle a gran maioría dos materiais que se empregan en Educación Infantil, aínda que probablemente non haxa notables diferenzas cos utilizados noutras etapas educativas como pode ser a Educación Primaria.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 2.** *Clasificación dos materiais didácticos musicais segundo Vicente Álvarez (2012)*

MATERIAL CURRICULAR IMPRESO

a. Material docente:
    i. Proxectos Curriculares de Centro e Programacións de Aula
    ii. Guías didácticas e globalizadas
    iii. Métodos didácticos
b. Material para o alumnado:
    i. Fichas de traballo
    ii. Cadernos
    iii. Outros materiais

MATERIAL DE APOIO Á APRENDIZAXE MUSICAL

a. Material visual
b. Material lingüístico
c. Material para o movemento
d. Outros materiais

MATERIAL SONORO

a. Manipulativo
    i. Instrumentos musicais
        a. Instrumental escolar (Orff)
        b. Instrumental clásico (banda, orquestra, pop, etc.)
        c. Instrumental popular (folclore da zona)
        d. Instrumental étnico (músicas do mundo)
    ii. Obxectos sonoros
    iii. Outros materiais
b. Auditivo: Gravacións, material en diferentes formatos (CD, DVD, MP3, etc.)
    i. Repertorio musical: clásico, contemporáneo, pop, folk, etc.
    ii. Sons do entorno, sons cotiás, sons da natureza
    iii. Sons de instrumentos musicais
    iv. Outros sons
c. Repertorio musical (formato impreso ou dixital)
    i. Partituras orixinais: instrumental (solista e orquestral), vocal e mixto
    ii. Versións sinxelas e pezas adaptadas: arranxos instrumentais; vocal e mixto.
    iii. Música popular infantil: xogos populares infantís, cancións do ciclo do ano, cancións de berce, outras.
    iv. Música tradicional de adultos: vocal, instrumental e de baile.
    v. Outras músicas: músicas do mundo, música étnica, música africana, música latina, pop, etc.

MATERIAL AUDIOVISUAL E TIC

a. Visual: retroproxectos de diapositivas, etc.
b. Audio: MP3, CDs, casetes, vinilos, etc.
c. Audiovisual: DVDs, vídeo, MP4, etc.
d. Informáticos: programas, medios, repositorios, titoriais, etc.

*Nota.* Elaboración propia a partir de Vicente Álvarez (2012)

Partindo das dúas clasificacións presentadas anteriormente e dos traballos de Area (2004, 2017), nesta tese de doutoramento proponse unha clasificación dos materiais didácticos musicais en catro grupos fundamentais, atendendo ao soporte principal dos mesmos:

- **Materiais impresos:** aqueles recursos cuxo soporte fundamental é o papel e cuxos destinatarios poden ser tanto alumnado coma profesorado. Algúns exemplos son os libros de texto, os métodos e guías didácticas, as fichas de traballo e os cadernos ou as partituras.
- **Materiais dixitais:** aqueles recursos nos que desaparece o soporte físico e nun mesmo obxecto se combina texto, sons, gráficos, iconas e contido audiovisual, potenciando a interactividade. Baixo a etiqueta de materiais dixitais englóbase un gran abano de recursos diversos que se clasifican, seguindo a Area (2017), en:
    - *Obxectos dixitais*: arquivo dixital que contén calquera contido, información e/ou coñecemento, adoptando distintos formatos ou linguaxes de expresión. Exemplos: documentos, vídeos, fotos, *podcast*, etc.
    - *Obxectos dixitais de aprendizaxe*: é un tipo de obxecto dixital que foi creado cunha intencionalidade didáctica. Exemplos: libro de texto, presentacións, contos interactivos, etc.
    - *Contornas didácticas dixitais:* espazo online estruturado didacticamente e formado por obxectos dixitais dirixido a facilitar ao alumnado e ao profesorado o desenvolvemento de experiencias de aprendizaxe sobre unha temática ou centro de interese. Exemplos: sitioweb, plataformas en liña, colección de videotitoriais, canle de *Youtube*, portfolios, etc.
    - *Materiais profesionais para os docentes:* recursos dixitais dispoñibles na rede que son relevantes para o exercicio profesional da docencia. Exemplos: métodos e guías didácticas, experiencias, blogs, etc.
    - *Aplicacións e ferramentas:* software de propósito xeral ou creado especificamente para o ámbito educativo.



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Exemplos: software de edición de vídeo, de audio, de partituras, *Makey Makey*, etc.

- **Materiais sonoros:** aqueles materiais cuxa finalidade principal é producir un son. Englóbanse nesta categoría os instrumentos musicais (clásicos, populares, étnicos e dos diferentes métodos coma Orff, Willems ou Aschero), os instrumentos cotidiáfonos (aqueles creados polo alumnado e o profesorado a partir de materiais da vida cotiá) e os obxectos sonoros (materiais do entorno que producen son como poden ser as bolsas, as pedras, o mobiliario, etc.).
- **Materiais híbridos:** aqueles materiais que combinan o formato impreso co formato dixital, non poden prescindir de ningún dos dous para que o material en si teña sentido. Un exemplo dos materiais híbridos son os libros-CD ou os álbums musicais (libro-CD-DVD).

## 1.4 PECHE

Ao longo deste capítulo púxose de manifesto a importancia dos materiais didácticos musicais no día a día das aulas de Educación Primaria así como nas diferentes metodoloxías de Educación Musical que xurdiron no século XX. Así mesmo, tamén se incidiu nas diferentes funcións que poden desempeñar os materiais didácticos musicais e como estas dependen da tipoloxía dos mesmos. Tal e como se apreciou nas páxinas anteriores, existe un abano moi amplo de materiais didácticos musicais que se atopan en constante evolución debido ás innovacións e avances que se están introducindo da man da tecnoloxía educativa. Por este motivo, a clasificación que se propón nesta tese de doutoramento pretende outorgar certa flexibilidade para, tomando como referencia o formato (impreso, dixital ou híbrido) ou a natureza do propio material (no caso dos sonoros), sexa sinxelo englobar nun dos catro bloques propostos todos aqueles materiais que non foron contemplados pola investigadora e que irán aparecendo nos cuestionarios ou entrevistas ou aqueloutros que se vaian incorporando froito dos avances tecnolóxicos e metodolóxicos dos próximos anos.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# CAPÍTULO 2. ANTECEDENTES DE INVESTIGACIÓN

## 2.1 INTRODUCIÓN

Neste capítulo realízase un breve percorrido por diferentes investigacións previas que están relacionadas coa temática desta tese de doutoramento co obxectivo de establecer o punto de partida do que xermina este estudo. Para isto, fíxose unha procura bibliográfica en diferentes bases de datos, accedendo dende o portal da Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela[1], entre as que destacan as seguintes:

-ERIC
-Dialnet
-ISOC
-Teseo
-Minerva
-Rebiun
-Wos
-Scopus

Para realizar dita busca empregáronse as seguintes palabras chave, tanto en castelán coma en inglés: materiales didácticos, música, educación musical, libros de texto, tecnología, didactic materials, music education, textbook, music e ICT.

Así mesmo, á hora de executar a busca unicamente se tiveron en consideración as investigacións que estaban relacionadas cos materiais didácticos e coa etapa obxecto de estudo nesta tese, a Educación Primaria, a excepción daquelas que se centran no pensamento docente que, polas estreitas similitudes con esta tese de doutoramento, decidiuse abrir o abano e incluír outras etapas educativas como a Educación Infantil.

[1] Acceso ás bases de datos: https://rebusca.usc.gal/az.php?t=27111

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ademais das bases de datos enumeradas anteriormente tamén se consultaron as actas das Conferencias organizadas pola *International Association for Research on Textbooks and Educational Media*[2] *(IARTEM)*, posto que a miúdo inclúen unha liña temática vencellada coa música e os materiais didácticos e o libro de actas do *I International Symposium of Music Education and Didactic Materials*[3] (Vicente Álvarez et al., 2020) celebrado en Santiago de Compostela a principios do ano 2019. Asemade, destaca o monográfico publicado no ano 2019 na *Revista Latinoamericana de Tecnología Educativa (RELATEC)* que leva por título "Los materiales didácticos musicales: enfoques y perspectivas de investigación" ou as revistas especializadas en Educación Musical como a *Revista Electrónica de LEEME* ou a *Revista Electrónica Complutense de Investigación en Educación Musical (RECIEM).*

Esta revisión bibliográfica permitiu construír o cuestionario tomando como base outras investigacións previas, establecer as dimensións do mesmo e deseñar as entrevistas.

## 2.2 PRINCIPAIS LIÑAS DE INVESTIGACIÓN

Tras realizar unha lectura dos resultados atopados procedeuse a organizalos en diferentes bloques temáticos, tal e como se recolle na seguinte proposta de clasificación:

a) Percepción do profesorado sobre os materiais didácticos musicais
b) Análise e avaliación de materiais didácticos musicais
c) Os materiais didácticos musicais na formación dos docentes
d) Propostas didácticas con presenza de materiais didácticos musicais
e) Recompilación de materiais didácticos musicais

[2] Acceso ás diferentes publicacións da asociación *IARTEM*: https://iartem.org/publications/
[3] Acceso ás actas do *I International Symposium of Music Education and Didactic Materials*: https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/23403

f) Visións do alumnado sobre os materiais didácticos musicais
g) Uso de materiais didácticos musicais
h) Novas metodoloxías e os materiais didácticos musicais
i) Atención á diversidade e materiais didácticos musicais

### a) Percepción do profesorado sobre os materiais didácticos musicais

A liña de investigación á que pertence esta tese enmárcase na percepción do profesorado sobre os materiais didácticos musicais así que parece pertinente comezar este percorrido bibliográfico analizando investigacións previas realizadas baixo esta óptica. Neste sentido, a tese de doutoramento de Vicente Álvarez (2012) na etapa de Educación Infantil así como algunhas publicacións derivadas da mesma (Vicente Álvarez e Rodríguez Rodríguez, 2014; 2017) analizan a opinión e valoración dos docentes sobre os materiais didácticos nesta etapa, concluíndo que se necesita mellorar a formación inicial e continua dos docentes en relación con esta temática e que a miúdo se seleccionan os recursos de xeito intuitivo, sendo necesario desenvolver mecanismos de avaliación dos mesmos que sexan sistemáticos e rigorosos.

En relación cos materiais dixitais destaca o estudo levado a cabo por Vicente Álvarez et al. (2019) no que se analiza a percepción dos docentes de primaria de Galicia (incluíndo especialistas de Educación Musical) mediante a realización de entrevistas semiestruturadas.

A nivel internacional Eyles (2018) realiza unha investigación na que se analiza a percepción docente en relación coa implementación das TIC nas aulas de música no contexto australiano, afirmando os mestres e mestras que a principal barreira é a necesidade de acceder a cantidades adecuadas de recursos TIC, financiación e apoio para poder realizar na aula prácticas pedagóxicas de calidade. Así mesmo, no contexto portugués, De Matos (2013) estuda as concepcións do profesorado de Educación Musical do 1º ciclo sobre a formación e o desenvolvemento curricular e conclúe que os docentes posúen lagoas a nivel musical que condicionan a súa práctica docente polo que é necesaria unha boa formación continua.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**b) Análise e avaliación de materiais didácticos musicais**

Nas últimas décadas publicáronse varios traballos que recollen unha visión xeral da investigación relacionada cos libros de texto e os medios educativos na Educación Musical en España como é o caso do estudo exploratorio realizado por Gillanders (2020). A súa vez dentro da investigación sobre os materiais didácticos destaca a liña temática de análise e avaliación dos mesmos. Deste xeito, Marín-Liébana e Botella Nicolás (2019) realizaron unha revisión bibliográfica na que accederon a unha mostra de 74 artigos científicos, obtendo como temas máis frecuentes o estudo dos manuais históricos, o efecto que producen os libros de textos nos estudantes, a diversidade que conteñen, a ideoloxía que transmiten e a presenza da muller nos mesmos (Marín-Liébana e Botella Nicolás, 2019). A nivel internacional destaca a publicación de Romanelli (2020) na que realiza un percorrido histórico sobre a utilización do libro de texto de Educación Musical en Brasil e o Programa Nacional do Livro e do Material Didático (PNLD) neste país.

Neste apartado realízase, en primeiro lugar, un barrido por algunhas destas investigacións que xiran ao redor do libro de texto en Educación Musical e que por seren moi recentes non se recollen na revisión bibliográfica anterior, comezando polo traballo de Bernabé et al. (2021) no que analizan os estereotipos de xénero presentes nas imaxes dos libros de texto de música que se están utilizando na etapa de Educación Primaria. Para isto, mediante a análise de contido tanto cualitativo como cuantitativo, avaliáronse 2.424 imaxes de 47 libros de texto de Música de diferentes editoriais para amosar a evolución da muller como instrumentista. Como resultados obtiveron que no período entre 1992 e 2011 non aumentou considerablemente a presenza da muller como instrumentista pero si que se produciu un cambio na representación feminina en instrumentos tradicionalmente masculinos, aínda que falta moito camiño por percorrer neste sentido.

Outra das temáticas que se aborda na análise de contido dos libros de texto de música en Educación Primaria é a presenza nas imaxes de estereotipos na representación da diversidade cultural, de xeito que se seguen perpetuando os estereotipos sobre que instrumentos se tocan no mundo e como se representa a quen os toca (Bernabé e Martínez-Bello,



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2021). Nesta mesma liña, Martínez-Delgado (2019) analizou os modelos culturais que se transmiten nos libros de texto e alerta do predominio da hexemonía cultural androcéntrica e visións que non superaron o colonialismo e o patriarcado, facendo un tratamento exótico das culturas minoritarias e populares máis próximas á contorna infantil.

Por outra banda, Marín-Liébana e Botella Nicolás (2021) estudaron o repertorio que se inclúe nos libros de texto musicais de Educación Primaria para ver que modelo prevalecía: o formalista ou o nacionalista, obtendo como resultados a presenza predominante de música folclórica-tradicional local e de autores e pezas pertencentes á música clásica-romántica.

López Vila e Gillanders (2020) deseñaron e aplicaron unha guía de avaliación para analizar a presenza da música tradicional galega nos libros de texto de Música de Educación Primaria, concluíndo que a pesares de estar presente na maioría dos libros de texto analizados, o seu tratamento e importancia debería ser maior.

Continuando na liña de investigación de avaliación de materiais didácticos, Sánchez-Marroquí e Vicente-Nicolás (2021) analizaron os erros en 2.200 actividades musicais incluídas en libros de texto de Educación Infantil de catro editoriais e concluíron que o 22,6% das actividades contiñan algún tipo de erro, os máis frecuentes foron os da categoría musical (conceptos, termos ou representación gráfica), despois os didácticos (nivel, planificación ou metodoloxía) e en último lugar, os relacionados coas fichas de traballo do alumnado. Noutra publicación destes autores afirman que os materiais analizados de Educación Musical se afastan de actividades de "lapis e papel" máis propias doutras disciplinas que da materia de música e que ademais as editoriais proporcionan recursos musicais aos docentes posto que a metade das actividades analizadas inclúen arquivos de audio. Non obstante, como punto negativo resaltan a pouca presenza de xogos dixitais musicais nos libros de texto (Sánchez-Marroquí e Vicente-Nicolás, 2022). Seguindo na liña de análise das actividades e fixando a atención nas calidades do son, os libros de texto de Educación Infantil das principais editoriais españolas traballan fundamentalmente o timbre e a duración, mentres que a intensidade e a altura contan cunha menor



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

presenza e para isto propoñen actividades relacionadas con tocar instrumentos ou, no caso da duración, con movemento e danza (Vicente-Nicolás e Sánchez-Marroquí, 2022).

Neste mesmo sentido é importante destacar a tese de doutoramento de Azorín (2019) na que se analiza a presenza e uso que se fai da música dos medios audiovisuais nos libros de texto de Educación Primaria. Para isto, Azorín (2019) parte dun estudo exploratorio dos libros que son empregados polos docentes da Rexión de Murcia para posteriormente, aplicar un instrumento de recollida de información que lle permitiu concluír que os medios audiovisuais son un recurso marxinal dos libros de texto, sendo o cine o que máis representación ten. Así mesmo, resulta rechamante que pese á importancia dos últimos anos na sociedade, ningún libro de música dos analizados recolle música dos videoxogos.

Entrando no terreo dos libros de texto dixitais para a Educación Musical, Romanelli (2019) realiza unha análise documental dos libros dixitais de Arte aprobados polo ministerio de Educación no contexto brasileiro mentres que Park (2016), en Corea, leva a cabo un estudo co propósito de recoñecer que funcións deben ter os libros de texto dixitais, a diferenza dos impresos, destacando finalmente estas tres ideas fundamentais:

- Os libros de texto dixitais deben ter a capacidade de facilitar a aprendizaxe autónoma, é dicir, deben conter un mapa de aprendizaxe que lle permita ao alumnado estudar pola súa conta.
- Os libros de texto dixitais deben permitir facer conexións entre diferentes materias. Por exemplo, escoitando unha peza musical no libro de texto de Música deberían poder conectarse ao libro de Ciencias Sociais para consultar os antecedentes históricos desa peza con tan só un clic.
- Os libros de texto dixitais teñen que amosar na pantalla as partituras mentres se reproduce unha canción ou obra musical para facilitar a aprendizaxe dos estudantes.

En consonancia coas funcións que deberan desempeñar os libros de texto de Educación Musical, hai autores que afirman que non están promovendo o uso das TIC a través das actividades que formulan xa que estas non implican unha efectiva utilización das mesmas:



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Mas também está a suceder que os próprios manuais não são um meio propicio para o progresso de competências digitais (como por exemplo para possibilitar a procura de informação seleccionando a mais relevante, incentivar o trabalho colaborativo partilhando, discutindo e publicando informação online), nem para alunos nem para docentes. Neste sentido, é essencial que o manual escolar permita o desenvolvimento deste tipo de capacidades, habilidades ou destrezas associadas às TIC. (Ferreira e Ricoy, 2017, p. 214).

De igual modo existen investigacións centradas noutros tipos de materiais didácticos diferentes dos libros de texto. É o caso do traballo realizado por Vicente Álvarez et al. (2018) sobre a análise de portais ou plataformas e materiais dixitais para 5º e 6º de Educación Primaria utilizando como instrumento unha guía de avaliación. Estas autoras extraen como principal conclusión que os materiais analizados supoñen un cambio de formato, do papel ao soporte dixital, pero que este cambio non leva consigo un cambio metodolóxico xa que se continúa reproducindo o modelo tradicional e expositivo de ensinanza. Así mesmo, Masdeu (2018) deseña unha ferramenta para avaliar medios multimedia musicais baseada en dimensións técnicas, pedagóxicas e musicais.

Outro exemplo é a investigación levada a cabo por Cores-Torres e Rodríguez-Rodríguez (2022) na que se analizan os álbums musicais publicados en lingua galega, materiais compostos por libro-CD ou libro-CD-DVD que recompilan diferentes cancións e material audiovisual, dende a perspectiva do patrimonio cultural galego, tratando de recoñecer a súa presenza ou ausencia nesta tipoloxía de recursos.

Así mesmo, Cantos Soler (2017) deseñou un modelo de avaliación de aplicacións móbiles de *Android* e *Apple* concluíndo que son empregadas por máis da metade do profesorado de música que participou na investigación e destacando como vantaxes do seu uso que complementan o realizado na clase, achegan dinamismo, serven para captar a atención do alumnado, facilitan o labor explicativo do docente



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e de comprensión e asimilación dos discentes. Non obstante, tamén se recollen inconvenientes como que non todos os alumnos e alumnas poden mercar un dispositivo electrónico para empregalas polo que unha posible solución podería ser que esta adquisición tecnolóxica a realicen os centros educativos (Cantos Soler, 2017).

Por outra banda, León-Garrido e Duarte-Hueros (2020) adaptaron un instrumento de avaliación previo e seleccionaron 20 *apps* dispoñibles en *Google Play* para a Educación Musical e foron analizadas por catro expertos, concluíndo que existen moitas aplicacións interesantes para utilizar como recursos na Educación Musical pero que é necesario que estas sexan avaliadas e revisadas antes de poñerse en práctica nas aulas.

**Figura 1.** *Aplicacións seleccionadas na investigación de León-Garrido e Duarte-Hueros (2020)*




*Nota.* Figura orixinalmente publicada en León-Garrido e Duarte-Hueros (2020). Reproducida con autorización, licencia CC BY NC ND.

Ademais da avaliación dos materiais didácticos mediante a utilización de instrumentos de análise como poden ser as guías de avaliación, tamén se atoparon investigacións que estudan o funcionamento de certos materiais didácticos mediante a súa posta en práctica, con deseños metodolóxicos *pretest* e *postest.* Neste senso, na investigación de Amaya e Santoyo (2017) empregan un material didáctico deseñado con realidade aumentada para montar un *ensemble* musical, concluíndo que a utilización da realidade aumentada, ademais de ser unha ferramenta de apoio na clase de música, propicia a



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

motivación do alumnado na aprendizaxe das pezas musicais á vez que desenvolven a súa autonomía e exercen un papel activo no proceso de ensino e aprendizaxe.

Con similar deseño metodolóxico e empregando un grupo experimental e outro control, destaca o programa de utilización das TIC na materia de música implementado en 5º e 6º de Educación Primaria en Albacete que consta de 48 sesións nas que o alumnado realiza actividades como escoitar vídeos de *Youtube*, comentar audicións en *blogs* e *wikis*, cantar empregando o karaoke, transcribir cancións noutros idiomas co tradutor, ler partituras en liña, crear arquivos de MIDI para realizar acompañamentos instrumentais ou gravar os pasos de baile realizados polo alumnado utilizando unha cámara de vídeo, entre moitas outras (Hernández-Bravo et al., 2015).

Tamén é de especial interese polos resultados que achega o traballo de Lorenzo-Quiles et al. (2015) no que participan 58 estudantes da materia de música de 1º de Educación Secundaria Obrigatoria e establecendo un grupo control e un grupo experimental poñen en práctica dous programas diferentes: un deles utilizando recursos dixitais, en concreto, 6 obxectos dixitais que cada un inclúe catro unidades didácticas con actividades, fichas dixitais e contidos audiovisuais e o outro empregando unicamente como material pedagóxico o libro de texto. Os resultados demostran que o alumnado que traballou cos recursos dixitais, deseñados *ad hoc* para o estudo, alcanzou un maior rendemento na avaliación de coñecementos e competencias musicais (Lorenzo-Quiles et al., 2015).

### c) Os materiais didácticos musicais na formación dos docentes

Así mesmo, neste percorrido polos antecedentes de investigación tamén se recollen de xeito moi resumido algúns traballos relacionados coa formación inicial dos mestres e mestras en relación coa música xa que, a pesar de non aludir de xeito específico aos materiais didácticos, tal e como se verá nos resultados desta tese de doutoramento, a formación recibida exerce unha influencia posteriormente nos procesos de ensino e aprendizaxe e, por conseguinte, na utilización e valoración dos materiais didácticos de Educación Musical.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En primeiro lugar, destaca a investigación levada a cabo por García Gil e Bernabé (2019) na que analizan 115 relatos pedagóxicos de mestras de Educación Infantil que se atopaban en formación no curso 2017/2018 en dúas universidades públicas españolas. Estas autoras obtiveron como resultados que as estudantes amosan interese pola música e recoñecen a importancia da mesma na etapa de Educación Infantil, sobre todo, a nivel de escoita e de canto, ademais de considerar que os elementos musicais son moi importantes para complementar diferentes actividades.

En segundo lugar, Totoricagüeña e Riaño (2019) analizan as argumentacións do alumnado universitario da materia de Didáctica da Música á hora de xustificar se un videoclip é adecuado ou inadecuado para a súa utilización das aulas de Educación Primaria, concluíndo que na maioría dos casos non se deteñen a reflexionar sobre eles nin teñen as ferramentas necesarias para facelo de xeito sistematizado polo que "es necesario promover acciones para mejorar la interpretación de los productos multimedia contribuyendo a formar ciudadanos más críticos" (Totoricagüeña e Riaño, 2019, p. 401).

**d) Propostas didácticas con presenza de materiais didácticos musicais**

Son moitas as investigacións que recollen propostas didácticas para levar ás aulas nas que os materiais didácticos teñen un peso importante. Dentro destes traballos destacan, por unha banda, aqueles que se levan a cabo en facultades, co obxectivo de formar aos futuros mestres e mestras de Educación Primaria e por outra banda, os que se realizan directamente nas aulas dos centros educativos.

Dentro da primeira categoría, nas ensinanzas universitarias, atópase a proposta posta en marcha polo alumnado de 3º curso do Grao de Educación Primaria da Universitat de les Illes Balears na materia Educación Artística: actividade que consistiu en realizar composicións musicais con instrumentos dixitais e analóxicos co programa informático de produción musical *Cubase* para sonorizar accións expositivas dun barrio da cidade de Palma (Berbel et al., 2022).



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En segundo lugar e tendo como eixe fundamental a realidade virtual, Botella et al. (2018) traballan con alumnado da Facultade de Maxisterio da Universitat de València contidos científicos e musicais utilizando as TICs e centrándose nos elementos sonoros da paisaxe. Deste xeito, recrean paisaxes virtuais e mediante a utilización de diferentes aplicacións inclúen gravacións, fotografías, pezas musicais, etc. que provocan diferentes sensacións e emocións (Botella et al., 2018).

En terceiro lugar, Gillanders et al. (2019) xunto co alumnado do Grao en Mestre/a de Educación Primaria da Universidade de Santiago de Compostela elaboraron unhas píldoras de coñecemento para a aprendizaxe de danzas e bailes tradicionais da comunidade autónoma galega e posteriormente avaliaron o seu impacto e eficacia na aprendizaxe do baile da muiñeira. Os futuros docentes manifestaron na avaliación do proxecto que as píldoras de coñecemento son ferramentas de aprendizaxe rápidas e sinxelas de empregar, que fan máis atractiva a aprendizaxe dos contidos e que todos os docentes deberían proporcionárllelas ao seu alumnado (Gillanders et al., 2019).

En relación coa segunda categoría, as propostas deseñadas para o alumnado de Educación Primaria, proponse o método *Takedinorum*, deseñado por Buide del Real (2020), que é unha linguaxe de sílabas xestuais que se pode utilizar como ferramenta para traballar a percusión corporal. Baséase no uso da voz para guiar o movemento e os xestos de percusión corporal e o material didáctico está composto por 21 vídeo-titoriais[4] que se poden empregar nas aulas de Educación Primaria.

Nesta mesma liña tamén é importante mencionar o proxecto de aprendizaxe-servizo levado a cabo por Cabedo-Mas et al. (2020) con estudantes entre 3º e 5º de Educación Primaria en colaboración con investigadores, músicos profesionais e docentes desta etapa educativa. O proxecto titulado *El nostre barri [O noso barrio]* recolleu información sobre a cultura, as posibilidades institucionais e recreativas da bisbarra e o alumnado elaborou diferentes materiais como composicións musicais, mapas ou documentos escritos (Cabedo-Mas et al., 2020).

[4] https://www.takedinorum.com/21videos



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No ámbito dos videoxogos en Educación Musical inclúese a investigación de Ramos-Ahijado e Botella-Nicolás (2019) na que se pon en práctica un proxecto con alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria que ten como obxectivo iniciar ao alumnado na percepción do folclore a través do videoxogo *El granjero* no que os discentes teñen que resolver distintos retos musicais. Noutra experiencia levada a cabo en 3º de Educación Primaria nun colexio de Ávila relaciónase a música coa saúde e deséñase un videoxogo coa finalidade de que o alumnado sexa consciente da importancia que ten a música na vida dunha persoa e como as pezas musicais poden influír de xeito positivo ou negativo no día a día (Ramos-Ahijado et al., 2017).

Outro dos recursos didácticos moi empregados en Educación Musical é o musicograma que na actualidade ten novas posibilidades didácticas grazas aos encerados dixitais que permiten traballar con musicogramas interactivos (Torres Otero, 2016). Nesta mesma liña, Mañas (2017) na súa tese de doutoramento avalía os resultados de poñer en práctica un programa que consiste na utilización de musicogramas interactivos 3.0 para a realización de audicións musicais e así introducir a gamificación, coa finalidade de que o alumnado aprenda mentres experimenta, goza, desafía as súas propias habilidades e se atopa máis motivado.

En relación coa práctica instrumental da frauta doce, Bravo Fuentes (2021) na súa tese de doutoramento deseña unha aplicación para dispositivos móbiles que, por unha banda, lle permite ao alumnado estudar de forma autónoma e por outra, envíalle ao docente de Educación Musical, de xeito sistematizado e ordenado, todos os datos relevantes das sesións de estudo do alumnado.

Finalmente, Artigues Ribas (2020) puxo en práctica unha experiencia educativa en Educación Primaria na que se empregaban aplicacións para a Educación Musical e *software* que inicialmente non fora concibido con un propósito didáctico como *Audacity, Repar, Guitar Pro, Sibelius,* entre outros; concluíndo que “los alumnos se sienten muy cómodos trabajando aspectos musicales a través de estas herramientas tecnológicas, debido en gran medida al componente lúdico intrínseco al manejo de estos dispositivos” (Artigues Ribas, 2020, p. 1548).



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### e) Recompilación de materiais didácticos musicais

Outro bloque de investigacións con notable presenza é o dedicado a recompilar os materiais didácticos asociados a contidos específicos da Educación Musical ou diversas correntes pedagóxicas como é o caso da Escola de Pedagoxía Musical do Método Ireneu Segarra (Cataluña) que editou gran cantidade de libros de texto escolares e material didáctico específico para implementar este método nas escolas dende a década dos 70 (Gelabert e Motilla, 2020).

Neste eido tamén destaca o artigo de Laure (2019) no que presenta os principios didácticos da pedagoxía Montessori e recompila os materiais didácticos creados no marco desta pedagoxía para que o alumnado aprenda música a través da experiencia sensorial, incluíndo por exemplo as campás ou as barras tonais para a discriminación auditiva.

Outra publicación importante pola gran cantidade de materiais que aglutina é a realizada por Voborná Záleská (2018) na que se recollen os materiais didácticos que empregan 146 docentes de escolas elementais da República Checa, dividindo estes materiais en tres categorías: libros de texto, libros de cancións e outros materiais didácticos.

No contexto brasileiro, Pereira (2020) recompila os principais métodos de Educación Musical e os seus materiais didácticos publicados en Brasil dividíndoos en catro xeracións: tradicional, métodos activos, propostas creativas e enfoques multiculturais: novas tendencias.



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 2.** *Exemplos de libros de Educación Musical publicados no Brasil*




*Nota.* Figura orixinalmente publicada en Pereira (2020). Reproducido con autorización, licencia CC BY NC ND.

No contexto portugués, Carvalho e do Monti (2021) achegan tres libros didácticos para traballar coa infancia e adolescencia a Historia da Música, traducidos do alemán para o portugués.

**Figura 3.** *Libros para traballar a Historia da música en Educación Primaria*




*Nota.* Figura orixinalmente publicada en Carvalho e do Monti (2021). Reproducido con autorización, licencia CC BY NC.

No ámbito dos materiais dixitais de Educación Musical, e en concreto, as aplicacións, son moitas as investigacións que recompilan unha serie de *apps* para os teléfonos móbiles ou outros dispositivos como as *tablets* coas que se poden traballar practicamente a totalidade de elementos que constitúen a Educación Musical na etapa de Educación Primaria (Gorbunova et al., 2019; Gorbunova e Hellene, 2019; Gorbunova e Hiner, 2019). Por citar algúns exemplos, *Absolute Hearing* permite a realización de ditados melódicos e a práctica auditiva de intervalos; con *Vocalist lite* pódese traballar o canto; *Chordbot Lite* axuda na iniciación ao solfexo; a aplicación *GarageBand* funciona coma un estudo de gravación e *Perfect Piano* permite escoitar unha composición mentres se ve a partitura en tempo real (Goncharova e Gorbunova, 2020).

Belmonte (2021), mestre de Educación Musical en Jaén, publica na revista *Eufonía* a súa experiencia durante o confinamento pola Covid-19 creando contidos dixitais entre os que destacan: titoriais en vídeo para a interpretación da frauta doce, xogos rítmicos e de discriminación auditiva, presentacións con diferentes contidos, cuestionarios avaliables, fichas interactivas asociadas aos titoriais en vídeo e retos musicais.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 4.** *Exemplos de materiais didácticos dixitais creados por Belmonte (2021)*




*Nota.* Figura orixinalmente publicada en Belmonte (2021). Reproducida con autorización.

Así mesmo, ademais de recompilar as actividades que deseñou, indicando os recursos necesarios para elaboralas, recolle as principais dificultades coas que se atopou (Belmonte, 2021):

- Falta de recursos dixitais por parte das familias
- Escasa cultura dixital
- Planificación e horarios

Finalmente, ao aludir á recompilación de materiais didácticos tamén se deben mencionar os repositorios, espazos nos que se aglutinan gran cantidade de recursos organizados baixo unha serie de premisas. Neste eido, no artigo de Pereira-Ferreira (2019) inclúense as ligazóns a diferentes repositorios de materiais dixitais musicais no contexto portugués e tamén algunhas conclusións tras a análise dos mesmos como que destacan fundamentalmente as imaxes, sendo escasos os audios, vídeos e xogos que proporcionan situacións de interactividade ou a necesidade de comezar un traballo de colaboración entre os docentes de música para crear novos repositorios, en colaboración con outras institucións, e así aglutinar todos os materiais dixitais de música que existen na actualidade.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### f) Visións do alumnado sobre os materiais didácticos musicais

Ao falar de materiais didácticos é importante coñecer a perspectiva do alumnado posto que, xunto cos docentes, son os principais protagonistas na utilización dos materiais nas clases de música. Neste eido non se atoparon moitas investigacións específicas que avaliasen a percepción do alumnado en relación con esta temática pero si que se pode destacar o traballo de Marín-Liébana e Botella Nicolás (2020) no que conclúen que o repertorio preferido dos estudantes de 5º e 6º de Educación Primaria de centros educativos de Valencia é a música popular urbana, especialmente os estilos de pop, hip-hop e música electrónica cando, precisamente, este repertorio ten unha presenza case nula nos manuais que se empregan nas escolas.

Por outra banda, Romero e Vela (2014) estudan a perspectiva de alumnado e profesorado sobre a utilización de *edublogs* musicais no terceiro ciclo de Educación Primaria mediante a análise da motivación, actitudes e expectativas dos alumnos e alumnas con respecto ao *blog*, concluíndo que os resultados amosan unha alta valoración deste material didáctico dixital.

### g) Uso de materiais didácticos musicais

Gillanders (2011) na súa tese de doutoramento recompila os medios máis utilizados polos docentes de música de Galicia na etapa de Educación Primaria. Non obstante, non hai moitas investigacións similares que amosen un panorama claro de cales son os recursos máis empregados nas aulas xa que os traballos máis recentes adoitan centrarse nunha tipoloxía concreta de material didáctico musical como pode ser o libro de texto, os vídeos, as aplicacións, etc.

Nesta liña, Vicente-Nicolás e Sánchez-Marroquí (2021) realizan un estudo para coñecer a tendencia do uso do libro de texto de música en Educación Primaria entre 2010 e 2021 na Rexión de Murcia, recompilando datos en 2010, 2015 e 2020. Os resultados amosan un descenso importante do libro de texto, case nun 25%, ademais de unha maior presenza deste recurso nos colexios de titularidade privada en



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

comparación cos centros públicos. Así mesmo, con respecto ás editoriais, nestes dez anos percíbense grandes cambios nos materiais dixitais (guía docente ou libro dixital do alumnado) e nos recursos en liña xa que hai unha década eran practicamente inexistentes e na actualidade, catro de cada cinco libros de música inclúen esta tipoloxía de materiais didácticos musicais.

Hwang e Ilari (2019) realizaron un estudo con 21 profesores de música norte-americanos coa finalidade de analizar a frecuencia de uso de vídeos nas aulas de música e as características e tipoloxías dos mesmos, concluíndo que é moi notable a utilización de plataformas dixitais de música dende Infantil ata a Educación Secundaria, afirmando que os vídeos fan que as clases sexan máis ricas e interesantes. Non obstante, resulta sorprendente que a maioría dos mestres participantes no estudo non lle piden ao alumnado que sexan os protagonistas da elaboración de vídeos cando o estudo conclúe que o alumnado parece estar máis interesado cando ven artistas da súa propia idade ou vídeos creados por outros en clase (Hwang e Ilari, 2019).

Nos últimos anos aumentou nas aulas a utilización de *Youtube* e neste senso hai investigacións específicas que analizan o uso deste recurso polos docentes de Educación Musical. É o caso do estudo levado a cabo por Montoya (2021) no que se avalía o grao de utilización da canle do *youtuber* Jaime Altozano, mediante un cuestionario para docentes de Primaria e Secundaria. Montoya (2021) categoriza os vídeos deste *Youtuber* nos seguintes bloques temáticos: bandas sonoras de cine e televisión, teoría musical, música en relación con outras áreas de coñecemento, música de videoxogos, titoriais, entrevistas, vídeos persoais do autor e outros contidos (incluíndo improvisacións ou *covers)* e os resultados manifestan que Jaime Altozano é coñecido e utilizado pola maior parte dos docentes que participaron no estudo á vez que os vídeos que máis se empregan nas clases son os que vinculan a música con outras áreas de coñecemento, tratando así de buscar a interdisciplinariedade (Montoya, 2021).



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## h) Novas metodoloxías e os materiais didácticos musicais

Facendo alusión ás metodoloxías emerxentes dos últimos anos atópase a investigación de Parra-Giménez e Gutiérrez-Porlán (2017) na que implementan unha experiencia de *flipped classroom* na área de Educación Musical de 4º curso de Educación Primaria. Para isto deseñaron un entorno virtual[5] con vídeos e material multimedia (partituras, arquivos de audio, presentacións, quebracabezas interactivos, ligazóns, etc.) que o alumnado tiña que traballar no fogar, proposta que foi moi ben acollida debido a que "el alumnado valora positivamente el uso de materiales multimedia frente al uso del libro de texto, ya que para ellos es más motivador, una manera más lúdica de aprender y, cómo no, acorde con la sociedad actual" (Parra-Giménez e Gutiérrez-Porlán, 2017, p. 13).

A súa vez, outros traballos analizan a presenza da gamificación nas aulas de música de Educación Primaria concluíndo que a pesar de que o xogo goza de gran peso nas programacións de música, a gamificación non está demasiado presente nas aulas, a formación dos docentes neste campo é insuficiente e a falta de tempo dificulta que se poidan poñer en marcha estratexias como esta no día a día (Botella Nicolás e Cabañero Castillo, 2020).

[5] Acceso ao entorno virtual: https://chetiparra.wixsite.com/celebrescompositores

### i) Atención á diversidade e materiais didácticos musicais

Finalmente, na liña temática de atención á diversidade non se atoparon gran cantidade de investigacións que tivesen como eixe fundamental os materiais didácticos de Educación Musical. No ámbito das Altas Capacidades destaca o traballo realizado por Tojeiro (2020) consistente na impartición de obradoiros que vinculan a música e a natureza no marco do programa de enriquecemento extracurricular Ronsel. Esta autora describe nove sesións nas que se propoñen actividades musicais con presenza de materiais didácticos (gravacións, instrumentos musicais, obxectos sonoros, etc.) que xiran sobre os cinco continentes e certos problemas medioambientais como a contaminación, a deforestación, o desxeo, etc.

Por outra banda, Casal de la Fuente (2020) recolle unha serie de consideracións sobre hábitos de hixiene vocal para persoas con diversidade funcional intelectual así como pautas á hora de avaliar o deseño dos materiais didácticos.

En canto á diversidade cultural, López-Pelaez et al. (2020) levaron a cabo un proxecto en Xaén con alumnado de etnia xitana de Educación Primaria no que crearon recursos relacionados coa recompilación de material sonoro, a experimentación sonora e a creación de paisaxes sonoras á vez que pretendían empoderar a estes estudantes cunha actividade artística sonora e visual que foi exposta ao finalizar a iniciativa.

Por último, cómpre recoller que si que existen estudos que analizan os efectos positivos da música, ou de prácticas concretas, en relación coa atención á diversidade mais estas investigacións non se centran nos materiais didácticos. Por citar algún exemplo, Fasano et al. (2019) demostraron que participar en grupos de música, en concreto, nunha orquestra, ten un impacto positivo no control inhibitorio sobre a hiperactividade, a falta de atención e a impulsividade.

## 2.3 PECHE

Chegados a este punto é o momento de poñer fin ao capítulo de antecedentes da investigación no que se pode apreciar que nos últimos

anos están aumentando as publicacións que teñen como temática os materiais didácticos de Educación Musical e, especialmente, aquelas que se centran nos materiais dixitais (aplicacións, vídeos, realidade aumentada, libro de texto dixital, etc.). Asemade, chama a atención a gran cantidade de investigacións que xiran ao redor do libro de texto, fundamentalmente impreso, e que poñen de relevo a presenza de estereotipos de xénero e na representación da diversidade cultural, os erros atopados nas actividades musicais formuladas ou a escasa presenza da música tradicional galega. Así mesmo, obsérvase como hai un conxunto de autores e autoras cunha traxectoria consolidada, no ámbito galego e nacional, que están levando a cabo investigacións novidosas sobre os materiais de Educación Musical.

Non obstante, percíbense como escasos os traballos que, por unha banda, estudan a percepción dos docentes especialistas de Educación Musical e, por outra, as percepcións do alumnado e as súas opinións sobre os materiais didácticos musicais. A súa vez, outro dos campos sen explorar ten que ver coa experimentación destes materiais no día a día das aulas de música, dende unha perspectiva curricular e non unicamente dende o punto de vista do material didáctico en si. Outra das liñas máis deficitarias é a relacionada coa atención á diversidade, sendo necesario desenvolver estudos máis alá da diversidade funcional, xa que nas escolas todo o alumnado é diverso en relación aos seus gustos, intereses, actitudes, aptitudes, etc.

De igual modo, bótanse en falta artigos con revisións bibliográficas pormenorizadas se ben son de gran valor as realizadas a nivel nacional por Gillanders (2020) e Marín-Liébana e Botella-Nicolás (2019) en relación ao libro de texto; de Calderón-Garrido et al. (2019) sobre a tecnoloxía e os materiais dixitais de Educación Musical que recolle as achegas organizadas en etapas educativas ou a nivel internacional por Romanelli (2020).

Para finalizar, cómpre destacar que ao realizar a busca bibliográfica atopáronse gran cantidade de traballos que aludían a outras etapas educativas, principalmente Educación Secundaria e aos Conservatorios, que foron desbotados mais é importante reflectilos neste apartado de peche posto que nas ensinanzas de réxime especial estanse a divulgar moitas publicacións que recollen métodos e técnicas específicas de cada



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

instrumento así como investigacións que analizan a incorporación de recursos dixitais para acompañar a práctica instrumental (véxase por exemplo Echeverría-de Miguel e San Martín-Alonso, 2019; Pascual-Sánchez, 2020; Quiles e Correa, 2014; Sánchez-Bonilla, 2020).

# CAPÍTULO 3. OS MATERIAIS DIDÁCTICOS MUSICAIS NAS POLÍTICAS EDUCATIVAS

## 3.1 INTRODUCIÓN

Neste capítulo do marco teórico preténdese analizar a consideración e a función dos materiais didácticos de Educación Musical no marco das políticas educativas actuais no contexto español e galego para comprender o sentido e o significado dos mesmos no currículo na etapa de Educación Primaria.

A nivel estatal, no momento no que se comezou coa redacción inicial deste capítulo da tese de doutoramento estaba en vixencia o Real Decreto 126/2014, de 28 de febrero, por el que se establece el currículo básico en la Educación Primaria (actualmente derrogado), que dividía a área de Educación Artística en Educación Plástica e Educación Musical. Dentro da Educación Musical establecíanse tres bloques de contidos: o primeiro referido á escoita, o segundo ao desenvolvemento de habilidades relacionadas coa interpretación musical e o terceiro bloque destinado ao desenvolvemento de capacidades expresivas e creativas dende o coñecemento e práctica da danza. No referente aos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe unicamente se facía referencia, no ámbito dos materiais, aos instrumentos musicais (acústicos e electrónicos), aos dispositivos electrónicos e aos medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais ou sonorizar imaxes e representacións dramáticas.

Nos momentos finais de revisión da tese de doutoramento realizouse unha actualización deste capítulo á normativa lexislativa actual tras a entrada en vigor da Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. Deste xeito, analizouse o Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Primaria, que recolle que a etapa de Educación Primaria se organiza en áreas, sendo unha delas Educación Artística que se pode desdobrar en Educación Plástica e Visual, por

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

unha parte, e Música e Danza, por outra. As referencias no currículo aos materiais didácticos musicais na materia de Música e Danza son escasas e xenéricas, recolléndose dentro dos saberes básicos: "as características das súas linguaxes e códigos, os elementos asociados a elas, as técnicas, os materiais, os medios e os soportes empregados, así coma os programas e instrumentos necesarios para a súa execución" (Real Decreto 157/2022, p. 24431). Ao centrarse especificamente nos materiais didácticos de Educación Musical, o currículo nomea os instrumentos musicais (dixitais, non convencionais, cotidiáfonos), os obxectos sonoros, os recursos dixitais, os bancos de imaxes e sons, e as aplicacións informáticas básicas de gravación, edición de audio e edición de partituras.

Máis alá destas pinceladas que aparecen no Real Decreto 157/2022 que como se pode observar son máis precisas que no anterior Real Decreto 126/2014, non existe a nivel estatal un plan ou programa que se encargue da produción e distribución dos materiais didácticos musicais nas escolas, de xeito específico, polo que é necesario realizar esta análise partindo das comunidades autónomas e facendo un percorrido por cada unha delas. Cómpre analizar estas políticas educativas porque deixan ver o papel dos materiais didácticos musicais, que se pretende coa súa utilización, en que material ou materiais recae o peso do currículo, cales son as funcións do docente e mesmo que metodoloxías didácticas propician o uso dun ou doutro material didáctico musical para acadar os obxectivos e competencias establecidos no currículo.

Para dar resposta a todas estas cuestións, neste capítulo realízase, en primeiro lugar, unha análise dos repositorios institucionais das páxinas web das Consellerías de Educación de cada comunidade autónoma, facendo fincapé nos recursos destinados á Educación Musical na etapa de Educación Primaria. Con esta análise preténdese poñer en relevancia os materiais didácticos que se atopan na rede, que poden ser de utilidade para unha gran cantidade de docentes, así como extraer puntos fortes e débiles dos repositorios institucionais que axudan a albiscar a importancia dos materiais didácticos, neste caso, dixitais, nas políticas educativas que levan a cabo en cada comunidade autónoma e como isto exerce influencia sobre a percepción docente.



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En segundo lugar, realízase un rastrexo polos programas de gratuidade de materiais didácticos de cada unha das comunidades autónomas, e en especial, apreciarase como poñen o foco nos libros de texto, tanto en formato impreso como dixital, deixando entrever que se espera da utilización deste material didáctico e baixo que modelo pedagóxico se sustenta o seu uso nas aulas. Ademais, recóllense os requisitos para acceder a estes programas e convocatorias, o modelo de financiamento, que entenden por material didáctico e que tipoloxía inclúen nas diferentes clasificacións que se propoñen.

En terceiro lugar, ponse o foco en Galicia por ser o territorio no que se contextualiza este estudo e analízanse as referencias aos materiais didácticos musicais no decreto do currículo de Educación Primaria nesta comunidade autónoma, así coma o repositorio institucional Abalar e o sistema de gratuidade de libros de texto.

Finalmente, hai que destacar que realizar esta análise tanto dos repositorios institucionais que conteñen materiais didácticos de música como dos programas de gratuidade de material escolar permite facer unha aproximación a como se conceptualiza o papel docente e a percepción dos mestres e mestras, cuestión clave para posteriormente construír o cuestionario e a entrevista.

## 3.2 Os materiais didácticos musicais nas políticas das comunidades autónomas

Nas seguintes páxinas recóllese unha análise por comunidades autónomas tanto dos portais institucionais de recursos educativos de Educación Musical como dos sistemas de gratuidade de material escolar.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### 3.2.1 Andalucía

*Portal institucional de recursos educativos*

A Junta de Andalucía dispón da páxina web[6] eAprendizaje que funciona como un punto de encontro da comunidade educativa no que se comparten recursos para facilitar o proceso de ensinanza. Nesta ligazón poden atoparse 346 materiais destinados á Educación Primaria, dos cales 13 están relacionados coa materia de Educación Musical, destacando varias canles de *Youtube* con actividades de percusión corporal, retos, vídeos, etc. ou páxinas web con contidos multimedia e xogos interactivos para a aprendizaxe da música.

**Figura 5.** *Selección de materiais didácticos musicais do portal eAprendizaje*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://www.juntadeandalucia.es/educacion/eaprendizaje/buscador-recursos/

*Sistema de gratuidade de material escolar*

A comunidade autónoma de Andalucía conta cun programa de gratuidade dos libros de texto regulado pola Orden de 27 de abril de 2005, por la que se regula el programa de gratuidad de los libros de texto dirigido al alumnado que curse enseñanzas obligatorias en los

---

[6] Acceso ao portal eAprendizaje: https://www.juntadeandalucia.es/educacion/eaprendizaje/buscador-recursos/



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

centros docentes sostenidos con fondos públicos. De acordo co Decreto 227/2011, de 5 julio, por el que se regula el depósito, el registro y la supervisión de los libros de texto, así como el procedimiento de selección de los mismos por los centros docentes públicos de Andalucía, o libro de texto é:

> el material curricular destinado a ser utilizado por el alumnado, que desarrolla de forma completa el currículo establecido en la normativa vigente en la Comunidad Autónoma de Andalucía para el área, materia, módulo o ámbito que en cada curso, ciclo o etapa educativa corresponda. (Decreto 227/2011, p. 9).

Deste xeito, o alumnado que decide participar neste programa dispón gratuitamente, en réxime de préstamo, dos libros elixidos polo centro nos cursos de Primaria, Secundaria, Formación Profesional Básica e Educación Especial.

Ademais de libros de texto, na súa Disposición Adicional Cuarta faise referencia aos "materiais curriculares de uso común", recursos en calquera medio ou soporte, de uso compartido polo alumnado e, no seu caso, polo profesorado, que substitúen ao libro de texto (Decreto 227/2011).

Ao mesmo tempo, na Disposición Adicional Quinta contémplase a posibilidade de elección de materiais curriculares de elaboración propia, deseñados por equipos de profesorado ou por outros profesionais da ensinanza, en soporte impreso, audiovisual ou dixital, para o desenvolvemento completo de áreas, materias, módulos ou ámbitos (Decreto 227/2011). Tal e como se recolle nas Instrucciones de 25 de mayo de 2011 de la Dirección General de atención a la diversidad, participación y convivencia escolar sobre el programa de gratuidad de los libros de texto para el curso escolar 2021/2022, a elaboración de materiais curriculares constitúe unha das tarefas que desenvolve o profesorado como complemento e concreción do proxecto educativo, de acordo coa autonomía pedagóxica dos centros.

En 1º e 2º de Educación Primaria en lugar do sistema de préstamo de libros, as familias do alumnado dispoñen de "cheque-libros" cos que poden obter os libros de texto ou os materiais curriculares.

### 3.2.2 Aragón

*Portal institucional de recursos educativos*

A comunidade autónoma de Aragón dispón da web CATEDU[7] (Centro Aragonés de Tecnoloxías para a Educación) na que a través do espazo virtual Facilit@mos a comunidade educativa localiza, ofrece, clasifica e valora recursos educativos. Preséntase unha división por etapas educativas e dentro de cada etapa pódese atopar tanto unha clasificación por materias como por ciclos educativos. Non obstante, entrando na área de Educación Artística unicamente se atopan algúns recursos no terceiro ciclo de Educación Primaria e estes están relacionados coa parte de Educación Plástica, non habendo ningún material didáctico relacionado coa Educación Musical, tal e como se pode apreciar na seguinte captura de pantalla.

Figura 6. *Materiais didácticos musicais do portal Facilit@mos*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de http://facilitamos.catedu.es/primariaeducacionartistica/

[7] Acceso ao Portal CATEDU: https://catedu.es// e ao espazo Facilit@mos: http://facilitamos.catedu.es/

*Sistema de gratuidade de material escolar*

A comunidade de Aragón conta cun sistema de préstamo de libros regulado pola Orden ECD/1535/2018, de 12 de septiembre, por la que se establece el modelo y el sistema de Banco de Libros y otros materiales curriculares para su implantación en los centros docentes sostenidos con fondos públicos que imparten enseñanzas de Educación Primaria y Educación Secundaria Obligatoria de la Comunidad Autónoma de Aragón. Deste modo, o artigo 2 da Orden ECD/1535/2018, especifica que o Banco de Libros inclúe libros de texto, dispositivos e licencias dixitais e material curricular de elaboración propia do equipo docente dos centros educativos, ao mesmo tempo que menciona que non formarán parte do Banco de Libros material complementario e cadernos de exercicios. Para o curso escolar 2022/2023, seguindo a Orden del consejero de educación, cultura y deporte por la que se establece la cuantía de referencia del sistema de banco de libros y se dictan instrucciones para el desarrollo de los procesos de gestión en el curso 2022-2023, poderán solicitar as axudas o alumnado de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial e o importe para a etapa de Educación Primaria será de 160 euros. Así mesmo, determínase que os gastos de xestión serán de 8 euros por usuario na etapa de Educación Primaria e que deberán aportar 20 euros para a renovación de exemplares.

### 3.2.3 Illas Baleares

*Portal institucional de recursos educativos*

A Conselleria Educació i Formació Professional das Illas Baleares conta cunha páxina web de materiais[8] e recursos educativos a disposición dos centros educativos. Este portal está organizado en diferentes apartados como "Materiais en préstamo", "materiais para os centros educativos", "recursos", "capsa sàvia", "recursos dixitais",

[8] Acceso á paxina de recursos das Illas Baleares: https://educarecursos.caib.es/



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

entre outros. Non obstante, dentro de cada apartado os materiais didácticos non están clasificados atendendo a criterios como a etapa, área ou idade polo que resulta complexo identificar aqueles recursos relacionados coa Educación Musical. O único apartado que ten unha distribución por bloques temáticos é "capsa sàvia" de xeito que no destinado á "música" atópase un *symbaloo* que achega 17 recursos dixitais, tal e como se pode ver na seguinte imaxe.

**Figura 7.** *Capsa sàvia de Música*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://www.symbaloo.com/mix/musica-ycdx

En cada un destes recursos dixitais pódese acceder, fundamentalmente, a ligazóns de *Youtube* con vídeos explicando as notas musicais, os instrumentos, etc., ligazóns a *blogs* relacionados coa Educación Musical ou algún xogo interactivo.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Sistema de gratuidade de material escolar*

A financiación de libros de texto e material didáctico nas Illas Baleares para o curso 2022-2023 regúlase pola Resolución de la directora general de Primera Infancia, Innovación y Comunidade Educativa, de día 2 de mayo de 2022. Este programa ten entre as súas finalidades a reutilización de libros de texto e/ou material didáctico, en calquera formato, e a implicación do alumnado no uso dos recursos, que será en préstamo e terán que devolver en perfecto estado ao finalizar o curso escolar.

No anexo 6 desta resolución enuméranse os recursos que forman parte do programa, sendo estes os seguintes:

- Libros de texto e cadernos.
- Libros de consulta (atlas, dicionarios ou libros de lectura de uso colectivo, libros de coñecemento, etc.).
- Material e recursos didácticos, en calquera formato e soporte, que o centro educativo pon a disposición do alumnado para poñer en marcha proxectos innovadores.
- Fotocopias: sempre e cando formen parte do proxecto e non sexan parte complementaria dos libros de texto.
- Recursos dixitais e/ou o acceso aos recursos.

Por último, tamén é importante destacar que esta convocatoria céntrase nos centros educativos, sendo estes os responsables de solicitar a participación neste programa e realizar unha previsión do alumnado que será beneficiario do mesmo.

### 3.2.4 Illas Canarias

*Portal institucional de recursos educativos*

A Consejería de Educación, Universidades, Cultura y Deportes do Goberno de Canarias conta co portal do entorno ecoescuela2.0[9] onde se atopan gran cantidade de recursos para o profesorado, centros educativos, alumnado e familias da comunidade autónoma das Illas

[9] Acceso ao portal ecoescuela2.0: https://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/portal/

Canarias. Neste espazo destaca tanto o apartado de "recursos educativos dixitais" que contén repositorios, mediateca, situacións de aprendizaxe, aulas dixitais, *apps*, titoriais, etc. coma o apartado de "servizos educativos en rede" no que ademais dalgún dos anteriores se pode acceder aos *blogs* de centros, profesorado, proxectos e un espazo NEAE, tal e como se aprecia na seguinte captura.

**Figura 8.** *Organización do portal ecoescuela2.0*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/portal/

O menú principal do "repositorio de recursos dixitais" está organizado por etapas educativas: infantil, primaria, ESO, bacharelato, sen anclaxe curricular, educación de persoas adultas e área, programa, redes vencelladas da Consellería.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dentro da etapa de Educación Primaria pódese realizar unha busca por áreas, atopando en cada unha das áreas os bloques de contidos establecidos no decreto curricular.

**Figura 9.** *Organización do repositorio na área de Educación Artística do portal ecoescuela2.0*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/ecoescuela/recursosdigitales/

En cada un dos tres bloques de contidos está dispoñible o seguinte número de recursos:

- A escoita: 89 recursos.
- A interpretación musical: 84 recursos.
- A música o movemento e a danza: 56 recursos.

Non obstante, hai que ter en conta que un mesmo recurso pode ubicarse en máis de un bloque de contido polo que resulta difícil realizar un reconto da cantidade de materiais didácticos dixitais que se atopan accesibles na área de Educación Musical.

**Figura 10.** *Mostra de materiais didácticos dixitais no bloque "A interpretación musical" en ecoescuela2.0*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/ecoescuela/recursosdigitales/category/02-educacion-primaria/02ear/02ear6/

Finalmente, nestes recursos dixitais de Educación Musical destacan aplicacións (por exemplo: *Mi primer xilófono y piano*), vídeos de *Youtube,* bancos de sons, webs e *blogs* de docentes que comparten os seus materiais e experiencias e xogos interactivos. Tamén é importante matizar que todas as ligazóns se atopan actualizadas e funcionan correctamente, non tendo problemas á hora de acceder aos diferentes recursos, que a miúdo contan cunha breve descrición do mesmo e unha explicación.

*Sistema de gratuidade de material escolar*

A comunidade autónoma das Illas Canarias regula o sistema de préstamo ou adquisición de materiais didácticos pola Orden de 5 de noviembre de 2012, por la que se regula el sistema de préstamo de libros de texto o adquisición de libros de texto y materiales didácticos al

alumnado matriculado en educación básica en centros sostenidos con fondos públicos, priorizando o acceso a estes materiais ás familias con menos recursos para tratar de compensar as situacións socioeconómicas máis desfavorables.

Deste xeito, o alumnado matriculado na educación básica pode participar neste programa mediante a adquisición de materiais didácticos (1º e 2º de Educación Primaria) ou mediante o préstamo de libros de texto (de 3º a 6º de Educación Primaria e na Educación Secundaria Obrigatoria), sempre e cando a renda familiar non supere unha cantidade.

Así mesmo, nun documento de "preguntas frecuentes"[10] colgado na páxina web da Consejería de Educación, Universidades, Cultura y Deportes do Goberno de Canarias recóllense as diferentes modalidades de participación:

- **Modalidade libro:** material impreso de carácter duradeiro, destinado a ser empregado polo alumnado e que desenvolva os contidos establecidos pola normativa académica vixente para a área ou materia do ciclo, curso ou nivel que en cada caso se trate.
- **Modalidade tecnolóxico:** libro electrónico (versión electrónica ou dixital dun libro), tablet, outros soportes dixitais (exemplo *Chromebook).*
- **Modalidade material non reutilizable** que inclúe:
    - *Materiais didácticos:* elementos pedagóxicos elaborados con obxecto de promover determinadas estratexias metodolóxicas que contribúan a facer efectivo o proceso de ensinanza e aprendizaxe (materiais para a psicomotricidade, de apoio curricular, de lecto-escritura, guías didácticas, fichas de traballo, cadernos, etc.).
    - *Materiais curriculares:* os de elaboración propia, deseñados polos equipos de docentes ou por outros profesionais da ensinanza, en soporte impreso,

[10] Acceso ao documento na seguinte ligazón: https://www.gobiernodecanarias.org/cmsweb/export/sites/educacion/web/familias/_descargas/ayuda-libros/curso22-23/preguntas-frecuentes-ayuda-libros-texto-22-23.pdf

audiovisual ou dixital, para o desenvolvemento de unidades didácticas dirixidas ao alumnado.

Por último, aclárase que non están incluídos na axuda os recursos didácticos, é dicir, os soportes físicos que serven de mecanismos auxiliares para facilitar e procesar os elementos de ensinanza como material escolar, material de laboratorio, de Educación Física ou de Música.

### 3.2.5 Cantabria

*Portal institucional de recursos educativos*

A comunidade autónoma de Cantabria non conta na súa páxina web cun banco de recursos educativos abertos ao que poidan acceder os docentes para a busca e selección de materiais didácticos relacionados coa Educación Musical ou con outras materias do currículo da etapa de Educación Primaria.

*Sistema de gratuidade de material escolar*

Na comunidade autónoma de Cantabria a financiación dos libros de texto e materiais curriculares ata o curso 2015/2016 regulábase mediante a concesión de axudas para a adquisición dos mesmos e, posteriormente, no ano 2016 creouse un Banco de Recursos Educativos. Este Banco regúlase pola Aprobación definitiva del Reglamento a aplicar al Plan de Gratuidad de Libros de Texto (Expediente 2020/746) no que se establece que para poder participar o alumnado de Primaria deberá ingresar a cantidade económica de 40 euros e a principio de curso retiran o material que lle corresponda. En comparación coas demais comunidades autónomas, o Banco de Recursos Educativos engloba un concepto máis amplo xa que non se restrinxe unicamente a libros de texto e materiais elaborados polos docentes senón que poden integrarse "conjunto de libros, materiales educativos, recursos digitales y/o el acceso a los mismos, o y otros recursos curriculares que el centro educativo pone a disposición del alumnado" (Gobierno de Cantabria, s.f., p. 6). Tamén poden incluírse dispositivos electrónicos de uso individual se a metodoloxía e a organización é coherente co recurso que



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

se vaia a empregar. Así mesmo, se o centro substituíu os libros de texto por fichas de traballo ou outro material de elaboración propia que se entrega mediante fotocopias igualmente pode formar parte do Banco de Recursos.

### 3.2.6 Castela-A Mancha

*Portal institucional de recursos educativos*

Dentro do Portal de Educación de Castela-A Mancha[11] hai dous apartados relativos aos materiais didácticos: “recursos digitales del Centro Rural” e “recursos educativos”. Non obstante, estas páxinas non dispoñen das ferramentas necesarias para realizar unha busca por temática que permita localizar os materiais de música. Por poñer un exemplo, os “recursos educativos” divídense en: certame de materiais curriculares, recursos educativos, recursos para a igualdade e convivencia, recursos en centros, dicionarios na rede, banco de recursos multimedia, cursos, recursos para a lectura, recursos para a diversidade do alumnado e viaxes escolares por Castela-A Mancha. Así mesmo, dentro de cada un destes apartados non hai buscadores para a localización dos recursos.

[11] Acceso ao Portal de Educación de Castela-A Mancha: https://www.educa.jccm.es/recursos/es?locale=es_ES



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 11.** *Clasificación de recursos educativos no portal de educación de Castela-A Mancha*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://www.educa.jccm.es/recursos/es/recursos-educativos

## *Sistema de gratuidade de material escolar*

A comunidade autónoma de Castela-A Mancha regula a concesión directa de axudas, consistentes no uso de libros de texto polo alumnado de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria pola Resolución de 21/06/2022, de la Consejería de Educación, Cultura y Deportes. O obxectivo é financiar o uso de libros de texto en calquera dos seus formatos en réxime de préstamo para estas ensinanzas anteriormente mencionadas. Ao igual que outras comunidades autónomas, establécese como requisito unha renda mínima e tamén se establecen dous tramos xa que en función dos ingresos recibirán un maior ou menor importe de axuda. En relación ao tipo de material, tanto no Decreto 20/2018, de 10 de abril, que regula la concesión directa de ayudas consistentes en el uso de libros de texto por el alumnado de Educación Primaria y Secundaria Obligatoria como nas diferentes Resolucións e Instrucións

que se publican cada curso escolar, unicamente se mencionan os libros de texto en calquera formato, non contemplando outra tipoloxía de materiais didácticos ou os recursos de elaboración propia por parte dos docentes.

### 3.2.7 Castela e León

*Portal institucional de recursos educativos*

A Xunta de Castela e León conta cun centro de recursos *online* (CROL)[12] no que se aglutinan gran cantidade de materiais didácticos organizados curricularmente e por temáticas diferenciadas de xeito que se pode executar a busca seguindo os seguintes criterios: unidades didácticas, curricular, encerado dixital, material multimedia, espazos web, capacitación docente, educación inclusiva e experiencias didácticas e innovadoras, tal e como se aprecia na seguinte captura.

[12] Acceso ao portal da Xunta de Castela e León: https://www.educa.jcyl.es/crol/es



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 12.** *Vista xeral do centro de recursos en liña CROL*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://www.educa.jcyl.es/crol/es

A busca, empregando como filtros "busca curricular", "primaria" e "educación artística: música", achega un total de 53 recursos educativos para traballar nesta etapa entre os que destacan páxinas web, xogos interactivos, guías didácticas, actividades con *Scratch*, vídeos, bibliotecas virtuais, etc.

Na seguinte imaxe recóllense algúns exemplos dos materiais didácticos que están subidos neste repositorio para 4º de Educación Primaria na área de Educación Musical.

**Figura 13.** *Exemplos de materiais dixitais de Educación Musical para 4º de Educación Primaria no portal CROL*




*Nota*. Captura de pantalla extraída de https://n9.cl/q368l

Ademais, na páxina principal do centro de recursos aparecen os últimos recursos publicados e os máis valorados, resultando curioso que os 5 recursos máis valorados que se recollen son todos vinculados coa música, tal e como se pode apreciar na seguinte figura.

**Figura 14.** *Recursos máis valorados no portal CROL*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://www.educa.jcyl.es/es/webs-tematicas/crol-centro-recursos-on-line

*Sistema de gratuidade de material escolar*

A comunidade autónoma de Castela e León convoca o programa de gratuidade de libros de texto "RELEO PLUS" regulado pola Orden EDU/54/2022, de 25 de enero, que establece a concesión directa de axudas ao alumnado de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria que non supere un nivel de renda determinado. Este alumnado recibe ou ben os libros de texto do Banco de libros ou, no caso de que no Banco de libros non haxa os requiridos, unha axuda monetaria polo importe dos libros necesarios. Se unha vez outorgadas estas axudas continúa existindo libros e material curricular, poden beneficiarse das mesmas outro alumnado que non cumpre o nivel de renda mínimo solicitado. En canto ao material subvencionable, apréciase algunha novidade con respecto a outras comunidades autónomas xa que tamén se inclúen cadernos de actividades, posto que o artigo terceiro establece que se consideran libros de texto subvencionables os seguintes:

> los libros impresos o en soporte digital que los centros docentes (...) hayan seleccionado para ser utilizados por el alumnado en el curso escolar 2022/2023, así como los materiales asociados a dichos libros de texto, tales como cuadernillos de actividades y licencias digitales (Orden EDU/54/2022, p. 4723).

Non obstante, especifícase que non serán subvencionables os materiais curriculares que sirvan de complemento ou apoio en cada curso escolar, como poden ser os libros de lectura, atlas, mapas ou dicionarios.

### 3.2.8 Cataluña

*Portal institucional de recursos educativos*

O portal de Educación de Cataluña, Xarxa Telemàtica Educativa de Catalunya (XTEC), conta cun apartado de recursos[13] que está organizado por materias e temáticas (actividades de autoaprendizaxe, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Cultura Clásica, diversidade e NEE, Economía, Educación Física, entre moitas outras). O recuncho destinado á Educación Musical a súa vez divídese en: audición; canción, danza, interpretacións; creación; Historia da Música; lugares de interese e repositorio. Neste espazo non se pode facer unha busca por etapa educativa polo que todos os recursos que se atopan dentro da categoría “música” están destinados a diferentes niveis, malia non especificarse con ningunha etiqueta nin na descrición dos propios materiais didácticos.

Deste xeito, hai dispoñibles 5 recursos vencellados coa “audición”, tal e como se recolle na seguinte imaxe, entre os que destacan páxinas web e entradas de *blogs* nas que se propoñen actividades relacionadas coa educación auditiva.

[13] Acceso ao portal Xarxa Telemàtica Educativa de Catalunya: https://xtec.gencat.cat/ca/recursos/

**Figura 15.** *Recursos relacionados coa Audición Musical do portal XTEC*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://xtec.gencat.cat/ca/recursos/musica/audicio/

No apartado de "Cancións, danza, interpretacións" hai subidos 4 recursos que son coleccións de partituras, web con información sobre cancións, un *blog* de música e un espazo virtual que aglutina a música e a literatura. "Creación" contén 5 recursos entre os que destaca unha páxina web cunha recompilación de aplicacións nas que podes compoñer, facer audicións musicais, realizar exercicios de oído, de composición, etc. "Historia da música" inclúe 4 materiais como un glosario de palabras relacionadas con esta temática, un vídeo sobre a música na Grecia Antiga ou un vídeo de *Youtube* que fai unha viaxe pola Historia da Música con imaxes. Dentro de "Lugares de interés" recóllense as ligazóns de asociacións vencelladas coa música, documentos co currículo de Educación Artística nas diferentes etapas do sistema educativo e unha listaxe de páxinas con información. Finalmente, en "Repositorios" proporcionan ligazóns de *Webquests* de primaria, secundaria, proxectos, materiais para a PDI, cursos de



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*moodle*, etc. que non están vinculados coa música senón que son de carácter xeral.

*Sistema de gratuidade de material escolar*

En Cataluña non existen bancos de libros de texto ou axudas específicas para adquirir material escolar, de modo que unicamente se convocan axudas para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Non obstante, é importante destacar que, sen apoio institucional, en moitos casos son as asociacións de familias as que xestionan os bancos de libros baixo o nome "socialización de libros" e co apoio dos centros educativos.

### 3.2.9 Comunidade de Madrid

*Portal institucional de recursos educativos*

A Comunidade de Madrid dispón do espazo web EducaMadrid[14] que se organiza en:

- **Servizos educativos:** conta con webs de centros e espazos colaborativos; aulas virtuais con recursos, actividades e exames; mediateca de vídeos, audios, imaxes, deseños 3D; *cloud* para almacenamento de arquivos e edición colaborativa; creación de formularios para recollida de datos; xerador de boletíns, etc.
- **Espazos de formación:** dispón de formación en liña, curso de formación en formato MOOC para a comunidade educativa, aula virtual específica para FP a distancia, FP dual, infopitágoras con reforzo educativo para a atención á diversidade, robótica, STEMadrid e innovación e formación do profesorado.
- **Comunidades virtuais:** que inclúe revista dixital de actualidade educativa, recursos TIC, comunidade bilingüe, xestión de bibliotecas escolares, educaSAAC, programa para

[14] Acceso ao portal EducaMadrid: https://www.educa2.madrid.org/educamadrid/#servicios-educativos



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

alumnado con altas capacidades, un acceso libre de barreiras para o ordenador e un espazo para a biodiversidade animal.

- **Espazos institucionais:** conta cun directorio de páxinas web das Direccións de Área Territorial, delegación de Protección de Datos, Consello Escolar, Practicum, buscador de centros, xestión de títulos académicos non universitarios e datos e cifras da educación.

Trátase dun dos portais institucionais máis completos, sinxelos de usar e actualizados de todos os analizados, atopando como único inconveniente que para poder acceder a moitos recursos, por exemplo, ao repositorio de cursos que contén gran cantidade de actividades e materiais didácticos, é necesario dispoñer das credenciais de docente. Por este motivo non se puideron visualizar os recursos dispoñibles relacionados coa Educación Musical.

*Sistema de gratuidade de material escolar*

Na Comunidade Autónoma de Madrid o sistema de préstamo dos libros de texto e material curricular organízase a través do Programa ACCEDE e regúlase pola Ley 7/2017, de 27 de junio, de Gratuidad de los Libros de Texto y el Material Curricular de la Comunidad de Madrid e o Decreto 168/2018, de 11 de diciembre de 2018, del Consejo de Gobierno por el que se aprueba el reglamento del Programa Accede. Os destinatarios deste programa son os alumnos e alumnas que cursan Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial que poderán acceder aos bancos de libros de texto e material curricular dos centros docentes.

Ao igual que noutras comunidades autónomas recóllese a posibilidade dos centros educativos de optar por utilizar materiais de elaboración propia en substitución dos libros de texto ou pola contra empregar materiais curriculares comercializados, tanto en soporte impreso, audiovisual ou dixital. Todos estes libros de texto e material curricular devólvense a final de curso a excepción do alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria, o alumnado con necesidades educativas especiais, o alumnado con materias pendentes, os materiais curriculares de elaboración propia que se realicen cada curso escolar ou naqueles



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cursos nos que haxa que renovar os libros de texto e non se poidan seguir empregando.

Finalmente é importante destacar que non se establecen niveis de renda para poder participar no programa ACCEDE polo que poderán beneficiarse dos libros de texto e material curricular gratuítos todo o alumnado matriculado nas etapas educativas que se contemplan.

### 3.2.10 Comunidade Foral de Navarra

*Portal institucional de recursos educativos*

O Departamento de Educación da Comunidade Foral de Navarra non dispón de ningún repositorio institucional de materiais didácticos, de xeito que os centros que elaboran materiais dixitais teñen que buscar outras vías para que se poidan compartir entre os docentes.

*Sistema de gratuidade de material escolar*

A Comunidade Foral de Navarra regula o Programa de Gratuidade de Libros de Texto polo Decreto Foral 61/2010, de 27 de septiembre, por el que se aprueba el reglamento de desarrollo de la Ley Foral 6/2008, de 25 de marzo de financiación del libro de texto para la enseñanza básica, destinado para alumnado de Educación Primaria, Educación Secundaria y Ciclos Formativos de Grado Básico. Deste modo, o alumnado destinatario dispón gratuitamente, en réxime de préstamo, dos libros de texto que elixa o centro para as ensinanzas que estea cursando, independentemente do nivel de renda familiar. Así mesmo, tamén se pode optar por materiais curriculares de uso común ou de elaboración propia, sempre que persigan os obxectivos previstos no proxecto educativo, o proxecto curricular e a programación de ciclo ou aula. Finalmente, cómpre destacar que o alumnado con necesidades educativas especiais recibirá unha dotación fixa que deberá destinar á dotación do material necesario.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### 3.2.11 Comunidade Valenciana

*Portal institucional de recursos educativos*

A Consellería de Educación, Cultura e Deporte da Generalitat Valenciana conta co portal Mestreacasa[15] que dispón dun repositorio de recursos educativos. Non obstante, esta dirección web pechará en decembro do ano 2022 trasladándose progresivamente todo o contido a un novo portal[16]. O menú de navegación do apartado de recursos educativos atópase dividido en cada unha das etapas educativas (Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos) e dentro destas por ciclos, cursos e áreas. Ao facer unha busca dos materiais dixitais de Educación Artística aparece un total de 100 recursos que están repetidos nos seis cursos da Educación Primaria. Case a totalidade destes materiais son cancións tradicionais valencianas acompañadas de ficheiros en pdf coas partituras e arquivos de mp3 cos audios e os karaokes, a excepción dun xogo interactivo musical para aprender as notas musicais e relacionalas co seu son ou obxectos de aprendizaxe que permiten identificar sons. Tal e como pode observarse na seguinte imaxe, o deseño é pouco atractivo (Santana et al., 2017).

[15] Acceso ao portal Mestreacasa: https://mestreacasa.gva.es/web/guest/inicio
[16] Novo portal da Comunidade Valenciana: https://portal.edu.gva.es/portal/va/principal/



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 16.** *Exemplo de materiais dixitais asociados ás cancións tradicionais valencianas*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://n9.cl/wcv28

### *Sistema de gratuidade de material escolar*

A Comunidade Valenciana dispón do Programa *Xarxa de Llibres de Text* que regula a creación de bancos de libros de texto e material curricular na Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria, a Formación Profesional Básica e a Educación Especial, en centros públicos e concertados da Comunitat Valenciana. Así mesmo, no artigo 6 da Orden 26/2016, de 13 de junio, de la Consellería de Educación, Investigación, Cultura y Deporte, por la que se regula el programa de reutilización, reposición y renovación de libros de texto y material curricular (...), especifícase que formarán parte do programa os libros de texto en papel, os libros de texto dixitais, o material curricular e os materiais curriculares de elaboración propia, mentres que pola contra non formarán parte do banco de recursos os materiais didácticos que non poden reutilizarse.

Deste xeito, o goberno outorga financiación aos colexios para que compren o material e os libros de texto e posteriormente os adquiran e distribúan (a excepción de 1º e 2º de Educación Primaria que se xera un



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cheque-libro para mercar o material). Ao final de curso o alumnado debe devolver os libros ao centro en perfecto estado.

### 3.2.12 Estremadura

*Portal institucional de recursos educativos*

No portal da Junta de Estremadura dedicado a educación, EducarEx[17], hai un apartado de "recunchos didácticos" que son portais web que serven de lugar de encontro dos docentes das distintas materias nos que poden atopar información e recursos para apoiar o seu labor profesional. Nesta páxina web establécense os seguintes recunchos didácticos:

**Figura 17.** *Organización dos recunchos didácticos no portal da Xunta de Estremadura*




*Nota*. Captura de pantalla extraída de https://www.educarex.es/edutecnologias/recursos.html

[17] Accceso ao portal EducarEx: https://www.educarex.es/edutecnologias/recursos.html



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Non obstante, ao acceder ao "Recuncho didáctico Primaria" e realizar unha busca por área, indicando "Artística", non se atopa ningún material didáctico.

*Sistema de gratuidade de material escolar*

A comunidade autónoma de Estremadura regula mediante o Decreto 49/2022, de 10 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley 3/2020, de 29 de octubre, o sistema de préstamo de libros de texto e material escolar que abarca a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e a Educación Especial.

No artigo 4 deste Decreto 49/2022, recóllense as definicións de libros de texto, material escolar, material didáctico e material curricular que se expoñen a continuación:

- **Libro de texto:** material de carácter duradeiro e autosuficiente, destinado a ser utilizado polo alumnado, e que desenvolve, atendendo ás orientacións metodolóxicas e criterios de avaliación correspondentes, os contidos establecidos pola normativa académica vixente na comunidade autónoma de Estremadura para a área ou materia e o ciclo ou curso que en cada caso se trate. O libro de texto poderá estar editado en formato impreso ou dixital.
- **Material escolar:** aqueles recursos de carácter funxible necesarios para a adquisición de aprendizaxes curriculares relacionados coas diferentes áreas ou materias do currículo, así coma o material non funxible de uso colectivo (para alumnado con NEAE e 1º e 2º de Educación Primaria).
- **Material didáctico:** aqueles recursos e materiais (en calquera tipo de soporte ou formato) que sirvan de apoio ao docente para o desenvolvemento de procesos de ensinanza e aprendizaxe, achegando ao alumnado información e/ou retroalimentación, e ao profesorado apoio no desenvolvemento, formulación e avaliación das actividades da aula.
- **Material curricular:** aqueles recursos e materiais (en soporte impreso e dixital) para o uso polo alumnado e profesorado elaborados por docentes ou por outros profesionais da



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

educación que estean aliñados ao desenvolvemento completo ou parcial do currículo.

Así mesmo, o artigo 5 do Decreto 49/2022 está dedicado aos recursos educativos abertos e recolle a necesidade de impulsar a elaboración deste tipo de recursos e a súa aplicación na aula, empregándoos como complemento dos libros de texto e material escolar.

Para os cursos de 1º e 2º de Educación Primaria, dadas as características dos libros de texto, entregaráselle a cada familia o bono-libro/cheque-libro.

Finalmente tamén hai que destacar que para a determinación do alumnado usuario de libros de texto e material escolar e didáctico utilizaranse os criterios de pertencer a familia numerosa e pertencer a familias cuxa renta non superen os parámetros establecidos, tal e como se recolle no artigo 4 da Orden de 3 de junio de 2022 por la que se regula el libramiento de fondos para la dotación de libros de texto y de material escolar y didáctico a los centros públicos de la Comunidad Autónoma de Extremadura.

### 3.2.13 País Vasco

*Portal institucional de recursos educativos*

O País Vasco conta co repositorio institucional Amarauna[18] que contén materiais didácticos dixitais dende Educación Infantil ata Bacharelato, Formación Profesional, Educación de adultos, etc. e no momento de revisión do mesmo dispoñía de máis de 5.600 recursos. Está organizado por materias, niveis educativos, idioma, tipo de recurso, coleccións educativas, categorías e autores, podendo aplicar diversos filtros para localizar os materiais didácticos. Na busca empregando como criterios "Educación Primaria" e "Artes escénicas, música e danza" atópanse un total de 78 materiais didácticos dixitais, publicados entre o ano 2016 e o 2022.

[18] Acceso ao portal Amarauna: https://ikasnova.digital/w/amarauna



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 18.** *Exemplos de materiais didácticos musicais no portal Amarauna*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://n9.cl/88p9k

A gran maioría dos materiais didácticos musicais están en euskera e destacan as actividades interactivas e as páxinas webs. O portal presenta un deseño visual moi atractivo e un funcionamento sinxelo e intuitivo. Así mesmo, destaca pola gran cantidade de material que alberga e pola súa actualización, xa que no mesmo mes de realización da busca había contidos que se acababan de subir días antes.

### *Sistema de gratuidade de material escolar*

O País Vasco conta cun Programa de apoio de materiais didácticos e recursos de desenvolvemento curricular que, para este curso 2022-2023 se regula pola Resolución de 21 de junio de 2022, de la



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Viceconsejera de Educación e está destinado a alumnado de Educación Primaria e 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria en centros públicos da comunidade autónoma de Euskadi.

Esta iniciativa pretende promover a elaboración e uso crecente de materiais dixitais, impulsando así mesmo a presenza do euskera nos contidos dixitais e plataformas educativas. Non obstante, forman parte do programa materiais didácticos e recursos tanto impresos como en soporte dixital. En relación á contía, o alumnado de Primaria recibirá 100 euros e os materiais serán propiedade da Administración educativa, de xeito que unha vez concluído o curso escolar permanecerán no centro docente para avaliar o seu grao de conservación e a súa posterior reutilización. Finalmente, tamén é importante destacar que, a diferenza doutras comunidades autónomas, na Resolución non se recolle a palabra "libro de texto" e continuamente se alude a "material didáctico" ou "recursos de desenvolvemento curricular".

### 3.2.14 Principado de Asturias

*Portal institucional de recursos educativos*

Educastur[19] é a páxina web da Consejería de Educación del Principado de Asturias que conta cun apartado de recursos no que se pode realizar unha busca filtrando por contido, etiqueta, categorías ou data de publicación. Non obstante, a busca coas etiquetas "primaria" e "música" unicamente ofrece 17 resultados que se corresponden con entradas de capítulos da televisión "Educastur" que durante a suspensión da actividade lectiva presencial polo estado de alarma provocado pola Covid-19, ofrecía contidos ao alumnado. Estes capítulos televisivos contan cuns minutos dedicados á música nos que destacan as seguintes actividades:

- Elaboración de instrumentos
- A voz como instrumento
- Creación de historias. Música

[19] Acceso ao portal Educastur: https://alojaweb.educastur.es/web/abierto4x7



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Conto musicado
- Frauta doce
- De menú... ¡Rossini!
- Baqueteando

**Figura 19.** *Exemplo de material didáctico musical no repositorio Educastur*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://alojaweb.educastur.es/web/abierto24x7/-/educastur-tv-capitulo-14-emitido-el-lunes-27-de-abril-de-20-1?inheritRedirect=true

Tal e como se pode apreciar na seguinte imaxe, os capítulos emitidos durante o confinamento trataban diferentes temáticas como a tecnoloxía, a psicomotricidade ou a música.

**Figura 20.** *Estrutura dun capítulo de Educastur TV*

## Educastur TV. Capítulo 16. 29-04-2020

- **PSICOMOTRICIDAD FINA.** Materiales

  INFANTIL. De 3 a 6 años.
  Susana de Íscar Martínez. CP L'Ablanu (Infiesto)

- **EL VIOLONCHELO.** Música

  PRIMARIA. De 6 a 12 años.
  David Muñiz. CRA Viella (Siero)

- **INSTRUMENTOS CASEROS.** Música

  PRIMARIA. De 6 a 12 años.
  Arancha Fernández. CP Severo Ochoa (Gijón)
  Graciela Peña. CP Clarín (Gijón)

- **PALANCAS.** Tecnología

  ESO. De 12 A 16 años.
  Rosa Ana Álvarez. IES Jerónimo González (Langreo)

*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://alojaweb.educastur.es/web/abierto24x7/-/educastur-tv-capitulo-14-emitido-el-lunes-27-de-abril-de-20-1?inheritRedirect=true

### *Sistema de gratuidade de material escolar*

O Principado de Asturias conta cunha convocatoria anual para o uso, en réxime de préstamo, de libros de texto que se regula pola Resolución de 1 de junio de 2016, de la Consejería de Educación y Cultura, por la que se aprueban las bases reguladoras de la concesión de subvenciones para el uso, en régimen de préstamo, de libros de texto. Esta resolución establece como requisitos para que o alumnado de Educación Primaria se poida beneficiar do banco de libros que non sexan repetidores do curso no que se matriculan e que a unidade familiar do alumnado non supere os niveis de renda que se fixan nas convocatorias. Ao igual que se veu nas comunidades autónomas comentadas ata o momento, formarán parte do Banco os libros de texto



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

impresos, dixitais e o material curricular de elaboración propia no caso dos centros que non empreguen libros de texto.

### 3.2.15 Rexión de Murcia

*Portal institucional de recursos educativos*

A Rexión de Murcia conta co portal Educarm[20] destinado a Educación e nesta páxina hai un apartado de recursos organizado nas diferentes ensinanzas que se imparten: infantil e primaria; secundaria e bacharelato; FP; artes, idiomas e deportes; universidades e educación para adultos. Dentro da etapa de Educación Primaria pódese realizar unha busca dos recursos seguindo a división por materias, de xeito que Educación Artística se divide en: ligazóns, galería multimedia, materiais e software.

**Figura 21.** *Organización do repositorio de recursos de Educarm (Rexión de Murcia)*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de http://www.educarm.es/recursos-primaria

Ao facer a busca seguindo o criterio de materia, a propia páxina non proporciona o número total de materiais, polo que hai que facer o reconto de xeito manual. Comezando polas ligazóns, neste portal hai un total de 35 direccións que dirixen a páxinas web relacionadas coa Educación Artística, das cales 15 están vencelladas coa Música como

[20] Acceso ao portal Educarm: http://www.educarm.es/recursos-primaria

pode ser o portal da *Revista LEEME*, web dedicada a Wolfgang Amadeus Mozart, Vertedero sonoro onde se proporcionan ideas para construír instrumentos musicais, Música Educa que contén gran variedade de actividades relacionadas cos sons e coa música, etc. Non obstante, tamén é importante destacar que a páxina se atopa bastante desactualizada xa que todas as ligazóns foron cargadas entre o ano 2003 e o ano 2008.

**Figura 22.** *Exemplos de materiais didácticos musicais en Educarm e data de actualización*


Ensayo de flauta

Página creada por Antonio Jerez, del IES Ben Gabirol de Málaga, ofrece un gran número de recursos para la enseñanza de la música a través de la flauta. Destaca el método de aprendizaje y la colección de partituras con sus digitaciones.

25/07/2003 13:41:54

Guitarra.net

Web con información y recursos sobre la guitarra y otros instrumentos. Destaca su galería de acordes, así como los diferentes cursos que ofrece.

25/07/2003 13:41:12

Uso educativo de la informática musical

Página creada por Cristina Fuertes que aborda el uso educativo de la informática musical. Es un recurso de gran ayuda para los especialistas en música con recomendaciones sobre programas, metodologías, diseño de actividades, etc.

25/07/2003 13:40:27

Biblioteca Virtual de Educación Musical

Portal sobre la educación musical creado por BIVEM. En él aparecen contenidos y enlaces muy buenos sobre los diferentes campos de la educación musical. Lenguaje Musical, Danzas, Expresión, ... Y todos de gran calidad y utilidad.

*Nota.* Captura de pantalla extraída de http://www.educarm.es/recursos-primaria

En canto á galería multimedia, nela hai unicamente 3 recursos relacionados coa Educación Musical mais ao acceder a eles non se atopa ningunha páxina.

**Figura 23.** *Apartado de "galería multimedia" de Educarm (Rexión de Murcia)*




*Nota*. Captura de pantalla extraída de http://www.educarm.es/recursos-primaria

No apartado de materiais unicamente hai dous relacionados coa música: a referencia dun CD-ROM cunha proposta de bailes populares do mundo para Educación Primaria e "Goya y Beethoven, dos sordos

geniales" que conta a experiencia dun proxecto levado a cabo en Infantil e Primaria ao que tampouco se pode acceder por dar erro a ligazón.

Finalmente, no último apartado, *software,* só hai unha proposta vencellada coa música: Baile! v.1.5, xogo que consiste en seleccionar unha personaxe e facela bailar ao ritmo da música movendo o punteiro do rato, pero novamente dirixe a un sitio que non se atopa na rede.

*Sistema de gratuidade de material escolar*

A comunidade da Rexión de Murcia dispón dun programa de gratuidade de Libros de Texto destinado a alumnado de 3º a 6º de Educación, de 1º e 2º da ESO, Ciclos formativos de grao básico e Educación Especial. Na Resolución de 9 de mayo de 2022 de la Dirección General de Centros Educativos e Infraestructuras por la que se dictan instrucciones dirigidas a los centros sostenidos con fondos públicos sobre el programa de gratuidad de libros de texto para el curso escolar 2022-2023 defínese o libro de texto como:

> el material curricular duradero destinado a ser utilizado por el alumnado y que desarrolla de forma completa el currículo establecido en la normativa vigente en la Comunidad Autónoma de la Región de Murcia para cada área, materia, módulo o ámbito que en cada curso, tramo o etapa educativa corrresponda (p. 14780).

Ao igual que noutras comunidades autónomas nesta Resolución de 9 de maio de 2022 tamén se inclúen os materiais curriculares de elaboración propia xa que "es una de las tareas que desarrolla el profesorado como complemento y concreción última del proyecto educativo elaborado por los centros, de acuerdo con la autonomía pedagógica de los mismos" (Resolución de 9 de mayo de 2022, p. 14780). Ademais, como novidade con respecto a outros territorios analizados anteriormente, recóllese que estes materiais teñen que estar accesibles no portal educativo educarm.es e establécese unha contía por curso tanto para os materiais de elaboración propia como para os cheque-libros que na Educación Primaria se sitúa nos 170 euros como máximo.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Así mesmo, o alumnado con necesidades educativas especiais que utilice un material diferente do libro de texto e que non poida ser reutilizable pode acceder a unha dotación anual.

### 3.2.16 A Rioxa

*Portal institucional de recursos educativos*

A comunidade autónoma de A Rioxa dispón de *Educere*[21], un Portal de Recursos Educativos que lle permite aos docentes acceder de forma sinxela a recursos educativos de apoio. Este espazo web está dividido por "materias", "niveis" e "actividades". Deste xeito, entrando en "artes escénicas, música e danza" pódese acceder a diferentes recursos de Educación Musical como Webquest, titoriais, unidades didácticas, blogs de música, videoxogos, etc. Para a etapa de Educación Primaria hai un total de 15 recursos relacionados coa materia de música.

[21] Acceso ao portal Educere: https://educere.larioja.org/



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 24.** *Exemplos de materiais didácticos musicais do portal Educere*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://n9.cl/9xo6v

## *Sistema de gratuidade de material escolar*

A comunidade autónoma de A Rioxa conta cun programa de gratuidade de material didáctico regulado pola Ley 5/2018, de gratuidad de libros de texto y material curricular. Este programa funciona baixo un sistema de préstamo mediante o cal se lle facilita ao alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria libros de texto das diferentes áreas que ao final de curso deben devolver en perfecto estado. Así mesmo, neste documento lexislativo defínese o libro de texto, que poderá estar editado en formato impreso ou dixital, como:

> material de carácter duradero y autosuficiente destinado a ser utilizado por el alumnado y que desarrolle de forma completa el currículo establecido por la normativa aplicable para cada área, materia, módulo o ámbito que en cada curso, ciclo o etapa educativa corresponda (Ley 5/2018, p. 108294).

Por outra banda, no tocante ao material curricular, defínese como: "recursos didácticos, realizados en cualquier medio o soporte y sean o no de elaboración propia, necesarios para la elaboración de una materia, área o módulo" (Ley 5/2018, p. 108294).

### 3.2.17 Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla

*Portal institucional de recursos educativos*

As Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla contan co portal rTIC[22] que naceu a raíz da implantación a nivel estatal do proxecto Escuela2.0 e ten como obxectivo ofrecer recursos técnicos aos docentes de Ceuta e Melilla que están implicados neste proxecto. Deste xeito, calquera usuario anónimo pode acceder aos recursos web e aos materiais compartidos e os usuarios con perfil de docente, ademais disto, teñen acceso a un foro específico, a *blogs* e a noticias e artigos relacionados coas aplicacións empregadas no proxecto. Non obstante, este repositorio unicamente contén materiais didácticos para 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria e atópase moi desactualizado xa que os materiais de Educación Musical foron subidos no 2012.

O repositorio dispón dun buscador avanzado no que se pode introducir diferentes criterios de busca por palabras no título, niveis, áreas, etiquetas ou no corpo de descrición do material e ademais os materiais didácticos están organizados nos catro cursos.

A busca realizada pola palabra "música" unicamente proporciona dous materiais didácticos: *Lyrics Gaps* que contén unha ligazón a un portal web no que aparecen videoclips musicais para aprender idiomas e *Instrumentos de una orquesta,* un xogo interactivo no que se presentan todos os instrumentos dunha orquestra e pinchando nas imaxes pode escoitarse o son de cada un deles.

[22] Acceso ao portal rTIC: http://recursostic.educacion.es/e20cym/web/



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 25.** *Materiais didácticos musicais do portal rTIC*

| Captura de pantalla | Título | All terms |
|---|---|---|
|  | Lyrics Gaps | 1º de la ESO, 2º de la ESO, 5º de primaria, 6º de primaria, actividades, karaoke, vídeos, Inglés, Música, Lengua extranjera |
|  | Instrumentos de una orquesta | 1º de la ESO, 6º de primaria, instrumentos, orquesta, Música |

*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://n9.cl/x405wa

### *Sistema de gratuidade de material escolar*

Na Cidade Autónoma de Ceuta está en vigor o Programa de Axudas ao Estudo en segundo ciclo de educación infantil e ensinanzas obrigatorias, cuxa última convocatoria é a do curso 2022-2023 regulada polo Extracto del acuerdo de Consejo de fecha 10 de junio de 2022, en el que se aprueba la Convocatoria del Programa de Ayudas al Estudio en segundo ciclo de educación infantil y enseñanzas obligatorias. A finalidade do Programa é axudar ás familias con fillos en idade escolar mediante a compensación dos gastos derivados da compra dos libros de texto e do material escolar. Deste xeito, todo o alumnado de primaria (salvo que as familias presenten unha renuncia) recibe un cheque-libro de 150 euros para comprar os libros de texto que non terán que devolver ao finalizar o curso académico. Así mesmo, naqueles centros educativos nos que se combinen o uso de libros nalgunhas materias co emprego de materiais de elaboración propias noutras, transfíreselle aos centros o valor económico de ditos materiais didácticos e réstaselle este valor do cheque-libro que se entrega ás familias.

Finalmente, tamén é importante destacar que a modalidade de axudas é un novo programa que comezou no curso 2022-2023 e que substitúe ao antigo Programa de Gratuidade no que o cheque-libro equivalía aos libros de textos das áreas troncais mediante un banco de libros de préstamo e que estivo en vigor dende o curso 2018-2019.

Por outra banda, a Cidade Autónoma de Melilla conta co Programa de Reposición de libros de texto nos centros de Educación Infantil, Primaria e Educación Especial regulado polo Acuerdo del consejo de gobierno de fecha 4 de marzo de 2022, relativa aprobación del programa de reposición de libros de texto en los centros sostenidos con fondos públicos de la ciudad autónoma de Melilla. O programa está dirixido aos centros docentes (en lugar de ás familias) polo que son beneficiarios do programa de gratuidade de libros de texto todos os centros que soliciten acollerse ao mesmo e, por extensión, todo o alumnado escolarizado nestes centros educativos. Deste xeito, o alumnado disporá gratuitamente, en réxime de préstamo, de libros tradicionais e libros electrónicos que deberán devolver ao rematar do curso escolar. Finalmente, cómpre destacar que na convocatoria do Programa unicamente se fai referencia aos libros de texto, divididos en tradicional (material impreso en papel) e electrónico (libro dixital).

### 3.2.18 Galicia

Neste apartado referido á comunidade autónoma galega farase un breve percorrido polos decretos do currículo xa que os protagonistas desta tese de doutoramento son os docentes especialistas de música galegos e galegas polo que a súa percepción pode estar condicionada polo marco lexislativo no que exercen.

No momento de realización deste apartado estaba en vigor o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia que recolle dentro da área de Educación Artística o seguinte: “faise necesaria unha implicación do profesorado na creación de materiais adecuados a estes modelos de aprendizaxe” (p. 37906), facendo alusión a un modelo de aprendizaxe por competencias con metodoloxías activas e contextualizadas e que ten en conta a atención á diversidade. Por tanto, apréciase como se manifesta de xeito explícito a necesidade de que o profesorado elabore materiais didácticos que lle permitan ao alumnado conseguir os obxectivos e competencias que se establecen neste Decreto 105/2014.

Ademais, tras unha análise dos elementos curriculares que fan referencia aos materiais didácticos en sentido amplo, partindo da



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

clasificación que se emprega nesta tese e que se especificou en capítulos anteriores, obsérvase como os materiais musicais están presentes nos seis cursos de Educación Primaria, tanto nos contidos, como nos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, tal e como se recolle nas seguintes táboas.

**Táboa 3.** *Elementos curriculares de 1º de Educación Primaria do Decreto 105/2014 que fan referencia aos materiais didácticos musicais*

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|---|
| | Bloque 1. A escoita | |
| B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. | B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. | EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.<br>EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.<br>EMB1.5.3. Utiliza aplicacións sinxelas para realizar actividades musicais. |
| | Bloque 2. A interpretación musical | |
| B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.<br>B2.8. Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.<br>B2.10. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes. | B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son. | EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. |

*Nota.* Elaboración propia a partir do Decreto 105/2014

**Táboa 4.** *Elementos curriculares de 2º de Educación Primaria do Decreto 105/2014 que fan referencia aos materiais didácticos musicais*

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|---|
| | Bloque 1. A escoita | |
| B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discrimanación auditiva. | B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. | EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.<br>EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.<br>EMB1.5.3. Utiliza aplicacións sinxelas para realizar actividades musicais. |
| | Bloque 2. A interpretación musical | |
| B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.<br>B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas. | B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.<br>B2.2. Coñecer e manexar a frauta doce e algún instrumento de aula. | EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.<br>EMB2.4.5. Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía. |

*Nota.* Elaboración propia a partir do Decreto 105/2014

**Táboa 5.** *Elementos curriculares de 3º de Educación Primaria do Decreto 105/2014 que fan referencia aos materiais didácticos musicais*

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|---|
| Bloque 2. A interpretación musical | | |
| B2.2. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.<br>B2.3. Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.<br>B2.4. Rexistro da música creada na aula mediante gravacións para a súa escoita posterior e a súa valoración.<br>B2.11. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.<br>B2.12. Construción dun instrumento. | B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.<br>B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.<br>EMB2.3.1. Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.<br>EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. |

*Nota*. Elaboración propia a partir do Decreto 105/2014



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 6.** *Elementos curriculares de 4º de Educación Primaria do Decreto 105/2014 que fan referencia aos materiais didácticos musicais*

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|---|
| | Bloque 1. A escoita | |
| B1.15. Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produción musical. | B1.5. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical. | EMB1.5.4. Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical. |
| | Bloque 2. A interpretación musical | |
| B2.1. Frauta doce: dixitación da escala de do sen alteracións.<br>B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.<br>B2.3. Rexistro gravado da interpretación feita e posterior análise e comentario.<br>B2.10. Sonorización de imaxes, vídeos ou representacións dramáticas usando distintos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.<br>B2.11. Invención e construción dun instrumento. | B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.<br>B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.<br>EMB2.3.1. Emprega instrumentos, materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.<br>EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. |

*Nota.* Elaboración propia a partir do Decreto 105/2014



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 7.** *Elementos curriculares de 5º de Educación Primaria do Decreto 105/2014 que fan referencia aos materiais didácticos musicais*

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|---|
| | Bloque 1. A escoita | |
| B1.15. Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produción musical. | B1.5. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical. | EMB1.5.4. Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical. |
| | Bloque 2. A interpretación musical | |
| B2.1. Frauta doce: dixitación da escala de do sen alteracións.<br>B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.<br>B2.3. Gravación e rexistro da interpretación.<br>B2.19. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.<br>B2.10. Invención e construción dun instrumento. | B2.1. Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.<br>B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.<br>EMB2.3.1. Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.<br>EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. |

*Nota.* Elaboración propia a partir do Decreto 105/2014

**Táboa 8.** *Elementos curriculares de 6º de Educación Primaria do Decreto 105/2014 que fan referencia aos materiais didácticos musicais*

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|---|
| | Bloque 2. A interpretación musical | |
| B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frauta doce.<br>B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.<br>B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.<br>B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.<br>B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobre de películas, etc., e para a creación de producións propias. | B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.<br>B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.<br>EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.<br>EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. |

*Nota.* Elaboración propia a partir do Decreto 105/2014

Nestas táboas de síntese dos elementos do currículo galego que recollen referencias aos materiais didácticos musicais apréciase como estas mencións se atopan nos bloques de contido 1. A escoita e 2. A interpretación musical, non habendo ningunha mención no bloque 3. A

música, o movemento e a danza, se ben é certo que neste bloque temático alúdese principalmente ao propio corpo, que xunto coa voz son dous elementos fundamentais na área de Educación Musical.

Así mesmo, aínda que no Decreto 105/2014 a etapa de Educación Primaria non se organiza por ciclos, senón por niveis, analizando o currículo segue percibíndose unha certa estrutura de ciclos posto que moitos dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe repítense en 1º-2º; 3º-4º e 5º-6º.

En 1º de Educación Primaria, en relación cos materiais didácticos musicais, introdúcense as aplicacións informáticas para o traballo da discriminación auditiva e a realización de actividades musicais (bloque 1) mentres que no bloque 2 se fai fincapé nos obxectos sonoros para a realización de sonorizacións, a construción de instrumentos con materiais de refugallo e a utilización da percusión corporal e instrumentos de pequena percusión para acompañar cancións, danzas e textos. En 2º de Educación Primaria mantéñense os mesmos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe e engádese como instrumento a frauta doce, elemento que estará presente ata o final da etapa educativa.

En 3º de Educación Primaria as referencias aos materiais didácticos musicais unicamente aparecen no bloque 2, mantense a presenza da frauta doce, a construción de instrumentos e a sonorización e engádense como elementos novidosos os instrumentos Orff, a realización de rexistros da música creada polo alumnado mediante gravacións e a utilización de dispositivos electrónicos para crear pezas musicais. En 4º de Educación Primaria mantéñense todos os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe recollidos no curso anterior e ademais engádese no bloque 1 o uso de aplicacións informáticas sinxelas para análise e produción musical.

En 5º de Educación Primaria no bloque 1 mantense o uso de aplicacións informáticas para análise e produción musical que se acaba de mencionar e engádese no bloque 2 como elemento novidoso os instrumentos de percusión de altura determinada e indeterminada. Para completar este bloque seguen mencionándose instrumentos que aparecen en cursos anteriores como a frauta doce, os instrumentos Orff; a gravación das producións do alumnado; a construción de instrumentos



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e as sonorizacións. Finalmente, no último curso de Educación Primaria recóllense moitos dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe de 5º e engádese, por primeira vez en toda a etapa nesta materia, a utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais así como a creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.

*Portal institucional de recursos educativos*

En Galicia, o repositorio institucional de recursos educativos recibe o nome de espazoAbalar[23]. A busca dos materiais didácticos pode realizarse en función da data, idioma, nivel de ensinanza, curso, materia e tipoloxía de recursos. Tras unha procura na etapa de Educación Primaria e na materia de música atópanse un total de 47 materiais didácticos (aínda que na busca saen 66 hai 19 materiais que están repetidos) entre os que destacan proxectos de actividades sobre a vida de diferentes compositores (por exemplo Mozart, Camille Saint, etc.), unidades didácticas integradas, galerías de fotos de instrumentos musicais, métodos para a introdución na práctica dos instrumentos de vento madeira, entre moitos outros.

[23] Acceso ao espazoAbalar: https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/espazos/recursos



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 26.** *Exemplos de materiais didácticos musicais do espazoAbalar*




*Nota.* Captura de pantalla extraída de https://n9.cl/mv3o0

Tal e como se pode apreciar na imaxe, a gran maioría dos materiais didácticos foron deseñados por docentes hai máis de dez anos polo que os materiais están en gran parte obsoletos, tanto na súa forma como no contido (Gabarda et al., 2021). Ademais, na investigación realizada por Santana et al. (2017) recollen que o deseño do espazo é correcto, cun marcado carácter institucional, segue as Directrices de Accesibilidade para contido Web do W3C (A) mais para facilitar as buscas conviría mellorar a información inicial das seccións e empregar imaxes máis próximas e reais ao contexto galego.

*Sistema de gratuidade de material escolar*

Na comunidade autónoma de Galicia o programa de gratuidade de libros de texto e material escolar réxese pola Orde de 29 de abril 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e convócanse axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o curso 2022/23. Deste xeito, establécese o fondo solidario de libros de 3º a 6º de Educación Primaria, axudas para adquirir os libros de texto en 1º e 2º de Educación Primaria e tamén axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en Primaria, ESO e Educación Especial. O alumnado matriculado en cursos incluídos no proxecto de educación dixital (E-dixgal) están excluídos da participación do fondo solidario de libros de texto.

A asignación dos libros de texto realízase atendendo á renda das familias e as situacións de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou discapacidades igual ou superior ao 65%. Deste modo, en función da renda, establécese un número de libros de texto que lle correspondería a cada alumno ou alumna.

Nesta Orde non se inclúe ningunha definición de que se entende por libro de texto e/ou material escolar e tampouco se fan alusións a aqueles recursos didácticos elaborados polos docentes.

## 3.3 PECHE

Para finalizar este capítulo recóllense as principais conclusións despois de analizar a consideración dos materiais didácticos musicais no marco das políticas educativas no contexto español e galego xa que as políticas educativas e as accións que se desenvolven en cada territorio condicionan a percepción docente ao exercer unha influencia directa no traballo diario nos centros educativos.

En primeiro lugar, en relación cos repositorios de materiais didácticos musicais extráense as seguintes ideas:

- A gran maioría de comunidades autónomas contan con portais institucionais nos que se albergan materiais didácticos, a excepción de Cantabria e a Comunidade Foral de Navarra que non dispoñen desta ferramenta para a comunidade educativa.



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Non obstante, hai portais que non dispoñen de ningún material didáctico musical, como é o caso de Estremadura ou Aragón e tamén territorios que no seu repositorio non se pode realizar unha busca filtrando por temática ou área e, polo tanto, foi imposible localizar os materiais didácticos musicais como aconteceu en Castela-A Mancha.

- A maior parte das comunidades autónomas dispoñen de acceso gratuíto e practicamente total a todos os recursos musicais, a excepción da Comunidade de Madrid que conta cunha das plataformas institucionais máis avanzada, actualizada e completa pero, pola contra, require de credenciais para o seu acceso.
- Xeralmente os repositorios organízanse por etapas educativas e materias, sendo posible realizar unha busca sistematizada dos materiais didácticos musicais. Non obstante, é complexo facer un reconto dos mesmos porque moitas veces están duplicados ao poder empregar un mesmo recurso en diferentes cursos ou incluso etapas educativas.
- En relación aos materiais didácticos de música, estes son escasos e atópanse moi desactualizados. Noutras ocasións accédese ás ligazóns e non se encontran dispoñibles.
- No tocante á tipoloxía de materiais didácticos musicais, destacan as ligazóns que levan a vídeos de *Youtube*, as aplicacións, os blogs e as páxinas web.
- Polo xeral, os materiais didácticos musicais non están adaptados a diferentes ritmos de aprendizaxe, son recursos pechados e non atenden á diversidade existente na aula (lingüística, cultural, de xénero, etc.).
- Finalmente, é importante recoller que as conclusións obtidas nesta tese de doutoramento en relación cos materiais didácticos musicais que se atopan en plataformas institucionais son moi semellantes ás conclusións do proxecto *Escuel@ Digit@l* que analizaba estes portais de xeito xenérico, atendendo a toda a etapa de Educación Primaria (Castro-Rodríguez et al., 2017; González-Ruiz e Chirino, 2019; Santana et al., 2017; Vicente Álvarez et al., 2018).



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En segundo lugar, en relación coas políticas de produción e distribución dos materiais didácticos musicais destácase que:

- As políticas de distribución de materiais didácticos baséanse fundamentalmente no sistema de préstamo, en bancos de libros ou en axudas directas para a adquisición destes materiais didácticos.
- En función da comunidade autónoma, estas políticas son universais e poden participar todas as familias con alumnado en centros públicos (como é o caso de Andalucía, a Comunidade Valenciana, Navarra, Madrid, Murcia e A Rioxa), mentres que nas outras está condicionada a participación ao nivel de renda.
- Moitas comunidades autónomas recollen nos seus documentos lexislativos outros recursos ademais dos libros de texto, como poden ser os materiais didácticos elaborados polos docentes. Non obstante, esta situación non acontece en todas as comunidades autónomas e segue predominando a utilización do libro de texto.
- Todas as políticas de gratuidade de material didáctico exclúen materiais específicos destinados á Educación Musical como poden ser os instrumentos escolares (frauta doce, xilófonos, carillóns, material de pequena percusión, etc.) e, en realidade, financian os libros de texto cando os resultados das últimas investigacións revelan que en Música está baixando a súa utilización. Por tanto, apréciase como detrás destas políticas de gratuidade se está potenciando un modelo pedagóxico que xira ao redor do libro de texto como recurso de referencia (Rodríguez-Rodríguez e Martínez-Bonafé, 2016).

En terceiro e último lugar, recolleranse as conclusións en relación coas políticas sobre os materiais didácticos musicais en Galicia:

- O Decreto 105/2014, en vigor no momento de realizar a análise por comunidades autónomas, contempla diferentes materiais didácticos musicais para a etapa de Educación Primaria entre os que destacan os instrumentos musicais (tanto os elaborados polo alumnado, como a frauta, os instrumentos Orff, ou os instrumentos de percusión), os obxectos sonoros, as aplicacións e os medios audiovisuais e recursos informáticos. Non obstante,



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

bótanse en falta os instrumentos musicais propios da comunidade autónoma galega, moi vencellados coa música tradicional, como pode ser a pandeireta ou a gaita ou os instrumentos musicais electrónicos, moi próximos ao alumnado actual. Ademais, percíbese que a presenza dos instrumentos musicais no currículo está condicionada pola dotación de material que a Consellería de Educación fixo hai anos nos centros educativos, fundamentalmente en relación coa instrumentación Orff.

- Bótase en falta a presenza en cursos máis baixos do contido que aparece en 6º de Educación Primaria: B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese, posto que xa dende os primeiros cursos da etapa se pode iniciar ao alumnado na busca de información na rede e no desenvolvemento da competencia dixital.
- O repositorio institucional Abalar está moi desactualizado e debería promoverse dende a administración a súa posta ao día. Así mesmo, sería conveniente aglutinar nun único espazo todos os materiais didácticos que se elaboran en Galicia xa que nos últimos anos a Biblioteca Escolar está a ser o eixe vertebrador de moitos centros e elabóranse proxectos documentais integrados e materiais didácticos transversais nos que a Educación Musical tamén está moi presente.
- O sistema de gratuidade de libros de texto e/ou material escolar vixente en Galicia non fai alusión ao material elaborado polos docentes, cuestión que deixa entrever que na realidade se basea principalmente no libro de texto. Tendo en conta os resultados obtidos nesta tese que reflexan unha baixada da utilización do libro de texto como material de referencia na materia de música, proponse como recomendación que se contemplen todos os materiais didácticos que elaboran os docentes para que así poidan ser subvencionables.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# CAPÍTULO 4. A PERCEPCIÓN DOCENTE SOBRE OS MATERIAIS DIDÁCTICOS MUSICAIS

## 4.1 INTRODUCIÓN

Neste capítulo da tese de doutoramento faise un achegamento á conceptualización da percepción docente xa que foi o enfoque polo que se apostou para a realización deste estudo. Cómpre ter en conta que os protagonistas son os docentes galegos de Educación Musical que imparten docencia na etapa de Educación Primaria e mediante as súas crenzas, opinións e percepcións sobre os materiais didácticos musicais constrúese o discurso desta investigación. Asúmense como premisas fundamentais que, en primeiro lugar, o docente é un suxeito reflexivo, racional, que toma decisións, emite xuízos, ten crenzas e xera rutinas propias do seu desenvolvemento profesional e, en segundo lugar, que os pensamentos do docente guían e orientan a súa conduta (Clark e Yinger, 1919 a; Shavelson e Stern, 1983; citados por Marcelo, 1987).

Por estes motivos resulta fundamental estudar a percepción docente sobre os materiais didácticos musicais xa que unha actitude negativa cara certos materiais provocará resistencias na incorporación dos mesmos na ensinanza, ao mesmo tempo que a actividade docente e a súa interpretación do papel dos materiais didácticos no ámbito musical está condicionada polos pensamentos, crenzas e saberes dos docentes e as representacións que estes posúen son produto da súa acción e experiencia (Area, 2004). En palabras de Marcelo (1987):

> Es necesario conocer estas concepciones y creencias porque son las que realmente influyen en cómo los profesores aplican alguna innovación curricular. El conocimiento práctico que cada profesor ha ido generando debido a su ejercicio profesional puede funcionar como un filtro que interpreta de forma idiosincrática la posible innovación educativa. (p. 177).

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## 4.2 O PARADIGMA DO PENSAMENTO DOCENTE

Para poder situarse no pensamento docente é necesario remontarse a investigacións educativas que se publicaron hai décadas e que, mediante revisións bibliográficas exhaustivas, dan conta das principais características que cumprían os estudos desenvolvidos dende os anos 60 (Barrón, 2015; Gallego-Arrufat, 1991; Pérez e Gimeno, 1988). Deste xeito, pódense destacar dous paradigmas fundamentais á hora de analizar o pensamento docente: o paradigma "proceso-produto" e o "paradigma mediacional".

### a) Paradigma proceso-produto

Baséase na racionalidade técnica de xeito que o docente é considerado como un "técnico" que resolve problemas (Barrón, 2015). O obxectivo das investigacións que se realizan baixo este paradigma é identificar condutas docentes que se relacionan cun bo rendemento do alumnado mediante a utilización de sistemas observacionais que cuantifican a frecuencia coa que os docentes usan certas condutas (Marcelo, 1987). Neste enfoque a construción do coñecemento é externa aos docentes e proporciónaselle durante o seu proceso de formación, onde o coñecemento se expresa a partir de principios e de regras de carácter prescritivo (Barrón, 2015).

Na actualidade este paradigma recibe algunhas críticas xa que non se observa toda a conduta do docente, senón aspectos específicos da mesma polo que a conduta observada pode que non represente a conduta habitual do mestre ou mestra (Marcelo, 1987).

### b) Paradigma mediacional

Dentro deste paradigma mediacional, autores como Pérez e Gimeno (1988) diferencian entre:

- *Enfoque cognitivo:* destaca o modelo de Clark e Peterson que agrupa os procesos de pensamento docente en tres esferas diferentes (procesos de planificación, procesos de pensamento durante a interacción na aula e teorías e crenzas).



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 27.** *Modelo de Clark e Peterson extraído de Pérez e Gimeno (1988)*




*Nota.* Figura orixinalmente publicada en Pérez e Gimeno (1988). Reproducida con autorización.

- *Enfoques alternativos* entre os que se atopan: pensamento práctico e socialización do profesor. Xorden partindo da premisa de que para entender o modo de actuar dos docentes non é suficiente con identificar unicamente os procesos formais e as estratexias de procesamento de información ou toma de decisións senón que hai que indagar na rede ideolóxica de teorías e crenzas (Pérez e Gimeno, 1988). Están vencellados co coñecemento práctico e co profesional reflexivo, é dicir, o docente desempeña un rol activo e de deseñador ao crear, elaborar e probar continuamente a súa teoría persoal do mundo. Como principal vantaxe recóllese a súa adaptación á realidade da aula, complexa, incerta e espontánea:

> El profesor que reflexiona sobre la acción en el diseño de cursos de acción proyecta el conocimiento práctico que ha ido adquiriendo en el transcurso de su actividad profesional, desde la experiencia de la práctica. Como consecuencia, el profesor poseerá su propio conocimiento práctico, único,

> individual y distinto del de sus compañeros. (Gallego-Arrufat, 1991, p. 303).

Finalmente, para resumir ambos paradigmas recóllense as palabras de Montero (2001):

> Ambas tradiciones son relevantes para la obtención de conocimiento sobre la enseñanza, pero son radicalmente distintas en su conceptualización del papel que los profesores (y la formación) desempeñan en ese proceso dependiendo de las estructuras de racionalidad subyacentes. Para la tradición proceso-producto, expresiva de un enfoque de racionalidad técnica, el profesor es fundamentalmente un técnico que posee medios para solucionar problemas. Para la tradición interpretativa y crítica, expresivas de un enfoque de racionalidad práctica, éste es un profesional reflexivo. Como un profesional reflexivo sus decisiones tienen que ver no sólo con el cómo sino con el qué; y además, conciernen también a qué metas perseguir con su enseñanza, pero estas metas se encuentran socialmente determinadas y en ocasiones en conflicto. (pp. 56-57).

Unha vez explicados brevemente os dous paradigmas fundamentais é necesario destacar que esta investigación conceptualízase nos "enfoques alternativos" posto que se entende que o docente é:

> un artista que se desenvuelve en un medio social, complejo, incierto y problemático, de intercambios simbólicos, en los que inevitablemente se implica como actor y receptor. Por ser un artista, el profesor debe ser un investigador que indaga y experimenta tanto sobre el conocimiento que ofrece y la actuación que realiza, como sobre las construcciones que desarrollan los alumnos sumidos en el intercambio de mensajes dentro del ecosistema del aula, afectados por la estructura de tareas académicas y por el clima psicosocial del medio escolar (Pérez e Gimeno, 1988, p. 50).



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tal e como recollen Gómez-López e Cano Escoriaza (2011), partindo do determinismo recíproco de Bandura, o modelo de crenzas que posúan os docentes sobre os materiais didácticos musicais vai determinar en gran medida o seu comportamento na aula, de modo que os pensamentos docentes, os comportamentos na aula e a situación escolar van influír mutuamente nun proceso recíproco á hora de utilizar un ou outro material didáctico musical.

Detrás de todo isto atópanse as actitudes ou crenzas que provocan nos docentes unha serie de expectativas, de xeito que se estas expectativas son positivas, os docentes terán certa predisposición a utilizar unha tipoloxía de material didáctico e a solucionar as dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento da programación didáctica no día a día nas aulas; do mesmo modo que ocorre o efecto inverso, unhas crenzas e expectativas negativas provocan actitudes negativas e barreiras na implementación deses materiais didácticos nas aulas.

Gómez-López e Cano Escoriaza (2011) afirman que o pensamento centrado nas crenzas, actitudes e expectativas é o principal motor do docente, a chave que activará ou non a implementación de innovacións na práctica pedagóxica, motivo polo que se considera fundamental estudar a percepción docente dos especialistas en Educación Musical en relación cos materiais didácticos.

Partindo deste enfoque e tendo como referencia a temática dos materiais didácticos de Educación Musical hai algúns traballos anteriores que serven como base para a realización deste estudo como pode ser a tese de doutoramento de Vicente Álvarez (2012) titulada *Os materiais didácticos e musicais en Educación Infantil. Un estudo descritivo e interpretativo da percepción docente en Galicia* na que se analiza a percepción docente dos mestres e mestras sobre os que recae a temática musical na etapa infantil, é dicir, tanto os especialistas en Educación Musical coma os docentes de Educación Infantil.

Na etapa de Educación Primaria tamén é moi relevante o traballo de López García (2017) que leva por título *Necesidades profesionales del profesorado especialista de Música de los centros de Primaria de Castilla La Mancha* porque fixa como obxectivo coñecer, entender e interpretar que está pasando na ensinanza de música nas escolas desta



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

comunidade autónoma dándolle voz ao profesorado especialista mediante unha metodoloxía mixta que combina os paradigmas cuantitativos e cualitativos. As principais conclusións que extrae López García (2017) son as seguintes:

- O profesorado especialista de música é novo, con menos de 15 anos de experiencia docente aínda que moi cualificado e con moita bagaxe en formación musical.
- Recoñecen non ter un coñecemento profundo da estrutura curricular actual baseada na adquisición de competencias e botan en falta formación sobre como programar e como avaliar.
- As infraestruturas e recursos materiais son suficientes a pesar de que é necesario unha maior implicación por parte das administracións educativas para renovar os instrumentos musicais e para incluír outro tipo de materiais acordes ás tendencias actuais.
- Botan en falta unha oferta maior e máis atractiva sobre formación en didáctica da Educación Musical.

Por outra banda, as investigadoras Colás-Bravo e Hernández-Portero (2017) fixeron unha investigación sobre a percepción do valor didáctico das TIC dos docentes de Música de Educación Secundaria da comunidade autónoma andaluza na que concluíron que o profesorado non ten unha posición clara sobre os beneficios das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe na materia de Música o que supón, na práctica, "un uso escaso y superficial de estas tecnologías, sin llegar a penetrar o reflexionar sobre la naturaleza del cambio e innovación que su integración podría suponer en el proceso educativo" (Colás-Bravo e Hernández-Portero, 2017, p. 54). Nesta mesma etapa educativa, a Educación Secundaria, Alonso e Vicente (2019) analizaron a percepción dos docentes de música acerca do uso do libro de texto, mediante unha metodoloxía de estudo de caso, e afirman que os enfoques metodolóxicos dos docentes están condicionados polas experiencias que viviron anteriormente como alumnos e alumnas, nas cales o libro de texto tiña unha notable presenza.

Finalmente, antes de rematar este apartado é conveniente facer referencia aos proxectos de investigación nacionais "La escuela de la sociedad digital: análisis y propuestas para la producción y uso de los



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

contenidos digitales educativos", centrado na etapa de Educación Primaria e "Los materiales didácticos digitales en Educación Infantil: análisis y propuestas para su uso en la escuela y en el hogar". En ambos proxectos un dos obxectivos que se formula é identificar as representacións sobre os materiais didácticos dixitais que se utilizan nas escolas e fogares polo que a percepción tanto dos docentes como das familias é unha cuestión importante de análise e debate. Así mesmo, moitas das publicacións que se derivan destes proxectos analizan a percepción docente atendendo a diferentes cuestións e temáticas (atención á diversidade, Educación Musical, Educación Física, etc.). Nestas dúas investigacións a nivel nacional púxose de relevo que era fundamental coñecer a percepción dos docentes co propósito de poder interpretar de primeira man o coñecemento e o estado do desenvolvemento das políticas educativas que foron adoptadas en relación cos materiais didácticos.

### 4.3 O PROFESORADO ESPECIALISTA DE EDUCACIÓN MUSICAL

Tal e como se recolleu en numerosas ocasións ao longo das páxinas deste informe, os protagonistas desta tese son os mestres e mestras especialistas de música que imparten docencia en Educación Primaria. Aínda que no apartado de resultados se abordará de xeito pormenorizado as titulacións coas que contan os participantes neste estudo, ata a entrada en vigor dos plans de estudos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior, en España existía a Diplomatura en Mestre Especialidade de Educación Musical. Non obstante, coa entrada en vigor do Plan Bolonia desaparece esta titulación e convértese no Grao en Mestre de Educación Primaria coa correspondente mención en Educación Musical (Berrón, 2021).

Independentemente da titulación que capacita para o exercicio da docencia, os especialistas de música son profesionais que, seguindo a autores como Carrillo (2015) deben contar cunha serie de competencias transversais, comúns a calquera especialidade; competencias musicais e competencias pedagóxicas e/ou didácticas, tal e como se recolle na seguinte táboa.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 9.** *Proposta de competencias profesionais para o profesorado de música de Carrillo (2015)*

| Competencias transversais |
|---|
| 1. Desenvolvemento profesional do docente: Impulsar o propio desenvolvemento profesional, tanto polo relativo á mellora de habilidades e capacidades persoais como á participación en actividades de formación permanente. |
| 2. Actuación do docente na aula: Xestionar un grupo-clase e estimular e orientar ao alumnado para a aprendizaxe e para o seu desenvolvemento persoal e social. |
| 3. Actuación do docente no marco do centro escolar: Traballar conxuntamente cos membros da comunidade educativa, as familias e o alumnado e participar na xestión da escola para conseguir de forma colaborativa os obxectivos educativos do centro. |
| 4. Actuación ética do docente: Actuar de forma ética e responsable como docente, participar na aplicación dunhas normas de funcionamento democrático do centro e ser capaz de enfrontar e de buscar solucións aos problemas que se derivan da práctica profesional. |
| Competencias musicais |
| 5. Desenvolvemento de capacidades vinculadas coa escoita musical: Ser capaz de escoitar e apreciar todo tipo de música, saber analizar -a nivel auditivo- os elementos que a constitúen e utilizar, se é necesario, outras linguaxes para representala ou para expresar as emocións que esperta. |
| 6. Desenvolvemento de capacidades vinculadas coa interpretación musical: Interpretar con corrección e musicalidade un repertorio variado de obras musicais e de danzas e ser capaz de utilizar o xesto de dirección nas interpretacións. |
| 7. Desenvolvemento de capacidades vinculadas coa creación musical: Realizar creacións musicais integrando, se é necesario, outras linguaxes artísticas como medio para comunicarse e expresarse a través da música e saber transcribir e arranxar pezas musicais escolares para adaptalas aos diferentes contextos e niveis de aprendizaxe. |
| Competencias pedagóxicas e/ou didácticas |
| 8. A planificacións das situacións de ensinanza-aprendizaxe: Planificar as situacións de e-a en relación coa educación musical, promovendo así a adquisición das competencias propostas no currículo vixente da área. |
| 9. A aplicación das situacións de ensinanza-aprendizaxe: Conducir e avaliación as situacións de e-a en relación coa educación musical promovendo así a adquisición das competencias propostas no currículo vixente da área. |
| 10. A adaptación das secuencias de ensinanza-aprendizaxe: Adaptar as intervencións ás necesidades e características do alumnado e do seu contexto escolar e social, e promover unha aprendizaxe musical significativa. |

*Nota.* Elaborado a partir de Carrillo (2015). Reproducido con autorización, licencia CC BY 4.0

Seguindo esta serie de consideracións, esta tese de doutoramento céntrase en coñecer a percepción destes docentes especialistas en Educación Musical que exercen na comunidade autónoma galega.

## 4.4 Peche

Nas páxinas anteriores tratouse de xustificar o enfoque elixido nesta investigación e como dándolle voz aos docentes de música de Educación Primaria se pode construír un discurso baseado na súa opinión acerca da utilización, valoración e formación sobre os materiais didácticos musicais. Para isto, tívose en conta a traxectoria investigadora previa no ámbito musical como son as teses de doutoramento de Vicente Álvarez (2012) en Educación Infantil e Gillanders (2011) en Educación Primaria e que supuxeron unha panorámica global da situación dos materiais didácticos de Educación Musical en Galicia en dúas etapas educativas diferentes.

Tal e como se recollerá no capítulo dedicado á metodoloxía, este achegamento á percepción docente realizouse empregando como técnicas de recollida de datos un cuestionario *online* e unha entrevista que permitiron reflectir, dun xeito ou doutro, as impresións dos docentes de música da comunidade autónoma galega. Para concluír este capítulo e empregando as palabras de Zinger et al. (2017), remárcase a importancia do sistema de crenzas dos docentes coma o motor que guía todas as decisións pedagóxicas que van tomando no desenvolvemento dos procesos de ensinanza-aprendizaxe: "changing teacher practice (...) is contingent on addressing teacher's underlying beliefs" (Zinger et al., 2017, p. 585).[24]

[24] Tradución: "cambiar a práctica docente (…) depende de abordar as crenzas subxacentes dos docentes" (Zinger, Tate e Warschauer, 2017, p. 585).



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# CAPÍTULO 5. A ESTRATEXIA METODOLÓXICA

## 5.1 INTRODUCIÓN

Neste capítulo quinto relátase o proceso de deseño e realización do estudo empírico, dando conta das decisións que se foron tomando e das técnicas de recollida de datos que permiten analizar a percepción dos docentes galegos especialistas de música que exercen na etapa de Educación Primaria.

En primeiro lugar, elaborouse o deseño da investigación para o que se optou por un enfoque metodolóxico mixto, isto é que combina os métodos cuantitativos e cualitativos, xa que permitía abordar o problema de investigación, dando resposta aos obxectivos formulados. Unha vez decidido o enfoque do que partir e as técnicas que se ían utilizar, comezouse co proceso de recolección de datos, que se realizou en dous momentos diferenciados como se verá polo miúdo ao longo das seguintes páxinas (primeiro o cuestionario *online* e a *posteriori* a entrevista). Tras a codificación e análise, realizouse a presentación dos resultados obtidos, cuestión á que se lle dedicará o capítulo sexto desta tese de doutoramento.

## 5.2 PLANIFICACIÓN DA INVESTIGACIÓN EMPÍRICA

Este estudo ten o seu punto de partida na definición do problema de investigación como primeiro elemento da súa planificación. Para isto, partiuse dos intereses persoais tanto da doutoranda como do seu director de tese e realizouse unha primeira revisión das investigacións científicas publicadas sobre esta temática co fin de detectar necesidades

de estudo. Así mesmo, a experiencia da doutoranda como mestra de Educación Musical e o achegamento á práctica educativa nas escolas motivou o interese por coñecer a percepción dos docentes de música na etapa de Educación Primaria facendo fincapé na diversidade de recursos e na convivencia nas aulas de materiais didácticos impresos con outros híbridos ou dixitais.

Unha vez establecida a temática sobre a que versaría esta tese de doutoramento que pilotaba sobre os materiais didácticos de Educación Musical, realizouse unha revisión minuciosa de artigos científicos, proxectos de investigación, monográficos, teses de doutoramento, actas de congreso (IARTEM e I Simposio Internacional de Educación Musical e Materiais Didácticos), revistas especializadas e bases de datos como ERIC, Dialnet, ISOC, Teseo, Minerva, Rebiun, Wos e Scopus. Esta busca fíxose empregando palabras clave como *materiales didácticos, música, educación musical, libros de texto, tecnología, didactic materials, music education, textbook, music e ICT*, entre outras. Isto permitiu, por unha banda, a elaboración do marco teórico tal e como se pode apreciar no segundo capítulo deste informe no que se dá conta con certo detalle dos resultados da procura e, por outra banda, a toma de decisións sobre o proceso de planificación das técnicas de recollida de datos.

En segundo lugar, definiuse a metodoloxía de investigación e concretáronse as técnicas de recollida e análise de datos que se ían utilizar, cuestións que se detallan nos seguintes apartados.

### 5.2.1 Marco metodolóxico

Para afondar no marco metodolóxico desta tese de doutoramento exponse en primeiro lugar o problema empírico do que parte este estudo, preséntanse os obxectivos que se pretenden conseguir con esta investigación, para rematar incluíndo unhas pinceladas teóricas dos métodos mixtos, que combinan no seu deseño datos cualitativos e cuantitativos.



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Problema empírico e obxectivos*

Esta tese de doutoramento céntrase en coñecer como perciben os docentes especialistas de música en Educación Primaria, de centros educativos galegos, os materiais didácticos musicais.

Foron varios os motivos que levaron a focalizar esta investigación nos materiais didácticos musicais, por un lado, a importancia dos mesmos nos procesos de ensinanza e aprendizaxe e, por outro, como xa se indicou, os intereses persoais da doutoranda e a súa vinculación coa música e a Educación Musical dende hai moitos anos. Asemade, os estudos previos sobre esta temática resaltan a escaseza de investigacións que analicen a percepción dos docentes de música nesta etapa educativa (Gillanders, 2011; Román Álvarez, 2014).

Neste contexto, os obxectivos que se pretenden conseguir nesta parte empírica da investigación son os seguintes:

- Describir a percepción dos docentes especialistas de música en relación ao coñecemento, uso e a valoración dos materiais didácticos musicais na etapa de Educación Primaria no contexto galego.
- Afondar naqueles elementos da formación inicial e continua que os docentes especialistas en Educación Musical consideran que exercen unha influencia na utilización e valoración dos materiais didácticos musicais.
- Identificar as percepcións e opinións sobre a convivencia de diferente tipoloxía de materiais didácticos musicais (impresos e dixitais) na etapa de Educación Primaria.
- Coñecer o uso e a valoración dos materiais didácticos musicais e a formación do profesorado sobre esta temática atendendo á idade, experiencia docente, tipo de centro e formación inicial.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*O enfoque metodolóxico*

Para conseguir os obxectivos fixados optouse por partir do paradigma do pensamento docente dende un enfoque metodolóxico mixto que Creswell (2014) define como:

> Mixed methods research is an approach to inquiry involving collecting both quantitative and qualitative data, integrating the two forms of data, and using distinct designs that may involve philosophical assumptions and theoretical frameworks. The core assumption of this form of inquiry is that the combination of qualitative and quantitative approaches provides a more complete understanding of a research problem than either approach alone (p. 32).

A razón para elixir este modelo mixto radica en que se combinan os enfoques cuantitativos e cualitativos para chegar a unha comprensión maior do problema de investigación e así poder obter un achegamento máis completo á percepción dos docentes especialistas en Educación Musical en Galicia. Así mesmo, autores como Hernández-Sampieri et al. (2014) afirman que un dos factores que aumentou a necesidade de utilizar os métodos mixtos é "la natureza compleja de la gran mayoría de los fenómenos o problemas de investigación abordados en las distintas ciencias. Éstos representan o están constituidos por dos realidades, una objetiva y la otra subjetiva" (p. 536).

Para Jorrín et al. (2021) os métodos mixtos contan con tres modelos básicos de deseño que definen como:

- *Modelo concurrente ou converxente paralelo:* o investigador ou investigadora desenvolve en paralelo un estudo cualitativo e outro cuantitativo sobre distintas dimensións dun mesmo fenómeno. Recóllense e analízanse os datos de maneira separada e ao final do proceso compáranse os resultados obtidos.
- *Modelo secuencial explicativo (priorización cuantitativa):* realízase en dúas fases nas que un estudo cuantitativo vai seguido dun estudo cualitativo para explicar aspectos que non foron respondidos no primeiro. A prioridade de



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

métodos é claramente cuantitativa, a análise de datos realízase de xeito independente e non se produce unha integración dos mesmos ata finalizar o estudo cualitativo.

- *Modelo secuencial exploratorio (priorización cualitativa):* realízase en dúas fases nas que un estudo cualitativo vai seguido dun estudo cuantitativo. A fase cualitativa adoita usarse para axudar a construír un instrumento que se axuste á mostra do estudo, permitindo así identificar os instrumentos adecuados para a fase cuantitativa de seguimento, ou para especificar variables que necesitan incorporarse ao estudo cuantitativos.

Despois de analizar os tres modelos de deseño, nesta tese de doutoramento optouse polo *modelo secuencial explicativo* porque era o que máis vantaxes proporcionaba xa que, en palabras de Jorrín et al. (2021), "este tipo de diseño resulta útil para profundizar en los datos cuantitativos no esperados o no explicables por el estudio cuantitativo inicial" (p. 142). Deste xeito, a realización das entrevistas axudou a resolver os interrogantes que apareceron tras a análise dos resultados cuantitativos do cuestionario e a complementar ou mellorar a interpretación dos mesmos.

### 5.2.2 Fase cuantitativa

Neste apartado precísanse os distintos elementos metodolóxicos da fase cuantitativa, en concreto, o procedemento de mostraxe, o instrumento utilizado, un cuestionario *online,* e o seu proceso de validación, e as técnicas de análise de datos empregadas.

#### 5.2.2.1 Mostra da fase cuantitativa

Seguindo a Hernández-Sampieri et al. (2014) a mostra é un "subgrupo de la población de interés sobre el cual se recolectarán datos, y que tiene que definirse y delimitarse de antemano con precisión, además de que debe ser representativo de la población" (p. 173). No caso desta investigación a poboación está constituída polo profesorado especialista en Educación Musical que, no curso académico 2019-2020,

se atopaba impartindo docencia de música na etapa de Educación Primaria en centros públicos, privados e concertados da comunidade autónoma de Galicia. Para poder aproximarse ao dato poboacional, posto que non hai ningún rexistro público ao que se poida acceder, optouse por tomar como referencia o número de centros educativos que impartían Educación Primaria en Galicia, xa que se estima que había un docente especialista en cada un, para o que se utilizou o buscador[25] da páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Esta busca fíxose por provincia e indicando como filtro na modalidade de "ensino": Educación Primaria. De cada unha das provincias descargouse unha folla de Excel e, a man, descartáronse aqueles colexios que non cumprían os criterios establecidos previamente coma os Colexios Rurais Agrupados (CRA), que polo xeral só imparten os dous primeiros cursos de Educación Primaria. Despois de todo isto obtivéronse os seguintes centros:

**Táboa 10.** *Nº de centros que imparten Educación Primaria por provincia*

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| Centros que imparten Educación Primaria | 307 | 119 | 110 | 308 | 844 |

En relación á tipoloxía de centro educativo dentro de cada unha das provincias, optouse pola seguinte clasificación na que CEIP son os Centros de Educación Infantil e Primaria; CPI os Colexios Públicos Integrados; CEP os Centros de Educación Primaria e CPR os Centros Privados.

[25] https://www.edu.xunta.gal/centroseducativos/BuscaCentros.do



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 11.** *Nº de centros que imparten Educación Primaria por provincia e tipoloxía de centro*

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|
| CEIP | 204 | 86 | 81 | 197 |
| CPI | 28 | 12 | 8 | 17 |
| CEP | 5 | 1 | 0 | 17 |
| CPR | 70 | 20 | 21 | 77 |
| Total | 307 | 119 | 110 | 308 |

Unha vez estimado o tamaño poboacional, procedeuse a recompilar os datos de contacto dos centros educativos, en concreto, o correo electrónico, e comezouse co proceso de envío do cuestionario a todos eles, coa intención de obter respostas do maior número de docentes de Educación Musical. Finalmente obtivéronse 204 das cales houbo que invalidar 4 por estar duplicadas ou non impartir docencia na etapa de Educación Primaria, obtendo unha mostra total de 200 profesores e profesoras, o que supón o 24% da poboación.

#### 5.2.2.2 O cuestionario

Nesta fase do estudo, de corte cuantitativo, utilizouse para a recollida de datos un cuestionario *online* enviado por correo electrónico ao profesorado de Educación Musical da comunidade autónoma de Galicia. O cuestionario é definido por Meneses e Rodríguez (2011) como:

> herramienta que permite al científico social plantear un conjunto de preguntas para recoger información estructurada sobre una muestra de personas, utilizando el tratamiento cuantitativo y agredado de las respuestas para describir la población a la que pertenecen o contrastar estadísticamente algunas relaciones entre variables de su interés (p. 9).

Optouse por este instrumento despois de valorar as súas vantaxes e limitacións que se recollen na seguinte táboa.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 12.** *Vantaxes e limitacións dos cuestionarios*

| VANTAXES | LIMITACIÓNS |
|---|---|
| - Permite abarcar unha área xeográfica máis extensa.<br>- Ofrece uniformidade entre as distintas aplicacións.<br>- Require de menos tempo e persoal para a súa aplicación.<br>- Pode contestarse por un maior número de suxeitos.<br>- Permite comparar os resultados.<br>- Pode enviarse de xeito telemático.<br>- Non supón ningún coste á investigación.<br>- O enquisado pode responder no momento que considere máis oportuno.<br>- Favorece o anonimato e a privacidade.<br>- Non existe obriga de contestalo. | - Dificultades no seu deseño e elaboración.<br>- A información obtida non afonda nas cuestións.<br>- É máis difícil solucionar as dúbidas que xurdan no enquisado.<br>- Tendencia a que as respostas sexan socialmente aceptables.<br>- Baixo índice de resposta.<br>- O enquisado está influenciado pola estrutura e calidade do cuestionario.<br>- As condicións nas que se cubra o cuestionario influirán nas respostas. |

*Nota.* Elaboración propia a partir de García Córdoba (2004) e García et al. (2006)

#### 5.2.2.2.1 Deseño do cuestionario

Neste apartado preséntase a estrutura e contido do cuestionario *online* que foi elaborado e aplicado nesta investigación.

A versión final do cuestionario, despois de ser validada polos expertos e expertas, contaba cun total de 40 preguntas divididas nos seguintes catro bloques:

1. Información xeral e datos de identificación
2. Formación inicial e continua
3. Presenza e selección de materiais didácticos musicais
4. Utilización e valoración dos materiais didácticos musicais

A continuación faise unha descrición minuciosa de cada un dos bloques coas diferentes cuestións que engloban.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Bloque 1. Información xeral e datos de identificación**

Este primeiro bloque do cuestionario está formado por un total de 11 preguntas (da 1 á 11) que teñen como obxectivo obter certa información xeral sobre a persoa que está cubrindo o cuestionario que é relevante á hora de interpretar os datos como pode ser a súa experiencia docente, o tipo de centro no que traballa ou a súa situación administrativa.

**Pregunta 1. Indique a tipoloxía de centro no que exerce na actualidade.**

A primeira pregunta do cuestionario fai referencia á tipoloxía de centro no que traballa o docente, facendo unha diferenciación entre centros públicos, concertados e privados, tendo en conta o establecido no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento orgánico dos centros públicos integrados.

**Pregunta 2. De traballar nun centro público, que tipo de centro é en canto á organización?**

Esta segunda pregunta, que unicamente teñen que cubrir aquelas persoas que traballan en centros públicos, ten como obxectivo caracterizar o tipo de centro no que traballan. Deste xeito, danse como opcións Colexio Rural Agrupado (CRA), Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP), Centro de Educación Primaria (CEP) e Colexio Público Integrado (CPI). Exclúense as Escolas de Educación Infantil xa que a mostra está composta unicamente por docentes que imparten en Educación Primaria e tamén se decidiu eliminar aos Centros de Educación Especial (CEE) por representar unha porcentaxe moi pequena e por atoparse cunha estrutura diferente na que en ocasións se mestura alumnado de idades moi dispares.

**Pregunta 3. En que localidade se sitúa o seu centro?**

Redáctase esta pregunta para que sexa de resposta aberta e obter información concreta sobre a ubicación dos centros escolares nos que traballan os docentes que responderon o cuestionario. Non obstante, no



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

posterior tratamento de datos, tal e como se verá no seu momento, agrúpase por provincias.

**Pregunta 4. O seu centro con respecto ás tecnoloxías, como se clasificaría?**

O obxectivo deste ítem é recoller información sobre as tecnoloxías nos centros clasificándoos en tres grandes bloques:

- *Centros Abalar:* institucións educativas que están suxeitas ao Plan Abalar, posto en marcha en Galicia no ano 2010 e que consistiu "na transformación das aulas tradicionais en dixitais mediante o uso de artefactos e ferramentas que utilizan software libre" (Losada e Rodríguez-Rodríguez, 2019, p. 173).
- *Centros E-Dixgal:* proxecto que nace no curso 2014-2015 e que pretende dar un paso máis alá con respecto ao plan anterior e oferta un entorno virtual de aprendizaxe con materiais e libros dixitais (Fraga Varela e Alonso Ferreiro, 2016).
- *Centros sen equipamento* que non participan en ningún dos dous programas anteriores.

**Pregunta 5. Indique os niveis nos que imparte docencia de música actualmente.**

Pregunta de resposta múltiple na que se dan como opcións Educación Infantil e cada un dos seis cursos de Educación Primaria. Inclúese esta cuestión para posteriormente analizar os datos obtidos en función do nivel no que os docentes imparten sesións. Por exemplo, á hora de analizar a utilización do libro de texto dixital na clase de Música é importante coñecer en que niveis está dando clase o profesorado.

**Pregunta 6. Indique os anos de experiencia como docente de Educación Musical.**

Nesta pregunta preténdese indagar o tempo que levan como docentes xa que diversos estudos afirman que os anos de servizo poden incidir o seu comportamento dentro das organizacións. Deste xeito, Huberman (1990) recolle cinco fases polas que pasan os docentes ao longo do seu desenvolvemento profesional: *entrada na carreira* (1) caracterizada pola supervivencia e o choque coa realidade e o descubrimento que se traduce en entusiasmo; *estabilización* (2) na que



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aumenta o compromiso e se gaña en comodidade e tranquilidade a nivel pedagóxico; *experimentación ou diversificación* (3) na que se aspira a mellorar e non caer na rutina; *reformulación* (4) e finalmente, *serenidade e distancia afectiva* (5) na que vai decaendo a enerxía e en ocasións vense menos capacitados.

**Pregunta 7. Indique o número de anos que leva no colexio actual.**

Moi relacionada coa pregunta anterior, neste sétimo interrogante alúdese especificamente aos anos que leva o docente no colexio actual xa que é un dato importante que axuda a valorar o coñecemento das dinámicas do centro e o seu peso e implicación no mesmo.

**Pregunta 8. Indique a súa situación administrativa actual.**

Nesta pregunta de resposta pechada danse como opcións: definitivo/a, provisional, interino/a-contrato/a e outra. É interesante obter esta información polos mesmos motivos dados na pregunta anterior.

**Pregunta 9. Indique a súa idade.**

Pregunta de resposta aberta que posteriormente na análise de datos foi agrupada en intervalos. É importante coñecer a idade dos docentes participantes nesta investigación porque diversos traballos previos afirman que a idade é un dos factores que, por exemplo, inflúe na utilización das TIC, e por conseguinte, nos materiais didácticos dixitais nas aulas de Educación Musical (Kubiatko, 2013; Martos Sánchez et al., 2016; Torres et al., 2011).

**Pregunta 10. Indique o seu xénero.**

Pregunta de resposta pechada coas opcións de: muller, home ou outro.

**Pregunta 11. Indique a/s titulación/s académica/s que posúe.**

Pregunta de resposta múltiple na que se recollen as seguintes opcións:

- Graduado/a de Mestre/a, especialidade en Educación Musical
- Graduado/a de Mestre/a en Educación Primaria
- Diplomado/a en Maxisterio en Educación Musical
- Diplomado/a en Maxisterio en Educación Primaria
- Ensinanzas artísticas de grao elemental
- Ensinanzas artísticas de grao medio



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Ensinanzas artísticas de grao superior
- Preparación en escola de música
- Habilitación en educación musical
- Outras diplomaturas, licenciaturas ou graos
- Outras (especifique cales)

**Bloque 2. Formación inicial e continua**

Este segundo bloque do cuestionario está composto por 6 preguntas (da 12 á 17, ambas as dúas incluídas) e incide na análise da formación inicial e continua que posúen os docentes que imparten a materia de música en Educación Primaria con respecto aos materiais didácticos musicais. Así mesmo, tamén se pretende recoller a súa percepción sobre as experiencias formativas e sobre o seu grao de preparación para traballar cos materiais didácticos musicais.

Para construír esta dimensión pártese da premisa de que a formación é un continuo na vida profesional de calquera docente, e como non podía ser doutro xeito, tamén do profesorado de Educación Musical. Imbernón (2017) afirma que:

> El conocimiento profesional se empieza a construir mucho antes de adentrarse en la formación inicial, ya en ella y se continúa edificando constantemente a lo largo de la vida profesional. Es lo que llamamos formación permanente, formación continua o formación a lo largo de la vida. ¿Cómo se lleva a cabo? Por supuesto, a través de las acciones formativas, en distintas modalidades que el profesorado va cursando a lo largo de su vida, pero también, es muy importante y conviene destacarlo, a través del contacto con los compañeros de trabajo, el ambiente de clase



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> y del centro educativo y la interacción con el alumnado (tanto en un aprendizaje formal como informal). (p. 59).

**Pregunta 12. Realizou algunha actividade de perfeccionamento profesional relacionada cos materiais didácticos de Educación Musical?**

Nesta pregunta preténdese obter información sobre se o profesorado participou en actividades de formación relacionadas cos materiais didácticos de Educación Musical. Para isto, teñen que contestar "si" ou "non" e no caso de indicar "si", especificar a tipoloxía de actividades realizadas entre diferentes opcións, podendo marcar todas as que fosen oportunas: xornadas e congresos, cursos, seminarios e grupos de traballo, participación en colectivos de renovación pedagóxica e outras.

**Pregunta 13. Que razóns dificultan a súa participación en actividades de perfeccionamento profesional relacionadas cos materiais didácticos de Educación Musical?**

Esta cuestión persegue detectar as principais dificultades que perciben os docentes para formarse na temática obxecto de estudo nesta investigación. Deste xeito, formúlase unha pregunta de resposta múltiple coas seguintes opcións: non atopo ningunha dificultade, falta de tempo, descoñecemento da oferta de actividades formación, custo e outras.

**Pregunta 14. Séntese preparado/a para desenvolver procesos de ensinanza e aprendizaxe con materiais didácticos para a Educación Musical?**

O obxectivo desta cuestión é analizar se os docentes especialistas de Educación Musical se senten preparados para utilizar os diferentes tipos de materiais didácticos musicais xa que a súa percepción sobre a preparación pode determinar posteriormente un maior ou menor uso de cada un dos diferentes recursos.

Tal e como se recolle na versión definitiva do cuestionario (Anexo 5), preséntanse as catro tipoloxías de materiais didácticos cos seus sub-grupos.

**Pregunta 15. Indique o grao de formación inicial e de formación continua que cre posuír en canto ao coñecemento de materiais**

**didácticos de Educación Musical e á habilidade para a súa selección, adaptación e elaboración.**

A finalidade desta pregunta é coñecer a percepción do profesorado acerca da súa formación inicial e continua en relación con diferentes fases na utilización dos materiais didácticos de Educación Musical como son a selección, adaptación e elaboración ou o coñecemento sobre os mesmos xa que estes aspectos van condicionar a toma de decisións á hora de elixir un material ou outro (Vicente Álvarez e Rodríguez Rodríguez, 2014).

**Pregunta 16. Considera necesaria unha formación inicial específica sobre materiais didácticos para a ensinanza de música na Educación Primaria?**

Neste ítem os docentes especialistas de Educación Musical teñen que manifestar a súa opinión en relación coa necesidade dunha formación inicial específica sobre materiais didácticos musicais, indicando si ou non en cada un dos catro grandes bloques de materiais (impresos, dixitais, sonoros e híbridos).

**Pregunta 17. Considera suficientes os mecanismos de formación (xornadas, encontros, congresos, cursos, etc.) en materiais didácticos de Educación Musical na Educación Primaria?**

Nesta pregunta de resposta pechada os docentes deben marcar cun "si" ou un "non" se consideran suficientes os mecanismos de formación dispoñibles con respecto aos materiais impresos, dixitais, sonoros e híbridos. Engádese esta cuestión porque investigacións previas consideran que os docentes perciben como insuficientes as dinámicas formativas en relación cos materiais didácticos dixitais (Garcés et al., 2020).

**Bloque 3. Presenza e selección de materiais didácticos musicais**

Este terceiro bloque do cuestionario está constituído por 10 preguntas (da 18 á 27, ambas incluídas) que engloban cuestións que permiten analizar a presenza de materiais didácticos musicais nos centros onde exercen na actualidade os docentes enquisados. Tamén se incide nos lugares onde se atopan estes materiais e nos criterios que se adoptan para utilizalos no día a día das aulas.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Pregunta 18. O seu centro dispón de aula de música?**

Pregunta de resposta pechada na que o profesorado debe marcar “si” ou “non”. Inclúese esta cuestión porque investigacións previas (Gillanders, 2012; Vicente Álvarez, 2012) afirman que a aula de música é o lugar onde se atopan a maior parte dos materiais que os docentes necesitan para o desenvolvemento musical, polo que, de non existir aula de música no centro, é probable que non se dispoña de tantos recursos.

**Pregunta 19. Onde se atopan situados os materiais didácticos que emprega para o ensino da música na Educación Primaria?**

Cunha táboa de dobre entrada os docentes teñen que indicar en que lugares do seu centro educativo dispoñen de materiais didácticos musicais, seleccionando todas as opcións que consideren de entre as propostas (auditorio, aulas ordinarias, aula de música, aula de informática, biblioteca, patio, ximnasio ou outros).

**Pregunta 20. Valore a dotación xeral de materiais didácticos musicais do seu centro.**

Nesta pregunta solicítaselle aos docentes que valoren a dotación do seu centro en materiais didácticos musicais nunha escala de 4 valores (ningunha, pouca, bastante e moita), tendo que marcar unha destas opcións en cada un dos materiais didácticos que se inclúen nos catro grandes bloques: impresos, dixitais, sonoros e híbridos.

**Pregunta 21. Que cinco materiais didácticos adquiriría se non tivera ningún material no seu centro?**

Pregunta de resposta aberta na que se pretende coñecer que materiais didácticos musicais bota en falta o profesorado en relación coas súas propostas de ensinanza-aprendizaxe.

**Pregunta 22. Que criterios emprega para a selección dos materiais didácticos de música?**

Tal e como se dixo anteriormente, a selección dos materiais didácticos é unha parte moi importante da utilización nos mesmos nas aulas. Para deseñar esta pregunta e ofrecerlle aos docentes diferentes posibilidades de resposta tivéronse en conta as investigacións de Rodríguez Rodríguez (2000) e Vicente Álvarez (2012) que propoñían diferentes modos de selección como:

- Experimentación por outras persoas con resultados satisfactorios

- Divulgación
- Compra doutros compañeiros e compañeiras
- Dispoñibilidade nos fondos dos Centros de Formación de Recursos, Asociacións, etc.
- Opinión dos compañeiros e compañeiras
- Revisión de revistas especializadas en educación
- Promocionados por librería
- Revisión de revistas promocionais de casas editoriais
- Consello de especialistas no tema (profesores universitarios, asociacións, grupos)
- Custo
- Dispoñibilidade nos fondos de bibliotecas
- Visita a tendas en liña
- Librerías
- Oferta de editoriais que se achegan aos centros
- Visita a webs de contidos, repositorios, etc.
- Doutros xeitos

Tras a revisión das propostas dos autores citados anteriormente procedeuse a agrupar algunhas categorías para que o cuestionario non se fixese tan extenso, quedando as seguintes opcións de resposta, podendo o profesorado marcar tantas como considerasen necesarias:

- Opinión dos compañeiros e compañeiras
- Busca de información na rede
- Consello de especialistas no ámbito
- Dispoñibilidade en bibliotecas
- Visita a tendas especializadas
- Experiencias previas de experimentación
- Custo
- Divulgación (revistas, xornadas, congresos, etc.)
- Idioma
- Guías de avaliación
- Outros

**Pregunta 23. A decisión sobre os materiais didácticos que emprega na súa clase de música como a toma?**

Nesta pregunta, moi relacionada coa anterior, preténdese indagar se as decisións sobre a utilización dun ou doutro material didáctico

musical se toman individualmente ou, pola contra, co apoio dos demais órganos de coordinación docente e profesionais do centro xa que tal e como recolle o Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, "o traballo coordinado e compartido, a convivencia entre os membros do equipo docente, a asunción e o reparto de responsabilidades dentro da institución educativa son factores decisivos e determinantes da calidade que ofrecen os centros educativos" (Decreto 374/1996, p. 1).

Por tanto, formúlase unha pregunta con sete opcións de resposta (individualmente, co resto do claustro, co equipo de nivel, cos titores e titoras de cada un dos grupos, con outro profesorado especialista do centro, con outro profesorado de Educación Musical doutros centros ou ben, outro) e os docentes deben marcar as dúas opcións que sexan máis habituais na súa práctica diaria.

**Pregunta 24. Coñece guías de análise/avaliación para seleccionar os materiais didácticos de Educación Musical?**

Nos últimos anos son moitos os traballos, a nivel nacional e internacional, que recollen instrumentos para analizar, avaliar e seleccionar os materiais didácticos atendendo a cuestións diversas, ben xerais como as guías propostas por Martínez Bonafé (1992) e Parcerisa (1996) ou ben específicas coma os instrumentos de Area (2016), López-Gómez (2018), Rodríguez Regueira (2020), centrados en recursos dixitais, dende videoxogos ata libros de textos dixitais. Así mesmo, tamén existen guías que analizan temáticas concretas como a atención ás dificultades de aprendizaxe (Delgado de Paiva, 2008), a presenza e tratamento da vellez (Zapico, 2012) ou os materiais de Educación Musical (Casal de la Fuente, 2017; Cores-Torres, 2017).

Nesta pregunta 24 preténdese saber se o profesorado coñece e utiliza estas, ou outras, guías de avaliación á hora de seleccionar os recursos de Educación Musical. Para isto proponse unha pregunta de resposta pechada tendo que indicar "si" ou "non" e no caso de marcar "si", especificar que guía ou guías de avaliación coñece.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Pregunta 25. Con que frecuencia intercambia materiais didácticos de Educación Musical con outros colexios ou docentes?**

Cunha táboa de dobre entrada indágase sobre a frecuencia (nunca, algunhas veces, bastantes veces e sempre) coa que o profesorado intercambia os diferentes tipos de materiais didácticos de Educación Musical (impresos, dixitais, sonoros e híbridos) con outros colexios ou docentes, fomentando así o traballo colaborativo e en rede.

**Pregunta 26. Pertence a algún grupo de docentes, formal ou informalmente constituído, que fai actividades relacionadas co deseño, utilización e produción de materiais didácticos?**

En estreita relación coa anterior pregunta, no ítem 26 preténdese valorar se os contactos con outros docentes, de existiren, son puntuais ou se constitúen en diferentes agrupamentos de carácter máis ou menos formal e se estes grupos teñen como eixe central a elaboración e adaptación dos materiais didácticos musicais. Para isto, formúlase unha pregunta de resposta pechada na que teñen que marcar "si" ou "non". No caso de indicar "si" tamén deben especificar a que grupo pertencen.

**Pregunta 27. Con que frecuencia colabora con outros docentes (dentro ou fóra do centro) para seleccionar ou elaborar materiais didácticos de Educación Musical?**

Péchase este bloque do cuestionario indagando sobre a frecuencia de colaboración (coa escala de nunca, algunhas veces, bastantes veces e sempre) con outros docentes para seleccionar ou elaborar materiais didácticos musicais. Como xa se dixo anteriormente, a coordinación docente entre o profesorado titor e os especialistas de Educación Musical é unha cuestión fundamental e imprescindible pero tamén é importante forxar sinerxías fóra do centro. Así mesmo, autoras como Díaz Gómez (2004) propoñen ir un paso máis alá e establecer esta coordinación non soamente con profesionais do propio centro educativo senón tamén con profesores de Escolas de Música e de institucións musicais próximas á contorna na que se atopa o colexio:

> Elaboración de materiales didácticos: de igual modo, la formulación de propuestas conjuntas impone coordinarlas con la labor educativa musical que realiza la escuela en sus diferentes ciclos de Primaria y las escuelas de Música, estableciendo líneas de convergencia entre los distintos



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> materiales. Para lo cual proponemos la elaboración conjunta de materiales didácticos. (Díaz Gómez, 2004, p. 7).

Nesta liña, en Galicia realizáronse diferentes experiencias de colaboración na elaboración de materiais didácticos musicais entre centros educativos e escolas de música. Por citar un exemplo, no ano 2017 a Escola de Música de Rianxo e o CEIP Ana Mª Diéguez de Asados desenvolveron un proxecto conxunto que consistiu na edición do libro-CD "Os soños na gaiola en concerto", caderno que contén o desenvolvemento do proxecto impulsado co motivo do Ano das Letras Galegas dedicado a Manuel María[26].

**Bloque 4. Utilización e valoración dos materiais didácticos musicais**

Este cuarto e último bloque do cuestionario está constituído por 13 preguntas (da 28 á 40, ambas as dúas incluídas) que recollen cuestións para determinar que materiais didácticos utilizan os docentes de Educación Musical nas súas aulas así como a opinión que posúen sobre os mesmos.

**Pregunta 28. Valore a preferencia, como docente, polos materiais didácticos de Educación Musical.**

Nesta pregunta trátase de indagar sobre a preferencia dos docentes polos diferentes tipos de materiais didácticos (impresos, dixitais, sonoros e híbridos) establecendo unha escala con 4 graos de preferencia: ningunha, pouca, bastante e moita. Introdúcese esta cuestión co obxectivo de analizar se existen relacións entre as preferencias docentes sobre os materiais didácticos e o seu uso nas aulas.

**Pregunta 29. Valore a preferencia do seu alumnado polos materiais didácticos de Educación Musical.**

En estreita conexión coa pregunta anterior e coa mesma formulación, pregúntaselle ao profesorado polas preferencias do alumnado acerca dos materiais didácticos de Educación Musical co

[26] Para consultar máis información: http://www.casamuseomanuelmaria.gal/noticias/mais-de-280-entidades-xa-contan-co-libro-cd-os-sonos-na-gaiola-en-concerto.htm?paxina=7

obxectivo de analizar se as preferencias de profesorado e alumnado son coincidentes ou pola contra diverxentes. Rego-Agraso e Marín (2019) afirman que o alumnado de Educación Primaria segue optando por materiais didácticos en formato impreso á hora de elixir os recursos e que utilizan os materiais didácticos dixitais de forma complementaria e supeditada a outros materiais máis tradicionais como pode ser o libro de texto en papel.

**Pregunta 30. En que lingua utiliza preferentemente os materiais didácticos musicais?**

Neste ítem preténdese analizar a lingua na que están escritos os materiais didácticos que utiliza o profesorado xa que a lingua galega é, xunto co castelán, a lingua oficial de Galicia ao recoñecerse a súa oficialidade na Constitución Española de 1978, tal e como se recolle no seu artigo terceiro:

> El castellano es la lengua española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho a usarla. Las demás lenguas españolas serán también oficiales en las respectivas Comunidades Autónomas de acuerdo con sus Estatutos. La riqueza de las distintas modalidades lingüísticas de España es un patrimonio cultural que será objeto de especial respeto y protección. (p. 29315).

Os centros educativos son institucións nas que se debe potenciar, coñecer e utilizar o galego deseñando os mecanismos necesarios para que se cumpran os principios establecidos tanto na Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia; na Lei de Normalización Lingüística (Lei 3/1983) como no Instrumento de ratificación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, asinada en Estrasburgo no 1992. Así mesmo, esta cuestión a nivel educativo regúlase mediante o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que fai referencia aos materiais didácticos, afirmando que: "os materiais e libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia" (p. 9245).

Por tanto, con esta pregunta identifícase se os materiais impresos, dixitais e híbridos que utiliza o profesorado están escritos en galego, castelán ou noutras linguas.

**Pregunta 31. Con que frecuencia utiliza co alumnado os materiais didácticos de Educación Musical?**

Nesta pregunta introdúcese unha táboa de dobre entrada para que os docentes marquen a frecuencia de utilización nas súas clases dos diferentes tipos de materiais didácticos destinados á Educación Musical, empregando unha escala con catro graos: nunca, algunhas veces, bastantes veces e sempre.

**Pregunta 32. Con que finalidade utiliza os materiais didácticos musicais?**

Este ítem ten como obxectivo recoller as finalidades coas que o profesorado utiliza os diferentes materiais didácticos de Educación Musical e, ao mesmo tempo, analizar se existen diferenzas entre os materiais impresos ou dixitais ou, se pola contra, son utilizados para conseguir os mesmos obxectivos didácticos. Para determinar a clasificación consultáronse os resultados obtidos por Gillanders (2011) e a súa proposta de finalidades que esta autora presentaba nunha táboa de continxencia (Medios empregados/finalidades polas que se utilizan os medios). De entre todas as pretensións pedagóxicas expresadas por esta investigadora seleccionáronse as seguintes: aclarar conceptos teóricos, avaliar os coñecementos adquiridos, captar a atención e motivar ao alumnado, desenvolver a creatividade, editar partituras, facilitar a autoaprendizaxe e personalizar a ensinanza, facilitar o intercambio de información do alumnado cos compañeiros e compañeiras, ofrecer un *feedback*, permitir o acceso a máis información, realizar actividades, facer arranxos musicais, reforzar o adestramento vocal e auditivo, traballar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e traballar en grupo.

**Pregunta 33. Utiliza libros de texto para traballar co alumnado?**

Esta cuestión céntrase especificamente na utilización do libro de texto debido a que diferentes autores afirman que é o “invento tecnológico más genuíno e idiosincrático de la institución escolar nacida a mediados del siglo XIX” (Area e González, 2015, p. 16). Así mesmo, o seu uso está moi estendido e na actualidade convive cos libros



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de texto dixitais xa que investigacións previas recollen que "permanece la omnipresencia del libro de texto mientras la percepción del profesorado es que el uso de las TIC no reduce protagonismo al libro de texto, ni parece que vaya a provocar su desaparición" (Rodríguez-Rodríguez e Martínez Bonafé, 2016, p. 320).

**Pregunta 34. En caso afirmativo á pregunta 33, en que cursos da Educación Primaria emprega o libro de texto?**

En estreita relación coa pregunta anterior, o ítem 34 pretende recoller en que cursos da Educación Primaria se emprega o libro de texto, tanto dixital como impreso, para saber se o seu uso se vencella coa idade do alumnado ou se emprega indistintamente nos seis cursos desta etapa educativa.

**Pregunta 35. En caso afirmativo á pregunta 33, con que frecuencia utiliza o libro de texto para as seguintes actividades?**

O obxectivo desta cuestión é indagar sobre a utilización do libro de texto, tanto impreso como dixital, nas sesións de música. Para isto, tomáronse como referencia as distintas pretensións pedagóxicas que propón Gillanders (2011) na súa tese de doutoramento en relación co libro de texto de Educación Musical: presentar un tema, abordar o currículo establecido, explicar conceptos, facilitar o recordo da información e reforzar os contidos, facilitar o traballo en grupo, completar as actividades que propón, cantar ou tocar as pezas e cancións que contén, avaliar e planificar as clases.

**Pregunta 36. Considera que os materiais dixitais de Educación Musical inclúen innovacións substanciais con respecto aos materiais impresos en relación aos seguintes aspectos?**

Nesta pregunta preténdese indagar sobre a percepción do profesorado acerca de cuestións que se consideran recomendacións á hora de deseñar e desenvolver materiais didácticos dixitais, tendo en conta a "Guía para la producción y uso de materiales didácticos digitales. Recomendaciones de buenas prácticas para productores, profesorado y familias" (Area, 2019). Neste documento elaborado a raíz do proxecto de investigación "La Escuela de la Sociedad Digital: Análisis y propuestas para la producción y uso de los contenidos digitales educativos", recóllense unha serie de suxestións sobre a proposta de actividades, a metodoloxía didáctica, o contido, os aspectos



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tecnolóxicos, o deseño e presentación-interface e a difusión e publicación na rede deste tipo de materiais. Para non facer moi extenso o cuestionario, sintetizáronse os aspectos máis salientables en once obxectivos: captar a atención e motivar ao alumnado, propiciar o traballo en grupo, facilitar a autoaprendizaxe, desenvolver proxectos, realizar actividades prácticas, permitir o acceso a máis información, facilitar a interacción entre o alumnado, compartir a información, atender á diversidade, fomentar a equidade e facilitar o acceso aos diferentes recursos e actividades.

**Pregunta 37. Mostre o seu acordo ou desacordo con respecto ás seguintes afirmacións.**

Esta pregunta 37 incide na definición de atención á diversidade que se recolle no Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. Deste xeito, no seu artigo 3 defínese a atención á diversidade como "o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado" (Decreto 229/2011, p. 37491).

En base a esta acepción, neste ítem preténdese coñecer en que medida os docentes de música de Educación Primaria consideran que os diferentes tipos de materiais didácticos musicais atenden á diversidade e, por tanto, se adaptan aos ritmos, intereses, contexto, diversidade lingüística e cultural e necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.

**Pregunta 38. Cando utiliza materiais didácticos de Educación Musical na súa clase, adoita realizar algunhas modificacións ou adaptacións dos mesmos?**

A adaptación dos materiais didácticos é unha fase moi importante na utilización dos mesmos xa que permite realizar modificacións en aras a que estean en consonancia coas características contextuais, do centro e do grupo-clase. Así mesmo, recentes investigacións afirman que o "profesorado tiende más a adaptar los materiales ya existentes, que a crear otros nuevos porque no se siente seguro en el proceso".



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Gallardo et al., 2021, p. 52). Cepeda et al. (2017) conclúen que a maioría dos materiais didácticos non inclúen adaptacións para persoas con diversidade funcional (auditiva e visual), polo que, os docentes que teñan na aula alumnado con estas características deberán atender á diversidade e adaptar o material na medida en que sexa posible. Por outra banda, a situación excepcional vivida polo coronavirus provocou que moitos materiais existentes tivesen que ser re-elaborados ou adaptados para dar resposta ás programacións didácticas (Rodríguez Rodríguez et al., 2020). Por estes motivos inclúese no cuestionario esta pregunta na que os docentes enquisados deberán elixir entre as opcións de resposta: nunca, algunhas veces, bastantes veces ou sempre.

**Pregunta 39. Elabora, como docente, materiais didácticos de Educación Musical? No caso de marcar SI, que tipoloxía de materiais elabora? Recibiu algunha axuda técnica e/ou económica?**

Este ítem pretende obter información acerca da elaboración de materiais didácticos de Educación Musical por parte do profesorado. Así mesmo, trátase de indagar que tipoloxía de materiais elaboran (impresos, dixitais ou híbridos) e se reciben algunha axuda técnica e/ou económica para a súa elaboración. Nesta cuestión é importante a tipoloxía dos materiais xa que outras investigacións previas atribúenlle precisamente aos materiais didácticos dixitais a vantaxe de que estes son máis facilmente elaborados polo profesorado de Educación Musical así como a posibilidade de seren compartidos posteriormente en bancos de recursos (Vicente Álvarez et al., 2019).

**Pregunta 40. O seu alumnado elabora materiais didácticos de Educación Musical? No caso de marcar SI, que tipoloxía de materiais elabora o alumnado?**

Finalmente, a pregunta 40 é moi semellante á anterior pero nesta ocasión analízase ao alumnado como produtor dos materiais didácticos de Educación Musical.

En último lugar, péchase o cuestionario preguntándolle aos docentes se lles gustaría participar na seguinte fase da investigación mediante a realización dunha entrevista e engádese un cadro para que poidan facer as observacións e/ou comentarios que consideren oportunos sobre a enquisa que acaban de cubrir.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

#### 5.2.2.2.2 Validación

O cuestionario final, presentado no apartado anterior, é o resultado do proceso de validación da versión inicial que se levou a cabo mediante a técnica de xuízo de expertos que consiste na "opinión informada de personas con trayectoria en el tema, que son reconocidas por otros como expertos cualificados en éste, y que pueden dar información, evidencia, juicios y valoraciones" (Escobar-Pérez e Cuervo-Martínez, 2008, p. 29).

Optouse por esta estratexia porque presenta moitas vantaxes como poden ser: a calidade das respostas obtidas, o nivel de afondamento da valoración proporcionada polos expertos, a facilidade da posta en acción e a non esixencia de moitos requisitos técnicos e humanos para poder levala a cabo (Cabero e Llorente, 2013).

Deste xeito, seleccionouse a un total de 13 expertos e expertas establecendo o cumprimento de polo menos un dos seguintes criterios:

- Docente de Educación Musical no ensino obrigatorio cunha experiencia mínima de 5 anos.
- Persoal investigador en Tecnoloxía Educativa e Materiais Didácticos cunha experiencia mínima de 5 anos.
- Persoal investigador en Didáctica da Educación Musical cunha experiencia mínima de 5 anos.

Con todos eles e elas contactouse por correo electrónico o 28 de novembro de 2019 e nesta mensaxe, que se pode ver no Anexo 2, incluíronse catro arquivos adxuntos:

- Cuestionario obxecto de validación en PDF.
- Cuestionario obxecto de validación en formato editable (Word).
- Documento en PDF explicando a metodoloxía seguida nesta tese de doutoramento.
- Instrumento para avaliar o cuestionario.

En canto a este último documento, o instrumento de avaliación do cuestionario (Anexo 3), constaba dunha breve introdución na que se lle solicitaba aos expertos e expertas información xeral: nome completo, actividade profesional, institución á que se atopa vinculado, data de avaliación do cuestionario e sinatura. A continuación incluíase unha



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

táboa de dobre entrada na que os validadores e validadoras tiñan que valorar a adecuación, relevancia e claridade de cada un dos ítems do cuestionario empregando unha escala do 1 ao 4. Así mesmo, dispoñían dun espazo a carón de cada pregunta para realizar observacións de carácter cualitativo. Finalmente, incorporábanse unha serie de cuestións abertas nas que os expertos e expertas podían expresar a súa opinión e valoración así como un espazo para que fixesen outras observacións que considerasen pertinentes:

- Considera que o cuestionario está ben estruturado conforme ás dimensións establecidas? Debería engadirse algunha outra dimensión?
- Considera adecuada a proposta de clasificación de materiais didácticos musicais que se propón (impresos, dixitais, sonoros e híbridos)?
- Considera que as opcións de resposta en cada unha das preguntas son adecuadas?
- Engadiría ou eliminaría algunha pregunta?

Neste mesmo correo electrónico establecíase un prazo de 20 días para realizar a validación (ata o 17 de decembro de 2019) e nese período recibíronse as respostas de 11 dos 13 expertos e expertas contactados, recolléndose a continuación os seus perfís profesionais:

- Dra. Carol Gillanders: Profesora da área de Didáctica da Expresión Musical, do departamento de Didácticas Aplicadas na Universidade de Santiago de Compostela.
- Dra. Rosa María Vicente Álvarez: Profesora da área de Didáctica da Expresión Musical, do departamento de Didácticas Especiais na Universidade de Vigo e mestra de Educación Primaria en activo.
- Dr. Fernando Fraga Varela: Profesor da área de Didáctica e Organización Escolar, do Departamento de Pedagoxía e Didáctica da Universidade de Santiago de Compostela e mestre de música, en activo, de Educación Primaria.
- Dra. Esther Vila Couñago: Profesora da área de Didáctica e Organización Escolar, do Departamento de Pedagoxía e Didáctica da Universidade de Santiago de Compostela e especialista en métodos de investigación.

- Dra. Almudena Alonso Ferreiro: Profesora no Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación da Universidade de Vigo e especialista en tecnoloxía educativa.
- Dra. Diana Marín Suelves: Profesora da área de Didáctica e Organización Escolar, do departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universitat de València.
- Dra. Isabel María Gallardo Fernández: Profesora da área de Didáctica e Organización Escolar, do departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universitat de València.
- Dr. Pablo Joel Santana Bonilla: Profesor da área de Didáctica e Organización Escolar, do departamento de Didáctica e Investigación Educativa da Universidad de La Laguna.
- Dra. Laura Tojeiro Pérez: Investigadora en Educación Musical na Universidade de Santiago de Compostela.
- Patricia Fernández Botana: Mestra de Educación Musical, en activo, na etapa de Educación Primaria.
- Xiao Somoza Rodríguez: Profesor de Educación Musical, en activo, na etapa de Educación Secundaria.

Tras a análise das respostas dos expertos e expertas realizáronse modificacións que consistiron en melloras na redacción e a corrección de erros lingüísticos, a unión dalgunhas preguntas por considerarse reiterativas (o borrador inicial tiña 52 preguntas e a versión final 40 cuestións) e a unificación da escala de resposta para que tivera catro graos (nunca, algunhas veces, bastantes veces e sempre) en todas as preguntas deste tipo. Así mesmo, tamén se modificou a introdución do instrumento co obxectivo de achegar máis información aos docentes incluíndo aspectos como o número de preguntas que contén o cuestionario, o tempo estimado de resposta e as dimensións nas que se divide.

##### 5.2.2.2.3 Etapas no envío do cuestionario



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha vez validado o cuestionario e construída a súa versión final foi enviado aos centros educativos. Para isto, dada a imposibilidade de obter os correos electrónicos dos docentes especialistas de Educación Musical, por non ser datos de carácter público, contactouse coa dirección dos centros educativos e solicitóuselle que lle reenviasen a información aos especialistas de Educación Musical. Este envío fíxose en dúas datas:

- 4 de febreiro de 2020: centros educativos da provincia de Ourense.
- 5 de febreiro de 2020: centros educativos das provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra.

O motivo de realizar o envío do correo electrónico en dúas datas diferentes foi para intentar corrixir os posibles erros que xurdisen no primeiro día, tratando que afectasen aos mínimos centros posibles (por exemplo: dificultade para acceder á ligazón do cuestionario, ou calquera outro problema técnico).

En canto ao correo electrónico, estaba conformado por un corpo que se pode consultar no anexo 6 e que servía de presentación, solicitábase a súa colaboración e agradecíase o tempo e traballo dedicado, incluíase a ligazón para cubrir o cuestionario mediante *Google Forms* e anexábase a carta de presentación destinada aos especialistas de Educación Musical en dous formatos (.doc e pdf).

Nesta carta de presentación (anexo 7) incluíase novamente a ligazón para cubrir o cuestionario, indicábase o tempo aproximado de resposta, a data límite de envío, proporcionábase un correo electrónico de contacto por se tivesen algunha dúbida e incorporábase a clasificación dos materiais didácticos de Educación Musical proposta nesta tese (impresos, dixitais, híbridos e sonoros), cunha breve explicación de cada tipoloxía para que á hora de cubrir o cuestionario soubesen a que facía referencia.

Posteriormente, pasado un mes do primeiro envío masivo de correos electrónicos e contando cun total de 122 respostas, concretamente o 10 de marzo de 2020, procedeuse a enviarlle a todos os centros educativos seleccionados un recordatorio co seguinte asunto: RECORDATORIO Solicitude colaboración tese de doutoramento (Materiais didácticos de Educación Musical) para incrementar o



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

número de respostas recibidas. Deste segundo recordatorio obtivéronse 29 respostas máis, chegando a un total de 151 cuestionarios dende o inicio do lanzamento do mesmo ata o 7 de abril de 2020.

Unha vez esgotadas as vías oficiais de lanzamento do cuestionario (correo electrónico) e debido ao confinamento provocado pola COVID-19, momento de moito traballo e saturación nos centros educativos xa que os docentes tiveron que adaptarse de xeito moi rápido e imprevisto á nova situación e ao proceso de ensinanza-aprendizaxe telemático, decidiuse divulgar o cuestionario por *WhatsApp* e por grupos de *Facebook* de docentes, de xeito que se chegou a un total de 204 respostas o 21 de xuño, dando por pechada a recollida de máis datos.

**Figura 28.** *Planificación temporal do envío do cuestionario*




### 5.2.2.3 Procedemento de análise de datos

Os datos obtidos no cuestionario que os docentes cubriron a través de *Google Forms* foron exportados ao programa estatístico SPSS. Neste proceso, foi necesario previamente codificar as variables e agrupar os valores dalgunhas delas como a idade.

A continuación leváronse a cabo análises descritivas univariables; en concreto frecuencias dos valores de cada unha das variables e distribucións porcentuais das respostas dadas polo conxunto da mostra.

Tamén se fixeron análises de frecuencias e porcentaxes das variables relativas ao uso dos materiais didácticos atendendo á idade, experiencia docente, formación inicial e tipo de centro, xa que permiten explorar as posibles diferenzas porcentuais en función das categorías de cada unha destas variables, o que nos aporta información relevante para acadar os obxectivos da investigación.

Finalmente, elaboráronse gráficas de barras e de sectores, en función do tipo de variable, que permiten unha máis clara e rápida interpretación dos resultados. Neste caso empregáronse as que nos facilita a aplicación *Google Forms,* e tamén se realizaron outras empregando o *Excel.*

### 5.2.3 Fase cualitativa

Unha vez analizados os datos dos cuestionarios, levouse a cabo a segunda fase do estudo, de carácter cualitativa, na que se empregou como técnica de recollida de datos a entrevista semiestruturada. Detállase a continuación o procedemento empregado para seleccionar a mostra de participantes e o proceso seguido na elaboración do guión da entrevista e a súa posterior aplicación.

#### 5.2.3.1 Mostra da fase cualitativa

Para establecer a mostra da fase cualitativa recorreuse ao último ítem do cuestionario no que se lles preguntaba aos docentes se estaban interesados en participar nunha segunda fase do estudo que consistía na realización dunha entrevista. Nesta pregunta do cuestionario obtívose a resposta afirmativa de 51 persoas, das cales se descartaron inicialmente un total de 10 por non poñer os datos de contacto (correo electrónico ou teléfono).

Nesta fase pretendíase entrevistar a un número reducido de persoas pero que responderan a perfís heteroxéneos en función da provincia, da antigüidade como mestre ou mestra de Educación Musical e da utilización dos diferentes materiais didácticos musicais (uso ou



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

rexeitamento do libro de texto, materiais didácticos de elaboración propia ou comerciais, etc.) e así obter unha visión máis rica e diversa das percepcións docentes. Non obstante, esta previsión inicial, como se verá nos resultados da entrevista, non foi posible porque non se obtiveron respostas positivas dalgúns dos perfís que se buscaban (por exemplo da provincia de Ourense). Finalmente, tras analizar estas variables nas persoas que contestaron afirmativamente, seleccionáronse un total de 7 docentes de Educación Musical que se identifican coas iniciais dos seus nomes e que presentan as características reunidas na seguinte táboa.

**Táboa 13.** *Caracterización dos participantes nas entrevistas*

| Código de identificación | Provincia na que traballan | Antigüidade docente Ed. Musical | Utilización e elaboración de materiais didácticos musicais |
|---|---|---|---|
| EMFG | Pontevedra | 4 anos | Uso de materiais diversos |
| APR | Pontevedra | 5 anos | Non emprega materiais impresos |
| LSS | Pontevedra | 9 anos | Non elabora materiais didácticos musicais |
| AOR | Pontevedra | 13 anos | Uso de materiais diversos |
| PSL | A Coruña | 11 anos | Blog persoal de difusión de materiais de elaboración propia |
| BR | A Coruña | 9 anos | Elaboración de materiais didácticos impresos e dixitais |
| MXLF | Lugo | 22 anos | Utilización do libro de texto |

#### 5.2.3.2 A entrevista

A entrevista permite unha maior riqueza da información proporcionada e compensa as principais limitacións do cuestionario que se recolleron en páxinas anteriores. Así mesmo, a entrevista tamén presenta vantaxes e limitacións que se enumeran a continuación.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 14.** *Vantaxes e limitacións das entrevistas*

| VANTAXES | LIMITACIÓNS |
|---|---|
| - Permite a obtención de información rica e contextualizada, dende a perspectiva da persoa entrevistada.<br>- A súa interactividade e flexibilidade permite reaxustar e clarificar preguntas e respostas.<br>- Proporciona, nos momentos iniciais dunha investigación, orientacións que permiten concretar o deseño ou preparar outros instrumentos.<br>- Favorece a transmisión de información non superficial.<br>- Adoita ser un complemento/contrapunto eficaz aos datos e ás informacións obtidas mediante instrumentos cuantitativos. | - A diferenza doutras técnicas, a entrevista implica un gran consumo de tempo, tanto no seu desenvolvemento, como no tratamento posterior dos datos.<br>- Proporcionan información indirecta, filtrada dende a perspectiva dos entrevistados.<br>- Proporcionan información nun lugar designado e non no contexto natural.<br>- A presenza do investigación pode sesgar as respostas.<br>- Non todas as persoas se expresan do mesmo modo e son igual de perceptivas.<br>- En comparación cos grupos de discusión, a entrevista non produce a información froito das sinerxías e efecto *bola de neve* propio do grupo. |

*Nota.* Elaboración propia a partir de Meneses e Rodríguez (2011).

Aproveitando as vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías, a entrevista realizouse en liña utilizando a plataforma de videoconferencias *Cisco Webex.*

O obxectivo das entrevistas é complementar a información obtida no cuestionario e formularlle aos participantes cuestións abertas relacionadas cos materiais didácticos musicais sobre as que puideran reflexionar e expresarse. Deste xeito, as entrevistas achegan moita información nesta tese de doutoramento porque enriquecen os datos do cuestionario e aumentan a interpretabilidade, o significado e a validez dos resultados da fase cuantitativa (Greene et al., 1989). Así mesmo, mediante as conversas establecidas, os docentes puideron amosar a súa opinión sobre a utilización, valoración, uso e formación dos materiais didácticos musicais sen estar condicionados pola selección dunha resposta en concreto de entre as proporcionadas pola investigadora. Ademais, algunha das preguntas da entrevista incidían na explicación de datos obtidos no cuestionario e que chamaban á atención coma o



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

descenso nos últimos anos da utilización do libro de texto en Educación Musical. En definitiva, empregar unha metodoloxía mixta de investigación cun modelo secuencial explicativo favorece, coa realización das entrevistas, a comprensión enriquecida e elaborada da percepción dos docentes de música sobre os materiais didácticos musicais a partir dos datos do cuestionario (Greene et al., 1989). Tendo en conta que a percepción docente engloba gran cantidade de elementos subxectivos que conforman a identidade de cada mestre ou mestra, era necesario realizar un achegamento o máis personalizado posible para tratar de responder aos obxectivos da investigación.

##### 5.2.3.2.1 Deseño da entrevista

Óptase por deseñar unha entrevista semiestruturada porque é o tipo de entrevista máis flexible, ao permitir realizar preguntas de seguimento e afondamento en función das respostas vertidas polo entrevistado (Jorrín et al., 2021). Deste xeito, a entrevista organizouse ao redor de seis bloques temáticos fundamentais que contiñan unha serie de preguntas chave que axudaban a guiar a conversa.

Para establecer estes bloques temáticos tívose en conta o guión das entrevistas utilizadas no proxecto de investigación "La escuela de la sociedad digital: análisis y propuestas para la producción y uso de los contenidos digitales educativos" dirixido por Manuel Area Moreira xa que un dos obxectivos deste proxecto era coñecer a percepción dos docentes de Educación Primaria sobre os materiais didácticos, en concreto os dixitais. Por tanto, apréciase como esta tese de doutoramento se atopa en estreita relación co proxecto de investigación aínda que de xeito específico se centra na Educación Musical e abrangue unha tipoloxía de materiais didácticos máis ampla, incluíndo os impresos, os sonoros e os híbridos (ademais dos dixitais).

En definitiva, a entrevista semiestruturada deseñada dividiuse nos seguintes seis bloques fundamentais:

1. Información xeral e datos de identificación
2. Posto de traballo
3. Formación inicial e continua
4. Valoración dos materiais didácticos musicais
5. Utilización dos materiais didácticos musicais



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6. Elaboración de materiais didácticos musicais

**1. Información xeral e datos de identificación**

Neste primeiro bloque da entrevista preténdese obter información xeral sobre o participante que pode ser de interese para interpretar e discutir os datos achegados nas demais dimensións. Por tanto, pregúntaselle o seu sexo, a idade e a antigüidade como docente de Educación Musical.

**2. Posto de traballo**

Nesta segunda dimensión recompílase información sobre o centro educativo no que se atopa na actualidade desempeñando o seu traballo. Inclúense diferentes preguntas relacionadas coa titularidade, o tamaño do centro, as funcións que realiza no mesmo, etc. ao considerar, novamente, que as características do centro educativo poden influír na percepción do docente sobre os materiais didácticos de música.

De xeito máis específico neste bloque realízanse as seguintes cuestións:

- Que perfil de contrato tes na actualidade (provisional, definitivo, etc.)?
- En que centro educativo estás traballando neste curso?
- Cantas unidades ten o centro?
- Cantos anos levas exercendo nese centro educativo?
- É un centro público, privado ou concertado?
- O centro participa ou participou nalgún proxecto vinculado coa Educación Musical?
- Desempeñas actualmente algún cargo de xestión (dirección, xefatura de estudos, secretaría, coordinacións, etc.)?
- En que niveis impartes música?
- Tes ao teu cargo algunha titoría? En que nivel?
- Ademais de música, impartes outras materias? Cales?

**2. Formación inicial e continua**

Ao igual que acontecía no cuestionario, a formación inicial e continua dos docentes de música é un bloque temático transcendental nesta tese de doutoramento. Esta dimensión constrúese, primeiramente, partindo da formación inicial coa que acceden á docencia, para analizar posteriormente a formación continua que realizaron unha vez que xa son docentes de Educación Musical. Así mesmo, as preguntas artéllanse



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de xeito que se comeza por cuestións xerais sobre a Educación Musical e en función das súas respostas vanse guiando a cuestións máis específicas sobre os materiais didácticos musicais, tal e como se pode apreciar na seguinte relación de preguntas:

- A nivel xeral, poderías explicarme brevemente con que formación inicial comezaches a impartir clases de música (carreira, estudos en conservatorio, escolas de música, etc.)?
- Co paso dos anos e paralelamente ao teu desenvolvemento profesional, realizaches algunha actividade de formación continua? De que tipo e sobre que ámbitos da Educación Musical?
- No caso de responder afirmativamente, onde recibiches esta formación? Quen a imparte e/ou financia?
- Centrándonos nos materiais didácticos, que tipo de formación recibiches (tanto inicial como continua) en relación co USO de materiais didácticos? En que tipoloxía de materiais se centraba? Como a valoras?
- Que tipo de formación recibiches para a CREACIÓN de materiais didácticos? En que tipoloxía de materiais se centraba? Como a valoras?
- Que eivas lle atopas á túa formación docente con respecto aos materiais didácticos?
- Que suxestións achegarías para mellorar a formación no ámbito dos materiais didácticos?

**3. Valoración dos materiais didácticos musicais**

Neste bloque da entrevista inclúense preguntas relacionadas coas preferencias dos docentes en relación cos materiais didácticos musicais. En concreto, faise fincapé nos materiais impresos fronte aos dixitais ou os híbridos e incídese nas vantaxes e desvantaxes dos materiais dixitais. Así mesmo, alúdese aos libros de texto de Educación Musical, tanto impresos como dixitais, e faise referencia aos datos obtidos no cuestionario *online* que indican un gran descenso da súa utilización nos últimos anos. As preguntas que se recollen neste bloque temático son as seguintes:



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Que materiais prefires como docente, os impresos, os dixitais, os sonoros ou os híbridos? Por que?
- Que materiais prefire o teu alumnado: os impresos, os dixitais, os sonoros ou os híbridos? Por que?
- Cal é a túa opinión sobre os libros de texto de Educación Musical, ben sexan impresos ou dixitais?
- Analizados os datos obtidos nesta investigación e en contraposición cos datos doutras investigacións previas, diminuíu moito a utilización do libro de texto en Educación Musical, a que cres que pode deberse?
- Centrándonos agora nos materiais dixitais, consideras que é importante utilizar materiais didácticos dixitais nas clases de música? Por que?
- Que vantaxes ten para ti o uso de materiais dixitais nas clases de música?
- Que dificultades ten para ti o uso de materiais dixitais nas clases de música?
- Finalmente, de xeito xeral, dende o punto de vista da atención á diversidade, cales pensas que son os materiais máis adecuados para utilizar nas clases de música?

**4. Utilización dos materiais didácticos musicais**

Na quinta dimensión da entrevista alúdese á utilización dos materiais didácticos musicais no día a día das aulas. Para isto, pídeselle aos docentes que indiquen exemplos concretos de como empregan os materiais didácticos, explicando diferentes actividades e que aspectos do currículo están traballando. Ademais, tamén se fai incidencia en como acceden aos materiais didácticos de Educación Musical e canto inverten anualmente nos recursos. As preguntas que se recollen neste cuarto bloque son as seguintes:

- Nas túas clases de música, que tipo de materiais utilizas (impresos, dixitais, sonoros, híbridos)? Cales empregas con maior frecuencia? Poderías poñer algún exemplo de actividade que realizas con algúns dos materiais que citaches?



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Centrándonos agora nos materiais didácticos dixitais, como os utilizas na túa aula? Que aspectos do currículo traballas con eles? Podes indicar algún exemplo?
- En xeral, como accedes aos diferentes materiais didácticos de Educación Musical? Onde buscas estes materiais e por que os escolles?
- Canto invertes ao ano, aproximadamente, en materiais didácticos?

**5. Elaboración de materiais didácticos musicais**

Finalmente, a última dimensión da entrevista focalízase na elaboración dos materiais didácticos musicais tanto por parte do alumnado coma do profesorado e faise fincapé na súa financiación e posterior difusión.

- Elaboras materiais didácticos musicais? De que tipoloxía? Cales son os motivos que te animan a elaborar estes materiais?
- No caso de responder afirmativamente á anterior pregunta, elaboras os materiais ti só ou con outros docentes?
- Recibiches algunha vez financiación para a elaboración de materiais didácticos?
- Que problemas ou dificultades atopas para elaborar materiais didácticos de Educación Musical? Como os solucionas?
- Difundes os materiais didácticos de música (publicación, web, *blog*, espazos virtuais, etc.? Como se chama a web ou *blog*?
- Algunha vez o teu alumnado elaborou materiais?

##### 5.2.3.2.2 Validación

Unha vez deseñado o primeiro borrador do guión da entrevista e cos mesmos motivos que os alegados anteriormente na elaboración do cuestionario, este foi validado mediante o xuízo de expertos.

Para isto seleccionouse a catro persoas, das cales tres xa participaran na validación do cuestionario e, por tanto, coñecían en detalle os obxectivos desta investigación.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Con todos elas contactouse por correo electrónico o 5 de maio de 2022 e nesta mensaxe que se pode ver no Anexo 9 incluíronse tres arquivos adxuntos:

- Guión da entrevista en formato editable (Word).
- Guión da entrevista en PDF.
- Instrumento de avaliación da entrevista.

En canto a este último documento, o instrumento de avaliación da entrevista (Anexo 10), constaba dunha breve introdución na que se lle solicitaba aos expertos e expertas información xeral: nome completo, actividade profesional, institución á que está vinculado, data de avaliación da entrevista e sinatura. A continuación incluíase unha táboa de dobre entrada na que as expertas tiñan que valorar do 1 ao 4 (sendo 1 a puntuación máis baixa e o 4 a máis alta) a adecuación, a relevancia e a claridade de cada un dos seis bloques nos que se estruturaba a entrevista. Así mesmo, tiñan un espazo a carón de cada ítem para realizar observacións ou modificacións de preguntas. Finalmente, incorporábanse unha serie de cuestións abertas nas que as expertas podían expresar a súa opinión e valoración así como un espazo para que fixesen outras observacións que considerasen pertinentes:

- Considera que a entrevista está ben estruturada conforme ás dimensións establecidas? Debería engadirse algunha outra dimensión?
- Engadiría ou eliminaría algunha pregunta?

Neste mesmo correo electrónico establecíase un prazo de 20 días para realizar a validación (ata o 24 de maio de 2022) e nese período recibíronse as respostas das 4 expertas coas que se contactou, recolléndose a continuación os seus perfís profesionais:

- Dra. Carol Gillanders: Profesora da área de Didáctica da Expresión Musical, do departamento de Didácticas Aplicadas na Universidade de Santiago de Compostela.
- Dra. Ana Rodríguez Groba: Profesora no Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago de Compostela, experta en Tecnoloxía Educativa.
- Dra. Esther Vila Couñago: Profesora no Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela, experta en Metodoloxía de Investigación.

- Dra. Diana Marín Suelves: Profesora da área de Didáctica e Organización Escolar, do departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universitat de València.

En relación coa validación realizada polas expertas, todas as dimensións da entrevista foron valoradas coa máxima puntuación polas catro (tanto en adecuación como en relevancia e claridade) a excepción do primeiro bloque – información xeral e datos de interese, e o terceiro bloque – formación inicial e continua, que unha das persoas outorgoulle en adecuación un 3 sobre 4. Coas observacións incluídas nos documentos de avaliación fixéronse modificacións nas entrevistas que consistiron na inclusión de preguntas relacionadas coa participación dos centros educativos en proxectos vinculados coa Educación Musical, a formación inicial coa que os docentes comezaron a impartir clases de música, o acceso aos materiais didácticos de Educación Musical e a financiación para a elaboración destes recursos. Por outra banda, tamén se eliminaron dúas preguntas relacionadas coas vantaxes e desvantaxes da utilización dos materiais didácticos dixitais por atoparse repetidas en dous bloques diferentes da entrevista.

#### 5.2.3.2.3 Etapas na realización das entrevistas

Unha vez construído o guión final da entrevista contactouse por correo electrónico con 7 persoas que manifestaran no cuestionario interese por participar na entrevista coa finalidade de valorar se seguían tendo dispoñibilidade e, de ser o caso, fixar unha data entre finais de maio e principios de xuño.

Nesta primeira toma de contacto responderon un total de 4 persoas manifestando a súa dispoñibilidade para participar e fixáronse as datas correspondentes. Non obstante, como neste primeiro contacto non se conseguiu o número de participantes desexado, realizouse un segundo chamamento o 31 de maio no que se lle escribiu a outras 7 docentes das que 3 responderon amosando interese. Deste xeito, alcanzouse un total de 7 participantes para a realización das entrevistas semiestruturadas.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 29. *Temporalización dos contactos establecidos para a realización das entrevistas*

**1º contacto - 5 de maio de 2022**
**8 persoas contactadas**

- 4 respostas afirmativas
- 4 non responderon

**2º contacto - 31 de maio de 2022**
**7 persoas contactadas**

- 3 respostas afirmativas
- 3 non responderon
- 1 non tiña dispoñibilidade

**Total**

- 7 persoas entrevistadas

Tal e como xa se explicou anteriormente, as entrevistas realizáronse mediante a plataforma *Cisco Webex* entre o 25 de maio e o 7 de xullo de 2022. Optouse por esta aplicación de videochamadas porque é a que se está utilizando na actualidade nos colexios públicos dependentes da Consellería de Educación e considerouse que así os docentes terían máis facilidades para o dominio da plataforma e evitar que xurdisen problemas á hora de establecer a conexión. Non obstante, unha das persoas entrevistadas non foi capaz de conectarse por esta vía e a entrevista realizouse por videochamada de *WhatsApp*. Todas as entrevistas foron gravadas en vídeo e en audio, xa que a propia aplicación permite esta funcionalidade, e ademais, tamén se rexistraron en audio coa gravadora do teléfono móbil, por se houbese algún problema dispoñer de dúas copias da entrevista.

Na seguinte táboa preséntase a data e hora de realización de cada entrevista, as iniciais dos docentes entrevistados (que se utilizarán como códigos de identificación) así como a duración das conversas.

**Táboa 15.** *Datas, horas e duración das entrevistas realizadas*

| DATA | HORA | ENTREVISTADO/A | DURACIÓN |
|---|---|---|---|
| 25/05/2022 | 16.00 | LSS | 00:28:38 |
| 01/06/2022 | 20.00 | APR | 01:05:40 |
| 02/06/2022 | 16.30 | MXLF | 01:04:39 |
| 02/06/2022 | 18.00 | BR | 00:47:51 |
| 03/06/2022 | 16.30 | EMFG | 00:36:18 |
| 09/06/2022 | 18.00 | PSL | 00:47:51 |
| 07/07/2022 | 12.00 | AOR | 00:54:48 |

Unha vez realizadas as sete entrevistas comezouse co proceso de transcrición das mesmas durante o mes de xullo e a posterior análise de datos.

### 5.2.3.3 Procedemento de análise de datos

Unha vez rematadas as entrevistas aos sete docentes de Educación Musical que imparten na etapa de Educación Primaria, comezouse co procedemento de análise de datos. Primeiramente fíxose a transcrición de forma literal, conservando o sentido e contido das entrevistas realizadas aos participantes, identificando, por tanto, a apertura e peche de cada intervención e os conectores, tal e como expón Silverman (2006). A continuación, realizouse a análise cualitativa co Atlas.ti comezando coa codificación, resultando 617 citas, agrupadas en 29 categorías referidas á formación inicial e continua do profesorado (críticas, modalidade de formación, suxestións de mellora, etc.), á utilización dos materiais didácticos musicais (preferencias, vantaxes, desvantaxes, tipoloxía) e á elaboración dos materiais de Educación Musical (adaptación, difusión, colaboración). O establecemento de categorías baseouse nun procedemento mixto: indutivo-dedutivo (Rodríguez Gómez et al., 1996; Tójar, 2006). Por unha banda, tívose en conta o marco teórico e os aspectos incluídos no guión da entrevista e no cuestionario aplicado no marco do estudo cuantitativo; e, por outra, emerxeron novas categorías a medida que se examinaban os datos, ampliando o marco comprensivo das categorías anteriores. Posteriormente, creáronse táboas -de frecuencias e de síntese de información- para organizar a información, os conceptos e as súas

relacións, tal e como describen Clarke e Braun (2013) para, en último lugar, presentar a análise cualitativa nos seis núcleos temáticos que conformaban a entrevista e que recollen toda a información achegada polos suxeitos participantes.

Finalmente, realizouse unha integración dos resultados cuantitativos e cualitativos obtidos na primeira e na segunda fase do estudo (Creswell, 2014), coa finalidade de ofrecer unha perspectiva máis completa da percepción dos docentes de música acerca dos materiais didácticos musicais.

## 5.3 PECHE

Chegados a este punto é o momento de poñer fin ao capítulo da estratexia metodolóxica no que se relatan e argumentan todas as decisións tomadas ao longo do proceso de construción da tese de doutoramento. De especial importancia foi o traballo relacionado coa elaboración *ad hoc* do cuestionario e a entrevista. Ambas as dúas técnicas de recollida de datos están artelladas de tal modo que acheguen a información necesaria para realizar unha aproximación á percepción dos docentes de Educación Musical sobre os materiais didácticos musicais, incidindo na súa formación, valoración, utilización e elaboración dos mesmos, tal e como se verá nos resultados que se inclúen no seguinte capítulo.

Por unha banda, o cuestionario ofrece a posibilidade de chegar a unha gran cantidade de docentes de Educación Musical e obter unha perspectiva panorámica e xeral da súa percepción acerca da formación, utilización e valoración dos materiais didácticos musicais. Por outra banda, as entrevistas enriquecen e complementan os datos do cuestionario e inciden nas opinións persoais dos participantes seleccionados para, en último lugar, integrar todos os resultados obtidos.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# CAPÍTULO 6. PRESENTACIÓN DOS RESULTADOS

## 6.1 INTRODUCIÓN

Neste sexto capítulo preséntanse os resultados obtidos no cuestionario e nas entrevistas realizadas aos docentes de Educación Musical na etapa de Educación Primaria. O obxectivo deste capítulo é reflectir a percepción dos docentes acerca dos materiais didácticos musicais facendo fincapé na súa formación, uso, coñecemento e valoración.

Para isto, este capítulo divídese en tres apartados. Os dous primeiros dan conta dos achados obtidos a partir das dúas técnicas de recollida de datos empregadas: o primeiro apartado céntrase nos resultados cuantitativos e o segundo apartado recolle os xurdidos a partir das entrevistas realizadas. No terceiro apartado preséntase unha integración xeral de todos os resultados obtidos.

Para a presentación e discusión dos resultados cuantitativos séguese a estrutura do cuestionario segundo as súas dimensións. Ademais, ofrécense resultados das variables relevantes no estudo en función de distintos subgrupos da mostra.

Os resultados cualitativos preséntanse tomando como referencia os bloques nos que se dividía a entrevista, apóianse coas citas textuais dos participantes e con táboas de frecuencia.

Finalmente, exponse unha síntese que integra os resultados de ambas as fases.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## 6.2 RESULTADOS CUANTITATIVOS

A continuación realízase a presentación e interpretación dos resultados cuantitativos obtidos a partir dos cuestionarios electrónicos. Para isto faise unha análise seguindo as dimensións propostas no instrumento.

### 6.2.1 Información xeral e datos de identificación

En primeiro lugar cómpre facer unha breve descrición das principais características das persoas que cubriron o cuestionario para coñecer, en termos xerais, o obxecto de estudo. Saber, en definitiva, a composición da mostra segundo o xénero, idade, tipo de centro no que traballa e antigüidade, experiencia laboral así como a súa formación inicial.

*Xénero*

Tal e como se pode apreciar na seguinte gráfica, os docentes que cubriron o cuestionario son maioritariamente mulleres (132 respostas), representando o 66% do total da mostra mentres que os homes (68 respostas) representan o 34%. Ao comparar este dato con estudos previos pódese apreciar un pequeno aumento na porcentaxe de homes xa que na investigación realizada por Vicente Álvarez (2012), os docentes masculinos de Educación Musical na etapa de Primaria roldaban o 30%. Ningunha persoa se identificou co valor "outro". Esta distribución é bastante similar á da poboación de persoal docente en Galicia[27].

[27] IGE, resultados provisionais para o 2020 "Ensinanza non universitaria. Profesorado en centros de titularidade pública segundo o sexo".



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 30.** *Distribución por xénero*




*Idade*

Aínda que no cuestionario esta pregunta era de resposta aberta, os resultados obtidos agrupáronse nos seguintes intervalos idades:

- Menos de 35 anos
- Entre os 35 e os 49 anos
- 50 anos ou máis

Esta distribución realizouse tendo en conta a clasificación proposta por Torres Herrera (2005) da identidade profesional docente a través das etapas do ciclo da vida que establece ata os 35 anos os docentes noveis e o inicio da consolidación; entre os 35 e os 49 a plenitude docente e o inicio da dispersión e a partir dos 50 a preparación da saída e posteriormente a saída en si.

En relación coa idade, a media sitúase nos 40 anos. Máis da metade das persoas entrevistadas (54%) teñen unha idade entre os 35 e os 49 anos, o 30% da mostra ten menos de 35 anos e o 16% ten 50 anos ou máis, sendo este o grupo menos numeroso. Estes resultados difiren da distribución por idades da poboación galega xa que a mostra obtida ten

un perfil de idade máis novo[28]. Non obstante, os datos obtidos coinciden co estudo realizado na comunidade autónoma galega por Chao Fernández et al. (2015) que sitúa a media dos docentes entre 41 e 50 anos.

**Figura 31.** *Distribución por idade*




*Localización dos centros*

En canto á distribución da mostra por provincias obsérvase, tal e como se reflicte no gráfico, que A Coruña é a provincia con maior representación, con 84 respostas o que equivale ao 42% da mostra. A segunda provincia con maior número de respostas (con 67) é Pontevedra, o que representa o 33,5%. En terceiro lugar atópase Lugo (co 17,5% e 35 respostas) e finalmente, co menor índice de respostas (14) está Ourense que representa o 7% da mostra.

[28] INE, Padrón municipal de habitantes para 2020 (21-01-2021).

**Figura 32.** *Distribución por provincias*




### *Titularidade e tipoloxía de centros*

A gran maioría do profesorado que participou nesta investigación pertence a centros públicos, representando o 87% da mostra, dos cales a maioría (o 86%) son docentes que traballan en Colexios de Educación Infantil e Primaria (os denominados CEIP). Os centros concertados acadan o 12% mentres que os centros privados representan menos do 1%.

Figura 33. *Distribución por titularidade do centro educativo*



Por outra banda, en relación coa tipoloxía de centro, cómpre lembrar que neste estudo participan docentes de Educación Musical que imparten en Educación Primaria, polo que os centros que non ofertan esta etapa educativa quedaron excluídos da mostra (por exemplo os Institutos de Ensino Secundario ou as Escolas de Educación Infantil). A gran maioría dos docentes enquisados traballan en Centros de Educación Infantil e Primaria, tal e como se recolleu no parágrafo anterior, o 11% dos docentes pertencen a Centros Públicos Integrados (CPI) e o resto de tipoloxías acadan unhas porcentaxes marxinais (4 persoas traballan en Colexios Rurais Agrupados -CRA- e 1 persoa traballa nun Centro de Educación Primaria -CEP).

**Figura 34.** *Distribución por tipoloxía de centro*




## *Clasificación respecto ás tecnoloxías*

No referente á participación dos centros educativos en plans relacionados coa dotación de tecnoloxía e materiais didácticos dixitais, o 40,5% dos docentes participantes traballan en centros que están suxeitos ao programa E-dixgal mentres que o 31,5% exercen o seu labor en centros Abalar. Por tanto, obsérvase como o 72% dos docentes están en centros educativos nos que se participa nalgún programa relacionado coa Estratexia Dixital posta en marcha pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, fronte ao 28% que non participa neles.

**Figura 35.** *Distribución dos centros respecto á participación en programas de Educación Dixital*




*Experiencia docente*

En canto á experiencia como docentes de Educación Musical, preto dunha cuarta parte da mostra conta con máis de 20 anos de experiencia. En xeral, estase a falar dun colectivo con bastante experiencia, xa que case o 58% supera os 10 anos de docencia.

**Figura 36.** *Distribución por experiencia docente*




Segundo o xénero percíbese unha certa feminización da profesión, posto que nos tramos de maior antigüidade a presenza masculina é

maior. En cambio, entre as persoas de menos de 10 anos de experiencia, a proporción é, polo xeral, superior a 8 mulleres de cada 10 docentes.

**Figura 37.** *Relación entre os anos de experiencia e o xénero*




## *Antigüidade no centro*

Por outra banda, en relación coa antigüidade que levan os docentes no centro actual, o 57% ten unha antigüidade menor de 5 anos. O 31% dos enquisados leva entre 6 e 15 anos no colexio actual e unicamente o 12% leva 16 ou máis anos.

Figura 38. *Antigüidade no centro actual*



*Situación administrativa*

A maioría do persoal docente enquisado ten unha praza definitiva, concretamente, o 77%, valor que coincide coa investigación levada a cabo por Vicente Álvarez (2012) na que o persoal definitivo representaba o 77,46% da súa mostra. Este feito considérase positivo porque lle outorga estabilidade ao profesorado e a posibilidade de certa permanencia nos proxectos e programas que poñan en marcha. A situación de interinidade representa o 13% e as prazas provisionais ocupan o 8% da mostra. Segundo xénero, mantense practicamente a mesma proporción que na mostra, cunha maioría de mulleres.

**Figura 39.** *Situación administrativa actual dos docentes*




*Niveis educativos nos que imparten docencia*

A práctica totalidade dos docentes que cubriron o cuestionario imparten clase en toda a etapa de Educación Primaria, dende 1º ata 6º de Educación Primaria. Ademais, 149 mestres e mestras (o que representa o74,5% da mostra) tamén exercen en Educación Infantil.

**Figura 40.** *Nivel educativo no que imparten docencia*




*Titulacións académicas*

En relación coas titulacións que posúen os docentes, a proporción de mestres e mestras que teñen a diplomatura en Maxisterio en Educación Musical (o 34,5%) e o Grao de Mestre/a coa especialidade en Educación Musical (33%) é moi semellante. Ademais, ao agrupar estas dúas categorías obsérvase como máis da metade da mostra posúen estas titulacións. Así mesmo, o 40% dos docentes cursaron ensinanzas artísticas de grao medio e o 41% afirma que dispón doutras diplomaturas, licenciaturas ou graos destacando Historia e Ciencias da Música, Educación Infantil, Pedagoxía ou Psicopedagoxía. Por tanto, obsérvase como a mostra está formada por docentes que teñen inquedanzas pola súa formación complementando a titulación de acceso á función docente con outros estudos, tal e como tamén se recollía no traballo de Gillanders (2012).

**Figura 41.** *Titulacións académicas dos docentes*




### 6.2.2 Formación inicial e continua

Neste bloque de preguntas trátase de indagar na percepción docente en relación coa súa formación, tanto inicial como continua, para coñecer como valoran a formación recibida e como de preparados se senten para utilizar nas aulas os materiais didácticos musicais.

*Actividades de perfeccionamento profesional*

En relación coa formación permanente do profesorado, o 81,5% dos docentes afirmaron ter participado nalgún tipo de actividade de perfeccionamento profesional. Ao comparar estes datos cos obtidos nunha investigación similar hai unha década por Vicente Álvarez (2012), pódense valorar como moi positivos xa que fronte ao 57,08% que afirmaba participar en actividades formativas relacionadas coa investigación, aplicación e/ou deseño de materiais para a música ao

redor do ano 2010 na actualidade esta porcentaxe incrementouse ata o 81%.

Dentro destas modalidades de formación, a máis popular son os cursos cun 77% do total, cunha cifra moi superior á segunda (xornadas e congresos) que conta cun 55,8%. En relación aos seminarios e grupos de traballo, o 32% dos enquisados afirma ter participado nalgunha ocasión mentres que unicamente o 16% participou en actividades organizadas polos colectivos de renovación pedagóxica.

**Figura 42.** *Participación en actividades de perfeccionamento profesional*




Figura 43. *Tipoloxía de actividades de perfeccionamento profesional*




Tal e como se pode observar na gráfica, a tipoloxía predominante son os cursos de formación que, polo xeral, correspóndense cun modelo de formación vertical que se centra nos contidos técnicos e que leva aos docentes a adquirir coñecemento ou habilidades por medio da

instrución individual ou grupal a través dunha formación que outros deciden (Imbernón, 2017). Este mesmo autor defende a necesidade doutras modalidades de formación, coma os seminarios e grupos de traballo, nas que:

> El profesorado es constructor de conocimiento pedagógico de forma individual y colectiva. Lo que se pretende desarrollar en el profesorado es la capacidad de modificar las prácticas educativas, de buscar alternativas de cambio en los centros con los compañeros de trabajo (...). Y se vislumbra con claridad que hay que acercar al máximo la formación a los centros y a los territorios, trabajar colectivamente, reflexionar sobre lo que se hace partiendo de las necesidades reales y sentidas del profesorado y teniendo como referente el aprendizaje del alumnado. (Imbernón, 2017, pp. 62-63).

A preferencia dos docentes por modalidades de formación predominantemente individuais coma os cursos e xornadas e congresos tamén se manifestou na recente investigación levada a cabo por Pinaque (2021) en relación co profesorado de Educación Primaria que traballa con alumnado con Trastorno do Espectro Autista. Deste xeito, moi en consonancia cos resultados obtidos nesta investigación, Pinaque (2021) recolle que o 66% e o 61% dos docentes asistiron a cursos e xornadas mentres que só o 29,5% participaron en grupos de traballo ou seminarios permanentes, aludindo que estas iniciativas grupais adoitan esixir un traballo máis custoso e activo por parte dos participantes.

Por outra banda, en canto ás dificultades para participar en actividades de perfeccionamento profesional, o 83% dos enquisados atopa algunha dificultade á hora de participar neste tipo de actividades mentres que tan só un 17% afirma non atopar ningún tipo de atranco. Entre estas dificultades, a principal cun 56,5% é a falta de tempo, en máis de 1 de cada 2 docentes. Case un terzo da poboación (32%) indica como principal inconveniente o descoñecemento sobre estas accións formativas e un 10,5% do profesorado considera insuficiente a oferta dispoñible. Pola contra, razóns coma o custo, as dificultades por desprazamento, a conciliación laboral e familiar ou a oferta de pouca



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

calidade, foron motivos elixidos por moi poucos docentes (entre o 1 e o 6%). Estes resultados volven coincidir cos achegados na investigación de Pinaque (2021) na que tamén as dúas dificultades maioritarias son o descoñecemento e a falta de tempo.

**Figura 44.** *Razóns que dificultan a participación en actividades de perfeccionamento*




Así mesmo, algúns docentes marcaron a resposta de "outras razóns" e manifestaron as seguintes:

- Pouca oferta por parte da Consellaría no ámbito musical.
- Sempre se realizan lonxe da mariña lucense.
- En ocasións, pouca oferta ou moi espallada polo territorio.
- Case todas as formacións interesantes son lonxe da miña zona.
- A maioría das actividades interesantes son en horario laboral.
- Entendo que o perfeccionamento debería facerse en horario de traballo.
- A oferta non é elevada, concéntrase en poucas localizacións do territorio galego e non coñezo oferta de cursos *online* sobre materiais didácticos propios da Educación Musical.

- Non hai moita demanda por parte da administración, polo tanto hai que buscalas fóra e pagalas.

Non obstante, cómpre destacar que en Galicia nos últimos anos estanse levando a cabo diferentes iniciativas formativas relacionadas cos materiais didácticos coma a xornada “Os recursos educativos en galego: A educación musical” celebrada o 21 de novembro de 2018 na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela cuxos obxectivos eran:

- Coñecer os recursos educativos existentes en lingua galega para a Educación Musical.
- Definir estratexias e criterios para buscalos e escolmalos.
- Promover a creación de recursos educativos e materiais didácticos propios adaptados ás necesidades contextuais e lingüísticas de Galicia.
- Impulsar a difusión de experiencias educativas centradas na utilización e elaboración de recursos didácticos en lingua galega.

A nivel internacional, tamén se celebrou en Galicia o I Simposio Internacional de Educación Musical e Materiais Didácticos, concretamente en Santiago de Compostela entre o 24 e o 25 de xaneiro de 2019 coa finalidade de ofrecer un espazo común para o debate a todos os docentes e investigadores a través de diferentes liñas de investigación:

- Análise das aplicacións informáticas abertas e pechadas: a súa utilidade práctica en Educación Musical
- Libros de texto e materiais didácticos en Educación Musical.
- Formación docente e práctica educativa para o coñecemento, uso e valoración dos materiais didácticos en Educación Musical.
- Deseño dos materiais didácticos e musicais.
- Selección, avaliación e definición dos materiais didácticos e musicais.
- Estándares dos materiais didácticos musicais e docencia.



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Punto de vista histórico en relación aos materiais didácticos e musicais.

Polo tanto, dende a Administración pública debería realizarse unha correcta difusión destas iniciativas programadas e, ao mesmo tempo, facilitar o acceso por parte do profesorado cando se realicen dentro do horario lectivo.

*Percepción sobre a súa formación inicial e continua*

Mentres que nos parágrafos anteriores se analizaba a formación inicial e continua do profesorado en termos obxectivos, é dicir, tratando de describir a súa participación nas diferentes accións formativas, neste apartado afondarase na percepción que eles e elas teñen desta formación tratando de ver se a consideran baixa, media ou alta.

Para isto, en primeiro lugar, recóllense os resultados relacionados coa formación inicial en catro aspectos que resultan fundamentais no ámbito dos materiais didácticos: coñecemento, elaboración, selección e adaptación.

**Figura 45.** *Percepción docente sobre a súa formación inicial en materiais didácticos musicais*




Tal e como se pode apreciar na gráfica, case non se observan diferenzas entre as catro dimensións analizadas e as porcentaxes atópanse en valores moi semellantes. Así mesmo, a maioría do profesorado (entre o 54 e o 55%) afirman sentir que dispoñen dunha formación inicial "media" en relación cos catro ítems avaliados. Entre

o 29 e o 30% dos docentes perciben como "alta" a súa formación inicial mentres que unicamente entre o 13 e o 16% dos docentes consideran que teñen unha "baixa" formación inicial.

Chegados a este punto pódese apreciar que relación existe entre as titulacións iniciais dos docentes e a súa percepción sobre a formación inicial nos campos avaliados (coñecemento, elaboración, selección e adaptación de materiais didácticos musicais). O caso máis notable é o dos docentes que realizaron estudos superiores de conservatorio xa que rexistran diferenzas en canto a súa percepción sobre a formación inicial (nos campos de adaptación, elaboración e coñecemento), respecto das persoas que non cursaron esta titulación. Tal e como se recolle na seguinte táboa, entre o 50-60% dos docentes con Ensinanzas artísticas superiores perciben a súa formación inicial como alta mentres que esta porcentaxe baixa ata situarse ao redor do 25-26% cando se lle pregunta aos docentes que non contan con estes estudos.

**Táboa 16.** *Percepción docente sobre a formación inicial en función das súas titulacións*

| | Coñecemento de materiais | | Adaptación de materiais | | Elaboración de materiais | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Con estudos artísticos superiores | Sen estudos artísticos superiores | Con estudos artísticos superiores | Sen estudos artísticos superiores | Con estudos artísticos superiores | Sen estudos artísticos superiores |
| Alta | 57,1% | 26,3% | 57,1% | 25,0% | 50,0% | 26,2% |
| Media | 25,0% | 60,8% | 25,0% | 59,3% | 39,3% | 57,6% |
| Baixa | 17,9% | 12,9% | 17,9% | 15,1% | 10,7% | 16,3% |
| Nula | 0,0% | 0,0% | 0,0% | 0,6% | 0,0% | 0,0% |

No que respecta á titulación das persoas participantes,-Diplomatura ou Grao- non se atoparon diferenzas. Non obstante, obsérvanse valores lixeiramente superiores entre os profesionais con Grao en Mestre/a de Educación Primaria e especialidade en Educación Musical que entre os que contan cunha Diplomatura en Maxisterio en Educación Musical.

Por outra banda, ao comparar os resultados da percepción da formación inicial coa súa percepción sobre a formación continua pódese apreciar como teñen unha mellor visión da súa formación continua, de xeito que aumentan as porcentaxes obtidas na resposta de "media" e



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

diminúen as porcentaxes correspondentes cunha “baixa” formación continua.

**Figura 46.** *Percepción docente sobre a súa formación continua en materiais didácticos musicais*




Por tanto, destas dúas gráficas pódese extraer que o profesorado está preocupado pola súa formación e trata de asistir a diferentes actividades para mellorar a súa formación inicial naquelas cuestións nas que consideran que teñen menos coñecementos.

Así mesmo, ao relacionar os anos de experiencia coa percepción sobre a súa formación continua, apréciase que as persoas con máis anos de experiencia reportan un maior nivel de formación continua. Outro dato que chama a atención é que entre o grupo de 11 a 15 anos de experiencia os resultados son sensiblemente peores que no resto de categorías.

*Necesidade de formación inicial específica sobre materiais didácticos musicais*

En canto á necesidade de que nos plans de estudos se incorpore formación específica sobre os diferentes tipos de materiais didácticos musicais (impresos, dixitais, sonoros e híbridos) semella haber un consenso practicamente unánime. A excepción dos materiais impresos, de corte máis tradicional e, polo tanto, en boa medida máis coñecidos polo profesorado, todos os demais materiais requiren unha formación inicial específica. Deste xeito, en relación cos materiais dixitais, o 96%



USC

dos docentes consideran que se require unha formación específica, porcentaxe moi semellante no caso dos materiais híbridos (95%) e dos materiais sonoros (93,5%). Non obstante, ao aludir aos materiais impresos, esta porcentaxe baixa considerablemente ata o 77%.

**Figura 47.** *Necesidade de formación inicial específica sobre materiais didácticos dixitais*




Este feito tamén se constatou en investigacións previas como a realizada por Vicente Álvarez e Rodríguez Rodríguez (2014) na que se afirmaba que a formación docente universitaria e continua é percibida polos docentes especialistas de Educación Musical como insuficiente e inadecuada no relacionado cos materiais didácticos. Nesta mesma liña, Galera e Gutiérrez (2012) afirman que:

> Los datos obtenidos de los cuestionarios repartidos en los colegios ponen de manifiesto la falta de preparación del profesorado y por consiguiente, el uso reducido y limitado de la tecnología en las clases de música. De hecho, los recursos que actualmente se utilizan en las clases no son muy diferentes a los que se usaban hace dos décadas. Esto parece incomprensible si analizamos los adelantos tecnológicos que se han producido en este período. Las causas del retraso pueden apuntar a la falta de preparación del profesorado de música en cuestión tecnológica. Normalmente esta falta de preparación no tiene tanto que ver con la poca habilidad a la hora de manejar las nuevas



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> tecnologías, como a la falta de preparación en relación al uso didáctico que se le puede dar a este tipo de recursos (pp. 134-135).

*Percepción sobre a preparación para utilizar os materiais didácticos*

Finalmente, para pechar este bloque do cuestionario, a inmensa maioría dos docentes afirman sentirse preparados e preparadas para empregar os diferentes materiais didácticos. Así, en moitos dos materiais, as respostas afirmativas superaron o 90% (materiais híbridos, instrumentos Orff, documentos e vídeos dixitais, partituras, fichas, etc.). En cambio, nalgunha tipoloxía de material esta porcentaxe está sensiblemente máis baixa como é o caso dos instrumentos étnicos e as aplicacións de software de edición. Estes resultados coinciden coa investigación de Vicente Álvarez (2012) que tamén recollía que dentro da clasificación proposta por instrumentos, os étnicos eran os de menor dominio, probablemente pola pouca presenza dos mesmos nos plans de estudo.

Respecto aos materiais impresos, o mellor desempeño atopámolo nas partituras (un 98% da mostra indica preparación suficiente para utilizalas) e aínda que cunha boa aplicación, o libro de texto sería o material impreso que máis dificultades supón no seu uso na aula. Estes resultados resultan rechamantes xa que, a pesar de que diferentes investigacións recollen que o libro de texto continúa a ser o material predominante nas aulas (Chao Fernández, 2005; Rodríguez Rodríguez e Area Moreira, 2017), neste estudo obsérvase como os docentes de música intentan prescindir do libro de texto impreso e, como se verá na cuarta dimensión do cuestionario, o 50,5% non o utiliza nunca (fronte ao 3,5% que o utiliza sempre).

Ademais, ao comparar este dato con outras investigacións realizadas en Galicia na etapa de Educación Primaria, pódese observar como a non utilización do libro de texto impreso está aumentando co paso dos anos xa que na investigación realizada por Gillanders (2012), o 20% dos mestres e mestras afirmaban non utilizalo. Por tanto, talvez se poida establecer unha relación entre a percepción da preparación dos docentes para utilizar un material e a súa verdadeira utilización nas



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aulas, avogando por empregar aqueles recursos cos que verdadeiramente se senten preparados.

**Figura 48.** *Percepción docente da preparación para o emprego dos materiais didácticos*




Analizando o grao en que os participantes se senten preparados para o uso de distintos materiais didácticos atendendo á súa idade, dentro dos materiais didácticos impresos, hai dous tipos para os que as persoas de máis idade afirman sentirse máis preparados e preparadas:

os libros de texto e as fichas de traballo e cadernos (neste caso, a diferenza é de case 10 anos de media). O mesmo acontece con libros de texto dixitais ou presentacións, e tamén cos materiais híbridos e, en menor medida, cos instrumentos étnicos. Non obstante, sucede o contrario cos instrumentos clásicos, de xeito que son as persoas de menor idade as que máis preparadas se senten para empregalos.

Por outra banda, os resultados dos anos de experiencia son moi semellantes aos relacionados coa idade. En concreto, é moi clara a relación entre o dominio dos libros de texto e a experiencia (o 98% dos docentes con máis de 20 anos de experiencia afirman sentirse preparados para empregar os libros de texto). En cambio, a nivel de preparación en relación aos instrumentos clásicos é a inversa, como acontecía ao comparar coa idade.

**Táboa 17.** *A percepción da preparación para a utilización dos materiais didácticos musicais en función dos anos de experiencia*

| Docentes que afirman sentirse preparados para utilizar os materiais didácticos (%) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Menos de 1 ano | De 1 a 5 anos | De 6 a 10 anos | De 11 a 15 anos | De 16 a 20 anos | Máis de 20 anos |
| Libros de texto | 57,1% | 88,4% | 85,7% | 79,5% | 86,2% | 97,9% |
| Instrumentos clásicos | 57,1% | 95,2% | 91,4% | 94,9% | 89,7% | 76,6% |
| Instrumentos creados | 85,7% | 83,7% | 100,0% | 97,4% | 100,0% | 87,2% |
| Materiais híbridos | 57,1% | 88,4% | 94,3% | 87,2% | 96,6% | 93,6% |

Tamén hai que destacar que non se observaron diferenzas porcentuais entre o nivel de preparación percibido polos docentes e a súa titulación previa. Parece, en termos xerais, que a preparación ten máis que ver coa experiencia e a idade que con outras cuestións.

### 6.2.3 Presenza e selección de materiais didácticos musicais

Neste bloque indágase na presenza dos materiais didácticos musicais nos centros educativos nos que exercen o seu labor os docentes que cubriron este cuestionario. Para isto, recóllense os principais



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

espazos nos que se atopan os materiais didácticos musicais e a continuación valórase a dotación dos centros e a selección que o profesorado fai destes recursos.

*Infraestrutura*

Á hora de caracterizar a situación material cómpre comezar pola situación do centro educativo. Unha parte crucial do acceso aos materiais didácticos musicais vén dada polo plan tecnolóxico dos centros. Tal e como se apuntou anteriormente, case un terzo dos centros educativos nos que traballan os docentes especialistas participantes neste estudo non contan con equipamento tecnolóxico suficiente.

Máis aló do plan tecnolóxico no que están inseridos os centros, un aspecto importante no desenvolvemento da Educación Musical é a posibilidade de dispoñer dun espazo diferenciado para a súa práctica, como son as aulas de música. En relación coa existencia de aulas de música nos centros de Educación Infantil e Educación Primaria, a práctica totalidade dos centros si contan con este espazo reservado (94%).

**Figura 49.** *Existencia de aula de música nos centros educativos*




Estes resultados coinciden cos obtidos na investigación de Gillanders (2011) na que tamén a gran maioría dos centros tiñan unha



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aula de música específica. Non obstante, esta autora recollía que non todas as aulas de música respondían ás necesidades propias da ensinanza musical e, en palabras dos docentes entrevistados na súa tese de doutoramento, en ocasións carecen de espazo para facer actividades de expresión corporal ou colocar os instrumentos Orff e o mobiliario non se adapta ás necesidades do alumnado (Gillanders, 2011).

*Localización dos materiais didácticos musicais*

Así mesmo, a aula de música é o espazo por excelencia onde se poden atopar os diferentes tipos de materiais didácticos musicais. Non obstante, estes materiais de Educación Musical tamén están presentes noutros espazos como pode ser a biblioteca, a aula de informática, o auditorio, as aulas ordinarias ou mesmo o patio (Gillanders, 2011; Vicente Álvarez, 2012).



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

**Figura 50.** *Localización dos materiais didácticos musicais nos centros educativos*




Á vista dos datos que se recollen na gráfica anterior, chama a atención como a biblioteca é un lugar con gran presenza dos materiais didácticos musicais: no 41,5% das bibliotecas dos centros educativos que conforman a mostra hai materiais impresos musicais, no 24,5% das bibliotecas hai recursos musicais dixitais; dispoñen de recursos sonoros

o 20% das bibliotecas escolares e, finalmente, a presenza dos materiais híbridos é do 17,5%.

Esta alta presenza de diferente tipoloxía de materiais musicais nas bibliotecas pode deberse aos plans que dende a Consellería de Cultura, Educación e Universidade se están poñendo en marcha para dinamizar estes espazos. Deste xeito, entre o ano 2016-2020 desenvolveuse o Plan LÍA (Lectura, Información, Aprendizaxe) que establecía a seguinte ducia de desafíos[29]:

- Rede de bibliotecas escolares
- A biblioteca como centro creativo de aprendizaxes
- A biblioteca inclusiva
- As alfabetizacións múltiples
- As competencias ALFIN/AMI
- A formación do profesorado
- Estabilidade para as bibliotecas escolares
- Redes de colaboración
- As familias
- Máis e mellores experiencias lectoras
- Aprendizaxes por proxectos e outras metodoloxías activas
- Avaliación, estudo, investigación

Tal e como se pode observar analizando os desafíos, procúrase fomentar os multialfabetismos e optar por diferentes linguaxes, incluíndo os textos, as imaxes, a música, etc. tanto en versión impresa como en electrónica. Por tanto, aquí teñen cabida gran cantidade de materiais didácticos de Educación Musical coma os álbums musicais, as gravacións, libros impresos e mesmo diferentes robots e aplicacións.

Por outra banda, tamén resulta curioso que no 10% dos patios se atopen materiais didácticos sonoros coma os instrumentos musicais, os instrumentos cotidiáfonos ou os obxectos sonoros (materiais do entorno que producen son como poden ser as bolsas, as pedras, o mobiliario, etc.). Isto pode deberse a que nos últimos anos están en auxe os proxectos de dinamización dos patios escolares para convertelos en

[29] Para consultar máis información sobre o Plan Lía: https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/files/PlanLIA_16_20_V6.pdf



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

lugares máis activos e inclusivos desenvolvendo diferentes propostas como a estratexia educativa impulsada por Fernández Lagar (2017) que "traza líneas de actuación en torno al juego utilizando el recreo escolar como contexto de desarrollo" (p. 506). Así mesmo, abundan as investigacións que defenden a utilización da música e o deseño de actividades musicais para o momento de recreo do alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria (Baeza-Duffy et al., 2020; Finger, 1996). Nesta liña, entre 2016 e 2020 alumnado do Grao de Educación Primaria da Universidad de Valladolid levou a cabo un proxecto de Aprendizaxe-Servizo no que dinamizaron os tempos de recreo dos patios de sete centros escolares de Segovia para un total de 525 nenos e nenas entre 6 e 12 anos traballando contidos musicais como a interpretación de cancións, o uso e execución da percusión corporal ou a realización de diferentes bailes e danzas (Parejo et al., 2021). Outras destas experiencias é o proxecto "Vasos: un recreo diferente", no que o alumnado mediante a utilización de vasos de plástico duro traballa o ritmo e prepara unha canción acompañada con este obxecto sonoro que posteriormente interpreta para o resto de grupos (Ramallo Roque, 2017).

*Dotación e selección dos materiais didácticos musicais*

En primeiro lugar, en relación cos materiais impresos de Educación Musical, a dotación nos centros en xeral é boa xa que en todos os casos (libros de texto, métodos e guías didácticas, fichas de traballo e cadernos e partituras) máis da metade das respostas indican unha dotación suficiente ou alta.



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

**Figura 51.** *Dotación de material impreso de Educación Musical*




Tal e como se pode observar na gráfica, resulta curioso que no 17,2% dos centros educativos non hai libros de texto impresos e no 26,8% afirman que dispoñen de pouca dotación desta tipoloxía de recursos. A explicación a esta cuestión atópase, como se verá posteriormente, na menor utilización deste material nas clases de Educación Musical. En relación cos métodos e guías didácticas, o 43,9% do profesorado afirma dispoñer de ningunha ou de poucas e o 56,1% de bastantes ou moitas. O mesmo acontece coas fichas de traballo e cadernos e tamén coas partituras, obtendo en ambas as dimensións unhas porcentaxes moi semellantes:

- Fichas de traballo e cadernos: o 46,2% dos enquisados afirma dispoñer de ningunha ou poucas e o 53,8% de bastantes ou moitas.
- Partituras: o 48,7% dos enquisados afirma dispoñer de ningunha ou poucas e o 51,3% de bastantes ou moitas.

En segundo lugar, en relación cos materiais dixitais, a situación tamén é bastante boa aínda que, comparativamente, non se acadan porcentaxes tan altas como no caso dos materiais impresos. Tomando como referencia a clasificación proposta dentro dos materiais dixitais, o profesorado bota en falta unha maior dotación de aplicacións e ferramentas informáticas xa que é o ámbito peor valorado (un 22,5% dos docentes afirman non ter ningunha dotación e o 43,5% pouca dotación).

**Figura 52.** *Dotación de material dixital de Educación Musical*




Tal e como se pode observar na gráfica, os resultados obtidos, atendendo á tipoloxía proposta de materiais dixitais, son os seguintes:

- *Obxectos dixitais:* o 48,2% dos docentes considera que dispón de ningún ou de poucos fronte ao 51,8% que valora a súa dotación de bastante ou moita.
- *Obxectos dixitais de aprendizaxe:* o 50,5% do profesorado dispón de ningún ou de poucos materiais deste tipo mentres que o 49,5% afirma dispoñer de bastantes ou moitos.
- *Materiais profesionais para os docentes:* o 54,5% dos enquisados considera que dispón de ningún ou de poucos materiais e o 45,5% de bastantes ou moitos.
- *Contornas didácticas dixitais:* o 55,3% dos docentes considera que dispón de ningunha ou de poucas contornas didácticas dixitais e o 44,7% de bastantes ou moitas.
- *Aplicacións e ferramentas:* o 66% do profesorado dispón de ningunha ou poucas aplicacións e ferramentas mentres que o 34% restante afirma dispoñer de bastantes ou moitas.

Así mesmo, en canto aos materiais didácticos dixitais de Educación Musical, existen certas diferenzas na dotación entre os Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP) e os Centros Públicos Integrados (CPI), de xeito que nos CPI, o persoal docente enquisado reportou unha

maior dotación en todas as tipoloxías de materiais didácticos dixitais, sendo especialmente rechamante o caso dos obxectos dixitais de aprendizaxe. Isto pode deberse á distribución do presuposto que recibe este tipo de centros que é maior ao albergar máis etapas educativas xa que neles tamén se imparte a Educación Secundaria Obrigatoria. A continuación, recóllese a figura na que se realiza a comparación da dotación de materiais didácticos dixitais de música entre os CPI e os CEIP.


USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 53.** *Comparación da dotación de materiais dixitais de Educación Musical entre os CPI e os CEIP*



En terceiro lugar, ao analizar a dotación de material sonoro nos centros educativos, apréciase como a instrumentación Orff, entre outros, conta cunha alta dispoñibilidade nos colexios e máis de dúas terceiras partes da mostra afirman dispoñer moito ou suficientemente destes recursos.

**Figura 54.** *Dotación de material sonoro*




Tal e como se pode observar na gráfica, os resultados obtidos, atendendo á tipoloxía proposta dentro dos materiais sonoros, son os seguintes:

- *Instrumentos Orff, Willems, Aschero, etc.:* o 33,8% do profesorado afirma dispoñer de ningún ou de poucos instrumentos asociados ás diferentes metodoloxías de Educación Musical fronte ao 66,2% dos docentes que consideran que dispoñen de bastantes ou moitos recursos deste tipo.
- *Instrumentos populares:* o 47% dos enquisados consideran que teñen ningún ou poucos instrumentos populares mentres que o 53% afirman que bastantes ou moitos.

- *Obxectos sonoros:* o 65,7% dos docentes dispoñen de ningún ou de poucos obxectos sonoros e o 34,3% de bastantes ou de moitos.
- *Instrumentos clásicos:* o 68,7% do profesorado considera que ten ningún ou poucos instrumentos clásicos mentres que o 31,3% pensa que a dotación é bastante ou moita.
- *Instrumentos étnicos:* o 69,7% dos docentes afirma dispoñer de ningún ou de poucos instrumentos étnicos fronte ao 30,3% que consideran que dispoñen de bastantes ou moitos instrumentos deste tipo.
- *Instrumentos creados polo alumnado e profesorad*o: o 70,4% dos enquisados consideran que teñen ningún ou poucos instrumentos creados polo alumnado e polo profesorado mentres que o 29,6% afirman que bastantes ou moitos.

Dentro deste apartado de materiais sonoros é importante establecer unha comparación en función dos tipos de centros (públicos e privados ou concertados). Así obsérvase que o profesorado dos centros privados e concertados valora maioritariamente -o 52%- que dispoñen de poucos materiais deste tipo, fronte ao 28,9% de centros públicos. Pola contra, máis da metade destes últimos -o 56,6%- consideran que a súa escola conta con bastantes recursos.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 55.** *Comparación da dotación de materiais sonoros entre centros públicos e privados/concertados*




Por último, en relación cos materiais híbridos, tal e como se pode observar na seguinte gráfica, o 51,8% do profesorado afirma dispoñer de ningún ou de poucos recursos e o 48,2% de bastantes ou moitos.

**Figura 56.** *Dotación de material híbrido*




Por outra banda, nun dos ítems do cuestionario preguntábaselle ao profesorado por 5 materiais que adquirirían se non tiveran ningún material didáctico de Educación Musical no seu centro e na seguinte gráfica amósanse os resultados obtidos:

**Figura 57.** *Materiais que adquirirían os docentes*




### *Selección dos materiais didácticos de Educación Musical*

En relación coa selección dos materiais que utilizan os especialistas de Educación Musical, hai que destacar que o criterio máis sinalado é a propia experiencia como docente, de xeito que no 79% dos casos os docentes elixen un material en función do resultado que lles tivera dado con anterioridade.

Ademais desta experiencia propia, tamén ten un peso importante a opinión doutros compañeiros e compañeiras, xa que o 36,5% dos enquisados teñen en conta as súas opinións á hora de elixir un material. Esta porcentaxe coincide cos resultados obtidos na investigación de Vicente Álvarez (2012) na que se recollía que o 36,27% dos docentes seleccionaba os recursos en función de se foran experimentados por outros.

Así mesmo, o 40% dos docentes afirma que un dos criterios que teñen en conta á hora de seleccionar os materiais didácticos é o custo. Esta porcentaxe tamén coincide coa investigación de Vicente Álvarez (2012) que se situaba no 45,8%.

Por outra banda, a busca de información supón un criterio de elevada importancia na selección dos materiais didácticos (73,5%), seguido do consello de especialistas (46%) e a visita a tendas especializadas (45,5%). Ao comparar estes resultados coa investigación previa de Vicente Álvarez (2012) apréciase como aumentaron estas porcentaxes xa que o consello de especialistas no tema pasou dun 41,02% na súa investigación a 45,5% e a visita a tendas especializadas incrementouse dende o 38,56% ata o 45,5%. Así mesmo, estes resultados son semellantes aos obtidos na investigación realizada por Pinaque (2021) que analizaba os materiais didácticos para alumnado con TEA. De xeito máis concreto coinciden o terceiro e o cuarto criterio máis empregados polos docentes en ambos os estudos, é dicir, o consello a especialistas na temática e a visita a tendas especializadas ou librarías.

En porcentaxes moito máis baixas atópase a dispoñibilidade en bibliotecas (12,5%) ou a utilización de guías de avaliación (5,5%) para realizar esta selección dos materiais didácticos.



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 58.** *Criterio dos docentes para a selección de materiais didácticos musicais*




Como nos últimos anos estase desenvolvendo unha liña de investigación, tanto a nivel nacional como internacional, que xira ao redor das guías de avaliación, considerouse conveniente incluír no cuestionario unha pregunta específica sobre esta cuestión para valorar o grao de coñecemento do profesorado sobre estas guías de avaliación.

Deste xeito, só 12 dos 200 docentes enquisados coñecen guías de avaliación e análise dos materiais didácticos de Educación Musical (o que representa o 6% da mostra) mentres que o 94% non coñecen estes instrumentos de análise.

**Figura 59.** *Coñecemento docente de guías de análise dos materiais didácticos musicais*




Nesta mesma liña, nunha investigación recente realizada por Pinaque (2021) sobre os materiais didácticos para o alumnado con Trastorno do Espectro Autista, só un 6,9% do profesorado recoñecía utilizar sempre guías de avaliación para avaliar estes materiais, un 23,6% afirmaba facelo bastantes veces mentres que o 70,3% restante nunca ou só algunhas veces emprega estes recursos de análise.

Estes resultados coinciden cos obtidos en diferentes investigacións previas que xa apuntaban que estas guías de avaliación eran recursos descoñecidos para o profesorado (Rodríguez Rodríguez, 2000; Vicente Álvarez e Rodríguez Rodríguez, 2014) e que a selección dos materiais didácticos se realizaba principalmente seguindo criterios subxectivos e intuitivos.

*Toma de decisións sobre a selección dos materiais didácticos*

Unha vez analizados os criterios de selección que utilizan para decidir os materiais didácticos que empregan no día a día é o momento de saber se estas decisións se toman de xeito individual ou, pola contra, de forma colectiva.

Tal e como se reflicte na seguinte gráfica, 9 de cada 10 docentes afirman que estas decisións son tomadas de xeito individual. Tan só o



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

25% indica que se toman as decisións de xeito consensuado con outro profesorado de Educación Musical e o 12,5% co resto do claustro. En porcentaxes moi inferiores atópanse as opcións de con outro profesorado especialista do centro (8,5%), cos titores e titoras de cada un dos grupos (8%) ou co equipo de nivel (3%).

**Figura 60.** *Toma de decisións en relación cos materiais didácticos*




*Intercambio e colaboración na utilización de materiais didácticos musicais*

En xeral, os docentes de música de Educación Primaria non intercambian materiais didácticos musicais con outros colexios ou docentes. En concreto, entre o 41,5% e o 55,5% non intercambia nunca os materiais didácticos, porcentaxes que varían en función da tipoloxía do material, correspondéndose o 41,5% cos materiais dixitais e o 55,5% cos materiais híbridos. Pola contra, unicamente o 17,5% dos docentes comparten os materiais dixitais bastantes veces ou sempre, porcentaxe que baixa ao 13% ao falar de materiais impresos ou de materiais híbridos e porcentaxe que se sitúa no 16% en canto aos materiais sonoros.

Por tanto, na seguinte gráfica apréciase como os materiais dixitais e os sonoros son os que máis se comparten entre o profesorado malia que, polo xeral, destaca unha cultura individualista.

**Figura 61.** *Frecuencia de intercambio de materiais didácticos musicais entre docentes*




Nesta mesma liña, só o 10% das persoas entrevistadas colaboran con certa frecuencia con outros docentes, tanto dentro como fóra do centro, á hora de seleccionar e elaborar os materiais didácticos mentres que o 37% nunca colabora para estas cuestións. Ao comparar estas porcentaxes con investigacións previas como a realizada por Vicente Álvarez (2012) obsérvase unha redución desta colaboración nos últimos anos xa que esta autora recollía que o 62,6% dos especialistas en Educación Musical colaboraban pouco ou nada e o 37,4% bastante ou moito. Non obstante, nesta investigación os docentes que colaboran nunca ou algunhas veces ascenden ao 89,5% mentres que unicamente o 10,5% colabora bastantes veces ou sempre.

**Figura 62.** *Frecuencia de colaboración entre docentes na selección e elaboración de materiais didácticos musicais*




Esta falta de colaboración materialízase na escasa pertenza a grupos de docentes (formal ou informalmente constituídos) que fan actividades relacionadas cos materiais didácticos musicais. Especificamente, só o 13% dos docentes enquisados pertence a algúns destes grupos e estas colaboracións son de carácter informal.

**Figura 63.** *Pertenza a grupos de docentes sobre materiais didácticos musicais*



### 6.2.4 Utilización e valoración dos materiais didácticos musicais

No último bloque de preguntas trátase de indagar na percepción docente en relación coa utilización dos materiais didácticos musicais, é dicir, a súa aplicación na aula, as preferencias tanto de docentes como de alumnado e as valoracións do profesorado respecto á posibilidade de adaptar estes materiais didácticos musicais á diversidade do alumnado.

*Uso, preferencias e valoración*

No relativo á preferencia polos diferentes tipos de materiais didácticos de Educación Musical atópase un claro consenso entre o colectivo docente e o alumnado: por unha banda, na menor preferencia, ou case rexeitamento, dos materiais impresos (especialmente por parte do alumnado) e pola outra, na práctica unanimidade respecto do uso dos materiais sonoros, que son os que acadan os maiores niveis de preferencia, tal e como se pode observar nas seguintes gráficas.

**Figura 64.** *Preferencia docente en relación aos materiais didácticos musicais*



**Figura 65.** *Preferencia do alumnado en relación aos materiais didácticos musicais*




Estes resultados (nos que os materiais sonoros se establecen como os preferidos tanto por alumnado como por docentes) evidencian que o profesorado de Educación Musical avoga por unha didáctica enfocada fundamentalmente á parte práctica que se centra na escoita e na interpretación musical. Así mesmo, estes dous aspectos cobran moita importancia no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia, xa que nos tres bloques que se deben tratar na Educación Musical recóllense referencias aos materiais didácticos sonoros:

- *Bloque 1. A escoita.* Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.
- *Bloque 2. Interpretación musical.* O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrámonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara as demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.

- *Bloque 3. A música, o movemento e a danza.* Este último bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado dende o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

Deste xeito, os materiais didácticos sonoros, en concreto, os instrumentos musicais, adquiren importancia porque facilitan o traballo da educación auditiva (bloque 1. A escoita) e a manipulación e experimentación cos diferentes recursos (bloque 2. Interpretación musical) (Vicente Álvarez et al., 2019).

Á súa vez, os materiais sonoros, entre os que se inclúen os instrumentos musicais, teñen moita importancia nos diferentes métodos de didáctica da Educación Musical que desenvolveron distintos pedagogos a partir do século XX, tal e como se recolle na análise realizada por Hemsy de Gaínza (2004).

Por outra banda, os materiais didácticos dixitais tamén contan cunha ampla aceptación entre o profesorado e o alumnado. Non obstante, investigacións previas manifestan que non defenden un uso exclusivo desta tipoloxía de materiais didácticos senón que apostan por combinalos con outra tipoloxía de materiais para así poder beneficiarse das vantaxes de todos (Vicente Álvarez et al., 2019).

Finalmente, a idade e a experiencia dos docentes especialistas en Educación Musical parecen non influír nas súas preferencias polos materiais didácticos posto que, nos distintos rangos establecidos, non se atoparon diferenzas porcentuais con respecto as súas preferencias por un tipo ou outro de material didáctico musical. Pola contra, ao analizar a preferencia docente polos materiais didácticos dixitais en función da percepción da súa preparación obsérvase como aqueles especialistas de Educación Musical que se senten preparados para utilizar os materiais dixitais son os que recollen datos de preferencia máis altos.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 18.** *Preferencia docente polos materiais dixitais en función da percepción da súa preparación*

| | | Preferencia | | |
|---|---|---|---|---|
| Séntese preparado/a para utilizar MDD? | | Pouca | Bastante | Moita |
| Obxectos dixitais | Si | 100,0% | 99,1% | 98,5% |
| | Non | 0,0% | 0,9% | 1,5% |
| Obxectos dixitais de aprendizaxe | Si | 91,3% | 94,5% | 98,5% |
| | Non | 8,7% | 5,5% | 1,5% |
| Entornos didácticos dixitais | Si | 65,2% | 83,5% | 89,7% |
| | Non | 34,8% | 16,5% | 10,3% |
| Materiais para docentes | Si | 78,3% | 91,7% | 98,5% |
| | Non | 21,7% | 8,3% | 1,5% |
| Aplicacións e ferramentas | Si | 56,5% | 71,6% | 77,9% |
| | Non | 43,5% | 28,4% | 22,1% |

## *Preferencia de materiais didácticos musicais e lingua*

Outra cuestión importante á hora de valorar as preferencias dos docentes sobre os materiais didácticos é a lingua xa que en Galicia existen dúas linguas cooficiais, o galego e o castelán, e a materia de música pode impartirse en calquera destes idiomas en función do establecido en cada centro no seu Proxecto Lingüístico (atendendo ao Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario).

Tal e como se pode observar da análise da pregunta 30 do cuestionario, os docentes que participaron na investigación teñen unha preferencia clara polos materiais didácticos en lingua galega. Deste xeito, o 84% dos docentes prefire os materiais didácticos impresos en galego, fronte ao 12% que os prefire en castelán ou o 4% que os emprega noutras linguas. Estas porcentaxes baixan notablemente ao analizar as respostas dos materiais didácticos dixitais, obtendo un 59,5% en relación cos materiais dixitais en galego, un 35,5% en castelán e un 5% noutras linguas. Este descenso pode deberse a unha menor presenza e dispoñibilidade de materiais didácticos dixitais en

lingua galega para a ensinanza de música na etapa de Educación Primaria.

Con respecto aos materiais híbridos, o 64% dos docentes prefíreos en galego, o 30,5% en castelán e un 5,5% noutras linguas.

**Figura 66.** *Preferencia na lingua dos materiais didácticos musicais*




Estes resultados difiren notablemente dos obtidos na investigación de Pinaque (2021) na que, pola contra, o profesorado para traballar co alumnado con TEA adoitaba empregar materiais en castelán ou con maior presenza desta lingua.

Así mesmo, ao comparar os resultados coa investigación realizada por Vicente Álvarez (2012) uns anos atrás, tamén se observa unha evolución moi positiva a favor da lingua galega xa que na súa tese de doutoramento a metade dos mestres enquisados empregaba material en castelán e só o 19% dos participantes afirmaban preparar a docencia con materiais maioritariamente en galego, porcentaxes que na actualidade parece que se están equilibrando.

*Frecuencia de utilización dos materiais didácticos de Educación Musical*

Moi estreitamente relacionado coa preferencia amosada polo alumnado e o profesorado, analizada en preguntas anteriores, está a frecuencia de uso dos diferentes materiais didácticos musicais. Deste xeito, como xa podía preverse pola súa maior dotación, o material máis

empregado son os instrumentos vencellados coas diferentes metodoloxías de Educación Musical (Orff, Willems, Aschero, etc.).

Entre os materiais impresos, as partituras son o material de referencia, mentres que o libro de texto, tal e como xa se recolleu en anteriores ítems, aparece como material de menor utilización de tódolos considerados (partituras, fichas de traballo e cadernos, métodos e guías didácticas). Estes datos resultan especialmente rechamantes en comparación cos reflectidos na investigación de Gillanders (2011) xa que hai unha década o 13,2% dos docentes afirmaba empregar o libro de texto sempre, o 43,9% bastantes veces, o 20,2% algunhas veces, o 11,4% case nunca e o 11,3% non o utilizaba. Non obstante, neste estudo percíbese como se inverten as porcentaxes xa que unicamente o 3,5% dos docentes o empregan sempre, o 15% bastantes veces, o 31% algunhas veces e o 50,5% nunca.

En canto aos materiais didácticos dixitais, os obxectos dixitais son os máis estendidos dentro desta tipoloxía xa que unicamente o 21,6% dos docentes os utiliza algunhas veces mentres que o 78,4% restante afirma empregalos bastantes veces ou sempre. Así mesmo, neste apartado resulta sorprendente a pouca utilización das aplicacións e ferramentas xa que o 18% afirma non utilizalas nunca, o 46% algunhas veces, o 28,5% bastantes veces e o 7,5% sempre.

Por outra banda, da análise dos resultados obtidos a nivel xeral extráese que se establece unha relación entre a dotación dos centros e a utilización deses materiais por parte do profesorado, de xeito que aqueles recursos que abundan nos colexios son os máis utilizados e os preferidos tanto polos docentes como polo alumnado. Por tanto, pode considerarse que o profesorado inflúe nas decisións de dotación de material dos centros educativos, de xeito que adquiren o material que, en base ás súas experiencias previas, mellores resultados obtén e posteriormente emprégano nas aulas.



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Táboa 19. *Frecuencia de uso dos materiais didácticos musicais*

| Materiais | | Nunca | Algunhas veces | Bastantes veces | Sempre |
|---|---|---|---|---|---|
| Sonoro | Instrumentos Orff, Willems, Aschero, etc | 2,0% | 13,1% | 54,3% | 30,7% |
| | Instrumentos populares | 1,5% | 26,5% | 53,5% | 18,5% |
| | Obxectos sonoros | 3,5% | 46,7% | 38,7% | 11,1% |
| | Instrumentos clásicos | 11,0% | 43,0% | 30,5% | 15,5% |
| | Instrumentos étnicos | 8,5% | 46,5% | 32,0% | 13,0% |
| | Inst. creados polo alumnado e profesorado | 10,0% | 67,0% | 18,0% | 5,0% |
| Impreso | Partituras | 0,0% | 18,6% | 58,3% | 23,1% |
| | Fichas de traballo e cadernos | 7,0% | 55,0% | 33,0% | 5,0% |
| | Libro de texto | 50,5% | 31,0% | 15,0% | 3,5% |
| | Métodos e guías didácticas | 31,3% | 53,0% | 13,1% | 2,5% |
| Dixital | Obxectos dixitais | 0,0% | 21,6% | 57,8% | 20,6% |
| | Entornos didácticos dixitais | 7,5% | 34,2% | 42,2% | 16,1% |
| | Obxectos dixitais de aprendizaxe | 2,5% | 48,5% | 40,5% | 8,5% |
| | Aplicacións e ferramentas | 18,0% | 46,0% | 28,5% | 7,5% |
| | Materiais profesionais para os docentes | 13,1% | 54,8% | 24,6% | 7,5% |
| Híbrido | Híbrido | 3,5% | 55,0% | 35,5% | 6,0% |

Para complementar a información da táboa anterior na que se presentan os diferentes tipos de materiais didácticos, clasificados por tipoloxía, e a frecuencia de uso por parte do profesorado de Educación Musical, a continuación, preséntase unha gráfica na que se ordenan estes materiais en función da súa frecuencia de utilización.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 67.** *Frecuencia de uso de materiais didácticos musicais*




Tamén cómpre destacar que en termos xerais, e como resulta lóxico, hai unha relación directa entre a preparación que senten os docentes (pregunta 14) para utilizar os diferentes materiais e a súa frecuencia de uso (pregunta 31), de modo que á sensación de maior

nivel de preparación, maior utilización nas súas clases. Isto indícanos que a formación convértese nunha peza chave á hora de usar os materiais didácticos nas clases e que sería necesario dotar aos docentes de mecanismos de formación que percibisen útiles.

Finalmente, semella que as preferencias dos docentes (pregunta 28) polos distintos tipos de materiais didácticos musicais teñen un impacto sobre a frecuencia de uso dos mesmos (pregunta 31) xa que adoitan empregarse en maior medida aqueles materiais preferidos polos docentes. Neste sentido, hai unha diferenza porcentual de 10 puntos entre os docentes que amosan moita preferencia polo libro de texto e o utilizan sempre e aqueles que non amosan ningunha preferencia e tamén o empregan sempre. En relación coas fichas de traballo, hai unha diferenza puntual de 25 puntos entre os docentes que non senten ningunha preferencia e as empregan bastantes veces e aqueloutros que as utilizan coa mesma frecuencia pero, pola contra, senten moita preferencia. Pola contra, esta situación non acontece no caso das partituras ao non observarse diferenzas porcentuais atendendo á frecuencia de uso en función da preferencia. É dicir, independentemente da opinión dos docentes, as partituras empréganse nunha porcentaxe semellante.

*Utilización dos libros de texto*

A pesar de que xa se fixeron referencias aos libros de texto, de xeito xeral, en comparación con outros tipos de materiais didácticos, considérase necesario dedicar un breve apartado a analizar os resultados en relación a este ítem xa que moitas investigacións previas sinalan que os libros de texto, tanto impresos como dixitais, son o material hexemónico nas aulas de Educación Primaria (Area, 2020; Rodríguez Regueira, 2020; Rodríguez Rodríguez e Martínez Bonafé, 2016).

Así mesmo, o libro de texto en calquera do seus formatos adoita reproducir prácticas pedagóxicas tradicionais nas que todos os demais elementos curriculares (metodoloxía, avaliación, temporalización, etc.) están condicionados pola estrutura e cultura que hai detrás do libro de texto. Neste sentido, Area (2020) afirma que:



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> El texto escolar es la tecnología apropiada al modelo de escolaridad tradicional basada en los métodos expositivos y de aprendizaje por recepción, ya que ofrece una selección del conocimiento disponible para una determinada materia o asignatura, y este está organizado y presentado de forma secuencia y adaptado, en mayor o menor medida, tanto en su vocabulario y en su grado de dificultad a sus potenciales usuario (pp. 20-21).

Este mesmo autor atribúelle as seguintes características ao libro de texto (Area, 2020):

- Artefacto ou obxecto da cultura impreso.
- Estrutura o saber de forma enciclopédica.
- É a tecnoloxía axeitada para a ensinanza expositiva.
- É un material didáctico que moldea e prescribe a práctica.
- Condiciona a profesionalidade docente.
- É un produto da industria cultural.

No campo da Educación Musical hai que destacar a investigación levada a cabo por Vicente Nicolás durante o curso académico 2006/2007 que tiña por obxectivo "conocer la aceptación del libro de texto de música en los centros de Educación Primaria de la Comunidad Autónoma de la Región de Murcia" (Vicente Nicolás, 2010). Os resultados amosan que 3 de cada 4 centros da rexión utilizan o libro de texto e que unicamente o 27,83% dos centros educativos non emprega o libro na materia de música. Na seguinte táboa recóllense as principais razón dadas polos docentes para a utilización do libro de texto.

**Táboa 20.** *Razóns dos docentes para a utilización do libro de texto en Educación Musical na investigación de Vicente Nicolás (2010)*

| N = 84 | % | Fr. |
|---|---|---|
| Para a presentación dos materiais | **23,8** | **20** |
| Porque facilita moito a actividade docente | **50,0** | **42** |
| Por razóns organizativas do centro | **4,8** | **4** |
| Porque suple as carencias do profesorado | **11,9** | **10** |
| Outros | **9,5** | **8** |

*Nota.* Táboa orixinalmente publicada en Vicente Nicolás (2010). Reproducida con autorización, licencia CC BY NC ND.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por outra banda, no tocante ás razóns dadas polos docentes que non empregan o libro de texto, máis do 50% consideran que non existen libros de texto de calidade suficiente e o 25% afirman que condicionan a súa forma de ensinar e limitan as súas posibilidades creativas (Vicente Nicolás, 2010).

**Táboa 21.** *Razóns dos docentes para a non utilización do libro de texto en Educación Musical na investigación de Vicente Nicolás (2010)*

| N = 54 | % | Fr. |
|---|---|---|
| Porque non hai materiais de calidade | **51,9** | **28** |
| Porque non se axustan á realidade educativa do centro/aula | **11,1** | **6** |
| Porque os libros condicionan o estilo docente do profesorado | **25,9** | **14** |
| Por razóns organizativas do centro | **3,7** | **2** |
| Outros | **7,4** | **4** |

*Nota.* Táboa orixinalmente publicada en Vicente Nicolás (2010). Reproducida con autorización, licencia CC BY NC ND.

Non obstante, os datos obtidos na investigación levada a cabo nesta tese de doutoramento revelan que nos últimos anos estase deixando de utilizar o libro de texto nas aulas de música en Educación Primaria. Tal e como se pode observar na seguinte gráfica, o 59% dos docentes que cubriron o cuestionario afirman que non utilizan o libro de texto para traballar co alumnado mentres que o 30% emprégao para determinados aspectos da materia e o 11% utilízao para toda a materia.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 68. *Utilización dos libros de texto de Educación Musical para traballar co alumnado*




Do 30% dos docentes que afirman utilizalo para determinados aspectos, especifican os seguintes:

- Adquisición de coñecementos teóricos relacionados coa linguaxe musical
- Utilización de audicións, cancións, musicogramas, ritmos, etc.
- Realización de actividades de linguaxe musical.
- Reforzo e ampliación.

Estes resultados tamén mostran que a situación en Galicia está cambiando nos últimos anos xa que en Gillanders (2011) unicamente o 10% dos docentes de Educación Musical non empregaban o libro de texto fronte ao 33,3% que o empregaba bastante e o 13,3% que sempre o utilizaba.

Por outra banda, ao facer unha análise por cursos, apréciase que este recurso se utiliza máis nos primeiros anos de Educación Primaria, especialmente ata o 4º curso, onde se produce un cambio:

**Figura 69.** *Utilización do libro de texto de Educación Musical por cursos*




Así mesmo, as persoas que afirman sentirse preparadas para empregar os libros de texto son as que o utilizan en moito maior grao que aquelas que non se encontran capacitadas. Neste sentido, existe unha diferenza porcentual de 25 puntos entre as persoas que se senten preparadas e os empregan para determinados aspectos en comparación coas que non se senten preparadas.

**Figura 70.** *A utilización do libro de texto en función da percepción docente da súa preparación para o emprego deste material*



*Finalidade de utilización dos materiais didácticos musicais*

Ademais de tratar de analizar a frecuencia de utilización dos materiais didácticos musicais tamén é importante coñecer que finalidade perseguen cando se están a utilizar nas aulas de Educación Musical. Por este motivo, incluíronse preguntas no cuestionario para coñecer o obxectivo didáctico de cada recurso, confrontando os materiais didácticos impresos cos dixitais. Esta contraposición vese con claridade na figura 37. Os materiais didácticos dixitais destacan pola súa capacidade para captar e manter a atención do alumnado (98% fronte ao 18,5% dos materiais impresos), permitir o acceso a máis información (92% fronte ao 8% dos impresos) e desenvolver a creatividade do alumnado (84% fronte ao 40% dos impresos). Estas finalidades que predominan na utilización dos materiais didácticos dixitais coinciden cos resultados obtidos por Gillanders (2011) xa que as puntuacións máis altas nos medios audiovisuais foron obtidas en: reforzar o adestramento auditivo do alumnado, captar a atención e motivar ao alumnado e desenvolver a creatividade.

Non obstante, os materiais dixitais parecen non servir de moita utilidade á hora de realizar a avaliación dos coñecementos adquiridos xa que o 55,4% dos docentes afirman que non os utilizan na avaliación mentres que o 81,7% dos enquisados recoñece que para esta avaliación dos coñecementos emprega materiais didácticos impresos. Novamente este resultado coincide cos obtidos na investigación de Gillanders (2011) na que os docentes sinalaban como finalidade dos medios impresos a avaliación dos coñecementos e habilidades dos estudantes e, non obstante, esta finalidade non tiña representatividade no caso dos medios audiovisuais.

**Figura 71.** *Finalidade didáctica da utilización dos materiais didácticos musicais*




Pola contra, da gráfica tamén se desprende que nalgunhas estratexias didácticas a tipoloxía de material parece non ser tan determinante como, por exemplo, na realización de actividades ou na explicación dos contidos teóricos, nas que ambos tipos de materiais (impresos e dixitais) se sitúan en porcentaxes moi próximas de uso para esas finalidades didácticas.

Se de xeito concreto e específico se analizan as finalidades didácticas da utilización do libro de texto, tanto impreso como dixital, obsérvase como fundamentalmente se emprega para facilitar a memorización e reforzar os contidos establecidos no currículo oficial, tal e como se amosa na seguinte figura.

**Figura 72.** *Frecuencia de utilización do libro de texto de Educación Musical para as distintas finalidades didácticas*




Na seguinte táboa preséntanse agrupadas as opcións de resposta “nunca/ algunhas veces” e “bastantes veces/sempre” e ordenadas as finalidades didácticas de maior a menor representatividade na mostra estudada.

**Táboa 22.** *Frecuencia de utilización do libro de texto de Educación Musical por finalidades didácticas*

| | Nunca/Algunhas veces | Bastantes veces/Sempre |
|---|---|---|
| Presentar un tema | 54,6% | 45,4% |
| Facilitar o recordo da información e reforzar os contidos | 54,6% | 45,4% |
| Abordar o currículo establecido | 56,5% | 43,5% |
| Explicar conceptos | 61,4% | 38,6% |
| Cantar ou tocar pezas e cancións | 58,4% | 41,6% |
| Completar as actividades que propón | 63,6% | 36,4% |
| Planificar as clases | 68% | 32% |
| Facilitar o traballo en grupo | 74,3% | 25,7% |
| Avaliar | 82,5% | 17,6% |

Estes resultados presentan moitas similitudes con respecto aos obtidos por Gillanders (2011) que se resumen nos seguintes puntos:

- Case a metade dos docentes utilizan bastante ou sempre o libro para completar as fichas (45,2%), facilitar o recordo da información (41,7%) e cantar ou tocar (40,9%).
- Un terzo dos mestres utilizan bastante ou sempre o libro para controlar o currículo establecido (35,2%), explicar conceptos (33%), realizar actividades (31,3%) e presentar un tema (28,9%).
- Unha porcentaxe mínima de docentes utilizan bastante ou sempre o libro de texto para facilitar o traballo en grupo (20%) ou avaliar (19,1%).

Tal e como se pode observar, de novo os libros de texto de música empregados en Educación Primaria dificultan, segundo a opinión dos docentes, a posibilidade de traballar en grupo e a avaliación do alumnado, o mesmo que acontecía unha década atrás (Gillanders, 2011).

*Innovacións dos materiais dixitais con respecto aos impresos*

Noutro dos ítems do cuestionario pretendíase analizar a percepción dos docentes de Educación Musical sobre as innovacións substanciais que presentan os materiais didácticos dixitais en comparación cos materiais impresos. Os resultados obtidos reforzan as ideas expresadas nos apartados anteriores sobre os materias didácticos dixitais:

- Permiten acceso a máis información.
- Posibilitan o acceso aos diferentes recursos.
- Captan a atención e motivan ao alumnado.
- Realizan actividades prácticas.
- Facilitan a autoaprendizaxe.

Non obstante, os resultados máis baixos aparecen nas cuestións relacionadas co traballo en grupo (o 34,5% non percibe diferenzas entre os materiais dixitais e os impresos) e co fomento da equidade (o 33,5% non percibe modificacións en comparación cos materiais impresos). Estes datos resultan rechamantes xa que outras investigacións realizadas na etapa de Educación Primaria recollen diferentes



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

experiencias de traballo con materiais didácticos dixitais que teñen como base a aprendizaxe cooperativa e o traballo por proxectos (Riera et al., 2020; Santana et al., 2020; Vidal et al., 2019).

**Figura 73.** *Opinión docente sobre se os materiais dixitais inclúen innovacións substanciais con respecto aos impresos en certas finalidades pedagóxicas*




Para analizar este contraste entre os materiais impresos e os dixitais o cuestionario inclúe unha serie de afirmacións respecto a atención á diversidade (exemplos: "adáptanse ao ritmo de aprendizaxe do alumnado", "adáptanse aos intereses do alumnado"). En todas estas afirmacións os materiais impresos acadan peores resultados en comparación cos materiais dixitais ou híbridos, tal e como se recolle na táboa 22.

**Táboa 23.** *Grao de acordo coas seguintes afirmacións segundo a tipoloxía de materiais didácticos*

| | Materiais | Moi en desacordo | En desacordo | De acordo | Moi de acordo |
|---|---|---|---|---|---|
| Adáptanse ao ritmo de aprendizaxe do alumnado | Impresos | 4,6 | 24,1 | 60,0 | 11,3 |
| | Dixitais | 0,0 | 5,6 | 73,6 | 20,8 |
| | Híbridos | 0,5 | 15,8 | 72,6 | 11,1 |
| Adáptanse aos intereses do alumnado | Impresos | 3,6 | 20,9 | 63,3 | 12,2 |
| | Dixitais | 0,0 | 6,7 | 66,2 | 27,2 |
| | Híbridos | 0,0 | 12,6 | 73,3 | 14,1 |
| Reflicten o contexto do alumnado | Impresos | 5,2 | 28,4 | 53,1 | 13,4 |
| | Dixitais | 1,5 | 21,0 | 59,0 | 18,5 |
| | Híbridos | 1,1 | 25,4 | 63,0 | 10,6 |
| Atenden á diversidade lingüística | Impresos | 5,2 | 23,3 | 52,8 | 18,7 |
| | Dixitais | 2,1 | 23,8 | 55,4 | 18,7 |
| | Híbridos | 1,6 | 25,9 | 56,6 | 15,9 |
| Atenden á diversidade de aprendizaxe do alumnado | Impresos | 4,7 | 29,8 | 50,8 | 14,7 |
| | Dixitais | 1,6 | 20,9 | 59,7 | 17,8 |
| | Híbridos | 1,6 | 25,7 | 58,3 | 14,4 |

Ao agrupar, por unha banda, as porcentaxes de moi de acordo e de acordo e por outra, en desacordo e moi en desacordo, obtéñense as puntuacións que se recollen nas seguintes táboas nas que de xeito máis visual se aprecian as diferenzas entre os materiais impresos (nos que o desacordo sobe do 24% en todos os casos) e os materiais dixitais (que obteñen puntuacións de desacordo moi baixas, ao redor do 5-6%, ao facer alusión aos ritmos de aprendizaxe e intereses do alumnado.

**Táboa 24.** *Grao de acordo coas seguintes afirmacións coas porcentaxes agrupadas e diferenzas entre materiais impresos e dixitais*

| | Materiais impresos | | Materiais dixitais | |
|---|---|---|---|---|
| | Moi de acordo/De acordo | En desacordo/ Moi en desacordo | Moi de acordo /De acordo | En desacordo /Moi en desacordo |
| Adáptanse aos intereses do alumnado | 75,5% | 24,5% | 94,4% | 5,6% |
| Atenden á diversidade lingüística | 71,5% | 28,5% | 93,4% | 6,6% |
| Adáptanse ao ritmo de aprendizaxe | 71,3% | 28,7% | 77,5% | 22,5% |
| Reflicten o contexto do alumnado | 66,5% | 33,5% | 74,1% | 25,9% |
| Atenden á diversidade de aprendizaxe | 65,5% | 34,5% | 73,5% | 26,5% |

## *Elaboración de materiais didácticos musicais*

Por último, o cuestionario recolle unha serie de preguntas relacionadas coa adaptación e elaboración de materiais didácticos musicais tanto por parte dos docentes como do alumnado.

Comezando polas modificacións ou adaptacións dos materiais por parte dos docentes, practicamente a totalidade dos mestres e mestras que cubriron o cuestionario realizan ou realizaron modificacións nos materiais. Deste xeito, o 36% afirma que as fai algunhas veces, o 47,5% bastantes veces e o 16% sempre, tal e como se recolle na seguinte gráfica.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Figura 74.** *Adaptación dos materiais didácticos musicais por parte dos docentes*




Os resultados desta pregunta do cuestionario (p. 38) tamén se analizaron en función da variable titulación dos docentes (p.11) para ver se había diferenzas nas porcentaxes obtidas. A titulación, en xeral, non inflúe na frecuencia de adaptación dos materiais didácticos, agás no caso dos graduados/as coa especialidade en Educación Musical. Os mestres que cursaron o Grao atópanse máis de 12 puntos porcentuais por enriba ao adaptar sempre os materiais didácticos musicais e case 4 puntos na opción de resposta "bastantes veces". No caso dos diplomados/as, en cambio, non se aprecian case diferenzas entre posuír ou non dita titulación. Por outro lado, as persoas que cursaron ensinanzas artísticas superiores, adaptan máis frecuentemente os materiais didácticos, se ben estas diferenzas porcentuais non son tan elevadas.

**Figura 75.** *A adaptación dos materiais didácticos musicais en función da titulación inicial dos docentes*




| | Graduado/a de Mestre/a, especialidade en Educación Musical | Outras titulacións |
|---|---|---|
| Nunca | 1,5% | 0,0% |
| Algunhas veces | 24,2% | 41,8% |
| Bastantes veces | 50,0% | 46,3% |
| Sempre | 24,2% | 11,9% |

Por outra banda, ademais destas modificacións que realizan nos materiais didácticos para adaptalos á realidade da súa aula, o 85% dos docentes afirman que elaboran o seu propio material didáctico.

**Figura 76.** *Elaboración de materiais didácticos musicais por parte dos docentes*




Aínda que estes materiais didácticos son de diversos formatos, destacan principalmente as cancións e partituras; seguidas por material impreso para a realización de fichas e exercicios e, nun terceiro lugar,

actividades de movemento e xogos, tal e como se pode apreciar na seguinte figura.

**Figura 77.** *Tipoloxía de materiais didácticos musicais elaborados polos docentes*




En relación coa elaboración de materiais didácticos, a diferenza do que acontecía na adaptación, as relacións entre titulación e creación de materiais didácticos por parte dos docentes non son tan fortes.

Non obstante, ao centrarse nos materiais didácticos dixitais, a percepción da preparación para a utilización deste tipo de recursos (pregunta 14) aparece como un factor determinante á hora de elaborar materiais propios (pregunta 39), especialmente nas contornas didácticas dixitais, os materiais profesionais para os docentes e as aplicacións e ferramentas.

**Figura 78.** *A elaboración de materiais didácticos musicais en función da percepción docente sobre a súa preparación*




Por último, en canto á elaboración de materiais didácticos por parte do alumnado, as porcentaxes son máis baixas en comparación coa elaboración que realizan os docentes. Deste modo, só o 45% do alumnado elabora materiais didácticos.

**Figura 79.** *Elaboración de materiais didácticos musicais por parte do alumnado*




Na maior parte dos casos, preto do 70%, trátase de instrumentos musicais e obxectos sonoros, aínda que tamén elaboran cancións, partituras e composicións; murais e láminas e, en menor medida, materiais dixitais como vídeos ou videoclips.

Figura 80. *Tipoloxía de materiais didácticos musicais elaborados polo alumnado*



## 6.3 RESULTADOS CUALITATIVOS

A continuación neste apartado realizarase a presentación dos resultados cualitativos partindo dos seis bloques temáticos nos que estaba dividida a entrevista.

### 6.3.1 Información xeral e datos de identificación

Tal e como xa se recolleu anteriormente no capítulo da estratexia metodolóxica, analizáronse sete entrevistas semiestruturadas a profesorado especialista en Educación Musical, dos cales, 6 eran mulleres e 1 era un home.

**Táboa 25.** *Distribución por xénero dos participantes nas entrevistas*

| Xénero | Frecuencia | Porcentaxe |
|---|---|---|
| Muller | 6 | 85,71% |
| Home | 1 | 14,29% |
| Total | 7 | 100,00% |

En canto ás súas idades, tendo en conta os rangos establecidos no cuestionario, un dos entrevistados ten de 25 a 30 anos, catro dos docentes atópanse entre os 31 e os 35 anos, outro deles ten entre 41 e 45 e, por último, unha docente é maior de 50 anos.

**Táboa 26.** *Distribución por idade dos participantes nas entrevistas*

| Rango de idade | Frecuencia | Porcentaxe |
|---|---|---|
| De 25 a 30 | 1 | 14,29% |
| De 31 a 35 | 4 | 57,13% |
| De 36 a 40 | 0 | 0% |
| De 41 a 45 | 1 | 14,29% |
| De 46 a 50 | 0 | 0% |
| Maior de 50 | 1 | 14,29% |
| Total | 7 | 100,00% |

En relación os anos de experiencia impartindo a materia de Música na etapa de Educación Primaria, a gran maioría dos docentes teñen menos de 10 anos de experiencia, dato que resulta lóxico tendo en conta que a media de idade dos entrevistados é moi baixa. Deste xeito, dous docentes levan de 1 a 5 anos traballando como especialistas de

Educación Musical, tres docentes teñen unha antigüidade de entre 6 e 10 anos, un docente atópase entre os 11 e os 15 anos e, finalmente, unha das mestras levaba máis de 20 anos como profesora de Música.

**Táboa 27.** *Anos de experiencia impartindo Música dos participantes na entrevista*

| Rango en anos | Frecuencia | Porcentaxe |
|---|---|---|
| De 1 a 5 | 2 | 28,57% |
| De 6 a 10 | 3 | 42,85% |
| De 11 a 15 | 1 | 14,29% |
| De 16 a 20 | 0 | 0% |
| Más de 20 | 1 | 14,29% |
| Total | 7 | 100,00% |

Como resumo deste primeiro bloque da entrevista pode extraerse que practicamente a totalidade dos participantes son mulleres (unicamente hai un home) e que, en xeral, son docentes novos con poucos anos de experiencia. Non obstante, tamén é necesario resaltar que, buscando unha diversidade na mostra, unha das participantes levaba poucos meses xubilada no momento de realización da entrevista, cuestión que como se verá na análise das demais dimensións é ben importante posto que as súas opinións difiren en gran medida ás expresadas polos demais entrevistados e entrevistadas.

### 6.3.2 Posto de traballo

O bloque 2 fai referencia ao posto de traballo dos docentes no momento de realización da entrevista e, comezando polo perfil do contrato, o 100% dos participantes son definitivos nos seus centros educativos. Considérase importante esta cuestión porque o feito de estar definitivo nun centro educativo permíteche gozar de certa estabilidade para poder levar a cabo diferentes proxectos e iniciativas. Así mesmo, o 100% dos entrevistados pertencen a Centros de Educación Infantil e Primaria de titularidade pública, situados maioritariamente na provincia de Pontevedra (4 dos docentes) e A Coruña (2 dos docentes), mentres que unha delas exerce en Lugo.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 28.** *Provincia na que traballan os docentes entrevistados*

| Provincia na que traballan | Frecuencia | Porcentaxe |
|---|---|---|
| A Coruña | 2 | 28,57% |
| Lugo | 1 | 14,29% |
| Pontevedra | 4 | 57,14% |
| Total | 7 | 100,00% |

En canto ás características do centro no que traballan os participantes, atópanse representados tanto colexios urbanos como rurais e, utilizando as propias palabras dos docentes, semi-rural ou híbrido:

> Semi-rural... porque si que está afastado, é unha parroquia pequena, non é nin Coruña nin sequera Oleiros centro nin nada pero... si que é entorno rural. (PSL)

> …non é nin rural, nin urbano, é semi..., híbrido podemos dicir. Si, porque a ver, está como ubicado nunha parroquia do Concello pero é unha parroquia que xa ten edificios, historicamente xa foi vila. (EMFG)

En relación ao número de alumnado, os entrevistados manifestan que os seus respectivos centros atópanse entre os 300 e os 630 alumnos e alumnas nas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria e o número de unidades vai entre as 8 e as 24 unidades, no caso do centro máis grande que é de liña 3. Ao falar das principais características do alumnado, alúdese en tres ocasións a alumnado pertencente de contextos semi-rurais, alumnado inmigrante e de etnia xitana, tal e como se recolle nos seguintes fragmentos:

> …temos moito alumnado do rural, polo menos a metade do alumnado ou algo máis, desprázase no autobús cada día, fan uso do comedor e todo iso e non sempre teñen acceso a moitas das actividades que si que teñen os que viven aquí no casco urbano, por exemplo, o de música. (APR)

> A inmigración é altísima, o 70% do alumnado é inmigrante, hai moito refuxiado, etnia xitana. (LSS)



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Outra das cuestións que se recollía na entrevista era a participación do centro nalgún proxecto vinculado coa Educación Musical para tratar de albiscar a importancia que dende o centro se lle outorgaba a esta área. Así mesmo, poñíase como exemplo o programa de "Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade", que conta co apartado do Coro das emocións[30]. Non obstante, ningún dos entrevistados participa nestes proxectos impulsados dende a Consellería, o que non implica que non desenvolvan outras iniciativas a nivel de centro (como pode ser un coro escolar xestionado nos tempos de ocio do alumnado) ou a nivel local organizando actividades musicais para a comunidade:

> A verdade é que de momento non participamos nun proxecto en si, ao mellor que ten máis anos de seguimento, sabes. Este ano simplemente decidimos o centro, dedicalo a música. Traballamos todo. (BR)

> A nivel local si, a nivel local fixemos un montón de cousas e a nivel colexio, tanto o colexio como o local en Vilalba porque levabamos actuacións a distintos eventos e si. É dicir, participamos con teatro musical, e fixemos moitísimos musicais e eu fixen moitísimos anos teatro en Vilalba, levei unha compañía de teatro de Vilalba e entón aproveitaba tamén no cole para facer cada ano, polo menos unha, pero a veces incluso varias, pezas de teatro e a maioría dos anos acababamos o curso cun musical e eran pezas de teatro, unhas veces escritas por min, outras veces adaptábaas ou o que fora, pero sempre eran musicais. (MXLF)

Por outra banda, tamén se menciona a pandemia como causante da paralización de moitos proxectos, tal e como o expón AOR:

> … non me lembro porque estivemos un ano e non me lembro exactamente en que ítem foi... pero sei que foi contratos-programas, sabes? E bueno, foi un proxecto moi chulo que

[30] Pode consultarse a Convocatoria para o curso 2022/2023 na seguinte ligazón: https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/37028



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> levamos a cabo durante tres anos, si, o último ano cando foi o da pandemia, parámolo...
> Non puidemos continuar e estaba moi guai porque nesta zona hai máis coles que teñen coro escolar tamén, facíamos intercambios e foi un proxecto moi chulo onde os nenos estiveron moi implicados… (AOR)

Así mesmo, outra das entrevistadas explica que participaron nun proxecto de Educación Musical, xestionado fóra de Galicia, "Musicreando", ademais de incentivar dende o centro actividades de Educación Musical que non implican coordinación con outros centros. En palabras de LSS:

> Fixemos pero non é dentro de Galicia. O proxecto Musicreando… que é saír a tocar a rúa. Participamos nese proxecto dous anos. Así se facemos cousas, son cousas sen ningún tipo de coordinación con outros centros. A única cousa así que foi coordinada foi iso. (LSS)

En canto á antigüidade no centro educativo, un dos docentes leva menos de un ano; dous mestres levan de 1 a 5 anos; entre os 5 e os 10 anos tamén se atopan outros dous dos entrevistados e no rango de 10 a 15 anos e máis de 15 anos hai un mestre en cada un destes bloques de idade.

**Táboa 29.** *Antigüidade no centro actual dos participantes nas entrevistas*

| Rango en Anos | Frecuencia | Porcentaxe |
|---|---|---|
| Menos de 1 ano | 1 | 14,28% |
| De 1 a 5 anos | 2 | 28,58% |
| De 6 a 10 anos | 2 | 28,58% |
| De 11 a 15 anos | 1 | 14,28% |
| Más de 15 anos | 1 | 14,28% |
| Total | 7 | 100,00% |

Ao realizar comparativa entre os anos de antigüidade como docente e os anos de antigüidade no centro, apréciase como o profesorado de Educación Musical entrevistado é moi estable. Deste modo, obsérvase como 2 dous 7 entrevistados unicamente estiveron nun centro educativo dende que aprobaron a oposición. É o caso de EMFG que leva



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

exercendo catro anos como docente de música e os catro no mesmo centro e tamén de AOR que aprobou no ano 2015 e dende aquela estivo nun único colexio.

En canto ás horas lectivas do profesorado especialista de música, cinco dos sete entrevistados imparten clase tanto en Educación Infantil e Educación Primaria e os dous restantes unicamente en Educación Primaria (unha delas porque ten unha reducción de xornada e a outra porque exerce nun centro grande e xa completa o horario). Así mesmo, nos centros máis pequenos teñen que completar o horario impartindo outras materias como Naturais, Matemáticas ou Valores. Un dos docentes de música, ademais, é co-titor de 6º de Educación Primaria:

> Estou compartindo titoría coa secretaria que está en 6º. (BR)

Finalmente, en relación con cargos de xestión e coordinación, tan só dous dos docentes entrevistados non ocupan ningún outro cargo mentres que os cinco restantes se encargan de distintas coordinacións como E-Dixgal, biblioteca ou TIC.

**Táboa 30.** *Desempeño de cargos de xestión ou coordinación polos participantes nas entrevistas*

| Desempeño en cargos de xestión | Frecuencias | Porcentaxe |
|---|---|---|
| Coordinación E-Dixgal | 2 | 28,57% |
| Coordinación de biblioteca | 2 | 28,57% |
| Coordinación TIC | 1 | 14,29% |
| Non desempeña ningún cargo | 2 | 28,57% |
| Total | 7 | 100,00% |

### 6.3.3 Formación inicial e continua

O terceiro bloque da entrevista contiña preguntas relacionadas coa formación inicial e continua dos docentes de Educación Musical. Deste xeito, a maioría dos entrevistados fixeron Maxisterio Musical á vez que compaxinaban a carreira cos estudos do Conservatorio ou con mestrados de especialización. É importante destacar que máis da metade dos docentes (catro dos sete) posúen o Grao Superior do conservatorio, unha titulación moito máis alta da requirida para impartir



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

docencia na etapa de Educación Primaria, polo que son profesionais altamente formados.

**Táboa 31.** Resumo da información extraída das entrevistas sobre a formación inicial

| | | |
|---|---|---|
| Maxisterio musical | “*Fixen maxisterio musical un pouco nunha idea de ampliar o abano, de ter máis formación ao redor da música, non, e vendo que á larga escaseaban as prazas ou os postos de traballo.*” (BR)<br>“*A verdade é que nunca pensara como un futuro laboral nin sequera eh... non era disto que vou ser profe de Música que o tes claro dende sempre, non, pero bueno... a verdade é que atopei o camiño moi ben.*” (PSL) | |
| Grao en Mestra de Educación Primaria | Mención de Educación Musical (EMFG) | Santiago de Compostela (EMFG) |
| Estudos en Conservatorio | | |
| Grao elemental | En piano (MXLF) | Vilalba (MXLF) |
| Grao medio | En clarinete (APR)<br>“*Grao Medio de Clarinete polo plan 66, que daquelas era título de profesor de clarinete…*” (APR) | |
| Grao profesional | En saxofón (BR)<br>En piano (soamente dous cursos) (MXLF)<br>En canto (AOR)<br>En óboe (LSS)<br>En piano (EMFG) | |
| Grao superior | En pedagoxía da linguaxe musical (AOR)<br>En saxofón (BR)<br>En piano - cursándoo na actualidade (EMFG)<br>En óboe (LSS) | |
| Máster de especialización | En saxofón (BR)<br>En Educación Musical (MXLF, AOR)<br>En piano (AOR)<br>En pedagoxía musical (LSS)<br>En música antiga (LSS) | Jaén (BR)<br>Lugo (MXLF)<br>UNIR (LSS)<br>ESMUC Barcelona (LSS) |

| | |
|---|---|
| Educación non formal | Técnica vocal e coros<br>"*…educación non formal, cando tiña pois iso 5 anos aproximadamente, empecei a cantar nun coro infantil e pouco a pouco fun evolucionando no coro, pasei ao xuvenil, logo de voces brancas, adultos, tal… e faciamos cursos en verán, de formación, con diferentes profesionais, pois con Susa Herrera, con profesores de técnica vocal*" (AOR)<br>En piano<br>"*…tocaba o piano dende pequena en Escola de Música, bueno primeiro tiña un profe na casa cando era moi nena e despois fun a unha Escola de Música en Lugo.*" (PSL)<br>Asociación tradicional "*grupo de pandeireta e canto*" (PSL) |

En segundo lugar, en relación coa formación continua, a maioría dos participantes seguiron formándose a través de cursos, congresos ou obradoiros sobre diferentes temáticas orientadas á música, a través da oferta da Consellería de Educación e da oferta privada organizada por sindicatos ou movementos de renovación pedagóxica, financiada esta última polos propios docentes.

A análise de datos albiscou certas críticas sobre os cursos desenvolvidos a través do Plan de Formación da Consellería de Educación motivadas pola falta de oferta en certas zonas xeográficas, as temáticas pouco atractivas e a pouca seriedade dos poñentes:

> …cando houbo algún curso non me resultou o suficientemente atractivo ou non vin o perfil que eu buscaba. (APR)
>
> Fun a algunha das do CEFORE que coincide que case nunca é na Coruña… (PSL)
>
> …a min me parecía pois iso, unha perda de tempo, de formación non había nada en absoluto, era iso... cubrir protocolo e punto. (MXLF)
>
> …non aprendín nada. Aprendía cos traballos que facíamos os compañeiros porque nos xuntabamos porque facíamos



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

unha serie de historias pero, despois, o que é realmente no curso non aprendín nada, nada en absoluto. Entón pasei de facer máis cursos que eses dous primeiros intentos que fixen. (MXLF)

**Táboa 32.** *Resumo da información extraída das entrevistas sobre a formación continua*

| Tipo de curso | Temática | Duración |
|---|---|---|
| Curso da Xunta:<br>- Fprofe<br>- CEFORE<br>- CAFI<br>Cursos doutras entidades:<br>- CIG<br>- SPG | Fprofe: "*fará 2 ou 3 cursos, de Harmonización, era así por refrescar un pouco a cousa*" (APR)<br>Fprofe: "*…novas tecnoloxías relacionadas coa música, músicas do século XX*" (BR)<br>CIG: "*Educación Musical*" (MXLF)<br>CIG y SPG: "*…fixen cursos de harmonización de cancións, fixen cursos de baile, danza, danzas de todo tipo, danza histórica, danza tradicional e fixen cursos... xa che digo practicamente aproveitei todos os que organizaba a CIG e máis a SPG, de construción de instrumentos*" (MXLF)<br>CEFORE: "*harmonía ou de montaxe musica*" (PSL)<br>Fprofe: "*Coreografías con balón de baloncesto. Osea, mesturar a educación física do baloncesto coa música*" (LSS)<br>"*metodoloxía BAPNE*" (LSS) | "*…máis ou menos un por ano adoitaba ir*" (BR)<br>"*…cada ano a CIG desenvolvía unha serie de cursos, adoitaba ser un curso anual, e coincidía case sempre a comezos dos cursos, en setembro-outubro e facía un curso sobre Educación Musical*" (MXLF) |
| Cursos privados | "*Cursos de danzas*" (APR)<br>"*Música para bebés*" (EMFG) | |
| Cursos privados de conservatorios | Metodoloxía Dalcroze (AOR)<br>Willems en técnica vocal (AOR) | |
| Congresos | Congreso con Euterpe (LSS) | Congreso de Educación Nacional que hai todos os anos (LSS) |

*Formación específica sobre materiais didácticos musicais*

Unha vez que se obtivo unha visión xeral acerca da formación inicial e continua que posúen os docentes relacionada coa Educación Musical, pasouse a analizar a formación específica sobre materiais didácticos musicais. Dos 7 participantes nas entrevistas, a maioría non realizou actividades formativas específicas de materiais didácticos musicais, pero a formación realizada vincúlase de xeito indirecto coa elaboración e a utilización de ditos materiais, tal e como recolle AOR ao facer alusión a un curso de creación de recursos audiovisuais:

> ... este ano, fixen un curso que ten que ver indirectamente, penso, cos materiais, porque era un pouco de edición, de son, vídeo, para a aula virtual. Entón, bueno, era un curso relacionado realmente coa creación de recursos audiovisuais, aínda que non falaba directamente de recursos, pero bueno, si, pois...era como modificar unha foto, como montar un vídeo, como cortar un audio... de cara a crear recursos. (AOR)

Así mesmo, BR afirma que intenta asistir a formacións de temáticas diversas e sempre trata de sacarlle utilidade para a súa área, facendo alusión a un curso sobre cartografía para docentes no que se lle ocorreron unha serie de ideas que pode empregar para mellorar o seu traballo nas aulas:

> Entón o que vin alí foi unha serie de ideas moi interesantes para ao mellor traballar algún conto, pois que se desenvolve en diferentes lugares, entón unha especie de seguimento. Ou ao mellor músicas que están relacionadas con partes de aquí de Galicia, por exemplo, as músicas tradicionais ou así. (BR)

Non obstante, APR defende que non lle parece atractiva a formación sobre os materiais didácticos debido ao pouco tempo que teñen nas clases e a cantidade de temario que deben traballar. Ademais, pensa que é de máis utilidade a rede ou o intercambio de opinión con



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

outros docentes antes ca os cursos de formación sobre os materiais didácticos musicais. En palabras de APR:

> …estes cursos que se enfocan en materiais que ao mellor che quitarían moitísimo tempo. Eu creo que temos tanto que traballar que ao mellor non é necesario adornalo demasiado. (...). Interésame crear os materiais pero non quizais facer un curso porque bueno, a verdade é que hoxe en día temos ao alcance da man moitísimos recursos a través da rede, pois iso, intercambiando opinións con outros compañeiros e así e non sentín a necesidade. (APR)

Por outra banda, os docentes que realizaron formacións nas que se tratou de xeito indirecto os materiais didácticos musicais destacan o carácter práctico das mesmas:

> …todos os que fixen eran un pouco encamiñados á construción de instrumentos, á utilización dos mesmos, á utilización de obxectos sonoros e... unha serie de cousas que se podía englobar aí dentro pero que eran súper prácticos… (MXLF)

Tal e como afirma MXLF, a construción de instrumentos é un dos aspectos que máis se repiten nas entrevistas en relación coa formación, de modo que AOR tamén explica que asistiu a unhas xornadas organizadas pola Asociación de Gaiteiros Galegos nas que creaban instrumentos:

> …fun a algunhas xornadas tamén da Asociación de Gaiteiros Galegos cando facían xornadas de creación de instrumentos, cousas así e tal... e nese sentido pois si, sobre todo recursos para utilizar na aula, máis ben didácticos tipo... pois iso, libros con recursos ou Cd's ou cousas así. (AOR)

Ademais disto, tamén predominan as formacións sobre diferentes métodos ou pedagogos musicais como pode ser Dalcroze, nas que se

proporcionan recursos vencellados con estas metodoloxías, tal e como exemplifica AOR:

> …nos cursos que fixen, un pouco de metodoloxía, sobre todo recordo un de Dalcroze que fixen en Coruña, de rítmica Dalcroze, si que a profesora nos facilitou moitos recursos a nivel, pois... algunhas coleccións de libros que teñen bastantes materiais de Educación Musical e música e movemento. (AOR)

Finalmente, unha das entrevistadas cursou un mestrado de Deseño Tecnopedagóxico e afirma que, a pesar de estar máis enfocado á ensinanza de adultos, si que aplicou moitos dos coñecementos no seu terreo profesional e aprendeu moitas cuestións técnicas relacionadas co desenvolvemento de materiais didácticos.

*Carencias docentes sobre a utilización dos materiais didácticos musicais*

Noutra das preguntas da entrevista pedíaselle aos docentes que reflexionasen sobre as carencias que atopaban no día a día relacionadas coa elaboración ou utilización nas aulas dos materiais didácticos musicais e as limitacións máis repetidas tiñan que ver coa busca de materiais para o alumnado de Educación Infantil e dos últimos cursos de Educación Primaria (5º e 6º), recursos para traballar a improvisación e a creatividade así coma o arranxo de pezas musicais.

**Táboa 33.** *Carencias docentes en relación cos materiais didácticos musicais*

| Temática | Razóns |
|---|---|
| Material para nenos de Educación Infantil (BR, EMFG) | Elaboración e desenvolvemento de materiais para Educación Infantil: "as necesidades cambian nesta etapa, debido á facilidade de distracción, para isto débese preparar un material especial para obter a atención necesaria para a aprendizaxe." (BR)<br><br>"Aos profesores oriéntaselles máis a nivel primaria, *infantil é un mundo aparte*", falta material de música nese nivel: cancións, xogos e dinámicas." (EMFG) |
| Improvisación e creatividade (AOR) | Fomentar a improvisación e a creatividade na aula: "sentar bases e ofrecer aos alumnos unha serie de guías para que poidan interiorizar tanto a improvisación como a creatividade." (AOR) |
| O arranxo de pezas (PSL) | "Sinto que á hora de arranxar pezas son un pouco lenta, porque lévame bastante tempo facelas como a min me gustan, claro, (...) quizais non máis coñecementos pero si máis, non sei, incluso máis recursos ou máis cousas novas que vas vendo por aí que si que se poden facer e traelas ti... aí si que buscaría máis, no arranxo de pezas ou... non sei... por aí creo que iría por onde noto máis eivas, si." (PSL) |
| Dificultade para atopar cancións para 5º e 6º de primaria (LSS) | "Vale, a veces cóstame atopar cancións para 5º e 6º de Primaria, materiais de cancións para 5º e 6º que lle poidan gustar, quitando as típicas africanas. Tamén, cóstame a veces atopar partituras para frauta ou para ukelele, sinxelas, para facer cos nenos. Osea, sobre todo ese tipo de material." (LSS) |

*Melloras e suxestións na formación sobre materiais didácticos musicais*

En relación ás propostas de mellora que teñen os docentes sobre a formación que organiza a Consellería vencellada cos materiais didácticos musicais, destacan que é necesario que haxa unha maior oferta de actividades formativas e que estea máis diversificada e non centrada unicamente nun territorio xeográfico:

> É evidente que non hai moitos cursos en materiais didácticos, e menos a nivel de infantil. (EMFG)
>
> Eu si que vexo moitas veces en Vigo, en Ferrol, ou así, que hai máis historias, aquí nótoo menos… (LSS)

Tamén propoñen que se comparta o material que se utiliza nos cursos sobre diversos métodos porque normalmente empregan recursos interesantes pero aos que posteriormente non teñen acceso:

> …moitas veces cando imos aos cursos, que está moi ben, despois non nos dan ese material. Entón, si que as veces estás aí a gravar e eu moitas veces eu noto que nos cursos, non nun curso específico de material, nun curso xeral, moitas veces despois todos os materiais que traballamos non temos ese *feedback*. (LSS)

Outra das críticas que realizan con respecto á formación é que en moitas ocasións non se adaptan ao currículo, cuestión que aínda se agrava máis tendo en conta que hai unha única hora de música á semana, polo que o tempo é limitado e os docentes perciben que están atados ao que indica o currículo:

> …moitos dos contidos que aparecen publicados, ou que aparecen en aplicacións ou tal, son moi reducidos ou simplemente non se adaptan ao currículo… (BR)

> …temos moi pouco tempo nas aulas e hai veces que materiais que que... estes cursos que se enfocan en materiais que ao mellor che quitarían moitísimo tempo. (APR)

Así mesmo, os docentes tamén demandan a organización de formacións que sexan prácticas e claramente ligadas co día a día nas aulas e destacan a importancia de que os recursos a utilizar sexan económicos e non requiran unha gran inversión, tal e como explica AOR:

> …había que buscar, sobre todo, cursos que sexan prácticos a nivel de aula, que ao final é o que buscamos todos, recursos que poidas utilizar na aula e, sobre todo, que non requiran unha gran cantidade de material, de material a nivel económico, que poidamos facer. (AOR)

Finalmente, suxiren temáticas específicas para realizar actividades formativas, non tan relacionadas cos materiais didácticos musicais, como pode ser a organización de cursos sobre Foniatría ou Logopedia:

> …sería interesante, organizar formación de tipo de foniatría, logopedia para profesorado e sobre todo para profesorado de música… (AOR)

### 6.3.4 Valoración dos materiais didácticos musicais

*Materiais preferidos polos docentes*

O bloque 4 da entrevista comezaba cunha pregunta relacionada coa preferencia docente pola tipoloxía de material didáctico musical. Ao igual que acontecía nos resultados do cuestionario, aínda que os docentes utilizan todo tipo de materiais didácticos, os preferidos son os materiais sonoros, recoñecendo a importancia de ditos materiais na aprendizaxe da música e destacando entre todos eles, os instrumentos musicais.

Os docentes entrevistados afirman que os instrumentos musicais permítenlle ao alumnado o desenvolvemento da improvisación e a creatividade e en maior medida se estes son elaborados polos propios



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

alumnos e alumnas, é dicir, os instrumentos cotidiáfonos, termo acuñado por Akoschky (1988).

Nas sete entrevistas realizadas aludiuse aos materiais sonoros como a base do traballo docente en música, argumentando que todos os días se recorre a esta tipoloxía de materiais, e en especial aos instrumentos, tal e como se pode percibir nas seguintes intervencións:

> …tiñamos alí un montón de instrumental, de xilófonos, de material de pequena percusión, de cousiñas así, que si que viron unha relación moito máis directa co que iamos facer. (APR)
>
> Para min o principal é o material sonoro… (LSS)
>
> …material instrumental de todo tipo. Gústame todos os días, ademais creo que absolutamente todos os días, a veces simplemente a nivel rítmico con instrumentos de pequena percusión, ou con instrumentos máis grandes ou con instrumentos melódicos (xilófonos, carillóns e metalófonos), con xoguetes, con campaíñas de cores, con tubos sonoros, percusión corporal (APR)
>
> …o que máis nos mola, instrumentos, tocar instrumentos… (EMFG)

Por outra banda, en relación cos materiais híbridos, AOR utiliza material instrumental que combina con contos e historias, ao igual que EMFG que inventa contos para que posteriormente acompañe o seu alumnado con instrumentos musicais. PSL menciona os libros-CD e os contos e historias para a aprendizaxe da música e AOR organiza obradoiros de xogos musicais nos que se combina o material dixital coma o encerado dixital interactivo co material impreso.

En alusión aos materiais dixitais, os docentes entrevistados destacan os *blogs*, páxinas web, aula virtual, encerado dixital interactivo, *Kahoot*, musicogramas (presentes en 3 das 7 entrevistas realizadas), ritmogramas e o entorno virtual de aprendizaxe vinculado ao proxecto E-Dixgal, *Youtube* ou *Instagram*. Por citar un exemplo concreto de utilización de material didáctico dixital, APR realiza



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

videotitoriais que comparte co seu alumnado para ensinar cancións coa frauta:

> O dos videotitoriais, a verdade é que empecei a facelos na pandemia pero a verdade é que quedaron un pouquiño instaurados, sobre todo, agora non se está utilizando a frauta pero si que fixen varias cancionciñas así que vai aparecendo a partitura e ao lado están os dedos. (APR)

Non obstante, a utilización de materiais didácticos dixitais en ocasións conleva unha serie de dificultades ou problemas engadidos como pode ser a falta de medios para o acceso ao material dixital, tales como *tablets*, dispositivos móbiles, encerados dixitais interactivos, etc. quedando limitado o seu uso á obtención dos mesmos, tal e como explican AOR e MXLF:

> A nivel, por exemplo, de facer un algo con *Kahoot*, que nos institutos creo que é máis viable, pois eu na miña aula non o podo facer porque non teño recursos dixitais suficientes, non teño tablets para os nenos… (AOR)

> Estabas moito máis limitada polos recursos e polo feito de non poder conectarte…( MXLF)

En relación cos materiais didácticos impresos, os docentes entrevistados afirman que o seu uso nas clases de Música é limitado e que moitas veces se reduce á impresión de partituras ou fichas ou á realización de tarefas na casa cando o nivel socioeconómico das familias impide a utilización doutras tecnoloxías dixitais. Non obstante, citan como material para a preparación das clases a Colección de Bellaterra Música (AOR) e a Colección Melodía de Galinova (MSLF).

Finalmente, para pechar este apartado relacionado coas preferencias docentes sobre os materiais didácticos musicais recóllese na seguinte táboa a frecuencia de aparición nas entrevistas dos distintos tipos de materiais didácticos, extraídas do Atlas.ti.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 34.** *Frecuencias dos materiais didácticos musicais preferidos polos docentes entrevistados*

| Material Preferido | Frecuencia | Porcentaxe |
|---|---|---|
| Material sonoro | | |
| - Instrumentos | 7* | 100,00% |
| - Tubos sonoros | 2 | 28,57% |
| - Percusión corporal | 1 | 14,28% |
| - Instrumentos realizados polo alumnado | 3 | 42,85% |
| Material dixital | 6 | 58,71% |
| - Blog | 1 | 14,28% |
| - Vídeos | 2 | 28,57% |
| - Instagram | 1 | 14,28% |
| - Musicograma | 2 | 28,57% |
| - Ritmograma | 1 | 14,28% |
| - YouTube | 2 | 28,57% |
| - Aula virtual | 2 | 28,57% |
| - E-dixgal | 1 | 14,28% |
| Material impreso | 3 | 42,85% |
| - Fichas | 1 | 14,28% |
| - Libro de texto | 1 | 14,28% |
| Material Hibrido | 3 | 42,85% |
| - Libros con CDS | 2 | 28,57% |
| - Contos musicalizados | 3 | 42,85% |
| - Obradoiros de xogos musicais | 1 | 14,28% |

*Nota.* O 100% dos docentes entrevistados estableceron a súa preferencia polos instrumentos musicais

## *Materiais preferidos polo alumnado*

Ao analizar as preferencias do alumnado (dende a percepción dos docentes) obsérvase como coinciden coas dos mestres e mestras entrevistados xa que o material didáctico por excelencia é o material instrumental, por ser: manipulativo, sonoro e experimental. En palabras de PSL, BR e APR:

> … cando chegan ao día seguinte e incluso lle dás a escoller que queren facer: se ver unha película, ver uns debuxos... Non, non, eles queren tocar, o seu é tocar. Tocar... sobre todo! (APR)



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Eu creo que tamén os instrumentos, sen dúbida. Sempre van a preguntar se hoxe non tocamos... sempre. (PSL)
>
> …instrumentos musicais, nótaselle que lle gustan moito máis. (BR).

Ao alumnado tamén lle gusta moito construír os seus propios instrumentos musicais aínda que isto conleva algunhas dificultades para os docentes, que en ocasións necesitan pedirlle colaboración aos compañeiros e compañeiras:

> … dan moito máis traballo dar esas clases, si, porque tes que dar un pouco de plástica, a orde entre eles, tanto sonoro da aula como a orde para que todos poidan facelo contigo, non. O que te ves un pouco superada é cando son pequenos, que tes que pedir ao mellor un pouco de axuda nas titorías, ou nos profes que hai de apoio. (BR)

En canto ao material dixital (xogos interactivos no encerado dixital, os vídeos e os recursos audiovisuais), tamén capta a atención e motiva ao alumnado. Nesta liña, PSL afirma que o material audiovisual chámalles a atención e que calquera acompañamento dixital sempre mellora a clase.

Finalmente, outra das actividades que máis éxito ten entre o alumnado é a danza:

> … a final de curso, sempre me gusta preguntarlles dalgún xeito, que foi o que máis lles gustou, o que menos, se cambiarían algo... e sorpréndeme porque, sobre todo os maiores, que así de primeiras terían máis vergonza e tal, que lles gustaría moito pois... bailar… (AOR)

*Os libros de texto de Educación Musical*

De acordo coa información recompilada nas entrevistas e que apoia os datos obtidos no cuestionario, os docentes galegos que imparten a materia de música case non utilizan o libro de texto impreso e/ou dixital. Deste modo, só unha das docentes entrevistadas defende a utilización



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

do libro de texto como guía e complemento nas súas clases. Por tanto, tal e como se puxo de manifesto nas páxinas anteriores, os docentes empregan unha gran cantidade de materiais tanto sonoros, como impresos (fichas de uso esporádico e complementario ás actividades realizadas na clase), dixitais e híbridos, o que permite dinamizar a súa actuación aos requirimentos propios do currículo, sen perder de vista os intereses do seu alumnado, conseguindo a motivación necesaria para que a aprendizaxe da música sexa unha cuestión divertida.

En canto ás razóns que esgrimen os seis docentes para xustificar a non utilización dos libros de texto, destacan as seguintes:

- Non ofrecen a flexibilidade necesaria que require esta área xa que cómpre realizar actividades prácticas e non un traballo baseado en fichas e exercicios.
- Non se adaptan á realidade da aula nin do centro.
- Presentan déficits no seu deseño ao non resultar motivadores e non estar ben estruturados.
- O seu custo é moi elevado.
- Son moi extensos para o tempo semanal que se dispón nesta área.

A continuación preséntase unha táboa na que se seleccionan diversas ideas das entrevistas que apoian cada unha das limitacións expostas anteriormente vencelladas cos libros de texto de Educación Musical.


USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 35.** *Razóns polas que os docentes non empregan os libros de texto de Educación Musical*

| Libros de texto de Educación Musical |
|---|
| Non ofrecen flexibilidade:<br>- Os libros limitan e "atan". En música hai moitos recursos para traballar o temario (APR)<br>- Música é unha área que debe ser traballada cunha dinámica máis práctica e non seguir no traballo de fichas que se realiza noutras áreas (BR)<br>- Prefiren realizar actividades prácticas, chegando a conclusións teóricas. O libro de texto é limitante e ao seguir un libro pérdese todo o sentido (AOR)<br>- Seguir un libro implica obrigatoriedade de uso e hai moitas formas de desenvolver o temario en música, o libro implica só unha maneira (PSL) |
| Non se adaptan á realidade:<br>- Non se adapta ao traballo que realiza o docente (APR)<br>- O contido dos libros non se corresponde coa realidade do alumnado (BR, LSS)<br>- O libro de texto non se adapta ás circunstancias do centro (PSL) |
| Presentan deficiencias na estrutura e contido:<br>- Non son nada motivadores (BR)<br>- Os libros de texto de música non están ben estruturados (LSS)<br>- Hai cousas máis divertidas para facer que as que veñen no libro de texto (LSS, EMFG) |
| Non se empregan na súa totalidade:<br>- O libro non se aproveita completamente (EMFG)<br>- Non se chega a impartir todo o contido do libro (PSL)<br>- O tempo na clase é reducido e non hai unha continuidade (BR) |
| O seu custo é moi elevado:<br>- Unha perda de cartos para os pais (BR)<br>- É un material cun custe moi alto (EMFG) |

Non obstante, estas opinións son compartidas por 6 dos 7 docentes entrevistados, xa que a persoa restante defendeu durante a conversa a utilización do libro de texto como recurso para guiar e estruturar a materia. Unha das principais razóns que achega é que no seu centro había unha forte tradición de utilización dos libros de texto e ademais, considera que o libro de texto é un elemento que lle outorga importancia a unha materia. En palabras de MXLF:

> Mira nós, cóntoche... no colexio eran moito de libros de texto, en xeral. Entón a min pedíuseme dende o primeiro momento que fun de profe de música, que puxera o libro de texto que era moito máis doado e que bueno así as familias...



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Por outra parte si tiñan razón, cando hai un libro de por medio dáselle máis importancia a unha materia que cando o fas con material deste funxible, que fas ti as fichas, entendes? As cousas son así, é a realidade pura e dura. Entón eu, pois pensando niso tamén, pois utilicei sempre o libro de texto pero bueno como apoio, non como elemento principal, como apoio. Si chegaba a dar todo o temario pero dábao á miña maneira, é dicir, utilizando como apoio pero non libro de texto e nada máis... (MXLF).

Por outra banda, en contraposición coa opinión dos docentes que non empregan libro de texto, MXLF considera que utilizar este recurso axuda a tratar todos os elementos do currículo porque "máis ou menos os libros de texto están confeccionados seguindo unha programación, na que non se saltan ningún dos obxectivos" (MXLF). Por tanto, defende que o libro serve como guía tanto para o profesorado como para o alumnado e evita que queden, por citar algún exemplo, estilos musicais sen tratar:

> Que sexan capaces de dicir, esta é unha peza de ópera e esta é... xa non che digo que digan pois isto é o Dúo de Papageno e Papagena da Frauta Máxica, que si, que moitos se acordarán pero refírome a que saiban que esta é unha peza clásica, unha peza operística, unha peza de zarzuela, que esta é unha canción dos *Beatles*, esta é unha peza de rock progresivo, porque si, porque a escoitaron e porque saben de que vai e que saiban o que é o jazz e todo isto entra dentro das materias, pero non se dá. Habitualmente non se dá e se se guían polo que veñen nos libros, eu fáloche de Galinova que é o que máis utilizo, polo menos telo diante, e polo menos sabes que aí hai que tratar o *Yelloy submarine* dos *Beatles* e que che dá pé a falarlles dese tipo de música e que máis adiante che fala pois do que é unha muiñeira e que lle vas falar da canción tradicional e da música tradicional galega, tanto instrumental como vocal (MXLF).



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

*Razóns polas que diminuíu a utilización do libro de texto en Educación Musical*

Como no momento de realización das entrevistas xa se analizaran os datos do cuestionario, preguntóuselle aos docentes polas posibles razóns que puidesen explicar o descenso dos últimos anos na utilización do libro de texto en Educación Musical, tomando como referencias as investigacións previas de Vicente Álvarez (2012) e Gillanders (2011). As razóns dadas polos docentes poden agruparse nos seguintes grandes bloques:

- Aumentou a formación do profesorado de Educación Musical.
- Dixitalización e accesibilidade de información e recursos de maneira ilimitada.
- Falta de actualización dos libros de texto.

Comezando polo primeiro deles, o aumento da formación docente, os participantes afirman que a utilización do libro de texto proporciona seguridade e facilita o traballo a aquelas persoas que non teñen unha alta formación a nivel musical e na actualidade a maioría dos docentes de música son xente que "ten unha seguridade e unha soltura para defender o traballo ante o alumnado" (APR), debido aos estudos previos en escolas de música ou no Conservatorio.

Esta idea tamén é apoiada por BR que sitúa este cambio no ano 2015, momento no que comezou a ingresar na profesión xente mellor formada e cunha bagaxe instrumental especializada o que permite ofrecer máis cousas e de calidade ao alumnado, que para unha persoa sen este nivel alto de formación sería imposible:

> Entrou unha serie de xente que case todos coincidimos no conservatorio, no superior. Entón xa hai unha certa facilidade, xa tes unha certa bagaxe, para ti explicar unha serie de contidos que non che resultan difíciles, para nada, porque non ten nada que ver con toda a carreira que fixeches. E ao ter máis bagaxe tamén te sentes máis seguro para ter unha amplitude máis grande para ofrecer máis cousas aos nenos. Somos como máis especialistas, temos máis coñecementos do noso campo entón pódeslle ofrecer máis. (ABR)

> Ata non fai moito, bueno, había xente que si, que tiñan unhas nocións de música pero non ao mellor unha formación, nin musical nin en Educación Musical. Entón o libro evidentemente si que é un soporte que lles dá unha certa seguridade e que che facilita moito o traballo, evidentemente. Eu se fora dar clase dunha materia que non controlara demasiado, agarraríame ao libro e durmiría con el debaixo da almofada. Pero creo que si, que agora por sorte, a formación avanzou moitísimo. (APR)

Ademais, afirman que as novas xeracións chegan con ganas de mellorar a ensinanza da Educación Musical e cambiar certas formas:

> os profesores máis antigos si que tiraban máis de libro pero penso que a xente que comezamos hai pouco que temos un pouco máis de inquietude por innovar, por formarnos, por mellorar un pouco a Educación Musical e darlle o lugar que realmente se merece dentro da educación. (AOR)

En relación coa segunda das razóns, a dixitalización e a accesibilidade de información e recursos, os docentes afirman que na actualidade na rede hai unha gran cantidade de materiais didácticos dixitais destinados á Educación Musical e moitas contas especializadas nas redes sociais (*Instagram* e *Youtube*, fundamentalmente). Ademais, valoran como positivo que moitos destes recursos son de balde e que tratan aspectos moi específicos. En palabras de PSL e AOR:

> Un, sen dúbida, é internet, claramente eu creo. Porque temos moito máis acceso a outros materiais, aínda que ti non os elabores, ou non teñas tempo, ou ganas ou o que sexa, é certo que cada vez se difunde e existe moito máis material *online* que podes tanto ter libremente, como mercar, e que poden ser materiais moito máis compartimentados que un necesita algo súper específico e buscas, e se o tes que mercar podes mercalo, e se o podes atopar, podes incluso atopalo de balde. Entón, sen dúbida, internet foi un dos motivos... eu iso téñoo claro. (PSL)

> De repente a aparición de mil millóns de recursos dixitais e hoxe en día, ti méteste en *Instagram* e atopas de todo, de actividades de baile, de actividades con instrumento, desde musicogramas e en *Youtube* un montón de vídeos interactivos e penso que ese tipo de recursos é máis cercano aos rapaces que un libro de texto. (AOR)

Finalmente, o último dos motivos esgrimidos polos docentes fai alusión á falta de actualización dos libros de texto de Educación Musical posto que en moitas ocasións conteñen información obsoleta:

> os libros están un pouco desactualizados, "entre comillas", e hai moito material hoxe en día e creo que se pode chegar aos nenos dunha forma moito máis cercana a nivel musical (AOR)

> …as editoriais tampouco se estaban axustando cos seus libros… (PSL)

Non obstante, antes de rematar este apartado cómpre facer fincapé en que estas opinións son compartidas por 6 dos 7 docentes entrevistados xa que unha delas, MXLF, defendeu a utilización do libro de texto e nesta cuestión os seus argumentos son contrarios. Dende a súa opinión, nos últimos anos reduciuse o emprego deste recurso nas aulas de Educación Primaria porque aos docentes cústalle seguir unha programación e na actualidade avogan máis polo que ela considera improvisación:

> É porque lle costa moito traballo ao profesorado seguir unha programación, os que a seguen, seguir unha programación e axustarse á programación do libro. É dicir, compaxinar todo o que ti queres ensinar e todo o que ti tes programado para un curso, a un nivel determinado durante unha sesión semanal e axustalo un pouquiño ao que vén nese libro de texto, vale? Entón iso é máis traballo e costa moito máis traballo iso que un profesor que diga, en base case á improvisación, pois hoxe facemos isto, hoxe facémolo outro e a min agora ocorréseme preparar unha canción de tal

elemento e agora fago isto para tal, sabes? Iso é moito máis doado.

*Utilización dos materiais dixitais na clase de música*

Outro dos aspectos que se tratou na entrevista con certo grao de detalle foi o emprego dos materiais didácticos dixitais de Educación Musical, incidindo nas súas vantaxes e inconvenientes. En relación coas vantaxes destacan, ao igual que acontecía no cuestionario, o carácter dinámico, atractivo e interactivo dos materiais dixitais. Na seguinte táboa recóllense todas as vantaxes que foron citadas e explicadas nas diferentes entrevistas.

**Táboa 36.** *Vantaxes da utilización de materiais dixitais musicais*

| Materiais didácticos dixitais |
|---|
| Accesibilidade de recursos |
| Eliminan desigualdades na aula |
| Son un gran apoio visual |
| Facilitan a obtención doutros recursos |
| Facilitan a formación dos docentes |
| Son ferramentas motivacionais |
| Exercen un impacto ambiental positivo |
| Presentan materiais interactivos |
| Son materiais próximos ao alumnado |
| Presentan deseños dinámicos e atractivos |
| Permiten a busca de información: recursos ilimitados |
| Proporcionan comodidade |

Por outra banda, en relación coas dificultades ou desvantaxes da utilización dos materiais didácticos dixitais, os docentes entrevistados destacaron que xeran desigualdades fóra da aula porque non todas as familias contan con acceso a internet nin cunha competencia dixital axeitada para axudarlle aos seus fillos e fillas, o profesorado carece de formación para elaborar esta tipoloxía de recursos e ademais isto require de gran cantidade de tempo fronte a baixa duración dos recursos. Na seguinte táboa recóllense todas as dificultades que foron citando.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Táboa 37.** *Desvantaxes da utilización de materiais dixitais musicais*

| Materiais didácticos dixitais |
|---|
| Brecha dixital |
| Xeran desigualdades fóra da aula |
| O tempo de elaboración do material dixital |
| A obsolescencia e durabilidade do material |
| Falta de formación dos docentes en TIC |
| Problemas de conectividade |
| Familias cun baixo nivel de competencia dixital |
| Falta de interese do alumnado por unha sobreexposición |

*Os materiais didácticos musicais e a atención á diversidade*

Outras das cuestións nas que se fixo fincapé na entrevista foi a atención á diversidade e a súa relación cos materiais didácticos musicais. Neste sentido, APR afirma que adapta o material a toda a aula para evitar sentimentos de desigualdade ou exclusión e busca que haxa unha participación da totalidade do alumnado nas diferentes actividades, con certas garantías de éxito e tendo en conta:

> que haxa sempre algúns instrumentos que sexan máis accesibles para todo o mundo. (APR)
>
> …ao mellor poslle un instrumento máis discreto cunhas intervencións máis concretas que respondan a unha directriz moi concreta nun momento dado, de forma que por un lado, si que ao mellor estea traballando e desenvolvendo un pouquiño aspectos que poida precisar máis e que por outro lado se sigan sentindo partícipes do que é a actividade en global (APR)

AOR coincide plenamente con APR e intenta distribuír os diferentes papeis, partituras ou instrumentos en función das capacidades do alumnado, sen que haxa un tratamento diferenciado:

> Entón eu intento adaptar os contidos no sentido da actividade pois se ten que tocar un instrumento, pois darlle a parte un pouco que sexa máis sinxela (AOR).



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O mesmo procedemento que utilizan para as actividades prácticas tamén o levan a cabo naquelas cuestións relacionadas cos aspectos teóricos do currículo, de modo que traballan co mesmo material didáctico pero adaptan a metodoloxía:

> vaise traballar ao mellor co mesmo material pero despois a eles vai haber unha explicación un pouquiño máis axeitada, máis sinxela ou bueno, procurando sempre iso, que chegue o coñecemento igual que a todos. (APR)

A única tipoloxía de material didáctico que adaptan é o material impreso que deben modificar tendo en conta o nivel de psicomotricidade fina do alumnado:

> En Primaria si que teño dous casos un pouco máis complicados de necesidades e si que adapto cando facemos algo escrito. Si que adapto cando fago a ficha do resto, fágoa doutra maneira para eles... bueno a nivel de psicomotricidade fina, por exemplo, cústalles moito, entón fago algo máis tipo de repasar, de colorear con trazos máis grandes para que eles poidan adaptarse nese sentido. (AOR)

Outra das estratexias que utilizan os docentes é acompañar as actividades con materiais de apoio visual que serven de axuda para toda a aula e, por exemplo, de gran utilidade para alumnado con descoñecemento do idioma. Deste modo, realízanse actividades homoxéneas adaptadas a todo o grupo-clase, tratando de eliminar así as desigualdades:

> … apoio visual vai a favorecer a uns ou ter un acompañamento vai favorecer a outros e creo que aí axuda moito... penso agora en alumnado que veu novo ou con total descoñecemento do idioma a metade do curso... e eses materiais funcionan para eles tamén, aínda que non estean entendendo nada do que diga eu, acaban funcionando. Entón é como que elimina bastantes desigualdades na aula e creo que esas son as vantaxes básicas. (PSL)



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LSS tamén menciona a titoría por parte do grupo de iguais de xeito que propón traballos por parellas para que así o alumnado se axude entre eles, evitando a discriminación e potenciando que todos poidan realizar as mesmas actividades:

> O que fago é ter un axudante, pois hai alguén que axuda a esa persoa. En vez de estar separado, están en grupos de dous. Se non é capaz de facelo todo, pois fai a metade pero non hai moita diferenza (LSS).

A titoría entre iguais como estratexia de instrución para a aprendizaxe de contidos en Educación Musical foi avaliada en diferentes ocasións como pode ser a investigación levada a cabo por Altimires e Durán (2011) na que empregan esta estratexia en 1º de Primaria para facilitar a aprendizaxe da lectura das notas musicais ou na experiencia "Ritmos en dos" na que tamén traballan a lectura rítmica musical nun instituto de secundaria de Costa Rica (Durán e Sánchez-Chacón, 2012).

Unha das docentes tamén afirma que falta formación do profesorado para o traballo con alumnado con necesidades diferentes, o que lle ocasiona a veces perder o ritmo do proceso de ensino-aprendizaxe:

> … cando rematou o curso eu dinme de conta que, con ese curso en concreto, eu traballara moitas menos cousas que co resto e creo que foi erro meu, porque me centrei tanto nese neno, que me esquecín do resto. (AOR)

Finalmente, ao longo das entrevistas, os docentes relataron algún caso específico relacionado coa atención á diversidade que se considera interesante recoller polas mencións aos materiais didácticos musicais que foron realizando. Comezando por APR, contou a experiencia dun alumno xordo co que emprega globos, amplificadores e material táctil para conseguir que perciba o ritmo dunha audición musical:

> Incluso teño un rapaz que é xordo, e... por simple curiosidade, fai pouco nunha actividade rítmica, gravei a 6 nenos e... mandeillo a unha amiga miña que é intérprete e



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> díxenlle, nestes 6 rapaces hai un que é xordo, dime cal é? E non o recoñeceu. O rapaz era perfectamente capaz de seguir o ritmo cos demais. Claro, había un traballo previo, insistindo moito. Pero si, si, si, a través de vibracións, con globos, ou a veces cun amplificador, así máis cerca... Claro, aí ao mellor é máis táctil que non auditivo, pero bueno, vou intentando buscar os recursos para que ese rapaz, dunha forma ou doutra... (APR)

Por outra banda, MXLF tivo alumnado que non coñecía o idioma co que empregaba dicionarios visuais para traducir a linguaxe musical, os nomes dos instrumento, etc.

> … tiven algún neno de Romanía que para levalo á linguaxe normal e máis de paso á musical, tiña que utilizar un dicionario visual que iamos dicindo como se chamaba tambor ou como se chamaba gaita... é dicir, iamos facendo como se dicía agudo ou como se dicía grave (…) Iamos traducindo á linguaxe musical que traballaba cos demais pero para que el fora adquirindo o vocabulario do galego a través dunha clase así de apoio, un pouquiño dentro da aula. (MXLF)

### 6.3.5 Utilización dos materiais didácticos musicais

No quinto bloque pretendíase recoller exemplos da utilización dos materiais didácticos musicais nunha sesión específica e para isto pedíaselle aos entrevistados que relatasen unha das clases desa mesma mañá. Empezando por APR, el estrutura a sesión en tres momentos: inicio, desenvolvemento e final. A sesión comeza cunha audición, proposta ou ben polo docente ou ben polo alumnado e, a continuación, xa no desenvolvemento, establécese un debate permitindo ao alumnado expresar a súa opinión sobre o escoitado. Unha vez rematado este debate realízanse diferentes exercicios para traballar a linguaxe musical utilizando estratexias diversas como os xogos de imitación, de pregunta e resposta, de repetición ou os exercicios vogais. Tamén se realizan exercicios cos instrumentos melódicos, fundamentalmente coa frauta



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ou xilófono. A sesión remata con algo de expresión corporal, que implique movemento, xeralmente unha danza ou unha coreografía. Tal e como se pode apreciar na descrición, nesta sesión están presentes fundamentalmente os materiais sonoros (instrumentos musicais) e os dixitais (para a audición ou a reprodución das danzas). Aínda que esta sesión é un exemplo, na conversa mantida con APR incide en que sempre intenta que en cada sesión non falte ningún destes elementos: audición, ritmo, exercicio vocal ou melódico e expresión corporal.

En segundo lugar, BR relata unha sesión de 1º de Educación Primaria que comeza coa ensinanza das notas musicais (Do, Mi e Sol) a partir dunhas fichas onde teñen que identificar cada nota cunha cor. A continuación, realizan un xogo interactivo onde deben que colocar a nota no pentagrama fixándose no nome ou viceversa, relacionar a nota co nome, ao mesmo tempo que poden escoitar o son desa nota para identificalo. Finalmente, para rematar, coas campás a mestra fai diferentes sons empregando esas notas e o alumnado ten que repetir o que a mestra acababa de facer. En relación aos materiais didácticos musicais, apréciase como se empregan os materiais sonoros (neste caso, as campás), materiais impresos como as fichas de cores coas notas e materiais dixitais (o encerado dixital interactivo e o xogo). Esta mesma mestra, BR, tamén explica outra sesión dos cursos máis altos da etapa, neste caso de 5º de Educación Primaria. A clase comeza copiando unha peza musical e a continuación trabállase coa frauta, primeiro a dixitación, sen soprar, para ir todos ao mesmo ritmo; a continuación cantando as notas mentres moven os dedos e ao final de todo; tócana por pequenos grupos.

En terceiro lugar, AOR relata unha sesión de 1º de Educación Primaria que comeza cantando algunha canción que aprenden nese momento ou que repasan das que xa foron traballadas anteriormente. Despois disto, traballan co pentagrama a través dun conto, "A casiña das notas", onde cada nota é unha personaxe. Para isto ten un franelograma de feltro coas notas musicais que poden ir pegando a medida que aparecen no conto. A continuación, fan actividades con aros de cores de psicomotricidade e cada aro é unha nota e improvisan un esquema melódico, de xeito que se van movendo e cantando. Unha vez rematada esta actividade, fan unha ficha sobre esa nota, acompañada



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dunha breve explicación no encerado. A sesión finaliza con algún xogo utilizando instrumentos musicais ou cunha canción que teñan que tocar os instrumentos. Non obstante, sobre esta estrutura sempre se introducen cambios de xeito que poden facer un musicograma dalgunha canción, indagar sobre compositores, analizar a peza musical para coñecer as súas partes, etc. Deste xeito, apréciase como nesta sesión se combinan moitos tipos de materiais didácticos e diferentes actividades: movemento, canto, conceptos teóricos, instrumentos, etc.

En cuarto lugar, PSL traballa dende os últimos tres cursos con narrativas, de xeito que todas as sesións seguen un fío condutor temático. O fío condutor deste curso en 4º de Educación Primaria son os faros da costa galega, de xeito que empezan en Ribadeo e acaban ao lado do colexio, en Mera e polas distintas paradas, por exemplo Cangas do Morrazo, tratan temas característicos desa zona como as mulleres conserveiras, aprenden unha cantiga das conserveiras que cantan e tocan con instrumentos, etc. Así, o camiño polos faros vai acompañado de musicogramas, instrumentación de cancións, danzas, etc.

En quinto lugar, LSS explica que están facendo unha batucada para final de curso con instrumentos cotidiáfonos, a partir de botes de pintura e paus de madeira. As últimas sesións do curso dedicáronas a ensaiar ritmos e construír os tambores. Para isto, escribe os ritmos no encerado e despois practica todo o grupo-clase. En relación aos materiais dixitais, explica que nunha sesión de Educación Infantil bailaron cancións de *Youtube* de Mamá Cabra.

En sexto lugar, EMFG describe que cos nenos e nenas de 2º de Educación Primaria comeza a sesión repasando unha canción que levan semanas traballando e fan ritmos co corpo mediante imitación e repetición. Despois entrégalles a partitura impresa de “Estreliña onde estás” e por parellas teñen que adiviñar as notas, usando como referencia un pentagrama que teñen no chan. Finalmente, tocan cos instrumentos de percusión de altura determinada a canción e cántana todos xuntos. Outro dos exemplos que relata, en 6º de Educación Primaria, xira ao redor da canción “We Will rock you”, que tocn coa frauta e posteriormente improvisan coa base desa peza con instrumentos de percusión de altura determinada. Neste caso, como 6º participa no programa de E-dixgal, teñen a partitura na aula virtual para poder



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

practicar durante a semana. Para finalizar a sesión bailan unha danza barroca que quedou pendente doutra sesión anterior.

Por último, no caso de MXLF non foi posible que relatase unha sesión xa que se atopa xubilada dende hai uns meses e preferiu explicar a nivel xeral, con algún exemplo, as actividades que adoitaba realizar. Esta docente definiuse como creativa e innovadora e introducía na aula de música calquera tipo de recurso a partir do que deseñaba unha idea, como por exemplo, os xornais:

> … temos feito ata concertos cun xornal, é dicir, utilizar un xornal de moitas maneiras, acompañado por exemplo de entoación, de notas a terceiras ou a quintas, sons... agarrábamos o xornal e iamos resgando o xornal... outras veces engurrábamos o xornal... outras veces co xornal engurrado petábamos unha bola contra a outra... é dicir, que íamos facendo distintos sons, todos os que podíamos facer cun xornal… (MXLF).

A nivel de aula, exploraban os diferentes sons que puideran atopar, seguindo as propostas de Schafer (2006) da paisaxe sonora e extrapolaban esta actividade a outros espazos coma o patio de recreo, buscando e identificando os sons ambientais, o que lle permitía ao alumnado aprender a través do xogo.

Finalmente, cómpre destacar que nos sete relatos dos docentes se aprecia a combinación dos diferentes tipos de materiais didácticos musicais e a realización de diversas actividades que se basean fundamentalmente na escoita activa, na interpretación musical e no movemento e na danza.

*Acceso aos diferentes materiais didácticos musicais*

Na actualidade os docentes de Educación Musical teñen acceso a unha gran cantidade de materiais didácticos de forma sinxela e rápida e estes recursos son atractivos e novidosos para empregar nas aulas de acordo coas súas necesidades. Deste modo, os docentes entrevistados afirman que obteñen materiais didácticos de libros impresos como poden ser os cancioneiros galegos, os libros de cancións infantís, os



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

diferentes manuais das metodoloxías (Orff, Kodály, Suzuki) ou mesmo os libros de texto promocionais que deixan as editoriais.

Así mesmo, outra das vías para a obtención de recursos son os cursos de formación de música e movemento, rítmica Dalcroze, pedagoxía Orff, etc.

Por outra banda, a rede é unha fonte inesgotable de materiais didácticos de música e destacan as páxinas web nas que poden elaborar recursos como *Canva* ou *Genially* ou mesmo programas de edición de partituras como *Finale* e *Musescore*. Durante as entrevistas tamén se mencionaron canles de *Youtube* como *Musication* ou Nerea Seijoso con gran cantidade de recursos como musicogramas, cancións, etc., contas de *Instagram*, de *Facebook* e numerosos *blogs* e páxinas webs específicas.

Ademais, catro dos sete docentes entrevistados afirmaron que chegan a moitos dos materiais didácticos mediante o intercambio de información con compañeiros e compañeiras de profesión, por exemplo, a través de grupos de *WhatsApp* nos que comparten ligazóns de vídeos, aplicacións, etc. Finalmente, unha das docentes cita os recursos que ela mesma elabora como musicogramas ou partituras.

**Táboa 38.** *Formas de acceso e busca dos diferentes materiais didácticos musicais*

| Medio de acceso | Temática | Participante | Frecuencia |
|---|---|---|---|
| Libros físicos de música | Cancioneiros galegos<br>Cancións infantís<br>Metodoloxía Orff, Kodály, Suzuki<br>Instrumentación<br>Libros que deixan as editoriais doutros anos | APR<br>BR<br>AOR | 3 |
| Cursos | Cursos de formación continua<br>Música e movemento<br>Rítmica Dacroze<br>Pedagogía Orff<br>Jos Wuytack | MXLF<br>BR<br>AOR | 3 |
| Webs e programas de creación de contidos | https://genial.ly<br>www.finalemusic.com<br>Https://musescore.org<br>www.canva.com | APR<br>AOR<br>PSL<br>EMFG | 4 |
| YouTube | Musicogramas<br>Xurxo Souto<br>*Musication* | AOR<br>PSL<br>LSS | 4 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | MamáCabra<br>Nerea Seijoso | EMFG | |
| Instagram | Contas de *Instagram* de docentes de Educación Musical | BR<br>AOR<br>PSL<br>EMFG | 4 |
| Facebook | Profesores de Educación Musical | BR | 1 |
| E-Dixgal | Libro dixital | EMFG | 1 |
| Blog | | EMFG | 1 |
| Intercambio de información con compañeros | Grupos de *WhatsApp*<br>Pasan ligazóns de vídeos, aplicacións, etc.<br>Opinión de compañeiros<br>Suxestións recibidas | MXLF<br>BR<br>LSS<br>EMFG | 4 |
| Recursos de elaboración propia | Musicogramas<br>Partituras | APR | 1 |

*A aula de música*

Tal e como se obtivo nos resultados do cuestionario, a aula de música é o lugar de referencia no que se atopan os materiais didácticos musicais nos centros educativos. Aínda que non todos os docentes entrevistados dispoñen de aula de música no seu colexio, a gran maioría si que conta con este espazo, a pesar de que a dotación das mesmas e a calidade dos materiais é moi diferente.

En xeral, predominan os instrumentos de percusión de altura indeterminada (culleres de madeira, pandeiros, axóuxeres, chapas, maracas, pandeiretas, tambores, etc.) e os instrumentos de percusión de altura determinada que proveñen da dotación da Consellería (xilófonos e metalófonos). Ademais, catro dos sete docentes entrevistados dispoñen de teclado e dous mestres tamén teñen un ukelele. Todo este material instrumental acompáñase de diferentes recursos dixitais (ordenador, proxector e encerado dixital) e de materiais impresos como libros ou coleccións de Música e Movemento.

Nas conversas mantidas durante as entrevistas tamén se recolleu que a pandemia modificou moitas das dinámicas existentes con anterioridade xa que ao ser obrigatorio a utilización de material individual, instrumentos como a frauta ou os xilófonos non puideron empregarse:



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> … e o ano pasado como empezamos con todo o tema que tiñan que ter todo o material súper individual, claro, aí quedaron bloqueados todos os xilófonos un montón de tempo, a frauta aínda non se recuperou e hai moito material que se deixou de empregar, os pandeiros... todo... O ano pasado foi un inicio terrorífico. (PSL)

Para solucionar esta situación ocasionada pola Covid, unha das docentes ideou un "kit de música con material de refugallo", individual, cuxo contido dependía do nivel (Infantil ou Primaria):

> … e montamos como uns "kits" de música con material de refugallo basicamente individuais, tiñan unha bolsa e por niveis fun metendo distintas cousas. Os primeiros niveis tiñan uns bobos e un *shaker* cada un, que tamén se mercaron para todos, polo cole. (PSL)

> … noutra aula compramos as chapas e fixeron como unhas castañetas de chapa para ter algún son metálico, como uns axóuxeres, ese gustoulles moito, os que usan para meter dentro dos peluches, as caixiñas pequenas, se meteron no kit. (PSL)

En canto ás valoracións persoais que realizan os docentes sobre a dotación da aula de música, as opinións son diversas xa que hai docentes que consideran que a aula está moi ben dotada mentres que noutros casos ou non dispoñen deste espazo ou os materiais que nela se atopan son, maiormente, da docente que os leva para o colexio en réxime de préstamo.

Para APR a dotación da aula de música é suficiente e, polo momento, non hai ningunha necesidade específica de materiais:

> …a verdade é que o centro estaba moi ben dotado. Houbo durante bastante tempo ao mellor profesorado que non, o que o falabamos antes, quizais traballou máis con libro que non co material en si, entón bueno, había xilófonos, metalófonos para parar un tren e todos en perfecto estado. Si, a verdade é que nese sentido, en instrumentos así máis



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> grandes, que serían máis custosos, sería unha inversión máis importante, non hai unha necesidade específica porque hai dotación suficiente e doutro tipo de material… (APR)

No caso de MXLF, a aula de música estaba dotada con material propio que tiña das súas fillas na casa, dada a pouca disposición do centro educativo para mercar instrumentos:

> … funos levando eu porque claro, os meus fillos estudaron música, entón na miña casa houbo sempre moitos instrumentos, que si bongós, que si... todo, todo ía para o colexio (…) Despois funos traendo do colexio para a casa outra vez e agora quedou un pouquiño desprovisto. (MXLF)

> … conseguir instrumentos imposible porque no centro era o último que lles apetecía, comprar instrumentos musicais, sempre había onde meter os cartos. (MXLF)

Finalmente, tanto AOR coma PSL afirman que nos seus respectivos centros educativos nunca puxeron impedimento para adquirir novos materiais a raíz das necesidades expresadas polas docentes de música:

> Eu cando necesito algo en concreto, pois a verdade, é que nunca me puxeron impedimento, de dicir, non... pode ser, sabes? E por sorte teño bastantes instrumentos na aula, si que algúns están un pouco deteriorados e hai que ir cambiando pero... por exemplo, hai dous anos mercáronse instrumentos de pequena percusión para Infantil, que non había, de tamaño infantil e hai tres anos mercouse un teclado para o coro e non hai un presuposto en concreto pero bueno... non se soe poñer impedimento porque, bueno, é unha necesidade non? (AOR)

*Presuposto para a dotación da aula de música*

Non todos os colexios teñen un presuposto asignado para a adquisición de material destinado á materia de música. Unicamente



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dous dos sete entrevistados manifestan que teñen unha cantidade anual da que poden dispoñer, tal e como recollen AOR e LSS:

> E...depende un pouco do ano... Nós normalmente temos por aula, non é que sexa cada profesor, ten 90 € repartidos no curso para utilizar en material. En principio é para material. Pode ser material escolar, ou eu que sei, tipo témpera sólida pero pode ser un xogo musical, ou un libro ou... (AOR)

> Si, temos un orzamento de 300 euros anuais. Despois se a maiores se precisa comprar algunha cousa que é máis cara, falas con dirección e se hai cartos cómprase. (LSS)

Noutro dos centros cada ano invértese de xeito máis específico nun departamento ou materia en función das necesidades expresadas:

> Un ano abarcábase ao mellor un campo de orientación, outro ano abarcábase as titorías, outro ano a música, outro ano a Educación Física. (BR)

Os demais docentes explican que nos seus centros educativos non hai un presuposto específico pero que, polo xeral, adquiren todos os materiais que o docente de música vai solicitando:

> …non hai un orzamento destinado especificamente pero bueno, cando se pide, nunca houbo unha negativa (...). A verdade é que as cousas que fun pedindo sempre mas foron satisfacendo. (APR)

> No meu cole non teñen... non me din ao principio de curso "tes 200 euros para a aula" nin nada así pero si que reciben todas as propostas e nunca tiven neste cole momento no que me dixeran... para. Tampouco supoño que pedín moito ata agora, botas en falta algunhas cousas pero vas pouco a pouco facendo... non poñen pegas, non hai un presuposto asignado. (PSL)



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### 6.3.6 Elaboración de materiais didácticos musicais

O último bloque da entrevista centrábase na elaboración de materiais didácticos musicais tanto por parte dos docentes como do alumnado. En canto aos docentes, seis dos sete mestres e mestras entrevistados elaboran materiais didácticos musicais tales como: canóns, musicogramas, cancións, recursos interactivos con *Canva,* partituras, construción de instrumentos con material de refugallo, mapas conceptuais, carteis, casiña de notas, recursos en *Genially, Breakout*, marionetas, poemas, xogos virtuais, contos sonorizados ou partituras dixitais. De xeito maioritario (en cinco dos seis entrevistados), a elaboración dos materiais realízana os docentes sen contar con participación doutros mestres e mestras, a excepción dunha das docentes que si que traballa con outras persoas para compoñer cancións.

Os motivos que impulsan aos docentes a elaborar os materiais didácticos musicais son diversos, destacando que así poden empregar recursos que se adaptan á realidade e ao nivel da aula e que en moitas ocasións teñen que crear os materiais para traballar temas específicos e suplir as carencias ao non atopar materiais xa elaborados.

**Táboa 39.** *Elaboración de materiais didácticos musicais por parte dos docentes entrevistados*

| Entrevista | Elaboración de material didáctico | Tipo de materiais didácticos | Motivos polos que elabora materiais didácticos |
|---|---|---|---|
| APR | Si | Canon<br>Musicogramas<br>Cancións | Adaptar os recursos ao nivel da aula:<br>*"paixón pola música e o traballo con nenos"*<br>Permitir que o alumnado goce coa aprendizaxe da música. |
| BR | Si | Composición de cancións<br>Recursos interactivos a través de *Canva* ou *Google Workspace*<br>Arranxos de partituras | A participación do alumnado na elaboración dalgúns materiais coma o cancioneiro, o que implica gravar as cancións.<br>Adaptación de materiais ao nivel da aula. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| MXLF | Si | Construción de instrumentos de material reciclado | Involucrar ao alumnado e ás familias na construción de instrumentos con material de refugallo |
| AOR | Si | Tarxetas de contidos<br>Recursos en *Genially: Breakout*<br>Mapas conceptuais<br>Carteis<br>Casiña das notas<br>Composición de cancións | Material que realiza para que se adapte ao nivel da aula<br>Necesidade de apoios visuais<br>Recursos manipulativos para traballar conceptos persoais<br>Recursos propios para traballar temas específicos, como por ex. Intensidade<br>Suplir as carencias que hai na rede |
| PSL | Si | Títeres<br>Storyboard<br>Poemas impresos para sonorizar<br>Musicogramas<br>Partituras dixitais | O feito de querer telos e usalos |
| LSS | Non | | Modifica o que atopa para adaptalo ao seu alumnado |
| EMFG | Si | Xogos virtuais<br>Partituras dixitais<br>Contos musicais<br>Contos sonorizados<br>Ritmograma | Gústalle escribir partituras adaptadas ao seu gusto<br>Escribe contos sonorizados porque non os atopa na rede<br>Ten capacidade de inventiva |

En canto á difusión dos materiais didácticos musicais, estes compártense nos *blogs* dos docentes, na web do centro, na aula virtual, no entorno virtual de aprendizaxe de E-Dixgal e, no caso de PSL, tamén no *Instagram* e na súa canle de *Youtube*, tal e como se detalla na seguinte táboa.

**Táboa 40.** *Difusión dos materiais didácticos empregados polos docentes entrevistados*

| | |
|---|---|
| APR | Blog e aula virtual do colexio |
| BR | Web do centro e grupo de WhatsApp de especialistas de Educación Musical |
| MXLF | Durante a pandemia abriu unha canle de Youtube e involucrou a toda a familia para a realización dos vídeos |
| AOR | Blog persoal e aula virtual onde cada semana sube un reto para o alumnado. |
| PSL | Na súa web persoal, blog e Instagram. |
| EMFG | En xeral non sube o material ás redes, a excepción dun vídeo que colgou en Youtube e Facebook |

En relación ás dificultades para a elaboración dos materiais didácticos musicais, dous dos docentes entrevistados afirman que non atopan grandes problemas xa que posúen formación informática, coñecementos básicos en programación e fotografía, polo que lle resulta relativamente sinxelo crear materiais didácticos. Pola contra, dúas docentes afirman que necesitan máis formación no manexo de redes e de informática posto que moitas veces teñen ideas que non son capaces de materializar e teñen que pedir axuda a familiares con nocións de programación. Esta cuestión da necesidade dunha formación e actualización dos docentes púxose moi de manifesto durante o confinamento polo coronavirus cando, de xeito repentino, os docentes de todas as áreas se viron obrigados a producir materiais didácticos dixitais e compartilos en diferentes redes e plataformas para poder conectar co alumnado e as familias (Belmonte, 2021). Así mesmo, outro dos principais inconvenientes é a falta de tempo dos docentes o que impide que elaboren todos os materiais que lle gustaría.

Finalmente, todos os docentes que participaron nas entrevistas involucran tamén ao seu alumnado na elaboración de materiais didácticos dixitais. Deste xeito, destaca a construción de instrumentos a partir de materiais de refugallo (actividade na que normalmente tamén implican ás familias), a elaboración de cancioneiros e cancións, partituras e musicogramas que son empregados en cursos posteriores por outros alumnos e alumnas e diarios de viaxe nos que contan todo o



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que realizan na clase de música a través de un *podcast* ou da radio do colexio.

**Táboa 41.** *Elaboración de materiais didácticos musicais por parte do alumnado*

| | |
|---|---|
| APR | Creación de cancións<br>Coreografías<br>Recursos empregados: *Musescore* |
| BR | Cancioneiro<br>Construción de instrumentos |
| MXLF | Construción de instrumentos<br>Recursos empregados: material de refugallo |
| AOR | *Flipbook* sobre a historia da música<br>Instrumentos para facer unha exposición<br>Reto musical<br>Murais |
| PSL | Cancioneiros<br>Diario de viaxe |
| LSS | Cancioneiro |
| EMFG | Instrumentos con material reciclado<br>Composicións propias, partituras que despois son empregadas noutros cursos<br>Recursos empregados: material físico impreso e dixital (*Musescore*, E-Dixgal) |

## 6.4 INTEGRACIÓN DOS RESULTADOS

Para finalizar este capítulo preséntase unha síntese xeral dos resultados cuantitativos e cualitativos, integrando así os achados de ambas as fases do estudos. Nas seguintes páxinas a información estrutúrase en función de dous grandes bloques temáticos que estiveron presentes en ambos instrumentos de investigación empregados: a formación docente e a utilización e valoración dos materiais didácticos musicais.

*Formación docente sobre materiais didácticos musicais*

A formación é un dos elementos clave á hora de utilizar os materiais didácticos musicais en Educación Primaria e os docentes participantes nesta investigación perciben a súa *formación inicial* como

media en relación coa elaboración, selección, adaptación e coñecemento dos materiais didácticos musicais. Así mesmo, as persoas que realizaron estudos superiores no Conservatorio teñen unha mellor consideración da súa formación inicial (percíbena como alta) e, pola contra, non se atoparon diferenzas na percepción da formación inicial entre persoas de Diplomatura e de Grao. Por tanto, aínda que diferentes estudos manifestan que coa introdución do sistema Bolonia, a mención de Educación Musical reduciu en número de créditos a formación dos especialistas de Educación Musical (Bautista, 2017), esta cuestión non se traduce na percepción docente sobre a súa formación inicial. Non obstante, hai un acordo unánime entre os docentes sobre a *necesidade dunha formación inicial específica de materiais didácticos musicais*, que alcanza niveis do 96% no caso dos materiais didácticos dixitais e baixa ata o 77% en relación dos materiais didácticos impresos.

Este déficit percibido na formación inicial trátano de paliar coa *formación continua*, de modo que máis do 80% dos mestres e mestras de Educación Musical *participaron en actividades de perfeccionamento* profesional vencelladas cos materiais didácticos musicais, sendo a modalidade preferida os cursos, seguida polas xornadas e os congresos. Non obstante, o 83% dos docentes atopan *dificultades para acceder a actividades formativas* destacando, tanto nas entrevistas como no cuestionario, diversas razóns como a falta de tempo, a oferta insuficiente, o descoñecemento das accións formativas, as malas experiencias en formacións previas organizadas pola rede de formación da Consellería, a pouca descentralización da oferta ou a temática pouco atractiva. Para contrarrestar todos estes motivos, son moitos os docentes que deciden formarse por conta propia accedendo a accións formativas de entidades privadas ou organizadas por sindicatos e colectivos de renovación pedagóxica. Destes resultados extráese a *necesidade de mellorar a calidade e organización da formación do Plan de Formación Permanente do Profesorad*o, avogando por modalidades que sexan percibidas como útiles polos docentes posto que demandan accións formativas que sexan prácticas e que se poidan aplicar no día a día no centro educativo.

Finalmente, das conversas cos participantes nas entrevistas despréndese a súa preocupación pola formación continua, intentando



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

realizar cada ano mínimo unha formación vencellada coa Educación Musical, cuestión que tamén se aprecia no cuestionario dado que as persoas con máis anos de experiencia teñen unha mellor percepción da súa formación continua. Así mesmo, a formación dos docentes exerce unha clara influencia sobre a utilización dos materiais didácticos musicais debido a que usan máis os materiais cos que se senten mellor preparados.

*Utilización e valoración dos materiais didácticos musicais*

Os docentes de Educación Musical utilizan unha *gran diversidade de materiais didácticos de diferente tipoloxía*, tal e como se apreciou na narración das sesións durante as entrevistas. Deste xeito, os mestres e mestras intentan que nunha sesión se combinen os materiais sonoros, con materiais dixitais e impresos. Non obstante, *os materiais preferidos (tanto por alumnado como por profesorado) e os máis utilizados son os materiais sonoros,* o que desvela que as sesións de Educación Musical son eminentemente prácticas e se deseñan co obxectivo de que o alumnado poida facer música (ben tocando diferentes partituras ou propostas proporcionadas polos docentes ou ben compoñendo as súas propias creacións sinxelas).

Pola contra, *os materiais menos empregados son os materiais impresos, e en concreto, os libros de* texto de Educación Musical. A metade dos docentes participantes non empregan o libro de texto ao tratarse dun material moi custoso e denso, en ocasións desactualizado e que non lles axuda a conseguir as finalidades que debe perseguir, baixo os seus criterios, unha sesión de música na etapa de Educación Primaria. A todos os inconvenientes que lle atopan ao libro de texto como material didáctico, súmase que os docentes perciben que nos últimos anos aumentou a súa formación e que polo tanto non teñen que recorrer a un material para proporcionarlle seguridade. Ao mesmo tempo, internet como fonte inesgotable de recursos tamén se converte noutro dos aliados dos mestres e mestras xa que poden atopar materiais didácticos dixitais con maior facilidade (e estes son gratuítos, motivadores e sinxelos de usar). Por último, consideran que as editoriais tampouco fixeron esforzos por adaptarse ás novas metodoloxías e que



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

non ofrecen libros de texto coa calidade necesaria. Aqueles docentes que empregan o libro de texto afirman que o utilizan, fundamentalmente, para a adquisición de coñecementos teóricos relacionados coa linguaxe musical; a utilización de audicións, cancións, musicogramas, ritmos, etc.; para a realización de actividades de linguaxe musical e como recurso de reforzo e ampliación.

En alusión aos *materiais didácticos dixitais de Educación Musical*, os docentes consideran que destacan pola súa capacidade para captar e manter a atención do alumnado, permitir acceso a máis información e recursos, desenvolver a creatividade do alumnado e facilitar a autoaprendizaxe. Pola contra, á hora de avaliar os coñecemento adquirido polo alumnado, os docentes participantes prefiren os materiais didácticos impresos. Finalmente, para outras finalidades didácticas como a realización de actividades ou a explicación de contidos teóricos, os docentes non amosan preferencias claras entre os materiais impresos e dixitais ao obter resultados moi semellantes.

En relación coa *atención á diversidade*, en liñas xerais os docentes consideran que os materiais didácticos dixitais se adaptan mellor ás peculiaridades e intereses de cada un dos alumnos e alumnas que conforman o grupo-clase. Non obstante, os docentes intentan adaptar a metodoloxía da sesión para que poidan realizar actividades iguais todos os alumnos e alumnas e empregar os mesmos materiais, realizando modificacións unicamente no caso dos materiais impresos (por exemplo: aumento de tamaño de letra para o alumnado con dificultades visuais). O obxectivo fundamental expresado polos docentes é que todo o alumnado participe nas actividades propostas e que en ningún momento se sintan excluídos ou diferentes, por iso se aposta por un deseño universal de aprendizaxe no que cada quen, partindo das súas potencialidades, pode desenvolver con éxito o seu papel.

En último lugar tamén é importante destacar que *practicamente a totalidade dos docentes realizan modificacións nos materiais didácticos para adaptalos á realidade da súa aula*. Así mesmo, o 85% dos mestres e mestras elaboran o seu propio material didáctico (partituras, cancións, fichas, xogos, vídeos) para traballar aspectos específicos do currículo para os que non atopan outros recursos xa



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

elaborados ou ben para empregar materiais didácticos que son do seu gusto.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# CONCLUSIÓNS

A presente tese de doutoramento comeza coa análise dos materiais didácticos musicais nas diferentes metodoloxías do século XX para presentar, posteriormente, distintas clasificacións propostas por investigadores e pedagogos musicais que serviron de base para elaborar a categorización propia na que se aglutinan unha gran diversidade de recursos aos que posteriormente se alude no cuestionario e entrevista. Asemade, recóllense distintas investigacións levadas a cabo nos últimos anos por expertos e expertas que están traballando nesta temática. Outra achega interesante deste estudo é a análise das políticas educativas en relación cos materiais didácticos musicais, explicando as estratexias postas en marcha en cada unha das comunidades autónomas que conforman o conxunto do estado e facendo fincapé nos repositorios institucionais e nos sistemas de gratuidade de libros de texto e material escolar. Finalmente, o estudo empírico foi desenvolvido nas seguintes fases: construción e validación das técnicas de recollida de datos, aplicación a unha mostra de docentes de Educación Musical e análise e presentación dos resultados. Todo este proceso realizouse primeiramente co cuestionario e a continuación coas entrevistas semiestruturadas a docentes. Chegados ata aquí é o momento de poñerlle punto e seguido a este proceso e recoller as principais conclusións extraídas despois de todo este percorrido realizado.

En relación co **primeiro obxectivo específico** da investigación – **analizar as políticas nacionais e autonómicas sobre os materiais didácticos musicais** – tal e como se recolleu no capítulo 3 deste informe, a nivel nacional as únicas referencias aos materiais didácticos musicais atopábanse no derogado Real Decreto 126/2014, de 28 de febrero, por el que se establece el currículo básico en la Educación Primaria e no actual Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo. Non obstante, non existe ningún programa a nivel nacional que impulse os materiais didácticos nesta área, sendo necesario realizar unha análise por comunidades autónomas. Dentro de cada comunidade autónoma, os

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

resultados son moi dispares en relación cos repositorios institucionais xa que non todos os territorios dispoñen desta funcionalidade. Ademais, algunhas das comunidades que si que contan con repositorios, non teñen subido ningún material didáctico musical. Asemade, polo xeral atópanse moi desactualizados, con ligazóns que non funcionan e con contidos que non se adaptan ao currículo actual. Por outra banda, en relación cos programas de gratuidade de libros de texto e material escolar, financian fundamentalmente un material didáctico (o libro de texto) que, á vista dos resultados da investigación empírica, está perdendo a súa presenza no día a día das aulas de música, polo que, o investimento nos materiais que realmente si teñen un uso maioritario en todas as aulas como son os instrumentos musicais, depende da vontade do centro e da dotación da Consellería.

En relación co **segundo obxectivo – realizar unha análise sobre a utilización, coñecemento e valoración dos materiais didácticos musicais por parte do profesorado especialista de Educación Primaria, facendo fincapé na atención á diversidade** –, divídense as principais conclusións extraídas partindo das seguintes afirmacións:

a) *A aula de música: lugar de referencia para os materiais didácticos musicais.*
O 94% dos centros participantes nesta investigación contan con aula de música, sendo este o espazo por excelencia para os materiais didácticos musicais, aínda que estes tamén se atopan noutros lugares dos centros como a biblioteca, a aula de informática, as aulas ordinarias ou o patio.
b) *Os centros de Educación Infantil e Primaria de Galicia contan cunha boa dotación de materiais didácticos musicais.*
Máis da metade dos docentes participantes no cuestionario consideran que os seus centros educativos dispoñen dunha dotación suficiente ou alta de materiais didácticos musicais. Esta idea coincide cos resultados obtidos por López-García (2017) nunha investigación realizada en Castela-A Mancha na que os docentes de música de Educación Primaria consideraban que contaban con infraestruturas e materiais musicais suficientes mais sería necesario renovar algúns dos existentes e

incluír outros máis actuais. Non obstante, os materiais dixitais non acadan porcentaxes tan altas comparadas cos impresos e bótase en falta unha maior dotación de aplicacións e ferramentas informáticas.

c) *A experiencia docente e a busca de información son os criterios fundamentais na selección dos materiais didácticos musicais.*

A selección dos materiais didácticos musicais realízase fundamentalmente en base ao ensaio-erro e a busca de información. Deste modo, os docentes baséanse na súa experiencia previa con ese material didáctico para decidir a súa utilización ou non en sucesivos cursos académicos. Así mesmo, a gran maioría dos docentes realiza de xeito individual a selección dos materiais didácticos musicais, mentres que un cuarto dos docentes afirma que toma a decisión conxuntamente con mestres e mestras de Educación Musical doutros centros.

d) *Os docentes de Educación Musical amosan a súa preferencia clara polos materiais sonoros.*

Avógase por unha combinación das catro tipoloxías de materiais didácticos musicais presentadas neste estudo (impresos, dixitais, sonoros e híbridos) aínda que se percibe coma os preferidos son os materiais sonoros e, en concreto, os instrumentos musicais. Nesta liña, o estudo realizado no País Vasco por Arriaga e Madariaga (2014) determinou que as actividades de interpretación con instrumentos adaptadas á dificultade do repertorio son moi positivas posto que aumentan a motivación do alumnado. Así mesmo, percíbese unha menor preferencia polos materiais impresos e, en concreto, polo libro de texto que reduciu moito a súa utilización nos últimos anos en relación con investigacións previas (Gillanders, 2011).

e) *A lingua galega é o idioma de referencia docente para os materiais didácticos musicais.*

O 84% dos docentes de Educación Musical prefire os materiais didácticos impresos en galego (fronte ao castelán ou outras linguas). Non obstante, estas porcentaxes baixan notablemente ao eludir aos materiais didácticos dixitais, nos que o galego ocupa o 59,5% e o castelán o 35,5% (deixando o 5% restante



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

para outras linguas). Isto pode deberse á insuficiencia de materiais didácticos dixitais en lingua galega, cuestión que afecta de xeito xeneralizado a todas as materias de Educación Primaria e incluso a outras comunidades do estado con lingua propia como pode ser a Comunidade Valenciana, tal e como recollen Rego-Agraso et al. (2018):

> Una cuestión bastante significativa es lo que acontece en dos de las comunidades autónomas participantes en este proyecto, ambas con identidad cultural y lengua propia. En ellas, la mayor parte de los MDD analizados vinculados con plataformas comerciales no reflejan las diferencias culturales y/o lingüísticas, tanto de carácter estatal como autonómico. En el caso de Galicia por ejemplo, aunque los materiales comerciales se relacionan superficialmente con el entorno social y cultural de esta autonomía, únicamente se ha encontrado un MDD plenamente contextualizado en la realidad gallega, en su entorno sociocultural y que utilice su lengua propia como vehicular (p. 68).

f) *Os instrumentos musicais, os obxectos dixitais e as partituras son os materiais máis empregados nas clases de música de Educación Primaria.*
Os instrumentos musicais vencellados coas diferentes metodoloxías da Educación Musical constitúen os materiais máis empregado nas clases. Así mesmo, entre os materiais impresos destacan as partituras e dos materiais dixitais, os obxectos dixitais están moi presentes no día a día. Pola contra, os docentes utilizan pouco o libro de texto e as aplicacións e ferramentas. En relación coas *apps*, existen diferentes investigacións que avalían os resultados positivos da súa utilización nas clases de música (Antigues-Ribas, 2020; Cantos Soler, 2017; León-Garrido e Duarte-Hueros, 2020) mais un dos principais inconvenientes é que se necesita un dispositivo, xeralmente individual, para empregalas, ben sexa unha *tablet,* encerado dixital interactivo ou *smartphone* (Gértrudix-Barrio e Barroso-Megías, 2016; Pascuas-Rengifo et al., 2020).



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por outra banda, obsérvase unha relación directa entre a percepción docente sobre a súa preparación e a frecuencia de uso deses materiais: a maior nivel de preparación, maior utilización nas clases.

g) *Notable descenso da utilización do libro de texto, impreso e dixital, en Educación Musical.*
O 59% dos docentes que cubriron o cuestionario afirman que non utilizan o libro de texto para traballar co alumnado mentres que o 30% emprégao para determinados aspectos da materia e o 11% para toda a materia. O mesmo acontece nas entrevistas ao empregar o libro de texto unicamente unha das sete persoas entrevistadas. Estes datos supoñen un forte descenso en comparación coas investigacións previas levadas a cabo por Gillanders (2011) e Vicente Álvarez (2012), establecéndose como posibles causas disto unha maior preparación dos docentes a nivel musical, a incorporación das TIC e dos materiais didácticos musicais que se atopan na rede e os recursos de elaboración propia (Alonso e Vicente, 2019; Vicente Nicolás e Sánchez-Marroquí, 2021).

h) *Os materiais didácticos dixitais ou híbridos atenden mellor á diversidade existente na aula.*
Segundo a percepción docente, os materiais didácticos dixitais adáptanse mellor aos diferentes intereses do alumnado, aos ritmos de aprendizaxe, á diversidade lingüística e ao contexto, en comparación cos materiais didácticos impresos.
En relación con esta atención á diversidade, os docentes non adaptan os materiais didácticos de xeito específico para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (a excepción dos materiais impresos) senón que tratan de deseñar actividades nas que todos e todas poidan participar, dun xeito ou doutro. Deste modo, a participación aparece como elemento clave para lograr a inclusión de todo o alumnado e, en palabras de Díaz-Santamaría e Moliner (2020):

> Se estima que gracias a las características adaptativas se producirá un acceso universal a los contenidos musicales garantizando no sólo la presencia y acceso, sino también la

participación del alumnado, lo cual incide en el bienestar personal y social. (p. 28)

i) *Os docentes especialistas de Educación Musical realizan, xeralmente, un traballo individual e solitario.*
Motivado polo feito de que na maioría dos centros educativos unicamente hai un docente especialista de Educación Musical, os mestres e mestras participantes nesta investigación a miúdo toman as decisións de xeito individual e traballan sós, sen colaboracións doutros docentes. Isto pode provocar un sentimento de soidade ao non ter con quen compartir experiencias, consultar dúbidas e intercambiar ideas ou recursos (Ocaña, 2006). Así mesmo, esta situación provoca que non haxa unha cultura colaborativa instaurada xa que a pesar de que a gran maioría dos docentes (85%) elabora os seus propios materiais didácticos, estes non adoitan compartilos, de modo que só o 17,5% dos docentes comparte os materiais dixitais bastantes veces ou sempre, porcentaxe que baixa ao 13% ao facer referencia aos materiais impresos.
Non obstante, as vantaxes do traballo colaborativo e de compartir (ou subir á rede) os materiais didácticos musicais son moitas e pode servir de exemplo a experiencia vivida durante o confinamento motivado polo coronavirus no que, en palabras de Belmonte (2021), na área de Educación Musical conseguiuse:
    - *Repercusión social:* os recursos dixitais do confinamento chegaron a toda a sociedade e foron un punto de apoio para medios de comunicación e programas de televisión que empregaron materiais creados por docentes.
    - *Intercambio docente:* produciuse unha interacción entre distintos profesionais da educación que compartiron recursos e apoios.
    - *Difusión internacional:* os recursos subidos na rede poden chegar a calquera recuncho do planeta.

En relación co **terceiro obxectivo – analizar o grao de formación dos docentes especialistas de música do contexto galego sobre**



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**materiais didácticos musicais** – débense poñer de relevancia as seguintes ideas:

a) *Os docentes galegos especialistas de música da etapa de Educación Primaria acceden á carreira profesional cunha alta formación.*
En termos xerais, a formación inicial dos docentes especialistas de música é alta xa que practicamente a metade dos mestres e mestras participantes nesta investigación dispoñen doutras diplomaturas, licenciaturas ou graos, máis alá dos requiridos para o acceso ao sistema público, como pode ser Historia e Ciencias da Música, Educación Infantil, Pedagoxía ou Psicopedagoxía. Ademais, os docentes contan con bo nivel instrumental posto que o 40% realizou estudos de Grao Medio/Profesional e o 14% de Grao Superior.

b) *A formación continua dos docentes especialistas de música está aumentando nos últimos anos.*
Na actualidade, máis do 80% dos docentes participan en actividades de perfeccionamento profesional, destacando os cursos e as xornadas ou congresos. Esta porcentaxe aumentou notablemente na última década xa que na investigación realizada por Vicente Álvarez (2012) esta cifra situábase ao redor do 57%.

c) *As dificultades para acceder a actividades de formación seguen manifestándose.*
A pesar do alto compromiso dos docentes de música pola súa formación continua, afirman que atopan dificultades para poder realizar esta formación, sendo os motivos máis recorrentes o descoñecemento das accións e a falta de tempo. Esta última razón recóllese en moitas investigacións previas como un dos principais obstáculos en relación coa formación permanente e a imposibilidade de conciliar a vida laboral coa persoal e a incompatibilidade coas dinámicas de traballo de cada centro educativo (Dopico, 2013; Fernández-Batanero et al., 2018; Iglesias-Martínez et al., 2018).

d) *É necesaria unha formación inicial específica sobre materiais didácticos musicais.*
Hai un acordo unánime entre os docentes que apoia a necesidade dunha formación inicial específica sobre os materiais didácticos musicais, en especial, no relativo aos dixitais, sonoros e híbridos, con porcentaxes que se sitúan entre o 93 e o 96%. Non obstante, estas cifras redúcense no caso dos materiais impresos ao 77%.

e) *Os docentes especialistas de música teñen unha mellor percepción da súa formación continua en relación coa formación inicial no ámbito dos materiais didácticos musicais.*
En estreita relación coa idea anterior, a maioría dos docentes especialistas de música perciben como "media" a súa formación inicial en relación aos materiais didácticos musicais (elaboración, selección e adaptación). Non obstante, mellora a súa visión da formación continua con respecto a esta temática e diminúen os valores outorgados na opción "baixa". Destes datos despréndese que os docentes de Educación Musical están preocupados pola súa formación e tratan de poñer en marcha os mecanismos necesarios para solucionar as eivas que perciben da súa formación inicial. A pesar disto, os resultados das entrevistas contradín este argumento posto que os docentes entrevistados non participaron en accións formativas relacionadas cos materiais didácticos musicais, polo que se aprecia certa discordancia entre a percepción docente sobre a súa formación continua en materiais didácticos musicais e as actividades formativas que realizan en relación con esta temática.
Así mesmo, aludindo á formación continua, consideran que se debe mellorar a oferta, organizar accións formativas máis prácticas e que teñan unha aplicación directa nas aulas de música e esta oferta debe estar descentralizada polos diferentes territorios da comunidade autónoma galega. Estas propostas tamén son apoiadas polos docentes de Castela-A Mancha que consideran que debe haber unha oferta maior e máis atractiva



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de formacións sobre didáctica da Educación Musical (López-García, 2017).

Extraídas as principais conclusións a partir dos obxectivos específicos formulados nesta tese de doutoramento achégase unha valoración persoal das mesmas para resaltar que os docentes galegos están facendo esforzos titánicos para tratar de reverter todos os *hándicaps* cos que ten que loitar a Educación Artística, e por tanto, a Música, na ensinanza básica (redución de horario, consideración social, materia optativa nalgunhas etapas, etc.). Deste xeito, moitas das boas prácticas que se relataron ao longo deste informe (elaboración de materiais didácticos propios, predominio de sesións prácticas, renuncia á utilización do libro de texto, deseño de actividades con diferentes niveis de dificultades para incluír a todo o alumnado, entre moitas outras) xorden co fin de mitigar todas as dificultades que teñen que sortear os docentes no día a día, tratando de adaptar o currículo vixente a sesións de cincuenta minutos semanais.

Finalmente, antes de pechar o informe é necesario mencionar as limitacións deste estudo así como as posibles liñas de investigación futuras:

